PLENO DO PARLAMENTO

18 de decembro de 2018
(ao remate da sesión plenaria orzamentaria)

Servizo de Asistencia Parlamentaria

PARLAMENTO DE GALICIA

ÍNDICE

Páx.

Convocatoria do Pleno 1
Relación de membros da Cámara 7
Listado para votación 9

Punto 1. Textos lexislativos 12

1.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (39156, 10/PL-000011)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 374, do 19.10.2018 13

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (doc. núm. 38843, 10/PPL-000027) 14
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 374, do 19.10.2018 15

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (doc. núm. 39019, 10/PPL-000030) 27
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 374, do 19.10.2018 28

Punto 2. Mocións 38

2.1 41511 (10/MOC-000118)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2017. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 40091, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018) 39

2.2 41551 (10/MOC-000119)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº

39327, publicada no BOPG n. 378, do 31.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018) 42

2.3 41639 (10/MOC-000120)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e Lago Peñas, José Manuel
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación emprego da industria do automóbil. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 40351, publicada no BOPG n.º 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018) 45

Punto 3. Proposicións non de lei 49

3.1 5566 (10/PNP-000470)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axeitados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017 50

3.2 31022 (10/PNP-002298)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018 53

3.3 32796 (10/PNP-002475)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, dun estudo específico respecto do financiamento e implantación da renda básica universal en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 328, do 28.06.2018 58

3.4 34510 (10/PNP-002591)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa demanda de profesionais no Sergas, especialmente nos puntos de atención continuada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 349, do 31.08.2018 62

3.5 38833 (10/PNP-002892)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas medidas de minoración dos impostos anunciadas para a compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018 67

3.6 40364 (10/PNP-003033)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018 71

3.7 41089 (10/PNP-003101)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intervencións e as obras denunciadas nos camiños Primitivo e Francés polas distintas asociacións de defensa dos camiños de Santiago, así como cos proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen no Camiño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018 79

3.8 41145 (10/PNP-003108)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas AG-55 e AG-57, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación coas peaxes e o financiamento das obras nas autoestradas AP-53 e AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018 83

Punto 4. Interpelacións 87

4.1 35663 (10/INT-001186)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018 88

4.2 39120 (10/INT-001292)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos consumidores respecto das tarifas eléctricas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018 91

4.3 40773 (10/INT-001353)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018 96

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta 101

5.1 41648 (10/POPX-000121)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a posibilidade de esconder a situación da sanidade pública mediante a información que emite a CRTVG 102

5.2 41649 (10/POPX-000122)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre as políticas previstas polo Goberno galego para mellorar a situación da mocidade 104

5.3 41650 (10/POPX-000123)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para parar o continuo deterioro da sanidade pública de Galicia, que ten provocado a dimisión do 80% dos xefes de servizo da Área sanitaria de Vigo 106

Punto 6. Preguntas ao Goberno 108

6.1 38937 (10/POP-004556)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o peche da factoría de Alcoa na Coruña e a perda dos postos de traballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018 109

6.2 41460 (10/PUP-000207)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para contribuír a consolidar o esforzo en I+D+i que se vén realizando, principalmente ao abeiro do Plan Galicia Innova 2020 113

6.3 41647 (10/PUP-000210)
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Fernández Prado, Martín e 6 máis
Sobre as actuacións urxentes de carácter orzamentario ou informativo que vai adoptar a Xunta de Galicia para paliar os efectos que vai ter para miles de familias a perda do Bono Social Eléctrico 116

6.4 40523 (10/POP-004730)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires, preservando o seu patrimonio artístico, documental e bibliográfico, así como os servizos sanitarios que presta ás persoas asociadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018 120

6.5 40853 (10/PUP-000206)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a conservación do Camiño Francés como patrimonio da humanidade, singularmente ao seu paso polo concello de Touro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018 123

6.6 41598 (10/PUP-000209)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para salvagardar o Centro

Galego de Buenos Aires 127

6.7 38011 (10/POP-004463)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da utilización do persoal do Hospital Povisa por parte da empresa que xestiona ese centro hospitalario á hora de exixir máis recursos públicos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018 133

6.8 40988 (10/POP-004787) (c.e. 12641)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rey Varela, José Manuel e 10 máis
Sobre o estado de tramitación do expediente e os prazos estimados pola consellaría para o inicio das obras de remodelación do complexo hospitalario universitario de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018 136

6.9 41046 (10/POP-004792)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Miranda Pena, Flora María
Sobre a dispoñibilidade por parte da Administración sanitaria pública galega dalgún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica no concello de Cuntis
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018 141

6.10 41592 (10/PUP-000208)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia da dimisión en bloque de numerosos xefes de servizo de Atención Primaria na área sanitaria de Vigo como un punto de necesaria inflexión na súa política sanitaria 145

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 DEC. 2018
Núm. 12685

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 18 de decembro de 2018, ao remate da sesión plenaria orzamentaria, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 12 de decembro de 2018, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (39156, 10/PL-000011)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 374, do 19.10.2018

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (doc. núm. 38843, 10/PPL-000027)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 374, do 19.10.2018

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (doc. núm. 39019, 10/PPL-000030)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 374, do 19.10.2018

Punto 2. Mocións

2.1 41511 (10/MOC-000118)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2017. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 40091, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018)

2.2 41551 (10/MOC-000119)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 39327, publicada no BOPG n. 378, do 31.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018)

2.3 41639 (10/MOC-000120)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 DEC. 2018
Núm. 12685

Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e Lago Peñas, José Manuel
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación emprego da industria do automóbil. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 40351, publicada no BOPG n.º 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018)

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 5566 (10/PNP-000470)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axeitados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017

3.2 31022 (10/PNP-002298)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

3.3 32796 (10/PNP-002475)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, dun estudo específico respecto do financiamento e implantación da renda básica universal en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 328, do 28.06.2018

3.4 34510 (10/PNP-002591)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa demanda de profesionais no Sergas, especialmente nos puntos de atención continuada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 349, do 31.08.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 DEC. 2018
Núm. 12685

3.5 38833 (10/PNP-002892)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas medidas de minoración dos impostos anunciadas para a compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

3.6 40364 (10/PNP-003033)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018

3.7 41089 (10/PNP-003101)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intervencións e as obras denunciadas nos camiños Primitivo e Francés polas distintas asociacións de defensa dos camiños de Santiago, así como cos proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen no Camiño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

3.8 41145 (10/PNP-003108)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas AG-55 e AG-57, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación coas peaxes e o financiamento das obras nas autoestradas AP-53 e AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

Punto 4. Interpelacións

4.1 35663 (10/INT-001186)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 DEC. 2018
Núm. 12685

4.2 39120 (10/INT-001292)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos consumidores respecto das tarifas eléctricas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

4.3 40773 (10/INT-001353)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018

Punto 5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

5.1 41648 (10/POPX-000121)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a posibilidade de esconder a situación da sanidade pública mediante a información que emite a CRTVG

5.2 41649 (10/POPX-000122)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre as políticas previstas polo Goberno galego para mellorar a situación da mocidade

5.3 41650 (10/POPX-000123)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para parar o continuo deterioro da sanidade pública de Galicia, que ten provocado a dimisión do 80% dos xefes de servizo da Área sanitaria de Vigo

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 38937 (10/POP-004556)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o peche da factoría de Alcoa na Coruña e a perda dos postos de traballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

6.2 41460 (10/PUP-000207)

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 DEC. 2018
Núm. 12685

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para contribuír a consolidar o esforzo en I+D+i que se vén realizando, principalmente ao abeiro do Plan Galicia Innova 2020

6.3 41647 (10/PUP-000210)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as actuacións urxentes de carácter orzamentario ou informativo que vai adoptar a Xunta de Galicia para paliar os efectos que vai ter para miles de familias a perda do Bono Social Eléctrico

6.4 40523 (10/POP-004730)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires, preservando o seu patrimonio artístico, documental e bibliográfico, así como os servizos sanitarios que presta ás persoas asociadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018

6.5 40853 (10/PUP-000206)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a conservación do Camiño Francés como patrimonio da humanidade, singularmente ao seu paso polo concello de Touro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018

6.6 41598 (10/PUP-000209)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires

6.7 38011 (10/POP-004463)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da utilización do persoal do Hospital Povisa por parte da empresa que xestiona ese centro hospitalario á hora de exixir máis recursos públicos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

6.8 40988 (10/POP-004787) (c.e. 12641)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 DEC. 2018
Núm. 12685

Rey Varela, José Manuel e 10 máis
Sobre o estado de tramitación do expediente e os prazos estimados pola consellaría para o inicio das obras de remodelación do complexo hospitalario universitario de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

6.9 41046 (10/POP-004792)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Miranda Pena, Flora María
Sobre a dispoñibilidade por parte da Administración sanitaria pública galega dalgún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica no concello de Cuntis
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

6.10 41592 (10/PUP-000208)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia da dimisión en bloque de numerosos xefes de servizo de Atención Primaria na área sanitaria de Vigo como un punto de necesaria inflexión na súa política sanitaria

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:
Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 12/12/2018 18:41:32

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE
PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Flora María Miranda Pena	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Patricia Otero Rodríguez	S
Rosa Oubiña Solla	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

PARLAMENTO DE GALICIA

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
X Lexislatura
(actualizada 9 de outubro de 2018)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Angeles	P			
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
5. Blanco Paradelo, Moisés	P			
6. Blanco Rodríguez, Noela	S			
7. Cal Ogando, Marcos	EM			
8. Casal Vidal, Francisco	EM			
9. Castiñeira Broz, Jaime	P			
10. Chao Pérez, Luca	EM			
11. Cuña Bóveda, María de los Angeles	EM			
12. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
13. Egerique Mosquera, Teresa	P			
14. Fernández Fernández, Raúl	S			
15. Fernández Gil, César Manuel	P			
16. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
17. Fernández Prado, Martín	P			
18. García Míguez, María Angeles	P			
19. Gómez Salgado, Carlos	P			
20. Lago Peñas, José Manuel	EM			
21. Losada Alvarez, Abel Fermín	S			
22. Mato Otero, Beatriz	P			
23. Miranda Pena, Flora María	EM			
24. Moreira Ferro, Jacobo	P			
25. Mouriño Villar, Antonio	P			
26. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
27. Novo Fariña, María Isabel	P			
28. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
29. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
30. Otero Rodríguez, Patricia	S			

31. Oubiña Solla, Rosa	P			
32. Pazos Couñago, José Alberto	P			
33. Pérez Seco, José Manuel	S			
34. Pierres López, María Luisa	S			
35. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
36. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
37. Prado del Río, Paula	P			
38. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
42. Rey Varela, José Manuel	P			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Torregrosa Sañudo, Julia	EM			
59. Trenor López, Gonzalo	P			
60. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel	P			
61. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
62. Vázquez Verao, Paula	EM			
63. Vega Pérez, Daniel	P			
64. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
65. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
66. Quintana Carballo, Rosa María	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. González Vázquez, José	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 18.12.2018 Hora: 12:00

Orde do día

1. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 18.12.2018 Hora: 12:00

Orde do día

1.1 Debate e votaci÷n do ditame, emitido pola Comisi÷n 3ª, Economòa, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (39156, 10/PL-000011)

Vid. Separata núm. 1

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 18.12.2018 Hora: 12:00

Orde do día

1.2 Debate de toma en consideraci÷n da Proposici÷n de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, pola que se regula o sistema de provisi÷n dos postos de xefatura e coordinaci÷n das instituci÷ns sanitarias do Servizo Galego de Saýde (doc. ným. 38843, 10/PPL-000027)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

1.2 38843(10/PPL-000027)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernçndez, Eva

Proposici÷n de lei pola que se regula o sistema de provisi÷n dos postos de xefatura e coordinaci÷n das instituci÷ns sanitarias do Servizo Galego de Saýde

Publicación da iniciativa, 374, 19.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 18:14
Nº Rexistro: 38843
Data envio: 16/10/2018 18:14:00.457

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.**

ANTECEDENTES

- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 14/1986 de 25 de abril, xeral de sanidade.
- Lei 8/2008 de saúde de Galicia.
- Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos
- servizos de saúde.
- Decreto 206/2005 de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 18:14
Nº Rexistro: 38843
Data envio: 16/10/2018 18:14:00.457

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente proposición de lei, ten como obxectivo principal establecer unha regulación transparente en canto ao sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, resolvendo a situación previa que deixaba marxe á discrecionalidade da Consellería de Sanidade na capacidade de decisión respecto dos órganos, baremos e sistemas aplicables a elección de postos de dirección. Estes resultan totalmente esenciais para ser garantes para un axeitado funcionamento do noso sistema sanitario e deben estar fundamentados en criterios obxectivos.

Unha das novidades que se inclúen, é a regulación dun sistema de creación e elección dun órgano colexiado, encargado de levar a cabo os procedementos de provisión de ditos postos. Este procedemento, pretende dotarse dun contido normativo concreto, que vele polo cumprimento dos principios de transparencia, eficacia, seguridade e defensa do carácter público do Sistema Galego de Saúde na procura da máxima calidade do mesmo.

Para levar a cabo este obxectivo, pretendese atopar un equilibrio na elección da comisión encargada da avaliación para os postos de xefatura e coordinación, establecendo un mecanismo garante do mandato normativo, na necesidade de que sexa persoal estatutario fixo e especialista na materia obxecto de avaliación. Dentro do cumprimento destes requisitos, as persoas que formen parte da mesma, elixiranse por criterios técnicos e profesionais e serán escollidas por sorteo, evitando influencias non desexadas que varíen en función de posibles criterios de orientación política, ou calquera outro de índole persoal ou subxectiva.

Ademais, en relación a este procedemento, establécense novos requisitos adaptados a demandas sociais, como a obrigatoriedade de garantir paridade de xénero nas persoas designadas ou evitar que poidan concorrer, tanto para formar

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 18:14
Nº Rexistro: 38843
Data envio: 16/10/2018 18:14:00.457

parte da comisión como para os postos que se regulan, persoas con conflitos de interese no sector privado vinculado ao posto de responsabilidade ao que se opta, persoas con sentencias condenatorias por delitos contra a Administración Pública ou de corrupción nos negocios, delitos contra a saúde pública, así como aqueles que atenten contra a liberdade ou indemnidade sexual.

A incompatibilidade por conflito de interese, ven dada debido a especial responsabilidade dos postos de xefaturas e coordinacións no Sistema Sanitario Público, a xestión dos datos sanitarios das e dos doentes das Áreas e a súa necesaria implicación na xestión das listas de agarda, a dedicación exclusiva ao Sistema Sanitario Público é unha condición ineludible para acceder a ditos postos, coa fin de evitar conflitos de interese na xestión.

A necesidade de mellorar a calidade e a eficiencia no Servizo Galego de Saúde fica ineludiblemente ligada á promoción das e dos mellores profesionais capaces de organizar e dirixir o traballo nos distintos servizos. A aplicación de criterios obxectivos favorece este principio, fomenta o desenvolvemento profesional, favorece a transparencia e a democracia e mellora polo tanto a equidade dentro do sistema sanitario público.

Por todo o anterior preséntase a seguinte Proposición de Lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 18:14
Nº Rexistro: 38843
Data envio: 16/10/2018 18:14:00.457

CAPITULO I. OBXECTO, ÁMBITO E PRINCIPIOS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto.

É obxecto da presente norma, establecer as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde así como o seu réxime de incompatibilidades.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

Esta norma será de aplicación a todos os postos que asuman funcións de xefatura e coordinación no Servizo Galego de Saúde.

Artigo 3.- Principios Xerais.

As bases para o procedemento de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, rexeranse polos seguintes principios:

- O sometemento pleno á Lei e ao Dereito.
- A igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
- A eficacia, imparcialidade, obxectividade e transparencia dos órganos responsables da selección e provisión.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 18:14
Nº Rexistro: 38843
Data envio: 16/10/2018 18:14:00.457

CAPITULO II. ÓRGANOS DE PROVISIÓN E AVALIACIÓN

Artigo 4.- Réxime xeral.

Os procesos para a provisión dos postos, serán realizados por órganos colexiados, nos que as persoas que formen parte dos mesmos deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade.

Estarán compostos por un mínimo de cinco persoas, debendo designarse o mesmo número de titulares que de suplentes, garantindo a paridade entre mulleres e homes.

As persoas que formen parte dos órganos de provisión, deberán ter a condición de persoal empregado público fixo do Servizo Galego de Saúde, nun grupo de titulación e nivel académico igual ou superior ao requirido para as prazas ofertadas.

Os cargos de libre designación non poderán formar parte destes órganos.

Non poderán formar parte destes órganos, persoas con conflitos de interese no sector privado vinculado ao posto de responsabilidade ao que opta, persoas con sentencias condenatorias por delitos contra a Administración Pública ou de corrupción nos negocios, delitos contra a saúde pública, así como aqueles que atenten contra a liberdade ou indemnidade sexual.

Actuarán sometidos ás normas básicas de procedemento administrativo común que regulan os órganos colexiados, así como as causas xerais de abstención e recusación, respectándose a independencia dos mesmos no exercicio das súas funcións.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 18:14
Nº Rexistro: 38843
Data envio: 16/10/2018 18:14:00.457

A Administración poñerá á disposición destes órganos, os medios necesarios para que a súa actuación sexa realizada en cumprimento dos principios xerais mencionados no artigo 3 da presente norma.

Artigo 5.- Procedemento.

O procedemento para a provisión dos postos será mediante convocatoria de concurso de méritos, baseada na avaliación do currículo profesional e dun proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade, que deberá ser defendido publicamente, ante o órgano encargado de levar a cabo o procedemento de provisión dos posto.

Artigo 6. A Comisión de avaliación.

A comisión de avaliación, será o órgano colexiado encargado de levar a cabo o procedemento para a provisión dos postos.

A Comisión de avaliación estará formada por cinco persoas, escollidas por sorteo, realizado pola Mesa Sectorial de Sanidade, entre o persoal que cumpra os requisitos recollidos no artigo 4. Dúas destas persoas, serán nomeadas secretaria e presidenta do tribunal a proposta da xerencia.

De non existir persoas suficientes para formar parte da comisión, deberá atenderse ao criterio de equilibrio, de tal forma que a representación da xerencia, en ningún caso poderá ser superior á unha representación do corenta por cento.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 18:14
Nº Rexistro: 38843
Data envio: 16/10/2018 18:14:00.457

Artigo 7. Convocatoria.

A convocatoria será publicada no Diario Oficial de Galicia e deberá conter como mínimo, as seguintes mencións:

- Denominación, características, funcións e retribucións do posto.
- Requisitos para o seu desempeño.
- Documentación que deberá ser presentada para acreditar o cumprimento dos requisitos de participación.
- Prazo para a presentación da instancia e a documentación, que non poderá ser menor de 15 días.
- Órgano ante o que deberá ser dirixida a instancia e a documentación que a esta se acompañe.
- Fórmula mediante a que se resolverán os empates da puntuación total do proceso.
- Recurso administrativo que as persoas interesadas poderá interpoñer así como o prazo para facelo.
- Composición da comisión de avaliación.
- Forma na que se publicarán as relacións provisionais e definitivas de persoas admitidas no procedemento.
- Antelación coa que deberán convocarse as persoas aspirantes para a presentación e defensa do proxecto técnico.

Artigo 8. Requisitos das persoas aspirantes.

Poderán participar na convocatoria o persoal fixo que na data da súa publicación estea en situación de servizo activo no Sistema Nacional de Saúde, teña titulación académica esixible en cada caso, formación específica, nivel recoñecido e desenvolvemento profesional das funcións encomendadas para o posto de traballo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 18:14
Nº Rexistro: 38843
Data envio: 16/10/2018 18:14:00.457

Non poderán concorrer á convocatoria, persoas con conflito de interese no sector privado vinculado ao posto de responsabilidade ao que se opta, persoas con sentencias condenatorias por delitos contra a Administración Pública ou de corrupción nos negocios, delitos contra a saúde pública, así como aqueles que atenten contra a liberdade ou indemnidade sexual.

Artigo 9. Avaliación.

A Comisión avaliará, de conformidade co establecido na convocatoria en relación ao posto do que se trate, cun máximo de 60 puntos, os seguintes extremos:

a) O currículo profesional das persoas aspirantes: Ata 30 puntos.
   Para esta avaliación, atenderase á experiencia profesional, o compromiso co Servizo Galego de Saúde, a investigación e a formación en titulacións oficiais, que sexan indicativas dos coñecementos e aptitudes necesarias para o desempeño das funcións que ao posto corresponda.

b) O proxecto técnico sobre a xestión da unidade: Ata 30 puntos.
   O proxecto deberá incluír, un programa de obxectivos, cuantitativos e cualitativos da unidade.

   Será defendido ante a comisión, nun acto público, pola orde que resulte dun sorte establecido na apertura do propio acto público.

Tras o acto público anteriormente referido, a comisión elaborará un informe razoando, axustado aos criterios de avaliación antes descritos, con asignación da puntuación diferenciada respecto dos apartados citados.

A Comisión poderá propoñer que se declare deserta a convocatoria no suposto de que ningunha das persoas aspirantes alcance 15 puntos na avaliación do proxecto técnico de xestión da unidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 18:14
Nº Rexistro: 38843
Data envio: 16/10/2018 18:14:00.457

Artigo 10.- Resolución.

a) Finalizada a valoración, publicarase na forma determinada pola convocatoria, a lista coas puntuacións distribuídas por apartados e asignadas ás persoas aspirantes. Igualmente, no caso de quedar deserta a convocatoria, será tamén publicada por resolución. Para ambos casos, abrirase un prazo non inferior a 15 días.
b) Tras a valoración das reclamacións pola comisión Publicarase a lista coas puntuacións definitivas ou ratificación da proposta na que se declare deserta a convocatoria. As reclamacións efectuadas contra a resolución provisional, serán rexeitadas ou admitidas por medio de resolución definitiva, que será publicada na forma que determine a convocatoria.
c) A resolución, co nomeamento da persoa aspirante, será publicada no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 11.- Avaliación para a continuidade no desempeño da xefatura.

a) As persoas seleccionadas serán avaliadas, antes de que transcorran catro anos dende o seu nomeamento, a efectos de prorrogar o desempeño da xefatura.
b) A estes efectos, unha comisión técnica designada conforme aos criterios establecidos nos artigos 4 e 6 da presente norma, avaliará a actividade realizada para a implantación do proxecto técnico e o cumprimento dos obxectivos tomados en consideración no proceso de selección, debendo ser aportada para dita avaliación por parte da persoa titular, unha memoria explicativa do cumprimento do proxecto técnico, así como unha proposta para o seguinte período.
c) En todo caso, a prórroga non poderá ser ampliada por período superior ao período de catro anos polo que foron nomeadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 18:14
Nº Rexistro: 38843
Data envio: 16/10/2018 18:14:00.457

GRUPO PARLAMENTAR en marea

CAPITULO III. DISPOSICIÓNS.

Disposición transitoria

As prazas de xefatura ou coordinación que coa entrada en vigor da presente norma estivesen desempeñadas de conformidade coa normativa vixente anteriormente, seguirán reguladas por dita normativa co límite de prazo establecido nesta norma.

Disposición derrogatoria

Quedan derrogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido na presente normal.

Disposicións finais

Primeira.- Facultase á persoa responsable da consellería competente a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta norma.

Segunda.- A presente norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 18:14
Nº Rexistro: 38843
Data envio: 16/10/2018 18:14:00.457

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/10/2018 18:13:00

Luis Villares Naveira na data 16/10/2018 18:13:07

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 18.12.2018 Hora: 12:00

Orde do día

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (doc. núm. 39019, 10/PPL-000030)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

1.3 39019(10/PPL-000030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, 374, 19.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envio: 18/10/2018 10:54:40.192

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 2011 o Parlamento aprobou a Lei 9/2011, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza. Este texto normativo introduciu importantes mudanzas no modelo empresarial e de xestión da Corporación da Radio e Televisión Públicas de Galiza (CRTVG). Porén, transcorridos sete anos desde a súa entrada en vigor son múltiples os incumprimentos do novo marco regulador dese medio público de comunicación.

A dirección da CRTVG leva adiando sen razón algunha durante anos a aprobación do Estatuto profesional (artigo 36.1) e a creación do Consello de informativos (artigo 36.2) así como, a sinatura do primeiro Contrato programa (artigo 33).

Porén, de entre todos os incumprimentos, un dos máis gravosos para o correcto funcionamento da Corporación é o mantemento da Dirección Xeral en mans dunha persoa que foi elixida por un procedemento alleo ao disposto na lexislación vixente que vincula o cargo co apoio de ⅔ do Parlamento.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envio: 18/10/2018 10:54:40.192

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que o actual director xeral, Don Alfonso Sánchez Izquierdo, foi nomeado polo presidente da Xunta de Galiza en 2009 e prorrogado, *sine die*, a través dunha modificación incorporada na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompañaba os Orzamentos de 2015.

Desde o mes de maio de 2018, traballadoras e traballadores da CRTVG veñen reclamando o cumprimento da Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza, o cesamento do control e manipulación informativa así como a incorporación de mudanzas que blinden a profesionalidade, obxectividade, neutralidade e pluralidade informativas.

Desde o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que para asegurar o dereito a que todas as persoas de Galiza dispoñan dun sistema audiovisual que reflicta a realidade inmediata con obxectividade e imparcialidade é preciso desvincular a designación da Dirección Xeral do Goberno galego e promover a selección dos membros do Consello de Administración nun concurso público e así reforzar a súa independencia e o desenvolvemento da misión de servizo público baixo criterios de estrita profesionalidade. Ademais, o respecto e plasmación das demandas do cadro de persoal, que exixen o fin da manipulación informativa e o desenvolvemento dos órganos de participación profesional na Corporación, obrigan non só por un cambio de nomes, senón pola introdución de reformas estruturais na actual lexislación, a comezar pola escolla das persoas que asumen a dirección da CRTVG a través dun concurso público.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo parlamentar do BNG formula a seguinte Proposición de Lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envio: 18/10/2018 10:54:40.192

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo Único. Modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

Modifícanse os seguintes artigos da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

Un. Modificación do artigo 14 que fica redactado da seguinte maneira:

"1. Os membros do consello de administración son designados polo Parlamento de Galicia, logo da súa selección a través do procedemento previsto nesta Lei e das súas normas de desenvolvemento.

2. A xunta xeral de accionistas nomeará os membros do consello de administración designados polo Parlamento de Galiza.

3. A selección das persoas que integran o consello de administración da CRTVG será efectuada a través dun concurso público a través do procedemento determinado pola presente lei.

4. As persoas que se candidataren para ser membros do Consello de Administración han de contar con acreditada experiencia profesional e recoñecido prestixio no eido da comunicación.

5. As vacantes serán cubertas na forma que determina o punto primeiro. O mandato dos novos conselleiros terá unha duración equivalente ao tempo que lles quedase de mandato aos membros aos que substitúen."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envio: 18/10/2018 10:54:40.192

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dous. Modificación do artigo 15 que fica redactado da seguinte maneira:

"Artigo 15. Normas básicas para os procesos de selección do Consello Administración.

1. Antes de que expire o mandato do Consello de Administración será convocado un concurso público para a selección dos seus membros, ao que poderán optar todas aquelas persoas que reúnan as condicións de idoneidade, capacitación e prestixio profesional que se establezan na convocatoria.

2. A convocatoria será efectuada polo Pleno do Parlamento de Galiza, que aprobará as Bases do Concurso e definirá os requisitos, méritos e capacitación que deberán acreditar as persoas candidatas.

3. Así mesmo, designará xunto coa aprobación da convocatoria un Comité de Expertos composto por persoas de recoñecida competencia e experiencia profesionais acreditadas no eido da comunicación superior a 10 anos, respectando o equilibrio de xénero.

A designación farase a proposta dos Grupos Parlamentares e serán nomeadas as persoas que fosen propostas ou aceptadas, polo menos, por tres grupos parlamentares ou por aqueles que representen a 3 quintas partes dos deputados e deputadas do Parlamento de Galiza.

Aos efectos de efectuar a proposta, por un prazo mínimo de dez días, darase publicidade na web do Parlamento para que os sindicatos, entidades profesionais e asociativas no eido da comunicación acheguen propostas de expertos para formaren parte de dita Comisión.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envio: 18/10/2018 10:54:40.192

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. O Comité de Expertos efectuará unha valoración fundada das persoas que concorran no concurso público, e elevará unha proposta á Comisión Permanente de Control da Corporación da RTVG, indicando ademais a persoa idónea para ser designada Directora ou Director Xeral.

5. Os informes de avaliación serán públicos e remitidos á Comisión Permanente de Control da Corporación da RTVG, que recibirá en audiencia aos candidatos e candidatas para verificar a idoneidade en relación cos méritos e capacidades que foran validados polo Comité de Expertos.

6. A Comisión Permanente de Control da Corporación da RTVG elevará a proposta da selección ao Pleno do Parlamento de Galiza para aprobar, por maioría de dous terzos, o nomeamento dos membros do consello de administración e o seu Director u Directora Xeral."

Tres. O apartado 2 do artigo 23 que fica redactado da seguinte maneira:

"2. A directora ou director xeral é elixido por concurso público no marco do procedemento determinado pola presente lei para o consello de administración."

Catro. Modificación da disposición transitoria cuarta que fica redactada da seguinte maneira:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envio: 18/10/2018 10:54:40.192

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Disposición transitoria cuarta. Elección dos cargos da Corporación Radio e Televisión de Galiza

1. O Parlamento de Galiza aprobará en sesión plenaria, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a normativa que rexe a selección dos membros do Consello de Administración e a directora ou director xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galiza por concurso público coa participación dun Comité de persoas expertas.

O Comité de persoas expertas estará composto por persoas de recoñecida competencia profesional, docente ou investigadora do ámbito da comunicación e con experiencia acreditada, respectando a presenza equilibrada entre mulleres e homes.

As persoas que integran este Comité serán nomeadas na mesma sesión plenaria a proposta dos Grupos Parlamentares e serán designadas as persoas que fosen propostas ou aceptadas, polo menos, por tres grupos parlamentares ou por aqueles que representen a 3 quintas partes dos deputados e deputadas do Parlamento de Galiza, de acordo coa normativa de desenvolvemento desta disposición que aprobe o pleno do Parlamento.

No caso de renuncia por parte dalgunha das persoas designadas, o Comité constituirase con aquelas que aceptaran o nomeamento.

Este Comité fará públicos os seus informes de avaliación das distintas candidaturas que se presenten e serán remitidos á Comisión competente para a correspondente audiencia das candidaturas.

2. Após escoitar as candidaturas na Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG e previa remisión do informe final ao Parlamento, a Cámara, en sesión plenaria e por maioría de ⅔, nomeará as persoas candidatas seleccionadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envio: 18/10/2018 10:54:40.192

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cinco. Disposición derradeira primeira.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galiza.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envio: 18/10/2018 10:54:40.192

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS

-Constitución Española

-Estatuto de Autonomía de Galiza

-Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza

-Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (disposición final cuarta, que dá nova redacción á disposición transitoria terceira da Lei 9/2011)

-Lei 9/1984, do 11 xullo, de creación da compañía de radiotelevisión de Galiza

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envio: 18/10/2018 10:54:40.192

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 10:53:41

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 10:53:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 10:53:55

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 10:53:57

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 10:53:58

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 10:54:03

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 18.12.2018 Hora: 12:00

Orde do día

2. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

2.1 41511(10/MOC-000118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2017. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 40091, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 11:21:05
Nº Rexistro: 41511
Data envio: 07/12/2018 11:21:05.781

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 5 de decembro, sobre a política do Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2027 (doc. núm **40091**, [**10/INT-001327**]).

Moción

"O Parlamento galego insta á Xunta a:

1.- Elaborar un exhaustivo Plano Estratéxico de Galicia que contemple tódolos aspectos diferenciais galegos a protexer para que a futura PAC non lesione os intereses do rural galego.

2.- Elaborar un catálogo de medidas urxentes de estimulación e desenvolvemento do rural galego, a poñer en práctica nos próximos 7 anos; para que a fins do 2027 se atope en condicións competitivas para o acceso a unha posible liberalización dos mercados agrarios europeos."

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-IUJo127m8-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 11:21:05
Nº Rexistro: 41511
Data envio: 07/12/2018 11:21:05.781

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/12/2018 11:19:45

Ana Pontón Mondelo na data 07/12/2018 11:19:52

CSV: REXISTRO-IUUo127m8-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

2.2 41551(10/MOC-000119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 39327, publicada no BOPG n. 378, do 31.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 16:56:30
Nº Rexistro: 41551
Data envio: 07/12/2018 16:56:30.878

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 5 de decembro de 2018, sobre a xestión do Goberno galego en materia de sanidade (10/INT-001300, documento número 39327).

Moción

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Realizar, nos vindeiros tres meses, un estudo de avaliación da satisfacción dos usuarios/as da sanidade pública de Galicia e publicar os resultados á maior brevidade posible e sempre dentro do mes seguinte ao transcurso deses 3.

2. Determinar, durante a primeira metade de 2019, un catálogo de servizos básicos a ofrecer polo SERGAS en todos os hospitais galegos da rede pública, dotando aos centros dos recursos humanos e materiais para que estes servizos poidan ser ofrecidos con medios propios de cada hospital.

3. Comprometer un plan de contratación de persoal para o SERGAS que oferte un volume de 3000 novas prazas no sistema nas vindeiras convocatorias da OPE nos próximos dous anos.

4. Acordar co Goberno de España a facilitación e axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios e á Facultade de Medicina da USC para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.

CSV: REXISTRO-OvLmSkCp9-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 16:56:30
Nº Rexistro: 41551
Data envio: 07/12/2018 16:56:30.878

5. Restablecer as canles de diálogo e negociación das condicións laborais coa mesa sectorial e representantes dos colectivos en conflito actualmente no sistema sanitario público de Galicia.

Pazo do Parlamento, 7 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/12/2018 16:34:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/12/2018 16:34:16

CSV: REXISTRO-OvLmSkCp9-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

2.3 41639(10/MOC-000120)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Lago Peñas, José Manuel

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación emprego da industria do automóbil. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 40351, publicada no BOPG n.º 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 16:41:20
Nº Rexistro: 41639
Data envio: 11/12/2018 16:41:20.239

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal** e **Manuel Lago Peñas,** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 40351 (10/INT-001341)** debatida na sesión plenaria do 4 de decembro de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego da industria galega do automóbil.

MOCIÓN:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1.- Instar ao Consello Galego de Relacións Laborais a súa mediación ante PSA-Citroën para chegar a unha solución do ERTE cos menores prexuízos posibles para as e os traballadores.

2.- Instar a PSA-Citroën, e condicionar as posibles axudas que se adxudiquen a esta compañía, a facer as inversións necesarias para dar máis flexibilidade a Liña 1 de produción da factoría para así poder xestionar mellor as variacións do mercado en algúns modelos.

3.- Avaliar a posible incidencia deste ERTE sobre as empresas auxiliares de PSA-Citroën en Galicia e actuar en consecuencia.

4.- Condicionar todas as axudas e subvencións a PSA-Citröen ao mantemento e, no seu caso, a creación de postos de traballo, así como dunhas condicións de traballo dignas.

CSV: REXISTRO-fxOThOl.xd-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 16:41:20
Nº Rexistro: 41639
Data envio: 11/12/2018 16:41:20.239

GRUPO PARLAMENTAR en marea

5.- Desenvolver un plan estratéxico para toda a cadea de valor do automóbil que poña as bases da política industrial e de I+D+i da Xunta de Galicia, ante os radicais cambios que se van producir a curto e medio prazo.

6.- Instar ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo a desenvolver un novo plan de competitividade do automóbil que teña o foco en Galicia en porcentaxe como mínimo similar á súa capacidade produtiva.

7.- Poñer en marcha de maneira inmediata, en colaboración coas asociacións do sector, unha estratexia de colaboración coas empresas do sector automobilístico galego para garantir a súa presencia importante na convocatoria do Programa Reindus, dotado con 400 M€ e cuxo prazo remata o 31 de xaneiro de 2019.

8.- Centrar de maneira prioritaria as axudas ao I+D+i dos próximos exercicios ao desenvolvemento dos vehículos eléctricos, con especial incidencia nos de reparto urbano e transporte público.

9.- Dotar orzamentariamente as axudas para a implantación de electrolineras en toda Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Manuel Lago Peñas
Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

CSV: REXISTRO-fxOThOlxd-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 16:41:20
Nº Rexistro: 41639
Data envio: 11/12/2018 16:41:20.239

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 11/12/2018 16:39:56

José Manuel Lago Peñas na data 11/12/2018 16:40:08

Luis Villares Naveira na data 11/12/2018 16:40:16

CSV: REXISTRO-fxOThOlxd-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 18.12.2018 Hora: 12:00

Orde do día

3. Proposicións non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

3.1 5566(10/PNP-000470)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axeitados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 10:12
Nº Rexistro: 5566
Data envio: 23/02/2017 10:12:57.849

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e das deputadas, Gonzalo Trenor López, Aurelio Nuñez Centeno, Mª Encarnación Amigo Díaz, Marian García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Martín Fernández Prado e Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de mellora dos espazos nos que actualmente se presta a asistencia sanitaria de Atención Primaria no centro de saúde da rúa Federico Tapia motivou que en outubro de 2014 se formalizara un protocolo de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña.

Neste protocolo establecéronse as bases para o estudio de viabilidade de novos usos sanitarios do recinto do Mercado de Santa Lucía, de titularidade municipal. Esta localización é a máis apropiada pola súa proximidade ao actual centro de saúde, pola dispoñibilidade de espazos nese recinto e polo apoio dos veciños a esta mellora.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Concello de A Coruña a cesión dos espazos no mercado de Santa Lucía que se axusten ós requirimentos necesarios para unha asistencia sanitaria óptima para os veciños e veciñas que acuden o Centro de Saúde Federico Tapia".

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 10:12
Nº Rexistro: 5566
Data envio: 23/02/2017 10:12:57.849

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 23 de Febreiro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/02/2017 09:48:51

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/02/2017 09:49:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/02/2017 09:49:21

María Ángeles Garcia Míguez na data 23/02/2017 09:49:45

Marta Rodriguez Arias na data 23/02/2017 09:49:59

Diego Calvo Pouso na data 23/02/2017 09:50:15

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 23/02/2017 09:50:34

Martín Fernández Prado na data 23/02/2017 09:51:19

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/02/2017 09:51:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

3.2 31022(10/PNP-002298)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31022
Data envio: 15/05/2018 18:36:52.749

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A proposta de trazado, e ata a existencia do proxecto da Autovía do Atlántico A57 A Coruña / Santiago de Compostela / Pontevedra / O Porriño na lei de estradas do Estado, é un exemplo máis da aposta cega do PP polas vías de alta capacidade e o transporte a motor, sen importar a racionalidade das actuacións, un gran negocio para as grandes construtoras e unha ruína para o conxunto da sociedade.

Dicir que ademais dun gasto de diñeiro inaceptable nun contexto de recortes de todo tipo de servizos básicos á cidadanía e un impacto ambiental realmente destrutivo, é unha infraestrutura inútil e redundante. Porque neste traxecto xa existe unha vía de alta capacidade, a AP-9.

A construción desta vía ten unha historia marcada polas imprecisións, a improvisación e o escurantismo, tendo moitas dificultades para poder saber cales son os plans de Fomento. No tramo iniciado xa en Pontevedra fálase unicamente dunha circunvalación.

Son actualidade os casos de autopistas explotadas en réxime de concesión que non teñen o tráfico que se proxectaba, o que obriga ás administración a inxectar

diñeiro nas empresas concesionarias, como é no caso galego a autopista Santiago de Compostela-Ourense.

No caso de se construír a A-57, será previsible que se reste gran cantidade de tráfico da A-9, polo que nos poderiamos ver na situación de investir centos de millón de euros na A-57 e ter que inxectar outros tantos na concesionaria da AP-9 pola caída do tráfico na mesma.

Galicia conta actualmente con máis de 1000 km de vías de alta capacidade, segundo datos da propia Consellería de Política Territorial, dato que a sitúa con 34 km/1000 km2, moi por riba do promedio europeo.

O conxunto da humanidade enfronta nun futuro, máis ou menos próximo, dous enormes retos que van afectar directamente ao noso modo de entender o mundo: o cambio climático e a superación do pico do petróleo co consecuente fin do petróleo barato. Ambos afectan directamente ao transporte e á mobilidade. O primeiro paso para enfrontar estes retos e optimizar o uso das estradas que xa temos, así como dinamizar as formas de mobilidade sustentables, e non manter esta fuxida cara adiante sen criterio e sen sentido.

Asemade, é probable que unha vez liberada a AP9, existan tramos, tanto da AP9 como dalgunhas vías convencionais que transcorren polo eixo atlántico que precisen ser reforzados con vías alternativas de nova creación debido á intensidade de desprazamentos que soportarán.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31022
Data envio: 15/05/2018 18:36:52.749

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia para que inste ao Ministerio de Fomento a:

1.-Desbotar o plan de execución da "Autovía del Atlántico" que ten previsto percorrer, de maneira paralela á AP-9, o traxecto A Coruña-Porriño. Retirándoa do catálogo da Lei de Estradas do Estado.

2.-Adicar os orzamentos previstos para a construción da "Autovía del Atlántico" ó rescate para o público da AP9.

3.-Elaborar un estudio que determine en que lugares é preciso reforzar a AP9, unha vez recuperada para o público, cunha vía de alta capacidade ou convencional de nova creación.

4.-Que se execute o acordo acadado no Parlamento de Galicia para incrementar as frecuencias e axustar os horarios no servizo ferroviario do Eixo Atlántico.

5.-Mudar a política tarifaria de Renfe no Eixo Atlántico, para aplicar unha redución do prezo dos billetes.

6.- Iniciar os trámites necesarios para acadar o rescate público da AP9 coa realización prevista dun estudo rigoroso dos costes da operación e os mecanismos de financiamento.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31022
Data envio: 15/05/2018 18:36:52.749

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 15/05/2018 18:35:36

Antón Sánchez García na data 15/05/2018 18:35:45

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

3.3 32796(10/PNP-002475)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, dun estudo específico respecto do financiamento e implantación da renda básica universal en Galicia

Publicación da iniciativa, 328, 28.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 18:12
Nº Rexistro: 32796
Data envio: 25/06/2018 18:12:19.972

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa Deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sociedade galega estase a debater dende hai anos sobre a Renda Básica Universal (en adiante, RBU), un ingreso "básico" ou "ingreso de cidadanía", nun contexto de aumento das desigualdades sociais tras a crise de 2008 e a consolidación do emprego precario (no marco internacional dun cambio no modelo de emprego), e unha bolsa de pobreza e desigualdade que non mingua co crecemento do PIB.

A RBU é unha prestación universal, individual, suficiente e incondicional, en forma de cantidade económica, destinada a garantir a existencia material das persoas. Este tipo de prestación substituiría a calquera outro tipo de prestación de carácter monetario de contía inferior e estaría fixada mediante o criterio usado para definir o "umbral da pobreza".

O Colectivo Renda Básica de Santiago de Compostela, de cara a promover un debate público e a adopción de acordos institucionais para promover a implantación dunha Renda Básica Universal (RBU) en Galiza, ten presentado no Concello de Santiago unha moción – a través de Compostela Aberta – que foi aprobada polo Pleno e que nun dos seus puntos di: **"instar á Xunta de Galicia a promover un debate público sobre a RBU e adoptar as medidas necesarias para avanzar, no marco das súas competencias, na implantación dunha RBU"**.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 18:12
Nº Rexistro: 32796
Data envio: 25/06/2018 18:12:19.972

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Unha das controversias e dificultades en torno á RBU ten que ver co xeito de financiala e de implantala no Estado español.

A Red Renta Básica ten deseñado un sistema de financiación para a RBU no conxunto do Estado. Asemade, impulsou un estudo específico sobre a financiación da RBU para Catalunya e outro para Guipúzcoa. Ditos estudos parten do censo individual das declaracións de IRPF, conteñen as principais variables e magnitudes que permiten unha imputación a todo o fluxo de rendementos netos (traballo, capital moble e inmoble, actividades económicas, ganancias e perdidas patrimoniais) e permiten identificar as características socio-familiares das persoas declarantes.

A Xunta non ten competencias para impulsar unha RBU, pero pode contribuír ao debate público financiando un estudo sobre a súa implantación no noso País. Dito estudo exhaustivo non só serviría para coñecer a viabilidade dunha RBU en Galiza, senón tamén para utilizar os seus resultados de cara a implantar ou modificar calquera política social.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a impulsar, antes do ano 2020, un estudo específico sobre a financiación e implantación da Renda Básica Universal en Galicia.

Asdo.: Paula Vázquez Verao, Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 18:12
Nº Rexistro: 32796
Data envio: 25/06/2018 18:12:19.972

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 25/06/2018 18:09:51

Luis Villares Naveira na data 25/06/2018 18:10:00

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

3.4 34510(10/PNP-002591)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa demanda de profesionais no Sergas, especialmente nos puntos de atención continuada

Publicación da iniciativa, 349, 31.08.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 10:49
Nº Rexistro: 34510
Data envio: 10/08/2018 10:49:14.449

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante da situación límite do persoal dos PACs.

@s profesionais dos PACs levan meses denunciando a situación de deterioro das condicións laborais e asistenciais que se vive nestes centros que atenden as urxencias extra-hospitalarias de Galiza. Seguen cos mesmos recursos materiais e humanos que hai 10 anos, cando neste tempo as urxencias non fixeron máis que aumentar: envellecemento da poboación, o persoal dos PACs fai o 90% do traballo do 061, son os que "medicalizan" as ambulancias, van aos domicilios, atenden os accidentes, infartos...Denuncian que traballan continuamente en situación de servizos mínimos, que a sobrecarga laboral é brutal, que non substitúen as ausencias d@s profesionais, que non se establecen reforzos en fins de semana ou en datas con previsión de aumento de demanda. Denuncian que en algúns centros nin sequera se cobren eses servizos mínimos.

Levan meses denunciando que así é imposíbel continuar, tentando que o Sergas escoite as súas demandas, atopándose que lonxe de ser escoitados este verán están a traballar en peores condicións que nunca. Atención Primaria con listas de espera estruturais de máis dunha semana, profesionais sen substituír, centros de saúde

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 10:49
Nº Rexistro: 34510
Data envio: 10/08/2018 10:49:14.449

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pechados polas tardes, consultorios pechados, ausencia de pediatras... Toda esa carga asistencial concéntrase nos PACs, aos que non se lles aumenta o persoal, senón que a solución que aporta o Sergas e a sobrecarga laboral e o recorte de dereitos dun persoal extenuado que está traballando ao límite.

Esta situación non é froito da fatalidade, e consecuencia directa das decisións políticas que o Partido Popular no Goberno galego foi tomando ao longo dos últimos anos, de recortes e deterioro da sanidade pública. Recorte de persoal, taxa de reposición, precariedade laboral, abandono do Plan de Mellora da Atención Primaria... ocasiona a fuxida de profesionais cara outros sistemas sanitarios, outros países ou a sanidade privada.

A situación é consecuencia da escolla ideolóxica do Partido Popular de deterioro da sanidade pública para beneficio da privada, polo tanto é reversíbel, hai alternativa cun cambio de rumbo, para ir na dirección contraria.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Atender, sen máis dilación, as demandas d@s profesionais que prestan os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada, PAC, das que é coñecedor o Sergas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 10:49
Nº Rexistro: 34510
Data envio: 10/08/2018 10:49:14.449

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Realizar de inmediato un análise rigoroso das necesidades reais de persoal no Sergas, e dos dispositivos que son precisos atender e cubrir.

3. Convocar absolutamente todas as prazas vacantes, de todas as categorías, existentes no Sergas.

4. Realizar unha oferta laboral de contratación de calidade, destinada tanto a fidelizar @s profesionais que están nas listas de contratación como a atraer @s profesionais que están actualmente traballando fóra de Galiza.

5. Aumentar as prazas de formación na Universidade de Medicina

6. Demandar do Goberno español o aumento do número de prazas para adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR, que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais".

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 10:49
Nº Rexistro: 34510
Data envio: 10/08/2018 10:49:14.449

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/08/2018 10:48:22

Ana Pontón Mondelo na data 10/08/2018 10:48:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/08/2018 10:48:29

Olalla Rodil Fernández na data 10/08/2018 10:48:31

Noa Presas Bergantiños na data 10/08/2018 10:48:33

Xosé Luis Bará Torres na data 10/08/2018 10:48:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

3.5 38833(10/PNP-002892)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas medidas de minoración dos impostos anunciadas para a compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 17:47
Nº Rexistro: 38833
Data envio: 16/10/2018 17:47:56.746

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Durante o Debate de Estado da Autonomía deste ano 2018 o presidente Núñez Feijoo, anunciou que "*desde o ano que vén Galicia será unha das comunidades con menos impostos para mercar vivenda habitual usada, e a máis barata no caso das persoas mozas, familias numerosas e persoas con discapacidade*."

Este anuncio non concretado no tempo " desde o ano que vén", nin nas medidas a aplicar, vai afectar por un lado a aqueles que neste momento venden as súas vivendas e por outro a aqueles que teñen a intención de mercala.

Un anuncio que ten consecuencias e que debería axilizarse unha vez anunciado para non prexudicar a un mercado e sector xa de por si castigado nos últimos anos.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 17:47
Nº Rexistro: 38833
Data envio: 16/10/2018 17:47:56.746

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Concretar e poñer en marcha, no prazo máximo dun mes, as medidas anunciadas de minoración dos impostos á compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade.

2. Incluír entre os colectivos susceptibles de ser beneficiados con reducións fiscais as vítimas de violencia de xénero, familias monomarentais e monoparentais, así como sectores da poboación con especiais dificultades para acceder á compra da vivenda.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 16/10/2018 17:44:09

Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2018 17:44:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/10/2018 17:44:20

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/10/2018 17:44:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/10/2018 17:44:28

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/10/2018 17:44:30

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 17:47
Nº Rexistro: 38833
Data envio: 16/10/2018 17:47:56.746

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2018 17:44:34

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

3.6 40364(10/PNP-003033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40364
Data envio: 15/11/2018 18:18:27.331

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao incremento das contías económicas e do público albo das axudas periódicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 7 de agosto de 2007 publicábase no Diario Oficial de Galiza o texto da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, unha lei pioneira que saíu adiante grazas ao necesario debate e consenso político arredor dun problema que debe ser central na sociedade nas institucións políticas, a violencia machista. Nesta recollíanse un amplo abano de "*medidas conducentes a coordinar e planificar os recursos necesarios a través dunha correcta rede que integre medidas de información, de recuperación psicolóxica, de apoio económico, de inserción laboral e de acceso á vivenda.*" que foron evoluíndo durante estes anos, nos que o movemento feminista conseguiu dar meirande visibilidade e importancia a esta cuestión.

Este texto legal recolle no seu *Artigo 3.-Formas de violencia de xénero*, no apartado c) a Violencia económica descrita da seguinte maneira "*que inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40364
Data envio: 15/11/2018 18:18:27.331

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella." Así mesmo, nos principios xerais que rexen a lei recóllese que "*As administracións públicas procurarán en todo momento que as mulleres teñan garantida a súa integridade psicolóxica e a súa autonomía social e económica a través dos recursos axeitados.*" como un dos elementos centrais para saír da espiral de violencia e para evitar a revitimización. Así mesmo, incluíase na citada lei o artigo 35, no que se prevían medidas "*Co fin de favorecer a integración sociolaboral das mulleres que sofren violencia de xénero*" prevendo para tal efecto, entre outras, axudas económicas nos cursos de formación ocupacional.

Estas cuestións dan idea da importancia que ten todo o referido ao aspecto económico para abordar o tratamento integral e efectivo da violencia machista. Máis aínda, tendo en conta a discriminación estrutural da muller no ámbito laboral, é menester arbitrar medidas que garantan a autonomía económica das vítimas, como aspecto imprescindíbel para superaren esta violencia.

Como ferramenta para intervir neste ámbito, no *Capítulo V* recóllense *Medidas de carácter económico* e a lei, no seu texto orixinal, recollía no Artigo 39 o seguinte:

Artigo 39.-Prestacións periódicas.

1. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, establecerá unha prestación económica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, e a tentar axudarlle a romper coa situación de violencia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40364
Data envio: 15/11/2018 18:18:27.331

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Esta prestación aboarase periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero por calquera das formas previstas no artigo 5 desta lei, e será o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases de convocatoria e as contías das axudas, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.

Despois de ser aprobada esta lei, os diversos gobernos galegos foron poñendo en práctica esta axuda. Andado o tempo fixéronse evidentes eivas na súa aplicación que era preciso corrixir, a comezar pola súa disponibilidade todo o ano. É por iso que, varios anos despois da aprobación desta lei, froito da evolución da maduración que supuxo a súa posta en práctica e dun profundo debate arredor da cuestión, o Parlamento Galego impulsou, por unanimidade e a iniciativa do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, unha modificación para estender a cobertura destas axudas a todo o ano e a elaboración dunhas bases reguladoras en consonancia, quedando o artigo 39 queda redactado como segue:

«Artigo 39. Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero

1. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e mais a tentar axudalas a romper coa situación de violencia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40364
Data envio: 15/11/2018 18:18:27.331

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A Xunta de Galicia regulará esta prestación a través dunhas bases reguladoras, que serán aprobadas mediante orde ou resolución pola persoa titular do departamento competente en materia de igualdade. Estas bases reguladoras garantirán en todo caso un prazo de solicitude aberto durante todo o ano e establecerán como potenciais beneficiarias as vítimas das formas de violencia de xénero sinaladas nas alíneas a), Violencia física, b), Violencia psicolóxica, e f), Trata de mulleres e nenas, do artigo 3.»

No ano 2017 no Pleno do Parlamento Galego aprobouse unha moción impulsada polo Bloque Nacionalista Galego que recollía entre outras medidas o incremento dos recursos económicos destinados ás vítimas. Para este ano e o presente, a Xunta de Galiza aumentaba os recursos destinados ás partidas correspondentes, mais sen supoñer un aumento das contías a percibir polas vítimas.

No ano 2018, cunha maior capacidade orzamentaria e cunha esixencia social de meirande compromiso contra a violencia machista e a prol da igualdade, visibilizada no histórico 8 de marzo de 2018, o Bloque Nacionalista Galego entende que é hora de dar un paso máis. Máis dunha década despois da aplicación da lei de 2007 e despois dos consensos acadados no 2016, entendemos que cómpre fixar un aumento para as contías destinadas, cando menos, ás axudas periódicas para as vítimas de violencia de xénero. Un paso perfectamente posíbel do punto de vista orzamentario e absolutamente necesario do punto social. Un paso adiante que debe garantir maior independencia económica a estas mulleres e ser a panca de impulso para abrir tamén o debate sobre a necesidade de aumento doutro tipo de axudas e medidas económicas emanadas ao abeiro da lexislación en materia de violencia machista.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40364
Data envio: 15/11/2018 18:18:27.331

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos, proponse a modificación do artigo 4 das bases reguladoras contempladas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo para incluír: unha suba lineal das contías a percibir de, cando menos, o 30% así como a creación dun novo tramo que inclúa aquelas mulleres con renda ≥ 1,5 veces IPREM e ≤ 2 veces IPREM como punto de partida, engadindo as situacións xa recollidas nas bases reguladoras (menores a cargo, discapacidade e dependencia) e que tome como punto de partida a contía de 200 euros.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Modificar o artigo 4 das bases reguladoras contempladas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo de cara a incluír:

a) unha suba lineal das contías a percibir de, cando menos, o 30%

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40364
Data envio: 15/11/2018 18:18:27.331

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) a creación dun novo tramo que inclúa aquelas mulleres con renda ≥ 1,5 veces IPREM e ≤ 2 veces IPREM como punto de partida, engadindo as posíbeis situacións complementares (menores a cargo, discapacidade e dependencia) xa recollidas nas bases reguladoras e que tome como punto de partida a contía de 200 euros.

2. Aplicar o recollido no punto 1 na Resolución que dite para o ano 2019 cando convoque a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo."

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 40364
Data envio: 15/11/2018 18:18:27.331

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 18:12:07

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 18:12:12

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 18:12:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 18:12:15

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 18:12:16

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 18:12:17

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

3.7 41089(10/PNP-003101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intervencións e as obras denunciadas nos camiños Primitivo e Francés polas distintas asociacións de defensa dos camiños de Santiago, así como cos proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen no Camiño

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:13:15
Nº Rexistro: 41089
Data envio: 29/11/2018 13:13:15.151

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada, **Concepción Burgo López** e dos **deputados José Manuel Pérez Seco e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de motivos

O Foro do Camiño Primitivo, conformado por 30 asociacións, investigadores e entidades defensoras dos Camiños de Santiago, ven de denunciar a destrución completa da identidade tradicional e do valor patrimonial da Vía primitiva entre os lugares de Vilardongo e Pedrafitelas, no municipio de Fonsagrada.

Segundo denuncia, as obras de "acondicionamento" que se levaron a cabo supuxeron a alteración irreparable deste treito xa que para a realización das mesmas foi utilizado todo tipo de maquinaria pesada, procedéndose á urbanización da calzada antiga, agora en parte sepultada con cemento, así como ao nivelado da rasante do terreo, uniformización de todo o itinerario, realización de novos perfilados, cimentación de sumidoiros, recheo con grosas capas de xabres, gravas e outros materiais.

Non é a primeira vez que os integrantes do Foro do Camiño Primitivo denuncian obras inadecuadas no Camiño Norte e Primitivo, e a principios deste mes entregaron un informe ante ICOMOS-España con nova información sobre as últimas actuacións realizadas que consideran "atentatorias contra a identidade histórica, cultural e paisaxística do camiño.."

Da mesma maneira, a Fraternidad Internacional del Camino de Santiago (FICS), denunciou as obras realizadas en tramos do Camiño Francés en Sarria e Paradela, onde utilizouse zahorra artificial e cemento producindo unha destrución ou alteración grave dos elementos tradicionais como os pasos de inverno de Peruscallo. Así, nos tramos de As Rozas-Moimentos e Ferreiros, en Paradela, pavimentouse con cemento varias corredoiras tradicionais do Camiño.

CSV: REXISTRO-aRFm26EQ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:13:15
Nº Rexistro: 41089
Data envio: 29/11/2018 13:13:15.151

A FICS considera que estas intervencións poden supoñer nalgúns casos, infraccións a Lei do patrimonio cultura de Galicia polo que pide a súa reversión, ademais de ver nestas actuacións unha política de alteración dos itinerarios históricos, buscando unha uniformidade que os converte nunha pista forestal, rompendo e destruíndo a traza milenaria e alterando todos os elementos tradicionais.

Para moitos especialistas, deixar de utilizar para o acondicionamento dos camiños, métodos mais cercanos aos tradicionais e cambialos por zahorra e cemento, é indicativo da vontade de crear un novo camiño, afastado da súa realidade e concepción tradicional, para dar resposta a un turismo de masas.

Os socialistas consideramos que a Consellería de Cultura e fundamentalmente a Direciión Xeral de Patrimonio ten que supervisar a redacción dos proxectos de acondicionamento dos camiños e a realización de todas as obras para garantir que non se levan a cabo accións os desnaturalicen ou que ocasiones danos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a investigar todas as actuacións e obras denunciadas por asociacións de defensa dos Camiños nos Camiños Primitivo e Francés, así como a supervisar, dende a Dirección Xeral de Patrimonio, todos os proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen nos Camiños de Santiago".

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2018

Asdo.. Concepción Burgo López
José Manuel Pérez Seco
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO-aRFm26EGQ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:13:15
Nº Rexistro: 41089
Data envio: 29/11/2018 13:13:15.151

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/11/2018 13:05:48

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/11/2018 13:05:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/11/2018 13:06:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2018 13:06:06

CSV: REXISTRO-aRFm26EGQ-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

3.8 41145(10/PNP-003108)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas AG-55 e AG-57, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación coas peaxes e o financiamento das obras nas autoestradas AP-53 e AP-9

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 18:25:30
Nº Rexistro: 41145
Data envio: 29/11/2018 18:25:30.243

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno.**

Exposición de motivos:

O día 13 de novembro de 2018 tiña lugar unha nova reunión da Comisión sobre a AP-9, entre Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento.

Un dos principais asuntos que se abordaron nesa reunión foi o incremento das peaxes na AP-9. Neste sentido, o Goberno galego trasladou a preocupación da Comunidade polo incremento das peaxes no que é unha arteria de comunicación fundamental para Galicia e demandou do Ministerio de Fomento que estude e negocie coa concesionaria posibles fórmulas para flexibilizar as peaxes desta autoestrada. Nesa reunión, a Xunta de Galicia comprometíase a elaborar unha proposta de posibles medidas que reduzan o impacto polas peaxes desta autoestrada estatal, e a remitirlla ao Ministerio para a súa toma en consideración.

Por outra banda tamén é coñecido que o Ministerio de Fomento lanzou a posibilidade de implantar peaxes tamén nas autovías, ata agora libres de peaxes. Desde a Xunta de Galicia e desde este grupo parlamentario que sustenta a acción do Goberno, consideramos que esta é unha cuestión demasiado seria como para ser lanzada a modo de globo sonda e sen ningún tipo de concreción nin de rigor, creando confusión e desacougo entre a sociedade.

En contraposición á política impulsada desde o Goberno central no relativo ás peaxes, desde a Xunta de Galicia vense de anunciar novas bonificacións nas autoestradas de titularidade autonómica: na autoestrada A Coruña-Carballo, AG-55; e na autovía Vigo-Baiona, que xa se atopan entre as autoestradas máis baratas do Estado.

Sendo moi conscientes do impacto que as peaxes teñen no conxunto do tecido económico e social de Galicia, e entendendo que a nosa Comunidade non pode tolerar ningún tipo de medida que supoña un agravio e unha situación de desequilibrio

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-vPyVlIYgw-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 18:25:30
Nº Rexistro: 41145
Data envio: 29/11/2018 18:25:30.243

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

respecto a outros territorios, nin perda de competitividade económica, os deputados e deputadas asinantes presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1.- Desenvolver as bonificacións horarias nas peaxes das autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57, ao obxecto de que os cidadáns se poidan beneficiar canto antes destas reducións nas tarifas, dispoñendo os recursos orzamentarios necesarios para a súa aplicación, no vindeiro ano.

2.- Elaborar, no menor tempo posible e como ten comprometido, unha proposta de medidas para reducir o impacto das peaxes da AP-9, dándolle traslado de dito estudo ao Ministerio de Fomento, ao obxecto de que este poida valoralas, xunto coas outras posibles medidas de flexibilización que poida propoñer o Ministerio, e negocialas coa concesionaria de cara á súa implantación a curto prazo.

3.- Solicitar ao Ministerio a posibilidade de trasladar a flexibilización de peaxes que determine tamén á outra autoestrada de titularidade estatal, a AP-53.

4.- Insistir ante o Ministerio de Fomento que ratifique o compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de que as futuras obras na AP-9 non se financiarán con cargo a novas subas de peaxe, senón a través dos Orzamentos Xerais do Estado e que cumpra, á maior brevidade, o compromiso de liberalizar a peaxe de Redondela, unha demanda unánime do Parlamento galego".

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/11/2018 18:16:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-vPyvIYgw-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 18:25:30
Nº Rexistro: 41145
Data envio: 29/11/2018 18:25:30.243

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Martín Fernández Prado na data 29/11/2018 18:16:31

Jaime Castiñeira Broz na data 29/11/2018 18:17:27

Beatriz Mato Otero na data 29/11/2018 18:17:36

Jacobo Moreira Ferro na data 29/11/2018 18:18:07

Marta Novoa Iglesias na data 29/11/2018 18:18:25

María Julia Rodriguez Barreira na data 29/11/2018 18:18:42

Gonzalo Trenor López na data 29/11/2018 18:18:57

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/11/2018 18:19:25

CSV: REXISTRO-vPyVIYgw-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 18.12.2018 Hora: 12:00

Orde do día

4. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

4.1 35663(10/INT-001186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 12:54
Nº Rexistro: 35663
Data envio: 03/09/2018 12:54:32.845

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interperlación.**

A mediados do mes de agosto, unha veciña do Concello de A Estrada tiña que ser hospitalizada de urxencia e operada polo brutal ataque feito por un grupo de cinco cans. A muller, de avanzada idade, sufriu graves feridas na cabeza, pescozo, pés e brazos. Os cans, son propiedade dun veciño da zona e campan sen control pola aldea dende o ano 2016 – o mesmo propietario recoñeceu publicamente que "viven en manada e liberdade" –, nunha finca duns 5.000 m².

Dende hai varios anos, os veciños puxeron denuncias ante o SEPRONA polo medo e porque eses cans xa mataran a varios animais da aldea, e o SEPRONA trasladou informes á Consellería de Medio Ambiente e ao Concello de A Estrada, mais ningún deles moveu nin un papel e botan balóns fóra. Agora o asunto está nun dos Xulgados de Instrución da localidade.

Segundo informacións do propio Concello, polo menos un destes cans é de raza potencialmente perigosa, mais o propietario negouse a entregalo e a facilitar a entrada no seu domicilio e na finca aos axentes do SEPRONA. "*No fue tan grave como parece pero está claro que la culpa es mía. Se me escaparon por debajo del alambre. La finca es muy grande y muchas zonas solo tienen alambre. Los perros escarban y terminan pasando por debajo. Esta vez la vieron venir y fueron a por ella*", dixo aos medios de comunicación.

Dende o día 3 de xaneiro deste ano, Galicia ten unha lei de Protección e Benestar dos Animais de Compañía (lei 4/2017, de 3 de outubro), que establece multitude de obrigas para os propietarios de animais e de cans de razas potencialmente perigosas, para os Concellos e para a propia Consellería de Medio Ambiente, que son os competentes en materia sancionadora.

Por todo o anterior as deputadas e o deputado asinantes interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1.- Cumpre o Goberno da Xunta de Galicia a lei de Protección e Benestar dos Animais de Compañía (lei 4/2017, de 3 de outubro)?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 12:54
Nº Rexistro: 35663
Data envio: 03/09/2018 12:54:32.845

2.- Ten coñecemento o Goberno do acontecido no Concello de A Estrada?

3.- Que pasou cos informes que xa existían do SEPRONA?

4.- Sabe o Goberno se o propietario dos cans tiña algunha clase de seguro de responsabilidade civil? Comprobouno?

5.- Sabe o Goberno se a propiedade cumpre as condicións axeitadas, tamén para cans perigosos, que esixe a lei 4/2017?

6.- Sabe o Goberno se están eses cans identificados?

7.- Sabe o Goberno se o propietario tiña licenza municipal para a súa tenza e para esas instalacións?

8.- Sabe o Goberno se está ese can potencialmente perigoso inscrito no Rexistro Municipal? Fixo o Goberno algún recoñecemento dese animal?

9.- Recibira o Goberno algunha comunicación municipal da tenza de máis de 5 animais?

10.- Vai tomar o Goberno algunha medida provisional, como a retirada dos cans e/ou o peche das instalacións?

11.- Ten solicitado o Goberno á autoridade xudicial, como fixo o SEPRONA, a entrada no domicilio?

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/09/2018 12:48:59

Raúl Fernández Fernández na data 03/09/2018 12:49:05

María Luisa Pierres López na data 03/09/2018 12:49:13

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

4.2 39120(10/INT-001292)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos consumidores respecto das tarifas eléctricas

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:54
Nº Rexistro: 39120
Data envio: 18/10/2018 17:54:08.273

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar en En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa á información aos consumidores sobre tarifas eléctricas.

A ausencia de información das e dos consumidores galegos de electricidade e unha realidade evidente, aínda que o Goberno Galego segue a negala, rexeitando todas as iniciativas deste grupo para desenvolver campañas e iniciativas para darlle solución.

Ante a inacción do Goberno da Xunta, En Marea puxo en marcha unha campaña informativa por todo o país. Despois de moitas reunións, que están a ter unha grande receptividade e interese pola cidadanía, evidéncianse estas situacións:

- O 80% das persoas que acoden ás charlas informativas descoñecen que contrato e tarifa teñen nos seus fogares.
- O 90% descoñecen se están abonados ao mercado regulado ou ao mercado libre.
- O 80% descoñecen as vantaxes de ter contratada a tarifa de discriminación horaria.
- Case o 100% das persoas descoñecen se a potencia contratada é a adecuada para o seu fogar, aceptando a que a compañía comercializadora lles propoñe.

Aínda que as medidas mais importantes para baixar o recibo da luz van moito mais alá de ter a potencia e a tarifa adecuada, e En Marea xa ben de plantexar

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:54
Nº Rexistro: 39120
Data envio: 18/10/2018 17:54:08.273

moitas actuacións nese senso, facelo pode supoñer aforros importantes ao ano para case todos os consumidores.

A negativa do Goberno a desenvolver activas campañas e puntos de información para solucionar esta carencia de información supón un coste engadido para as familias de decenas de millóns de euros ao ano, como explicaremos máis adiante, e supón un traslado desas rendas dos petos dos consumidores cara aos beneficios ilexítimos das eléctricas. Todo elo co beneplácito do Goberno da Xunta.

Tendo en conta que en Galicia hai aproximadamente 1,8 millóns de abonados domésticos a electricidade os extracostes por non ter o contrato e a tarifa adecuados, poden estimarse nestes montantes económicos:

- Da información obtida nas reunións desenvoltas por todo o País, indúcese que entre un 30% e un 40% dos fogares teñen contratada unha potencia superior a que precisan. Tendo en conta que a baixada dun nivel de potencia supón un aforro anual de 52 €, estaríamos a falar dun extracoste para os fogares de entre 28 e 37 M€.
- Aproximadamente un 40% dos abonados están no mercado libre, a inmensa maioría deles sen sabelo dadas as enganosas campañas das eléctricas e as fraudulentas denominacións das compañías do mercado libre. Máis do 90% destes fogares saen prexudicados por estar neste mercado libre, nun porcentaxe de incremento do recibo total que estimamos do 9% como mínimo. Isto implica un extracoste en cada familia media duns 75 € ao ano. En total un importe anual en toda Galicia de 50 M€.
- Só un 6% dos fogares teñen contratada a tarifa de discriminación horaria. Os nosos estudos de consumo e hábitos no fogar demostran que a inmensa maioría, mais de 80%, aforrarían entre un 10% e un 30% na parte correspondente ao consumo de enerxía no recibo. O 20% restante terían un

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:54
Nº Rexistro: 39120
Data envio: 18/10/2018 17:54:08.273

impacto nulo, e dicir contratando a tarifa de discriminación horaria, 2.0 DHA, como moito pagarían o mesmo, podendo con pequenas accións pasar tamén a aforrar algo. Isto implica un aforro medio, aproximado por fogar, de entre 30 e 88 euros ao ano. En total non tomar estas medidas supón para todos os fogares de Galicia un impacto anual de entre 47 e 126 M€.

Resumindo, a falta de información sobre os contratos e as tarifas domésticas de electricidade máis adecuadas teñen un custo para todos os fogares galegos de entre 125 e 213 M€ ao ano. Cartos arrebatados ilexitimamente dos petos das cidadás e cidadáns que acaban en beneficios das eléctricas. Todo elo coa complicidade do Goberno da Xunta de Galicia que non fai nada para que esteamos informados.

Ante todo o exposto, En Marea presenta a seguinte **INTERPELACIÓN:**

1.- Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que os consumidores teñen información axeitada para elixir o mellor contrato e tarifa de enerxía eléctrica?

2.- Ten previsto a Xunta de Galicia desenvolver, a través do Instituto Galego de Consumo, accións para conseguir que a cidadanía teña toda a información necesaria para conseguir baixar os seus recibos?

3.- Vai a Xunta de Galicia desenvolver iniciativas legais no eido do consumo para obrigar ás comercializadoras de electricidade: a informar aos seus abonados se están no mercado libre ou regulado; as consecuencias que elo implica como non poder solicitar o Bono Social; informar do recibo que pagarían de estares na discriminación horaria e informar da potencia máxima consumida por períodos de tempo?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:54
Nº Rexistro: 39120
Data envio: 18/10/2018 17:54:08.273

GRUPO PARLAMENTAR en marea

4.- Considera a Xunta de Galicia necesario modificar os tramos da potencia contratada, fixándoos en incrementos de 0,2 kw?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 18/10/2018 17:53:08

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

4.3 40773(10/INT-001353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil

Publicación da iniciativa, 390, 28.11.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 18:14
Nº Rexistro: 40773
Data envio: 22/11/2018 18:14:28.111

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Unha vez publicado o Real decreto 907/2013, do 22 de novembro, polo que se establece o título de técnico en Emerxencias e Protección Civil e se fixan as súas ensinanzas mínimas, a Xunta de Galicia, mediante Decreto 21/2017, do 2 de febreiro, estableceu no ámbito educativo da nosa Comunidade o correspondente currículo deste ciclo formativo de grao medio, sinalando que este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

A competencia xeral do título de técnico en Emerxencias e Protección Civil consiste en intervir operativamente, cumprindo coas normas de seguridade en emerxencias provocadas por sucesos ou catástrofes orixinadas por riscos diversos (naturais, antrópicos e tecnolóxicos), en áreas tanto rurais e forestais como urbanas, realizando as actividades de control, mitigación e extinción dos axentes causantes deses sucesos (lume, enchentes de auga, substancias NBQ, etc.), o rescate, o salvamento e a atención como primeiro interveniente das persoas afectadas e a rehabilitación de emerxencia das zonas ou bens abranguidos, mantendo operativos os vehículos, os equipamentos, as máquinas e as ferramentas de intervención, así como organizar os equipos e as unidades baixo a súa responsabilidade, e contribuír a divulgar e cumprir os principios e as normas de protección civil, aplicando a normativa vixente en materia de inspección e plans de autoprotección de edificios e instalacións industriais.

O ámbito profesional, identificado no artigo 7 do dito Decreto 21/2017, das persoas que obteñen o título de técnico en Emerxencias e Protección Civil é exerceren a súa actividade no sector de servizos de prevención e extinción de incendios forestais e apoio en continxencias do medio natural e rural e Protección Civil, así como nos servizos públicos estatais, autonómicos e locais de atención de emerxencias e os corpos de bombeiros/as, desenvolvendo a súa actividade como traballador ou traballadora dependente das administracións públicas ou en empresas privadas dedicadas a traballos agroforestais e ambientais, en servizos de bombeiros/as dedicados á prevención de incendios e mantemento, e en

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 18:14
Nº Rexistro: 40773
Data envio: 22/11/2018 18:14:28.111

sectores industriais dedicados á produción, á distribución, á fabricación e ao almacenamento de produtos e substancias perigosas, e poden exercer accións de colaboración internacional.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables que indica o currículo desta titulación son os seguintes:

– Capataz ou encargado/a de extinción de incendios forestais.

– Bombeiro/a forestal.

– Vixilante de incendios forestais.

– Bombeiro/a de servizos municipais, provinciais, mancomunados, consorciados ou autonómicos.

– Bombeiro/a doutros servizos en entes públicos.

– Técnico/a en emerxencias das Forzas Armadas.

– Bombeiro/a de aeroportos.

– Bombeiro/a de empresa privada.

O campo de traballo do sector caracterízase por contar cun elevado número de servizos destinados a operar no campo das emerxencias. A súa natureza é moi diversa e hoxe hai máis de 135 servizos en toda España no ámbito da intervención urbana e rural (bombeiros/as profesionais pertencentes ás administracións local e autonómica, e a consorcios ou axencias). Ademais, máis de 20 empresas son subcontratadas polas administracións autonómicas para a intervención no ámbito forestal, e existe un servizo nacional de actuación en aeroportos, empresas especializadas de servizos en polígonos petroquímicos, centrais nucleares e outros tipos, así como a Unidade Militar de Emerxencias. En total, o abano descrito de profesionais supera actualmente os/as 30.000, sen incluír aquí os servizos prestados polas agrupacións municipais e autonómicas de voluntariado (estimado en máis de 10.000 persoas). O maior volume do total de profesionais presta servizos en condición de funcionario/a dalgunha destas administracións, aínda que un bo número o fai como persoal laboral da Administración (en AENA, consorcios e empresas públicas), e outro groso confórmao todo o persoal contratado polas empresas que interveñen na prevención e na extinción de incendios forestais.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 18:14
Nº Rexistro: 40773
Data envio: 22/11/2018 18:14:28.111

O incremento de campos de intervención e de empresas e organizacións que participan no ámbito da protección civil exixe unha unificación de criterios arredor da formación básica necesaria para a formación profesional experta de todas as persoas que traballan ou interveñen no sector, cunha mellor preparación no ámbito da seguridade durante as intervencións ou nas novas técnicas requiridas polos novos sectores de intervención que se citaron anteriormente.

Como indica o propio Decreto 21/2017, dado que a maior parte deste sector se concentra en institucións e administracións públicas, é unha obriga destas favorecer a creación dunha formación que garanta a mellor capacitación posible a través da formación profesional.

Por iso, cómpre que a Administración autonómica de Galicia habilite os mecanismos necesarios para promover e facilitar a inserción e incorporación profesional dos novos técnicos en Emerxencias e Protección Civil. Estas medidas, ademais de completar o ciclo formación-inserción na nosa nova formación profesional, contribuirán a reforzar a profesionalización dos distintos dispositivos que interveñen nas distintas fases das emerxencias en Galicia.

A implantación deste importante novo ciclo formativo arrancou no curso 2015/2016 para o primeiro curso e no 2016/2017 para o segundo, cunha carga lectiva total de 2.000 horas.

Polo exposto os deputados e as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Que medidas ten adoptado o Goberno galego para mellorar a profesionalización dos servizos de emerxencias e protección civil de Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 18:14
Nº Rexistro: 40773
Data envio: 22/11/2018 18:14:28.111

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/11/2018 18:11:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/11/2018 18:11:32

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/11/2018 18:11:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2018 18:11:44

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/11/2018 18:11:54

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 18.12.2018 Hora: 12:00

Orde do día

5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

5.1 41648(10/POPX-000121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a posibilidade de esconder a situación da sanidade pública mediante a información que emite a CRTVG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 18:25:40
Nº Rexistro: 41648
Data envio: 11/12/2018 18:25:40.277

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Considera que pode esconder o desastre que está provocando na sanidade pública con manipulación informativa na CRTVG?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2018 18:09:16

CSV: REXISTRO-xM2Y-HlyxG-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

5.2 41649(10/POPX-000122)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as políticas previstas polo Goberno galego para mellorar a situación da mocidade

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 18:27:21
Nº Rexistro: 41649
Data envio: 11/12/2018 18:27:21.123

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, que políticas están previstas para a mellora da situación da mocidade?

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2018

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/12/2018 13:53:31

CSV: REXISTRO-0ciF1jgwG-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

5.3 41650(10/POPX-000123)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para parar o continuo deterioro da sanidade pública de Galicia, que ten provocado a dimisión do 80% dos xefes de servizo da Área sanitaria de Vigo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 18:29:15
Nº Rexistro: 41650
Data envio: 11/12/2018 18:29:15.781

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta **oral en Pleno,** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. Presidente, que vai facer para cortar o continuo deterioro da sanidade pública galega, que ten provocado a dimisión do 80% dos xefes de servizo da área sanitaria de Vigo?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 11/12/2018 17:36:52

CSV: REXISTRO-DpsiZM447-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 18.12.2018 Hora: 12:00

Orde do día

6. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

6.1 38937(10/POP-004556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o peche da factoría de Alcoa na Coruña e a perda dos postos de traballo

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 12:54
Nº Rexistro: 38937
Data envio: 17/10/2018 12:54:24.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Unha vez máis a sombra do peche de Alcoa paira sobre Galiza. Segundo diferentes informacións recollidas nos medios de comunicación Alcoa vén de comunicar o peche das factorías de Avilés e da Coruña.

Na actualidade, o grupo conta con máis de 50.000 empregados e empregadas en todo o mundo en numerosos centros produtivos en trinta países dedicados á fabricación de titanio, níquel e aluminio, ademais doutros compoñentes como bauxita e alúmina para aleacións. A multinacional, con vendas de máis de 23.000 millóns de dólares ao ano, é un dos tres maiores grupos industriais do sector do aluminio no mundo.

En Galiza conta con centros de produción na Coruña e San Cibrao, Lugo. Segundo diferentes fontes, estímase que a planta da Coruña conta con preto de 400 traballadores e que os centros de San Cibrao suman máis de 1.000 traballadores e traballadoras, máis outros 600 a través das empresas auxiliares.

Cómpre recordar que Alcoa consolidouse no Estado Español a través da compra da antiga Empresa Nacional do Aluminio (Inespal). Foi un Goberno do Partido Popular a que privatizou esta empresa, cun xeito de actuar similar ao doutros procesos de privatización.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 12:54
Nº Rexistro: 38937
Data envio: 17/10/2018 12:54:24.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 50% dos custos de produción. Reiteradamente o nacionalismo ten defendido a necesidade de mudar o sistema de poxas de interrompibilidade por un máis estábel, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país. Porén, o centralismo de todas as forzas de obediencia estatal, sen excepción, ten contribuído a levarnos a unha situación de extrema gravidade.

Diante destes acontecementos, as forzas políticas e o Parlamento de Galiza non poden permanecer alleos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer o goberno galego para impedir o peche de Alcoa Coruña e a perda de postos de traballo?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Luis Bará Torres
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 12:54
Nº Rexistro: 38937
Data envio: 17/10/2018 12:54:24.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 17/10/2018 12:51:08

María Montserrat Prado Cores na data 17/10/2018 12:51:12

Ana Pontón Mondelo na data 17/10/2018 12:51:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/10/2018 12:51:15

Olalla Rodil Fernández na data 17/10/2018 12:51:17

Xosé Luis Bará Torres na data 17/10/2018 12:51:18

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

6.2 41460(10/PUP-000207)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para contribuír a consolidar o esforzo en I+D+i que se vén realizando, principalmente ao abeiro do Plan Galicia Innova 2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 16:53:40
Nº Rexistro: 41460
Data envio: 05/12/2018 16:53:40.407

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e **Miguel Tellado Filgueira,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Neste días vimos de coñecer os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística sobre as actividades de I+D, nos que se pon de manifesto que Galicia e a segunda comunidade na que máis aumentou o gasto en I+D en 2017, concretamente máis dun 13%, situándose en niveis previos á crise.

Polo tanto, estes datos permiten verificar que Galicia está a consolidar un ecosistema de innovación conectado coa realidade produtiva, con capacidade para impulsar un crecemento económico sostible e sostido a longo prazo, con capacidade para xerar novas oportunidades e empregos de calidade.

A Axencia Galega de Innovación, Gain, esta a desenvolver un papel fundamental no desenvolvemento desta folla de ruta, articulando todo tipo de instrumentos de apoio a I+D+i que van desde o financiamento ata o acompañamento, tamén no acceso e apertura de novos mercados, así como ao fortalecemento dos centros de coñecemento existentes na comunidade galega.

Polo exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas está a adoptar o Goberno galego para contribuír a consolidar o esforzo en I+D+i que se vén realizado, principalmente ao abeiro do Plan Galicia Innova 2020?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-MaOosiC4u-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 16:53:40
Nº Rexistro: 41460
Data envio: 05/12/2018 16:53:40.407

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Sandra Vázquez Dominguez na data 05/12/2018 15:32:31

Maria Antón Vilasánchez na data 05/12/2018 15:32:46

Moisés Blanco Paradelo na data 05/12/2018 15:32:53

Moisés Rodríguez Pérez na data 05/12/2018 15:33:12

Marta Novoa Iglesias na data 05/12/2018 15:33:34

Cristina Isabel Romero Fernández na data 05/12/2018 15:33:49

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/12/2018 15:33:56

CSV: REXISTRO-MaOosiC4u-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

6.3 41647(10/PUP-000210)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións urxentes de carácter orzamentario ou informativo que vai adoptar a Xunta de Galicia para paliar os efectos que vai ter para miles de familias a perda do Bono Social Eléctrico

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 18:07:01
Nº Rexistro: 41647
Data envio: 11/12/2018 18:07:01.584

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Flora Miranda Pena, Marcos Cal Ogando, Pancho Casal Vidal, Luca Chao Perez, Anxeles Cuña Bóveda, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **oral en Pleno, con carácter urxente.**

Xustificación da Urxencia.

Como En Marea ven alertando en sucesivas iniciativas, dende fai case un ano, a aplicación do novo Bono Social Eléctrico implantado polo anterior Goberno do Estado vai ser un drama para miles de fogares galegos. Ningunha das propostas que trasladamos a este Parlamento conseguiron o apoio do Partido Popular.

A falta evidente de información axeitada e trabas burocráticas intolerables que levan á situación mencionada.

En concreto á data de redacción desta iniciativa só 60.000 fogares conseguiron renovar o Bono dos máis de 230.000 beneficiarios anteriores. E todo isto despois de tres aprazamentos da data final de renovación. O 31 de decembro finaliza o último aprazamento, co que no recibo de xaneiro miles de familias van ter unha moi desagradable sorpresa. En moitos casos porque non tiñan nin coñecemento de que vencía o bono social que tiñan en vigor.

CSV: REXISTRO-sc Y65Pie5-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 18:07:01
Nº Rexistro: 41647
Data envio: 11/12/2018 18:07:01.584

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Agrávase esta situación coa consecuencia que tamén implica a perda do Bono Social, como é a protección contra os cortes de luz nos fogares que non podan asumir o recibo. Desta maneira poderiámonos encontrar en pleno inverno con miles de fogares galegos sen luz ou ter que elixir entre comer ou poder quentarse. Consideramos que esta situación é inadmisible nun país como Galicia, situación provocada polo desinterese dos gobernos do Partido Popular de atender as maiorías socias afectadas pola pobreza enerxética, 600.000 persoas en Galicia, desatendidas que serán incapaces de acadar nos seus fogares as temperaturas adecuadas, pola codicia das eléctricas e a complicidade dos gobernos que lexislan so para garantirlles inxentes beneficios económicos a costa do sufrimento da xente.

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno, con carácter Urxente:**

Que actuacións urxentes, de características orzamentarias ou informativas, pensa adoptar a Xunta de Galicia para paliar os efectos dramáticos que para miles de familias vai ter a perda do Bono Social Eléctrico?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 11/12/2018 18:05:26

Paula Vázquez Verao na data 11/12/2018 18:05:33

CSV: REXISTRO-scY65Pie5-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 18:07:01
Nº Rexistro: 41647
Data envio: 11/12/2018 18:07:01.584

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Antón Sánchez García na data 11/12/2018 18:05:40

Carmen Santos Queiruga na data 11/12/2018 18:05:47

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/12/2018 18:05:53

Eva Solla Fernández na data 11/12/2018 18:05:56

Luca Chao Pérez na data 11/12/2018 18:05:59

Paula Quinteiro Araújo na data 11/12/2018 18:06:02

Flora María Miranda Pena na data 11/12/2018 18:06:05

José Manuel Lago Peñas na data 11/12/2018 18:06:08

Francisco Casal Vidal na data 11/12/2018 18:06:11

David Rodríguez Estévez na data 11/12/2018 18:06:14

Marcos Cal Ogando na data 11/12/2018 18:06:18

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/12/2018 18:06:21

CSV: REXISTRO-scY65Pie5-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

6.4 40523(10/POP-004730)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires, preservando o seu patrimonio artístico, documental e bibliográfico, así como os servizos sanitarios que presta ás persoas asociadas

Publicación da iniciativa, 390, 28.11.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40523
Data envio: 19/11/2018 19:06:18.670

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Tras case seis anos de intervención do Centro Galego de Bos Aires por parte das autoridades arxentinas por mor da súa grave crise económica e asistencial, e logo das sucesivas axudas achegadas pola Xunta de Galicia, mantense a incerteza sobre o presente e futuro do Centro, que pode poñer en risco, xa non só o valor afectivo e sentimental que representa para a nosa emigración, se non que xera preocupantes incertezas sobre a asistencia sanitaria aos seus asociados e sobre a preservación do importante patrimonio cultural que contén, vencellado con intensos lazos á colectividade galega na Arxentina.

A finais de 2017 e durante este ano 2018, desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos distintas iniciativas e preguntas mostrando a nosa máxima preocupación pola situación do Centro Galego de Bos Aires, que hoxe é peor que hai dez meses. Os diferentes debates parlamentarios, a instancias de todos os grupos políticos presentes na Cámara e de diferentes colectivos académicos, sociais e culturais, deron lugar á Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 21 de marzo de 2018, pola defensa e porvir do Centro Galego de Bos Aires.

Nesta declaración, e en todas as iniciativas e debates, tanto en pleno coma en comisión, é cuestión clave a preservación do importante patrimonio artístico, documental e bibliográfico que contén o Centro Galego de Bos Aires. Pero non é menos importante a súa función tamén sanitaria para a colectividade da emigración galega na Arxentina asociada ao mesmo.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que medidas ten adoptado o Goberno galego para contribuír a garantir o futuro do Centro Galego de Bos Aires, preservando o seu importante patrimonio artístico, documental e bibliográfico e os servizos sanitarios aos seus asociados?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40523
Data envio: 19/11/2018 19:06:18.670

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/11/2018 18:12:58

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/11/2018 18:13:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2018 18:13:14

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/11/2018 18:13:21

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

6.5 40853(10/PUP-000206)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a conservación do Camiño Francés como patrimonio da humanidade, singularmente ao seu paso polo concello de Touro

Publicación da iniciativa, 390, 28.11.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 16:56
Nº Rexistro: 40853
Data envio: 26/11/2018 16:56:40.262

en marea
enmarea.gal

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Pancho Casal Vidal, Luca Chao Perez, Anxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Flora Miranda Pena, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vazquez Verao, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **oral en Pleno, con carácter urxente,** relativa á situación do Camiño de Santiago, ao seu paso polo Concello de Touro.

Xustificación da Urxencia.

Un recente informe técnico do Comité Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS), organismo asesor da UNESCO en materia de conservación do Patrimonio Mundial, confirmou as graves ameazas contra o trazado do Camiño Francés e a súa axeitada conservación, que supón o mega proxecto mineiro no Concello de Touro, tras unha minuciosa análise do proxecto mineiro e a documentación achegada pola propia empresa promotora Atalaia Mining-Explotacións Galegas S. L.

Dito informe subliña que o proxecto "supón unha clara violación da normativa de protección" que non só invade a contorna do Camiño Francés senón que supón a destrución material de parte do seu trazado, "contravindo a lexislación -nacional e internacional- vixente na materia".

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 16:56
Nº Rexistro: 40853
Data envio: 26/11/2018 16:56:40.262

en marea
enmarea.gal

Cómpre lembrar que para que un Ben Cultural sexa incluído na Lista de Patrimonio Mundial as administracións responsables da súa custodia deben responsabilizarse dunha estrita preservación do mesmo para que conserve os seus valores de identidade.

Porén, no citado informe, ICOMOS afirma que a actuación das administracións contradí "os compromisos adquiridos polo Estado español ao promover a inscrición do Camiño de Santiago na Lista do Patrimonio Mundial". En particular, o organismo internacional de custodia do patrimonio cultural sinala que "non se tivo en conta a necesidade de previr ao Comité do Patrimonio Mundial respecto a actuación que se pretende realizar", en alusión ao proxecto da mina de cobre de Touro-O Pino.

En base a estas consideracións formulamos a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, con carácter Urxente:**

- Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para a conservación do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade, singularmente ao seu paso polo concello de Touro?

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 16:56
Nº Rexistro: 40853
Data envio: 26/11/2018 16:56:40.262

en marea

enmarea.gal

Luis Villares Naveira na data 26/11/2018 16:39:52

Antón Sánchez García na data 26/11/2018 16:40:02

Carmen Santos Queiruga na data 26/11/2018 16:40:10

Francisco Casal Vidal na data 26/11/2018 16:40:27

Paula Vázquez Verao na data 26/11/2018 16:40:39

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/11/2018 16:40:43

Eva Solla Fernández na data 26/11/2018 16:40:46

Luca Chao Pérez na data 26/11/2018 16:40:49

Paula Quinteiro Araújo na data 26/11/2018 16:40:52

Flora María Miranda Pena na data 26/11/2018 16:40:55

José Manuel Lago Peñas na data 26/11/2018 16:40:58

David Rodríguez Estévez na data 26/11/2018 16:41:02

Marcos Cal Ogando na data 26/11/2018 16:41:05

Julia Torregrosa Sañudo na data 26/11/2018 16:41:09

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

6.6 41598(10/PUP-000209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:19:39
Nº Rexistro: 41598
Data envio: 10/12/2018 17:19:39.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres** e **Ana Pontón Mondelo**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén xustificada pola alarma e preocupación xerada pola posíbel venta do patrimonio artístico, cultural e inmobiliario que conforma o Centro Galego de Buenos Aires.

Exposición de motivos

O Centro Galego (CG) de Buenos Aires foi fundado en 1907 como entidade social e cultural, e presta atención sanitaria desde 1912. A fonda crise económica que atravesou Arxentina nos anos 90 do século pasado, condiciona a evolución deste Centro.

A principios do século XXI, a Xunta de Galiza asina un Protocolo de actuación co Centro Galego para a asistencia sanitaria dos seus asociados. En virtude deste protocolo, créase a Fundación Galiza Saúde que xestionará a área hospitalaria da Mutual e compromete recursos para a dotación fundacional do Goberno galego. O

CSV: REXISTRO-Ap9bxZeR7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:19:39
Nº Rexistro: 41598
Data envio: 10/12/2018 17:19:39.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Centro Galego aportaría as cotas dos seus socios mutualistas e deber o uso dos bens móbeis e inmóbeis que constitúen as instalacións sanitarias da Mutual.

En 2011, despois de que perdera o candidato á presidencia do Centro Galego apoiado por Alberto Núñez Feixóo, a Xunta toma a decisión de liquidar a Fundación Galiza Saúde, acelerando unha crise que pon en risco a atención sanitaria e a pervivencia do patrimonio cultural. O Goberno galego nin tan sequera avaliou o plan de viabilidade que a nova directiva elaborou consumando o abandono da Xunta deste Centro emblemático da emigración galega na Arxentina.

O Secretario Xeral de emigración, a esta altura, Santiago Camba afirmaba oficialmente que Galiza ““seguirá apoiando economicamente ao Centro Galego” e “presionará para implicar ao Goberno de España na axuda económica aos hospitais españois do exterior.”

Porén a realidade foi por outros derroteiros. O CG entra en concurso e a Xustiza Nacional do Civil resolve en outubro de 2012 a intervención do instituto, confirmada en 2013 pola Cámara Nacional Civil, a través do Instituto Nacional de Asociativismo e Economía Social (INAES).

Desde esa data o CG tivo tres interventores. A situación agrávase após a decisión de desvincular ao CG de OSPAÑA, o que tería evitado as dificultades económicas deste hospital e que ten sido motivo de controversia.

Baixo a actuación do último interventor, designado polo goberno neoliberal de Macri, prodúcese un desmantelamento do Hospital. Segundo se ten denunciado, a actuación da intervención provocou o despido de 1.200 persoas, desorde administrativo

CSV: REXISTRO-Ap9bxZeR7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:19:39
Nº Rexistro: 41598
Data envio: 10/12/2018 17:19:39.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e financeiro, e careceu dunha estratexia que permitira a continuidade do Centro. O obxectivo non era reflotar o Centro, senón desmantelar o hospital.

O Centro Galego tiña unha débeda de 60 millóns de pesos antes da intervención do INAES en 2012. Hoxe estímase que pode ser de 1.700 millóns de pesos, fundamentalmente polos retrasos nos pagos e salarios e polos custes de despidos que foron declarados nulos ou improcedentes pola xustiza arxentina.

A situación do CG é límite. A finais de decembro está convocada unha asemblea decisiva. Se non tomamos medidas pode perderse un dos emblemas da emigración galega, coa venta do Hospital e un futuro incerto para o patrimonio cultural e artístico deste Centro.

O Parlamento de Galiza ten aprobado unha declaración institucional na que se resaltaba o valor deste Centro e se definía como obxectivo "conservar unido todo o patrimonio inmobiliario, artístico e cultural que conforma o Centro Galego de Buenos Aires", e demandábase a "Xunta de Galicia e mesmo do Goberno Español –a través do Ministerio de Asuntos Exteriores– actuacións concretas diante do Goberno Arxentino encamiñadas a solucionar definitivamente o gravísimo problema polo que atravesa a centenaria institución. Reclamamos, en primeiro lugar, vontade política para preservar e garantir a atención médica de calidade dos actuais socios e socias e a protección do patrimonio artístico, documental, bibliográfico, editorial... e solicitamos esforzos para consensuar unha solución que impida a demolición e a especulación inmobiliaria dun predio que debe seguir sendo referente de Galicia en Buenos Aires."

Porén nada se ten avanzado e urxe unha solución satisfactoria que evite o desmantelamento do Centro Galego. É preciso evitar a venta e consensuar unha solución que permita a pervivencia deste Centro.

CSV: REXISTRO-Ap9bxZeR7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:19:39
Nº Rexistro: 41598
Data envio: 10/12/2018 17:19:39.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que ten previsto facer a Xunta de Galiza para salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/12/2018 17:18:53

CSV: REXISTRO-Ap9bxZeR7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:19:39
Nº Rexistro: 41598
Data envio: 10/12/2018 17:19:39.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 10/12/2018 17:18:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/12/2018 17:19:01

Olalla Rodil Fernández na data 10/12/2018 17:19:07

Noa Presas Bergantiños na data 10/12/2018 17:19:09

Xosé Luis Bará Torres na data 10/12/2018 17:19:10

CSV: REXISTRO-Ap9bxZeR7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

6.7 38011(10/POP-004463)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da utilización do persoal do Hospital Povisa por parte da empresa que xestiona ese centro hospitalario á hora de exixir máis recursos públicos

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 18:07
Nº Rexistro: 38011
Data envio: 02/10/2018 18:07:22.703

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, que pertence ao Grupo Nosa Terra XXI e que xestiona o Hospital privado do mesmo nome, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo.

Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación dos concertos son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora nas condicións da empresa, que supoñen un custo para o Servizo Galego de Saúde e nas que ademais, a empresa aproveita a conxuntura para endurecer as condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Unha vez máis, asistimos a outra chantaxe da empresa, rexistrando un preconcurso de acredores e culpando de presuntas perdas ao concerto que mantén co Servizo Galego de Saúde, para instar unha negociación onde poder esixir máis recursos públicos.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 18:07
Nº Rexistro: 38011
Data envio: 02/10/2018 18:07:22.703

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a utilización do persoal do hospital e da asistencia sanitaria por parte da empresa, á hora de esixir máis recursos públicos?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/10/2018 17:46:54

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

6.8 40988(10/POP-004787)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rey Varela, José Manuel e 10 máis

Sobre o estado de tramitación do expediente e os prazos estimados pola consellaría para o inicio das obras de remodelación do complexo hospitalario universitario de Ferrol

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2018 12:56:38
Nº Rexistro: 40988
Data envio: 28/11/2018 12:56:38.810

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol é o referente sanitario da comarca de Ferrolterra. Estas instalación contan con varias edificacións, por un lado o Hospital Arquitecto Marcide, por outro o Hospital Naval e por último o Novoa Santos. Durante anos lévase informando que os 47.000 m^2 do que dispón o Hospital Arquitecto Marcide quédanse pequenos, polo que era necesaria una reforma e modernización dos servizos que prestan aos veciños e veciñas da área de Ferrolterra.

nte estas demandas, o Goberno da Xunta de Galicia no 2017 anunciou o comezo ara a remodelación de dito Complexo Hospitalario, consistente na construción de dous ovos edificios, co obxectivo de ampliar nun terzo a súa superficie total. Edificios onde e ubicarán por un lado a xerencia, a dirección e a administración, e por outro a cociña, s vestiarios, as urxencias, a farmacia, nefroloxía, hospitalización, pediatría e a nidade de Coidados Intensivos.

or todo isto, e ante a urxente necesidade de ampliar e modernizar a área sanitaria de errol, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

al é a situación actual na que se atopa o expediente e que prazos manexa a onsellería para comezar as obras de remodelación do Complexo Hospitalario niversitario de Ferrol?

antiago de Compostela, 28 de novembro de 2018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-cDLgaR3Mp-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
11 DEC. 2018
Núm. 12641

Corrección de erros na publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 394, do día 5 de decembro de 2018, da Pregunta oral en Pleno doc. núm. 40988

No Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 394, do día 5 de decembro de 2018, páxina 133676, publicouse a Pregunta oral en Pleno sobre o estado de tramitación do expediente e os prazos estimados pola consellaría para o inicio das obras de remodelación do complexo hospitalario universitario de Ferrol (doc. núm. 40988).

Advertido un erro material de natureza informática, consistente na omisión na imaxe facsimilar da primeira letra de cada unha das lineas do texto nos parágrafos terceiro a sexto, procédese a súa corrección mediante a reprodución literal do contido do texto incorporado, en formato *Word*, no proceso informático de rexistro:

"...O Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol é o referente sanitario da comarca de Ferrolterra. Estas instalación contan con varias edificacións, por un lado o Hospital Arquitecto Marcide, por outro o Hospital Naval e por último o Novoa Santos. Durante anos lévase informando que os 47.000 m^2 do que dispón o Hospital Arquitecto Marcide quédanse pequenos, polo que era necesaria una reforma e modernización dos servizos que prestan aos veciños e veciñas da área de Ferrolterra.

Ante estas demandas, o Goberno da Xunta de Galicia no 2017 anunciou o comezo para a remodelación de dito Complexo Hospitalario, consistente na construción de dous novos edificios, co obxectivo de ampliar nun terzo a súa superficie total. Edificios onde se ubicarán por un lado a xerencia, a dirección e a administración, e por outro a cociña, os vestiarios, as urxencias, a farmacia, nefroloxía, hospitalización, pediatría e a Unidade de Coidados Intensivos.

Por todo isto, e ante a urxente necesidade de ampliar e modernizar a área sanitaria de Ferrol, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
11 DEC. 2018
Núm. 12641

Cal é a situación actual na que se atopa o expediente e que prazos manexa a Consellería para comezar as obras de remodelación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018..."

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez

O Letrado Oficial Maior

Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Méndez, Letrado Oficial Maior na data 11/12/2018 10:50:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2018 12:56:38
Nº Rexistro: 40988
Data envio: 28/11/2018 12:56:38.810

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Rey Varela na data 28/11/2018 12:54:28

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/11/2018 12:54:37

Diego Calvo Pouso na data 28/11/2018 12:54:44

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/11/2018 12:54:51

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/11/2018 12:54:58

María Ángeles Garcia Míguez na data 28/11/2018 12:55:04

Marta Rodriguez Arias na data 28/11/2018 12:55:10

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 28/11/2018 12:55:19

María Soraya Salorio Porral na data 28/11/2018 12:55:29

aquel Arias Rodríguez na data 28/11/2018 12:55:35

andra Vázquez Dominguez na data 28/11/2018 12:55:43

CSV: REXISTRO-cDLgaR3Mp-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

6.9 41046(10/POP-004792)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Miranda Pena, Flora María

Sobre a dispoñibilidade por parte da Administración sanitaria pública galega dalgún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica no concello de Cuntis

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 41046
Data envio: 28/11/2018 19:22:35.310

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Flora María Miranda Pena, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A situación da atención pediátrica ás nenas e nenos galegos en atención primaria está resultando preocupante. Ante a insuficiencia de pediatras específicos para este ámbito, a ausencia dun modelo alternativo de xestión da demanda e a previsión de que este problema non se arranxe a curto prazo faise necesaria unha planificación da atención. Esta planificación debe garantir unha cobertura digna e estruturada para os nenos e as nenas deste país, afastada das solucións improvisadas e pouco sistematizadas que se están a dar. Cómpre tamén asumir que se trata dun problema que require dunha solución a medio prazo, dado que a situación non ten visos de irse resolver con medidas transitorias. A formación de pediatras non se realiza de modo inmediato, as previsións de novos pediatras seguen a ser insuficientes e a precariedade de contratación laboral no Sergas posterior ao remate da formación especializada non contribúe a fixar especialistas no noso sistema sanitario.

Adoecemos dunha situación demográfica na que o devalo, a dispersión e o abandono do rural son elementos que non contribúen a vislumbrar perspectivas de futuro para este entorno. Lonxe do deseño de solucións, a desatención pediátrica contribúe ao desleixo polo rural galego. Faríase necesario o investimento de todos os recursos necesarios para evitar que as familias con crianzas abandonen este entorno. Un deles é a atención sanitaria accesible, digna e á altura das necesidades dos nenos e das nenas.

CSV: REXISTRO-xbL7eY5jZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 41046
Data envio: 28/11/2018 19:22:35.310

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Nas últimas datas foron moitos os concellos que se organizaron ou queixaron da ausencia de cobertura de pediátrica por non substitución das profesionais que ocupaban ese espazo.

Sen ir máis lonxe, desde o pasado 9 de novembro estanse a realizar no Centro de Saúde de Cuntis concentracións en demanda da reposición do servizo de pediatría nese concello.

O Centro de Saúde leva máis de corenta días sen ese servizo, do que viña dispondo diariamente, sen un titular no servizo, motivo polo que os nenos e nenas deben ser desprazados ao dispositivo asistencial de Caldas de Reis para a súa atención.

Trala reunión de todos os grupos políticos con representación no Concello o pasado día 23, estes acordan endurecer as medidas de presión sobre a administración autonómica, convocando mobilizacións ao respecto.

Asemade fannos partícipes da súa reivindicación, que transladamos en forma de pregunta parlamentar:

-Ten a administración sanitaria pública galega algún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica aos nenos e nenas de Cuntis tendo en conta a escaseza de recursos profesionais e a ausencia de medidas que o solventen de modo eficaz a curto e medio prazo?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García
Flora María Miranda Pena
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-xbL7eY5IZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 41046
Data envio: 28/11/2018 19:22:35.310

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García na data 28/11/2018 19:20:27

Flora María Miranda Pena na data 28/11/2018 19:20:32

CSV: REXISTRO-xbL7eY5lZ-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 18.12.2018 Hora: 12:00
Orde do día

6.10 41592(10/PUP-000208)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia da dimisión en bloque de numerosos xefes de servizo de Atención Primaria na área sanitaria de Vigo como un punto de necesaria inflexión na súa política sanitaria

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:55:55
Nº Rexistro: 41592
Data envio: 10/12/2018 16:55:55.696

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola dimisión en bloque de numerosos/as xefes/as de servizo de atención primaria na área sanitaria de Vigo, as causas polas que se produce esta dimisión, as consecuencias que produce e a necesidade de coñecer a posición do Goberno galego sobre esta situación.

A Atención Primaria é un elemento central no bo funcionamento dun sistema sanitario, pola súa capacidade resolutiva e pola repercusión que sobre todo o sistema ten o que ocorre nos centros de atención primaria. A optimización do seu rendemento produce maior liberación de traballo dos centros hospitalarios. Por un lado pola resolución de problemas en primeira instancia que, de non ser afrontados, agrávanse ata provocar ingresos e tratamentos máis complexos. Tamén un bo funcionamento da atención primaria xera menores frecuentacións dos e das pacientes ás urxencias hospitalarias, sensibles á acumulación de casos.

De maneira reiterada colectivos profesionais, sindicatos, persoas usuarias e persoal do Sergas vén denunciando durante os últimos tempos a perda progresiva de recursos materiais e humanos que dificultan, cada vez máis, a posibilidade de ofrecer un servicio de calidade á cidadanía. A política de recursos humanos da Consellería de Sanidade está desequilibrando a capacidade asistencial dos centros, non substituíndo os e as profesionais e agrupando servicios e atención nos centros de atención primaria das cabeceiras de comarca, co obxectivo de recortar o gasto a pesares das consecuencias na calidade de asistencia. Esta apenas nula cobertura de médicos/as de familia e pediatras vén provocando incerteza e inquedanza na poboación, que comproba como está perdendo servizos de maneira progresiva. Só na comparativa dos orzamentos presentados pola propia Xunta de Galicia recóllese que o número de profesionais en Atención Primaria previsto para 2018 era de 8419, mentres que para 2019 reducíase en 58 efectivos ata quedar en 8361.

CSV: REXISTRO-I0k9W90g-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:55:55
Nº Rexistro: 41592
Data envio: 10/12/2018 16:55:55.696

No que corresponde aos recursos materiais, a capacidade de atención primaria vén estando recortada tamén polas minguantes partidas destinadas a atención primaria, en favor doutros investimentos inconcretos e ás veces non de todo xustificados noutros eidos da consellería.

No Plan funcional, mentres se recortan materiais e persoal os e as profesionais vén acumuladas as súas tarefas administrativas e de coordinación, pero non aumentan as súas oportunidades de aplicación profesional nun posible aumento do catálogo de probas diagnósticas que poden determinar, ou co intento de limitar a prescrición da enfermería que mantiveron os gobernos do PP dificultando o funcionamento cotiá e real dos servizos.

Por varios destes motivos sinalados e por outras cuestións específicas, vénse de coñecer a renuncia conxunta á xefatura de servizo de numerosos profesionais da área sanitaria de Vigo, que denuncian así a inacción e oídos xordos da consellería ante as súas demandas. Esta dimisión en bloque pon en entredito de maneira definitiva a capacidade da consellería de resolver os problemas xurdidos cos profesionais, como xa ocorrera co intento de aplicación da figura do pediatra de área.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Acepta a Xunta de Galicia que a dimisión en bloque de numerosos/as xefes/as de servizo de atención primaria supón un punto de necesaria inflexión da súa política sanitaria?

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/12/2018 16:47:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/12/2018 16:47:21

CSV: REXISTRO-l0k9W9t0g-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:55:55
Nº Rexistro: 41592
Data envio: 10/12/2018 16:55:55.696

Noela Blanco Rodríguez na data 10/12/2018 16:47:27

CSV: REXISTRO-I0k9W9t0g-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PLENO DO PARLAMENTO

18 de decembro de 2018

1.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (39156, 10/PL-000011)

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG n.º 397, do 13.12.2018

Separata núm. 1

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1. 1. Procedementos de natureza normativa
1. 1. 2. Propostas de normas
1. 1. 2. 1. Proxectos e proposicións de lei
1. 1. 2. 1. 1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 134705

1. Procedementos parlamentarios
1. 1. Procedementos de natureza normativa
1. 1. 2. Propostas de normas
1. 1. 2. 1. Proxectos e proposicións de lei
1. 1. 2. 1. 1. Proxectos de lei

Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 11 de decembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 39156 (10/PL-000011)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas
BOPG nº 374, do19.10.2018

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 11 de decembro de 2018, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:

DITAME

Texto articulado

Exposición de motivos

I

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas.

O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se explicitan na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter e organización administrativos.

II

En canto á estrutura da lei, esta divídese en dous títulos: o primeiro, dedicado ás medidas fiscais, e o segundo, ás de carácter administrativo.

O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. Así, no que atinxe ao imposto sobre a renda das persoas físicas, recóllense varias modificacións das deducións na cota íntegra autonómica co obxectivo de fomentar o investimento e a creación de emprego e impulsar os investimentos en I+D+i.

Así, na dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación, amplíase o tipo de dedución aplicable ás cantidades investidas e o seu límite, así como os requisitos dela, e, por outra banda, amplíase o ámbito subxectivo da dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica para introducir as doazóns a pemes innovadoras, a iniciativas de emprego de base tecnolóxica e a empresas participadas por organismos de investigación.

Por outra banda, recóllense dúas novas deducións para facer efectivas as medidas aprobadas polo Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.

No que atinxe ao imposto de sucesións e doazóns, duplícase a redución por parentesco no caso de que resulten herdeiros os irmáns, pasando de 8.000 a 16.000 euros, coa finalidade de aliviar a súa carga tributaria, na liña iniciada no ano 2016 cos descendentes directos.

No imposto sobre o patrimonio modifícase a escala vixente para reverter a suba acordada en 2013 no contexto da crise económica.

Polo que se refire ao imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados, co obxectivo de seguir favorecendo o dereito constitucional de acceso á vivenda, redúcese o tipo impositivo aplicable na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas para a adquisición de vivenda habitual con límite de patrimonio para determinados colectivos, como son as persoas con discapacidade, as familias numerosas ou os menores de 36 anos.

Por último, déixase sen contido a regulación do tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos, ao terse integrado co tipo estatal en virtude da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, recolléndose, en consecuencia, na disposición derrogatoria a derrogación expresa do artigo 18 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, está integrado por un único precepto sobre taxas, no que se prevé, por unha banda, a elevación dos tipos das taxas de contía fixa e, por outra banda, se introducen diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación dalgunhas vixentes.

O título II, relativo ás medidas administrativas, está dividido en doce capítulos.

No primeiro dos capítulos, dedicado á materia de emprego público, introdúcense modificacións na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. En concreto, en materia de órganos administrativos competentes, atribúeselle a función de propoñer ao Consello da Xunta os proxectos normativos referentes ao persoal funcionario suxeito a un réxime singular ou especial, en exclusiva, á persoa titular da consellaría sectorialmente competente, e, en relación coa competencia para a convocatoria e resolución dos concursos de provisión de postos de traballo, diferénciase segundo se trate de concursos ordinarios ou específicos. Tamén é necesario incorporar á Lei do emprego público as áreas funcionais que xa figuran actualmente nas relacións de postos de traballo. Por outra banda, respecto dos procesos que sexan obxecto de convocatoria independente para persoas con discapacidade, prevese que tales probas sexan de características similares ás que se realicen nas convocatorias ordinarias, sen prexuízo de que, en todo caso, os contidos das probas deban axustarse á natureza do proceso. Así mesmo, recóllense medidas de protección das vítimas de violencia de xénero en relación cos procesos selectivos e as listas de contratación temporal. Incorpórase tamén outro precepto en relación cos representantes de persoal nas comisións de valoración nos concursos ordinarios.

En materia de permisos e licenzas, amplíase a duración do permiso por parto e do permiso por adopción ou acollemento, como medida favorecedora da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e modifícase o artigo 129.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, co fin de evitar a falta de correspondencia do indicado nel e no artigo 141 da mesma lei, en relación coas retribucións do persoal funcionario en prácticas que xa estea prestando servizos remunerados na Administración como persoal funcionario de carreira.

En relación coa regulación de servizos especiais, inclúense novas situacións relativas aos titulares das subdelegacións do Goberno nas provincias ou das direccións insulares da Administración xeral do Estado e aos cargos directivos nas sociedades mercantís públicas autonómicas e nas fundacións públicas do sector público autonómico.

Ademais, en aplicación da disposición adicional quincuaxésimo cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, dáse nova redacción ao número 3 do artigo 146 da Lei 2/2015, do 19 de abril, co fin de eliminar as restricións retributivas derivadas das situacións de incapacidade temporal e da expedición de licenza por enfermidade, o que determina, así mesmo, a derrogación do artigo 2 da Lei 1/2012, do

29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se recolle na disposición derrogatoria.

En relación cos corpos e escalas, por un lado, introdúcense modificacións na disposición adicional novena co fin de corrixir o requisito relativo ao máster exixido para o exercicio da docencia en relación coas escalas de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros e de profesores de capacitación agraria, así como de homoxeneizar a denominación da especialidade de topografía coa das demais especialidades previstas na Lei 2/2015, do 29 de abril, como enxeñaría técnica. Por outro lado, introdúcese unha nova disposición adicional décimo cuarta co fin de regular a segunda actividade do persoal pertencente ás escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia.

Tamén, engádese na lei unha disposición transitoria para regular o complemento persoal de funcionarización.

Por último, en materia de carreira, ademais da modificación do artigo 77, complétase o réxime aplicable mentres non se implante o sistema de carreira profesional previsto no dito precepto, co fin de prever a posibilidade de establecer un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal, que permita ao persoal funcionario de carreira progresar de maneira voluntaria e individualizada e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional, así como a posibilidade de percibir unha retribución adicional ao complemento de destino segundo o grupo ou subgrupo profesional de pertenza que remunere a progresión profesional acadada.

No capítulo II recóllense modificacións do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Por unha banda, o perfeccionamento do proceso orzamentario, iniciado na nosa Comunidade hai algúns anos, debe perseguir a aplicación de novas técnicas e debe continuarse, fundamentalmente, coa implantación de novos sistemas de xestión e coa utilización de métodos máis adecuados para unha asignación racional dos recursos públicos que permitan a adopción de novos métodos de decisión de gasto e a revisión dos programas de gastos existentes. Con base nestes obxectivos, defínense nun novo artigo do texto refundido os contidos mínimos das funcións que deben realizar os órganos que deben levar a cabo as tarefas propias dunha oficina orzamentaria. Trátase así de aglutinar nun só órgano administrativo actuacións dispersas de orzamentación, análise e avaliación dos obxectivos, o cal permitirá integrar e harmonizar as fases do proceso orzamentario, conectalo cos plans e programas operativos a curto e medio prazo dos servizos xestores e dispoñer de sistemas uniformes de traballo permanente, e non esporádico, para a elaboración, decisión e seguimento do orzamento. O establecemento a nivel legal dun contido mínimo das funcións destas oficinas orzamentarias permite acadar melloras substanciais en todos os aspectos que inciden no proceso de elaboración e seguimento orzamentario.

Por outra banda, coas modificacións operadas no texto refundido recóllese unha terminoloxía que abrangue de xeito completo as entidades ás que son aplicables as súas previsións, ao tempo que se efectúa unha regulación máis sistemática e completa da xestión económica e financeira dos créditos e dos dereitos económicos, incluída a

introdución de regras especiais aplicables á xestión orzamentaria de determinados dereitos económicos.

Finalmente, dada a especificidade técnica propia dos procedementos de xestión orzamentaria, recóllense no texto refundido habilitacións expresas para o desenvolvemento normativo de determinadas materias por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de facenda.

No capítulo seguinte, o III, recóllense varias medidas en materia de medio ambiente e territorio. En primeiro lugar, introdúcense modificacións co fin de garantir que Galicia dispoña dun marco regulador actualizado e acomodado á normativa básica estatal respecto do ámbito de aplicación da norma reguladora dos solos potencialmente contaminados.

En segundo lugar, recóllense modificacións no réxime sancionador contido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, co fin de incluír nel as previsións derivadas da condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte das entidades prestadoras do servizo de sumidoiros, en relación co coeficiente de vertedura, así como de corrixir certas disfuncións na tipificación de condutas infractoras que a experiencia na xestión do canon da auga e do coeficiente de vertedura permitiu identificar.

Outra das medidas introducidas estriba na modificación do réxime do silencio no procedemento de declaración de incidencia ambiental para acomodalo ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, en relación co sistema para a xestión dos residuos domésticos regulado na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, introdúcese a posibilidade de que, cando as circunstancias económicas da Sociedade Galega de Medio Ambiente o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade, a persoa titular da consellaría competente en materia de medio ambiente, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de facenda, reduza o canon unitario de tratamento por tonelada e tal redución se aplique a aquelas entidades locais que certifiquen o compromiso coa redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de medidas que fomenten a recollida selectiva, así como a aprobación do traslado da devandita redución ás persoas beneficiarias do servizo.

Modifícase tamén a Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, permitindo exclusivamente para a caza do xabaril o emprego da modalidade de batida cun número mínimo de oito cazadores.

Introdúcense así mesmo modificacións na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Por unha banda, recóllese un novo precepto regulador das modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación. Por outra banda, cómpre establecer na lexislación urbanística medidas sancionadoras que tutelen as condicións de ornato que deben reunir as edificacións, construcións e instalacións e contribúan a manter a estética do patrimonio edificado urbano e rural de Galicia. Inclúese tamén unha nova disposición adicional que inclúe un réxime excepcional aplicable aos edificios, ás construcións e ás instalacións afectados por situacións declaradas polo Consello de Ministros como zona

afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil ou polo Consello da Xunta de emerxencia de natureza catastrófica. E, por último, modifícase unha disposición transitoria coa finalidade de recuperar o patrimonio construído e aproveitar e poñer en valor as edificacións existentes, evitando novas construcións.

Modifícase tamén a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía, co fin de precisar os suxeitos obrigados a estar en posesión de licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos, tendo en conta o disposto na normativa estatal e en pronunciamentos xudiciais recaídos na materia.

Para rematar coas medidas en materia de medio ambiente e territorio, suprímese a obriga de presentar autodiagnósticos e auditorías por parte de produtores de residuos industriais, dado que tanto a normativa básica estatal como a autonómica en materia de residuos xa establecen prolixas e exhaustivas obrigas de información para produtores e xestores de residuos que permiten á Administración ter coñecemento preciso e suficiente dos movementos de residuos industriais. Para tal fin, na disposición derrogatoria recóllese a derrogación expresa dos preceptos da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, relacionados coa dita obriga.

En materia de infraestruturas, no capítulo IV prevense modificacións da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Por unha banda, introdúcense cambios na delimitación da liña límite de edificación motivados polo feito de que nas estradas pertencentes á rede local non se considera necesario separar as edificacións 15 metros, sendo suficiente con 7 (en coherencia coa realidade territorial galega e cunha rede viaria que a normativa prevé que se xerarquice segundo a súa funcionalidade), e de que os elementos funcionais da estrada, dadas as súas características funcionais, requiren unha protección menor que a propia estrada, o que fundamenta, respecto deles, a redución da liña. Ademais, a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, modificou o artigo 47.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, na súa totalidade, cando a modificación só debía afectar o primeiro parágrafo do número 2 e non o segundo parágrafo, que debía manterse tal e como estaba e que foi eliminado como consecuencia dun erro, erro que se procede a corrixir nesta lei. Finalmente, cómpre establecer na lexislación de infraestruturas medidas sancionadoras que tutelen as condicións de ornato que deben reunir estes elementos funcionais e contribúan así a manter a estética das infraestruturas galegas.

No capítulo V prevense dúas medidas relacionadas co sector do mar. Por un lado, introdúcese un novo parágrafo na disposición transitoria cuarta da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, no que se prevé o inicio de oficio dos procedementos relativos á prórroga das concesións ás que se refire a dita disposición co fin de garantir a tramitación en tempo e forma de tales procedementos antes da finalización do período de vixencia das concesións, dado o elevado número de tales concesións e a importancia económica e social que reviste para a Comunidade Autónoma a actividade de acuicultura desenvolvida ao amparo dos ditos títulos habilitantes. Por outro lado, incorpórase unha disposición transitoria novena na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, ante a necesidade de recoller o réxime que será aplicable á composición e ao funcionamento do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia ata que se produza o desenvolvemento regulamentario de tales cuestións previsto na dita lei.

No capítulo VI prevese a modificación da Lei 2/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, co fin de recoller nela determinadas cuestións derivadas do Acordo da mesa sectorial de negociación do persoal estatutario do 6 de xullo de 2018, sobre as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo (publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 144, do 30 de xullo). Así mesmo, tal e como se establece no dito acordo, nesta lei prevese a derrogación na súa totalidade dos anteriores réximes extraordinarios de carreira profesional.

O capítulo VII está dedicado ás medidas en materia de medio rural, que afectan varias leis.

Así, modifícase a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, co fin de introducir unha regulación do arrendamento dos ditos montes que garanta a súa explotación rendible atendidas as características produtivas de determinados cultivos e aproveitamentos, así como o investimento necesario para poñer en produción os montes que se atopan en estado de abandono.

Respecto da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, introdúcense diversas medidas destinadas a potenciar a prevención e a loita contra os incendios, entre as que cabe destacar a posibilidade de declarar perímetros de alto risco de incendios naqueles lugares nos que o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios forestais, a declaración de utilidade pública das infraestruturas e dos equipamentos preventivos vinculados á defensa e loita contra os incendios forestais, a posibilidade de elaboración e aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais por zonas e, en xeral, a introdución de medidas en materia de xestión da biomasa e de vixilancia e detección de incendios.

Na Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, modifícase o artigo regulador da subrogación no contrato de cesión co Banco de Terras para incluír a posibilidade de subrogación por parte de persoas físicas diferentes dos familiares e das persoas traballadoras da explotación, así como para corrixir certas disfuncións manifestadas na práctica respecto dos trámites que hai que seguir. Ademais, introdúcese un novo artigo na dita lei co fin de regular os proxectos de mobilización de terras como mecanismo de mobilización e dinamización.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, tamén é obxecto de modificación en varias cuestións coas finalidades fundamentais de adoptar medidas tendentes a evitar os riscos derivados do estado de abandono de parcelas forestais; flexibilizar as limitacións existentes para cambio de uso forestal tras os incendios nos casos nos que existan razóns de interese público derivadas das necesidades de ordenación e xestión sostible do territorio; garantir o mantemento das masas de frondosas e fomentar o seu aproveitamento sostible; establecer limitacións no emprego de determinadas especies forestais; mellorar a regulación do réxime administrativo dos aproveitamentos, co fin de facelo máis funcional; ampliar os prazos nos que será obrigatorio dispoñer dun instrumento de ordenación ou xestión forestal, respectando os prazos máximos establecidos na norma estatal; e simplificar a aplicación do réxime de distancias mínimas.

Introdúcese nas definicións da lei a figura do silvicultor activo, que se incorpora tamén como obxecto prioritario das medidas de fomento, e, así mesmo, o Rexistro

voluntario de silvicultores activos pasa a formar parte do sistema rexistral forestal de Galicia.

Modifícase, así mesmo, a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, en varias cuestións. Por unha banda, recóllese un novo precepto para prever o sentido negativo do silencio. Ademais, engádese un número no artigo 25, a prol dunha paulatina actualización dos deslindamentos dos montes veciñais en man común existentes, e dáselle nova redacción ao número 7 do artigo 29 co fin de eliminar a incongruencia que supoñía a referencia á xunta local contida nel. Xunto ao anterior, introdúcese a posibilidade de exceptuar, motivadamente, a proporción das deducións para infraestruturas rurais e para axuste técnico previstas con carácter xeral nos números 2 e 3 do artigo 31 da dita lei, co fin de poder ter en conta as concretas características e circunstancias dos terreos.

Por outra banda, modifícase o artigo 38 co fin de regular os efectos dos acordos firmes de reestruturación parcelaria sobre o planeamento urbanístico. Ademais, no artigo 40 unifícase o tratamento dado ao solo de núcleo rural común e ao de carácter histórico-tradicional para a súa inclusión no proceso de reestruturación parcelaria co fin de axilizar o dito proceso.

Finalmente, complétase a regulación da actuación administrativa que hai que realizar para permitir a inscrición nos casos previstos na disposición transitoria sexta da dita lei; establécese, nunha nova disposición transitoria, un prazo para dotar dun instrumento de ordenación de predios aquelas zonas que carecen del; e, por último, inclúese o réxime transitorio derivado da modificación operada no artigo 38 da dita lei.

Continuando coas modificacións normativas en materia de medio rural, engádese un novo número na disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para recoller unha regra sobre o cómputo dos investimentos para a execución de obras de carácter preventivo e de recuperación do potencial forestal que facilite a execución destas actuacións que se consideran prioritarias.

Remata o capítulo VII cun precepto no que se recollen medidas tendentes a garantir o benestar e a protección animal e unha pronta e eficaz resposta ante situacións de maltrato.

En materia de política social, no capítulo VIII introdúcense modificacións normativas en tres ámbitos.

Por un lado, inclúense na normativa autonómica reguladora da mediación as exixencias de titulación e de subscrición dun seguro contidas na normativa estatal.

Por outro lado, no eido dos servizos sociais, introdúcese a posibilidade de rehabilitar as autorizacións para a prestación de servizos sociais revogadas cando se poida acreditar que desapareceron as causas que motivaron a súa revogación e sempre que se vaia seguir prestando a mesma actividade de servizos sociais para a que foi concedida, tendo en conta a natureza da actividade que é obxecto de autorización e os seus destinatarios e co fin de contribuír ao mantemento dun sistema galego de benestar estable e garantista. Ademais, recóllese unha habilitación regulamentaria expresa para a regulación dos requisitos mínimos de tipo material e funcional que deben cumprir os centros onde se presten

determinados servizos sociais. Xunto a iso, inclúense medidas para satisfacer as seguintes necesidades urxentes: a posta en funcionamento do novo sistema de xestión de citas ás persoas con solicitudes de valoración da situación de dependencia, dentro das medidas previstas no Plan de mellora da atención á dependencia; que o acceso aos recursos do sistema sexa o máis equitativo posible, mediante un sistema de valoración de todos os criterios en conxunto e non só dalgúns; e a incorporación, dentro dos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, dos servizos de supervisión e apoios puntuais.

Por último, modifícase a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, co fin de empregar en determinados preceptos unha terminoloxía máis axeitada e precisa, así como de facer fronte a certas disfuncións detectadas no que se refire aos aspectos que hai que ter en conta para realizar a valoración da situación ou risco de exclusión social.

O capítulo IX, baixo o título de economía, emprego e industria, inclúe medidas de diversa índole.

En primeiro lugar, introdúcense modificacións na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, coa finalidade, por unha banda, de recoller, na regulación dos concursos de dereitos mineiros, as modificacións que a práctica ten posto de manifesto como necesarias de cara á mellor e máis axeitada tramitación de tales procedementos. Por outra banda, en materia sancionadora, os principais cambios estriban, ademais de na adaptación á regulación na materia contida na normativa reguladora do procedemento administrativo común, na modificación do artigo 50, regulador da responsabilidade, para prever como persoas responsables as persoas titulares ou directivas da entidade explotadora efectiva en determinados supostos, e na acomodación de determinados tipos infractores ás exixencias derivadas da doutrina do Tribunal Constitucional. Finalmente, introdúcense medidas relativas ás consecuencias da falta de pagamento do xusto prezo pola persoa titular dos dereitos mineiros, desde a estrita perspectiva da relación que esta mantén coa Administración autonómica en virtude da titularidade de tales dereitos mineiros, así como unha disposición específica para prever, en norma con rango de lei, como exixe o artigo 103 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a posibilidade de impoñer multas coercitivas para a execución forzosa dos requirimentos e das resolucións da Administración en materia de minas. A dispoñibilidade deste mecanismo xurídico é especialmente importante neste ámbito, tendo en conta as consecuencias ambientais e relativas á seguridade mineira que poden derivar do incumprimento dos requirimentos e resolucións da Administración.

En segundo lugar, modifícase a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, co fin de velar pola coherencia entre o disposto nela e no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, no que respecta a cal é o órgano competente para a autorización de infraestruturas de evacuación de parques eólicos.

En terceiro lugar, en materia de comercio, coa finalidade de afondar no principio de simplificación administrativa e de eliminación de cargas para os administrados, suprímese

o Rexistro Galego de Comercio e, en consecuencia, recóllense nesta lei as necesarias modificacións e derrogacións na normativa reguladora do dito Rexistro.

Introdúcese, ademais, un novo título na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, regulador das iniciativas empresariais prioritarias, declaración que se reserva para proxectos que acheguen un valor engadido en determinados eidos e que levará consigo a vantaxe de tramitación prioritaria e urxente, así como medidas de simplificación e racionalización dos procedementos relativos a tales iniciativas.

Engádese unha disposición adicional cuarta na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, co propósito de que, nos supostos de exercicio da potestade expropiatoria para a execución de instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos regulados nesa lei e na lexislación do solo respectivamente promovidos ou desenvoltos por iniciativa pública, a adquisición dos bens non implique a súa afectación implícita a un uso xeral ou a un servizo público cando o instrumento de ordenación do territorio ou urbanístico aprobado prevexa que o seu destino sexa devolvelos ao tráfico xurídico patrimonial.

Tamén, o capítulo IX contén un precepto relativo ao cambio de denominación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral pola de Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, co fin de acomodar a denominación da entidade á nova imaxe corporativa, así como ao propio acrónimo «Issga».

Por último, no capítulo IX engádese un precepto para modificar a Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, e incluír na súa composición un representante da economía social, un representante das organizacións sindicais e un representante das organizacións empresariais, e excluíndose do cómputo a persoa que exerce a secretaría.

No capítulo X recóllense medidas en materia de cultura e turismo.

En materia de turismo, modifícase a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, co fin de recoller nela previsións relacionadas coa sinalización, a conservación e o mantemento da traza dos camiños de Santiago e clarexar o alcance dos conceptos de recursos e produtos turísticos e de cambios substanciais nas actividades turísticas suxeitas á declaración responsable, así como completar determinadas cuestións na regulación da actuación inspectora en materia de turismo. Complétase, así mesmo, a regulación das empresas de turismo activo, respecto das cales se impón a exixencia de dispoñer de determinados seguros tendo en conta os riscos das actividades levadas a cabo por tales empresas.

En materia de cultura introdúcense tres modificacións na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Por un lado, continuando na liña de simplificación administrativa introducida pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresarias en Galicia, modifícase o artigo 45 daquela lei para prever que, no caso de cortas forestais que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados que non leven aparellado un cambio de uso e que, conforme a lexislación sectorial, estean suxeitas a autorización, a tutela dos valores obxecto de protección realizarase a través da exixencia de informe preceptivo da

consellaría competente en materia de cultura como trámite integrado no procedemento de autorización en materia forestal. Por outro lado, modifícase a disposición transitoria cuarta, de xeito que regule o suposto da necesidade de adaptación do planeamento vixente á Lei 5/2016, do 4 de maio, e, por outra banda, o réxime transitorio aplicable aos planeamentos adaptados á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Por último, recóllese na disposición transitoria quinta da Lei 5/2016, do 4 de maio, un novo límite temporal para que os concellos nos que concorran as circunstancias indicadas na dita disposición poidan exercer as competencias autorizatorias e adapten os seus plans especiais de protección, ao resultar insuficiente o prazo previsto na redacción inicial da disposición.

En materia de deporte, materia á que se dedica o capítulo XI, modifícase a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. Coas modificacións introducidas trátase de evitar posibles conflitos de intereses e inxerencias nas competicións, así como a modificación das normas da competición durante o desenvolvemento desta, agás causa de forza maior debidamente xustificada. Así mesmo, complétase a regulación das consecuencias derivadas da revogación do recoñecemento das federacións deportivas galegas. En materia de loita contra a dopaxe, por un lado, recóllese, entre as funcións da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, a consistente en determinar, dentro do ámbito das competencias autonómicas, as condicións de realización dos controis consonte a normativa internacional e nacional vixente en materia de dopaxe e o disposto nesta lei. E, por outro lado, consonte o previsto na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, inclúese expresamente na Lei 3/2012, do 2 de abril, a posibilidade de celebrar convenios de colaboración coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para que esta asuma o exercicio das competencias en materia de control da dopaxe que corresponden á Comunidade Autónoma.

O último capítulo, o XII, recolle medidas relacionadas coa organización e co funcionamento do sector público autonómico de Galicia en varios eidos.

Por unha banda, modifícase o artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, regulador da fase inicial do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, co fin de incluír nel a regulación do trámite de consulta pública previa, recollendo as bases estatais e o desenvolvemento destas segundo a liña da regulación aplicable ao procedemento de elaboración dos regulamentos estatais, así como o previsto no acordo do Consello da Xunta do 27 de abril de 2017 polo que se aproban as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia. Xunto a iso, introdúcense no precepto melloras de redacción e unha referencia á normativa en materia de transparencia.

Finalmente, introdúcese no capítulo XII un precepto regulador do prazo para resolver os procedementos sancionadores en materia de servizos de comunicación audiovisual. A singularidade dos servizos de comunicación audiovisual de radio e televisión obriga habitualmente no curso do procedemento sancionador nesta materia á realización de varias comprobacións de carácter técnico e outras actuacións complementarias, polo que resulta necesario prever un prazo de resolución de dez meses, máis amplo que o recollido,

con carácter xeral, no artigo 38 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Por último, na súa parte final, a lei recolle unha disposición adicional relativa ao estudo pola Xunta de Galicia dun sistema de carreira profesional para os funcionarios de Xustiza.

Tamén se recolle na parte final da lei o réxime transitorio preciso para facilitar o tránsito ao réxime xurídico previsto pola nova regulación, a derrogación expresa de disposicións concretas así como de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela, unha habilitación para o seu desenvolvemento normativo e a previsión sobre a súa entrada en vigor.

Esta lei axústase así aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, ao responderen as medidas previstas nela á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia; ao se recolleren na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación, como exixe o principio de transparencia; e ao se introduciren a través dela, conforme o principio de seguridade xurídica, as modificacións precisas nas disposicións vixentes.

TÍTULO I
Medidas fiscais

CAPÍTULO I
Tributos cedidos

Artigo 1. *Imposto sobre a renda das persoas físicas*

O artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número Nove, que queda redactado como segue:

«Nove. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite de 6.000 euros, o 30 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) A participación do contribuínte, computada xunto coas do cónxuxe ou persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao incluído, non pode ser superior ao 40 % nin inferior ao 1 % do capital social da sociedade obxecto do investimento ou dos seus dereitos de voto en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

b) A entidade na que hai que materializar o investimento debe cumprir os seguintes requisitos:

1. Debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

2. Debe desempeñar unha actividade económica durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. Para tal efecto, non debe ter por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8º.Dous.a) da Lei 19/1991, de 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

3. Debe contar, como mínimo, cunha persoa ocupada con contrato laboral e a xornada completa, dada de alta no réxime xeral da Seguridade Social e con residencia habitual en Galicia, durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

4. No caso de que o investimento se realizase mediante unha ampliación de capital, a sociedade mercantil debeu ser constituída nos tres anos anteriores á data desta ampliación, sempre que, ademais, durante os vinte e catro meses seguintes á data do inicio do período impositivo do imposto sobre sociedades en que se realizase a ampliación o seu cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia se incrementase, polo menos, nunha persoa con respecto ao cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia nos doce meses anteriores e que o devandito incremento se manteña durante un período adicional doutros vinte e catro meses.

Para o cálculo do cadro de persoal medio total da empresa e do seu incremento, tomaranse as persoas empregadas, nos termos en que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

c) As operacións nas que sexa aplicable a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos investidores e o importe do investimento respectivo.

d) As participacións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de tres anos, seguintes á constitución ou ampliación.

2. A dedución regulada no número 1 poderá incrementarse nun 15 % adicional, cun límite de 9.000 euros, cando, ademais de cumprir os requisitos do devandito número, se dea unha das seguintes circunstancias:

a) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se trate de sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser pequenas e medianas empresas innovadoras, de acordo co disposto na Orde ECC/1087/2015, do 5 de xuño, pola que se regula a obtención do selo de pequena e mediana empresa innovadora e se crea e regula o Rexistro da Pequena e Mediana Empresa Innovadora.

b) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser sociedades promotoras dun proxecto empresarial que accedese á obtención de cualificación como iniciativa de emprego de base tecnolóxica, de conformidade co disposto no Decreto

56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), mediante a inscrición da iniciativa no Rexistro administrativo de Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica.

c) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas participadas por universidades ou organismos de investigación.»

Dous. O número Dez queda redactado como segue:

«Dez. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite conxunto de 20.000 euros, as seguintes cantidades:

a) O 30 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de capital social como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas.

b) Con respecto ás mesmas entidades, poderase deducir o 30 % das cantidades prestadas durante o exercicio, así como das cantidades garantidas persoalmente polo contribuínte, sempre que o préstamo se outorgue ou a garantía se constitúa no exercicio no que se proceda á constitución da sociedade ou á ampliación do seu capital.

Para ter dereito a estas deducións deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) A participación do contribuínte, computada xunto coas do cónxuxe ou das persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao incluído, non pode ser superior ao 40 % nin inferior ao 1 % do capital social da sociedade obxecto do investimento, ou dos seus dereitos de voto, en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. No caso de préstamo ou garantía, non será necesaria unha participación do contribuínte no capital, pero, se esta existe, non pode ser superior ao 40 %, cos mesmos límites temporais anteriores. O importe prestado ou garantido polo contribuínte ten que ser superior ao 1 % do patrimonio neto da sociedade.

b) A entidade na que hai que materializar o investimento, o préstamo ou a garantía debe cumprir os seguintes requisitos:

1º. Debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

2º. Debe desempeñar unha actividade económica durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. Para ese efecto, non debe ter por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8º.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

3º. Debe contar, como mínimo, cunha persoa ocupada con contrato laboral e a xornada completa, dada de alta no réxime xeral da Seguridade Social e con residencia

habitual en Galicia. O contrato terá unha duración mínima dun ano e deberá formalizarse dentro dos dous anos seguintes á constitución ou ampliación, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

4º. No caso de que o investimento fose realizado mediante unha ampliación de capital ou o préstamo ou a garantía se realizase no exercicio dunha ampliación, a sociedade mercantil debeu ser constituída nos tres anos anteriores á data desta ampliación, e ademais, durante os vinte e catro meses seguintes á data do inicio do período impositivo do imposto sobre sociedades en que se realizase a ampliación, o seu cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia debeu incrementarse, polo menos, nunha persoa respecto do cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia nos doce meses anteriores, e o devandito incremento manterase durante un período adicional doutros doce meses, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

Para o cálculo do cadro de persoal medio total da empresa e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos en que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

c) O contribuínte pode formar parte do consello de administración da sociedade en que materializou o investimento, pero en ningún caso pode levar a cabo funcións executivas nin de dirección durante un prazo de dez anos, nin pode manter unha relación laboral coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

d) As operacións en que sexa aplicable a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.

e) As participacións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de tres anos, seguintes á constitución ou ampliación. No caso de préstamos, estes deben referirse ás operacións de financiamento cun prazo superior a cinco anos, e non poderá amortizar unha cantidade superior ao 20 % anual do importe do principal prestado. No caso de garantías, estas estenderanse a todo o tempo de vixencia da operación garantida, non podendo ser inferior a cinco anos.

A dedución contida neste número resultará incompatible, para os mesmos investimentos, coas deducións previstas nos números 9 e 11 deste artigo.

2. As deducións reguladas no número anterior poderán incrementarse nun 15 % adicional, cun límite de 35.000 euros, cando, ademais de se cumpriren os requisitos do devandito número, se dea unha das seguintes circunstancias:

a) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución ou de ampliación de capital, cando se trate de sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser pequenas e medianas empresas innovadoras, de acordo co disposto na Orde ECC/1087/2015, do 5 de xuño, pola que se regula a obtención do selo de pequena e mediana empresa innovadora e se crea e regula o funcionamento do Rexistro da Pequena e Mediana Empresa Innovadora.

b) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser sociedades promotoras dun proxecto empresarial que accedese á obtención de cualificación como iniciativa de emprego de base tecnolóxica, de conformidade co disposto no Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), mediante a inscrición da iniciativa no Rexistro administrativo de Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica.

c) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas participadas por universidades ou organismos de investigación.»

Tres. O número Doce queda redactado como segue:

«Doce. Dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica.

1. Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica do imposto o 25 %, ata o límite do 10 % da devandita cota, dos donativos monetarios que fagan a favor de centros de investigación adscritos a universidades galegas e dos promovidos ou participados pola Comunidade Autónoma de Galicia que teñan por obxecto o fomento da investigación científica e o desenvolvemento e a innovación tecnolóxicos, así como dos realizados a favor de entidades sen ánimo de lucro acollidas á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, coa condición de que estas últimas teñan a consideración de organismo de investigación e difusión de coñecementos conforme o previsto no artigo 2.83 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

2. A dedución queda condicionada á xustificación documental axeitada e suficiente dos presupostos de feito e dos requisitos que determinan a súa aplicabilidade. En particular, as entidades beneficiarias destes donativos deben enviar á Axencia Tributaria de Galicia, dentro dos primeiros vinte días de cada ano, unha relación das persoas físicas que efectuaron donativos durante o ano anterior, coa indicación das cantidades doadas por cada unha destas persoas.»

Catro. Engádese un novo número Dezasete, co seguinte contido:

«Dezasete. Deducións da cota íntegra autonómica para paliar os danos causados pola explosión de material pirotécnico que tivo lugar en Tui durante o mes de maio do 2018.

1º. Cando o contribuínte integrase na base impoñible xeral o importe correspondente a unha subvención ou calquera outra axuda pública obtida da Comunidade Autónoma de Galicia das incluídas no Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material

pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, poderá aplicar unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe da devandita dedución será o resultado de aplicar os tipos medios de gravame ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable.

2º. Ademais, o contribuínte poderá deducir as cantidades investidas, en investimentos non empresariais, coa finalidade de paliar os danos sufridos, pola parte que exceda as cantidades percibidas por axudas ou subvencións das incluídas no Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, ou por coberturas de seguros.

En ningún caso a cantidade obxecto de dedución poderá ser superior á diferenza entre o dano sufrido e as cantidades recibidas por axudas ou coberturas de seguro.

As deducións ás que se refire este artigo producirán efectos a partir de 2018.»

Artigo 2. *Imposto sobre sucesións e doazóns*

Modifícase o número Dous do artigo 6 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Dous. Redución por parentesco.

Nas adquisicións por causa de morte, incluídas as dos beneficiarios de pólizas de seguros de vida, por razón do parentesco co causante, aplicarase a redución que corresponda das incluídas nos seguintes grupos:

a) Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados menores de 21 anos, 1.000.000 de euros, máis 100.000 euros por cada ano menos de 21 que teña o habente causa, cun límite de 1.500.000 euros.

b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis e menores de 25, 900.000 euros, menos 100.000 euros por cada ano maior de 21 ata 24; de 25 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 400.000 euros.

c) Grupo III: adquisicións por colaterais de segundo grao por consanguinidade, 16.000 euros; resto de colaterais de segundo grao, colaterais de terceiro grao e ascendentes e descendentes por afinidade, 8.000 euros.

d) Grupo IV: nas adquisicións por colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños, non haberá lugar a redución.»

Artigo 3. *Imposto sobre o patrimonio*

O artigo 13 *bis* do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

«Artigo 13 *bis*. *Cota íntegra*

A base liquidable do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

Base liquidable Ata euros	Cota Euros	Resto base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0,00	0,00	167.129,45	0,20
167.129,45	334,26	167.123,43	0,30
334.252,88	835,63	334.246,87	0,50
668.499,75	2.506,86	668.499,76	0,90
1.336.999,51	8.523,36	1.336.999,50	1,30
2.673.999,01	25.904,35	2.673.999,02	1,70
5.347.998,03	71.362,33	5.347.998,03	2,10
10.695.996,06	183.670,29	En adiante	2,50

»

Artigo 4. *Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados*

Modifícanse os números Dous, Tres, Catro e Cinco do artigo 14 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedan redactados como segue:

«Dous. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 7 %, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non exceda a cifra de 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data da adquisición do inmoble, tomando este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor dela nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

2. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

3. No suposto de que o inmoble sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Tres. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por discapacitados.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa unha persoa discapacitada física, psíquica ou sensorial cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 % e destine o inmoble adquirido á súa vivenda habitual.

2. No momento de presentación do imposto, o contribuínte debe achegar a xustificación documental adecuada e suficiente da condición de discapacidade e do grao de discapacidade, consonte o disposto no artigo 3.Tres deste texto refundido.

3. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

4. No suposto de que o inmoble sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Catro. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa membro dunha familia numerosa que teña recoñecida tal condición con título oficial en vigor e destine o inmoble adquirido a vivenda habitual da súa familia.

2. Que a suma do patrimonio de todos os membros da familia numerosa non exceda a cifra de 400.000 euros, máis 50.000 euros adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data de adquisición do inmoble, tomando este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor desta nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

4. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial en vigor establecido para o efecto no momento de presentación da declaración do imposto, de acordo co establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

5. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

6. No caso de que o inmoble sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Cinco. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por menores de 36 anos.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente teña unha idade inferior a 36 anos.

2. Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, se é o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non exceda a cifra de 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data da adquisición do inmoble, tomando este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor desta nin das débedas contraídas para o seu

financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

4. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a data de nacemento do adquirente e a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

5. No caso de que o inmoble sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.»

CAPÍTULO II
Tributos propios

Artigo 5. *Taxas*

1. Elévanse os tipos das taxas de contía fixa vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente do 1,01625 ás contías exixibles á entrada en vigor desta lei, exceptuando as tarifas que experimenten algunha modificación na contía no número 2 deste artigo. Este coeficiente seralles aplicable tanto ás contías, de carácter mínimo ou máximo, como ás deducións que se establecen en todo tipo de tarifas, tanto de taxas de contía fixa como variable.

Considéranse taxas de contía fixa cando non están determinadas por unha porcentaxe sobre unha base ou esta non se valora en unidades monetarias.

Exceptúanse do incremento establecido anteriormente aquelas taxas que se recadan mediante efectos timbrados, así como a establecida na subalínea 11 da alínea 14 do anexo 1 «licenza única interautonómica en materia de pesca continental» e a establecida na subalínea 05 da alínea 15 do anexo 1 «licenza única interautonómica en materia de caza.»

2. A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 21, que queda redactada como segue:

«c) Modalidade de certificacións: pola verificación de documentos, expedición de certificacións, copia de arquivos, transposición da información nun formato diferente ao orixinal e elaboración de documentos acreditativos de información que conste en arquivos ou rexistros públicos.»

Dous. Engádeselle un novo número 11 ao artigo 23, co seguinte contido:

«11. A inscrición nas probas homologadas para a acreditación do nivel de competencia en lingua galega e mais a acreditación do nivel correspondente, logo da

xustificación documental, solicitada por persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.»

Tres. Engádeselle un novo número 5 ao artigo 30, co seguinte contido:

«5. Quedarán exentas da inscrición nas probas para a obtención e/ou renovación da competencia profesional para a actividade de transporte, a cualificación profesional para a condución de determinados vehículos dedicados á actividade de transporte e/ou a cualificación como conselleiras de seguridade en transporte de mercadorías perigosas as persoas que figuren como demandantes de emprego desde polo menos seis meses antes á data da convocatoria das probas nas que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.»

Catro. Modifícase a alínea 27 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«27 Copias compulsadas ou auténticas de expedientes en poder da Administración	
a) Copia en papel de documentos	
— Formato DIN A4 (€/copia)	0,10
— Formato DIN A3 (€/copia)	0,25
— Mínimo	5,18
b) Copia en papel de planos	
— Formato DIN A4 (€/copia)	0,30
— Formato DIN A3 (€/copia)	0,44
— Formato superior a DIN A3 (€/copia)	0,59
— Formato superior a DIN A2 (€/copia)	0,73
— Formato superior a DIN A1 (€/copia)	1,04
— Formato superior a DIN A0 (€/copia)	1,57
— Mínimo	5,18
c) Copia en soporte dixital	
— Transposición a un formato diferente ao orixinal: por cada documento ou plano que sexa obxecto de transposición	15 % das contías establecidas nas letras a) e b)
Mínimo: ata 1 XB	5,18
Por cada 0,5 XB ou fracción de máis	1,04»

Cinco. Modifícase a subalínea 04 da alínea 8 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«04 Actuacións extraordinarias dos veterinarios oficiais de Galicia, á demanda dos establecementos. (Considéranse actuacións extraordinarias as que teñan lugar fóra do horario habitual establecido e autorizado para cada matadoiro.)	
Cota mínima (3 horas)	67,20
Por cada hora máis	22,42»

Seis. Engádeselle unha subalínea 15 á alínea 12 do anexo 2:

«15 Tramitación, estudo ou avaliación das comunicacións de posta no mercado nacional de complementos alimenticios e alimentos para grupos específicos de poboación	
Primeira posta no mercado	67,20
Modificación da primeira comunicación	22,42»

Sete. Engádeselle unha subalínea 81 á alínea 19 do anexo 3:

«81 Excepcionalidade para refuxios ou espazos libres en ascensores	50,00»

Oito. Modifícase o primeiro parágrafo da alínea 23 do anexo 3, que queda redactado como segue:

«23 Comprobación do plan de labores e documento de seguridade e saúde de actividades mineiras»

Nove. Modifícase a subalínea 13 da alínea 29 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«13 Nomeamento ou renuncia de director facultativo dunha actividade mineira	13,32»

Dez. Engádeselle unha subalínea 16 á alínea 29 do anexo 3:

«16 Outorgamento dunha demasía mineira a unha concesión de explotación de recurso das seccións C) e D)	40 % da tarifa consignada na subalínea 01»

Once. Engádeselle unha subalínea 17 á alínea 29 do anexo 3:

«17 Autorización de concentración de traballos	286»

Doce. Modifícase a subalínea 01 da alínea 38 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Inscrición	
Mínimo, incluíndo, se é o caso, as dúas primeiras mangueiras	33,99
Por cada mangueira que exceda dúas	8,50»

Trece. Modifícase a subalínea 03 da alínea 38 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Modificacións substanciais	
Sobre a tarifa consignada na subalínea 01 desta mesma alínea	100,00 %»

Catorce. Engádeselle unha subalínea 23 á alínea 52 do anexo 3:

«23 Comunicación de valorización de materiais naturais escavados	251»

Quince. Engádeselle unha subalínea 24 á alínea 52 do anexo 3:

«24 Comunicación de actividade como plataforma loxística de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos	200»

Quince *bis*. Modifícase a alínea 68 do anexo 3:

«68 Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia. Por metro cúbico de auga captado	0,017»

Dezaseis. Modifícase a letra a) do apartado III das Regras xerais de aplicación e definicións contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«a) O arqueo bruto é o que como tal figura no certificado internacional estendido de acordo co Convenio internacional sobre arqueo de buques, aprobado en Londres o 23 de xuño de 1969 (*Boletín Oficial del Estado* do 15 de setembro de 1982), denominado abreviadamente GT. De non dispoñer o buque do mencionado certificado, poderá recorrerse ao valor que como tal figure no *Lloyd's Register of Shipping*.

No suposto de construción, o arqueo bruto será o correspondente ao buque rematado; no caso de desmantelamento, o arqueo bruto será a metade do orixinal.»

Dezasete. Modifícase o número 5 da regra cuarta da tarifa X-1 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactado como segue:

«5. Unicamente para a súa aplicación aos servizos prestados no ano 2019 poderá aplicarse unha bonificación por limitacións de calado sobrevidas e declaradas polo organismo competente nun porto concreto. Esta bonificación será aplicable unicamente aos buques mercantes, no porto, coa limitación e durante o tempo que persista esta limitación de calado.

Aplicaráselles aos barcos mercantes a tarifa resultante cunha redución do 30 %.»

Dezaoito. Modifícase a regra terceira da tarifa X-2 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Terceira. As bases para a liquidación desta tarifa serán a eslora máxima do barco, o calado do peirao e o tempo que o barco permaneza no atracadoiro ou no amarre.

Nos supostos de que un buque transporte calquera tipo de mercadoría perigosa e como consecuencia diso sexa necesario dispoñer dunhas zonas de seguridade a proa e/ou popa, considerarase como base para efectos da tarifa a eslora máxima do barco, incrementada na lonxitude das mencionadas zonas.

A contía básica desta tarifa é de 0,998183 € por cada metro de eslora ou fracción e por cada período de vinte e catro horas ou fracción que permaneza atracado ou amarrado, cos seguintes coeficientes por calado do peirao, medido en BMVE:

— Por calado do peirao igual ou maior a 7 metros, coeficiente = 1.

— Por calado do peirao inferior aos 7 metros, coeficiente = 0,5.

Por períodos de tempo inferiores ás seis horas aplicarase unha redución do 50 % da contía da tarifa indicada anteriormente.

Naquelas terminais nas que Portos de Galicia preste vixilancia presencial específica, a tarifa base resultante incrementarase en 233,40 € por cada vinte e catro horas ou fracción de estadía vixiada, agás para escalas inferiores a doce horas, caso en que este incremento será de 116,70 €. A franxa horaria, para os efectos do cálculo da tarifa por vixilancia presencial, iniciarase sesenta minutos antes da hora da reserva de atracada e finalizará sesenta minutos despois da hora da saída efectiva do buque do porto. A esta contía non lle será aplicable ningunha das bonificacións ou reducións incluídas na presente tarifa X-2.»

Dezanove. Modifícase a letra c) da regra quinta da tarifa X-4 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«c) Con utilización de lonxa concesionada ou autorizada:

Para a pesca descargada por vía marítima ou que accede ao recinto pesqueiro para ser poxada por vía terrestre procedente doutro porto de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: o 1,75 %.

Para a pesca que accede ao recinto pesqueiro para ser poxada por vía terrestre procedente dun porto que non sexa competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: o 0,875 %.»

Vinte. Elimínase a regra décimo cuarta da tarifa X-4 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3.

Vinte e un. Modifícase a regra sexta da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Sexta. A contía da tarifa estará composta polos seguintes conceptos:

A) Pola utilización das augas dos portos e mais das instalacións portuarias.

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións.

C) Pola dispoñibilidade doutros servizos.

O importe da tarifa X-5 será o resultado da suma dos conceptos A), B) e C) indicados anteriormente que lle sexan aplicables en función dos servizos prestados.

A contía dos conceptos dos que se compón a tarifa X-5, por metro cadrado arredondado por exceso e por día natural ou fracción, será a seguinte:

A) Pola utilización das augas do porto e mais das instalacións portuarias:

Zona I: 0,032311 €

Zona II: 0,023028 €

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións:

1. Atracada en punta: 0,038380 €

2. Atracada de costado: 0,095952 €

3. Atracada a banqueta ou dique: 0,019191 €

4. Ancoraxe: 0,038380 €

5. Embarcacións en seco

5.1 Embarcacións en seco que aboen durante o mesmo período o concepto A) da presente tarifa X-5: 0,027140 €

5.2 Embarcacións en seco que non aboen durante o mesmo período o concepto A) da presente tarifa X-5: 0,081416 €

C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos:

1. Por cada *finger* en cada posto de atracada: 0,016282 €

2. Por brazo de amarre ou por tren de ancoraxe para amarre por popa de embarcacións atracadas: 0,008142 €

3. Toma de auga: 0,005815 €

4. Toma de enerxía eléctrica: 0,005815 €

5. Servizo de mariñeiría a embarcacións atracadas:

Para embarcacións de menos de 12 metros de eslora, 19,72 €/m^2/ano, e 22,17 €/m^2/ano para o resto de embarcacións, correspondendo os metros cadrados á superficie nominal da praza teórica que ocuparía cada embarcación, e aplicando a parte proporcional ao período autorizado.

O servizo de mariñeiría inclúe as axudas á atracada e desatracada e o control e xestión das instalacións.

No suposto de que o servizo de mariñeiría non inclúa a parte proporcional do servizo de vixilancia continuada, as contías serán as indicadas anteriormente multiplicadas por 0,65.

Cando o organismo portuario acoute especificamente zonas do porto para ancoraxe ou depósito de embarcacións deportivas, as contías dos apartados 4 e 5 do concepto B) terán unha bonificación do 50 %, sempre que previamente se soliciten os correspondentes servizos a Portos de Galicia.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións de paso no porto serán as anteriormente indicadas multiplicadas por 1,5.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións tradicionais e históricas, clásicas ou de época, debidamente acreditadas e recoñecidas no censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos conforme o establecido na normativa aplicable, serán as anteriormente indicadas, cunha bonificación de ata un 70 % da tarifa resultante. A dita bonificación calcularase en función da clasificación da embarcación, segundo sexa tradicional ou histórica (clásica ou de época), antigüidade e uso. Esta bonificación non será acumulable ás bonificacións descritas na regra oitava desta tarifa X-5.

Para os efectos da aplicación das bonificacións indicadas, terase en conta o seguinte:

a) Para as embarcacións tradicionais de Galicia construídas con anterioridade ao ano 1950, aplicarase unha bonificación dun 70 % sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.

b) Para as embarcacións históricas clásicas ou de época construídas con anterioridade ao ano 1950, aplicarase unha bonificación dun 70 % sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.

c) Para as embarcacións históricas, clásicas ou de época, e tradicionais construídas con posterioridade ao ano 1950, a bonificación será dun 60 % e aplicarase sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.

Ademais, se é o caso, serán aplicables sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante as seguintes bonificacións adicionais:

1. O 20 % para embarcacións tradicionais e históricas propiedade de asociacións náuticas ou culturais sen ánimo de lucro e das que se acredite a súa posta á disposición para a promoción, divulgación, protección ou conservación dos seus valores culturais e históricos.

2. O 10 % para embarcacións tradicionais e históricas inscritas no censo voluntario propiedade dun armador particular que non sexan destinadas a fins lucrativos.

Para os efectos do disposto nesta regra, teranse en conta as seguintes definicións:

a) Enténdese por ancoraxe a dispoñibilidade dunha superficie de espello de auga destinado para tal fin e debidamente autorizado.

b) Enténdese por atracada en punta a dispoñibilidade dun elemento de amarre fixo a embarcadoiro, peirao, banqueta ou dique que permita fixar un dos extremos (proa ou popa) da embarcación.

c) Enténdese por embarcación en seco aquela que permaneza nas instalacións portuarias, fóra da lámina de auga, tanto en estadía transitoria non dedicada a invernada como en estadías prolongadas en zonas habilitadas para tal fin.

d) Enténdese por dispoñibilidade dos servizos de auga e enerxía, dos números 3 e 4 do concepto C), a existencia nas proximidades do punto de atracada, a peirao ou embarcadoiro, de tomas de subministración de auga ou enerxía, con independencia do aboamento da tarifa E-3 que lle sexa aplicable polos consumos efectuados.»

Vinte e dous. Modifícase a regra sétima da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Sétima. O aboamento da tarifa da regra sexta farase:

a) Para embarcacións de paso no porto, por adiantado á chegada e polos días de estadía que declaren, ou por períodos de vinte e catro horas desde a súa chegada, contando desde ás 12.00 horas do día de chegada. Se este prazo tiver que ser superado, o suxeito pasivo terá que formular nova petición e aboar de novo, por adiantado, o importe inherente ao prazo prorrogado.

b) Para embarcacións con base no porto, por semestres adiantados para o ano 2019. A domiciliación bancaria poderá ser exixida por Portos de Galicia de o considerar conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.

Enténdese por embarcación con base no porto, para os únicos efectos da aplicación desta tarifa, aquela que teña autorizada a prestación do servizo de atracada ou ancoraxe ou estadía en seco por un período dun ou máis semestres naturais. O resto das embarcacións serán consideradas como de paso no porto.

Para embarcacións con base no porto, o importe da tarifa aplicable será polo período completo autorizado, independentemente das entradas, das saídas ou dos días de ausencia da embarcación, mentres teña asignado o posto de atracada ou ancoraxe.

As embarcacións que teñan base nun porto dependente de Portos de Galicia estarán exentas do pagamento da tarifa diaria aplicable a embarcacións de paso durante as súas estadías noutros portos dependentes de Portos de Galicia. Para a súa aplicación deberán acreditar no porto de destino estar ao corrente do pagamento.

A baixa como embarcación de base producirá efectos fronte a Portos de Galicia desde o semestre natural seguinte ao da solicitude de baixa.»

Vinte e tres. Modifícase a regra oitava da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Oitava. Ás embarcacións con base no porto aplicaráselles unha redución do 20 % da tarifa que lles resulte aplicable no período considerado como temporada baixa, período este que é o comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de marzo.

A bonificación no período de temporada baixa será do 42,5 % cando a embarcación con base no porto estea amarrada durante todo o ano natural.

Esta regra non lles será aplicable ás embarcacións atracadas ou ancoradas en instalacións propias de concesión de construción e explotación.

Portos de Galicia aplicaralles unha bonificación do 40 % ás embarcacións deportivas ou de lecer, cando o resultado da fórmula 0,4xExMxP sexa menor de 2 e con motores tamén menores de 20 HP, que sexan titularidade dos xubilados do mar. Na fórmula indicada, E = eslora máxima total, M = manga máxima, P = puntal de trazado.

Portos de Galicia aplicará unha bonificación do 50 % ás contías dos conceptos A), B) e C), agás na contía correspondente a embarcacións en seco, ás embarcacións que atraquen en peiraos ou embarcadoiros de titularidade de Portos de Galicia que estean xestionados directamente ou parcialmente por este organismo e que teñan calados inferiores a 1 metro en baixamar viva equinoccial (BMVE). Será requisito para a aplicación desta bonificación que o calado máximo da embarcación permita a súa atracada en condicións de seguridade nestas prazas con calado reducido, que a bonificación sexa solicitada polo titular da autorización e que o aboamento da tarifa se realice por adiantado segundo o disposto na letra b) da regra sétima da presente tarifa. Esta bonificación é acumulable ás restantes indicadas nesta tarifa.»

Vinte e catro. Modifícase a regra décimo primeira da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décimo primeira. As embarcacións atracadas ou ancoradas en instalacións propias de concesión ou autorización administrativa, agás que no prego de condicións do título se determine outra cousa, aboarán en todo caso o concepto A) da regra sexta e os demais sumandos B) e C) por aqueles servizos prestados en instalacións alleas á concesión ou autorización administrativa. Para o seu aboamento o concesionario ou o autorizado poderá optar:

a) Pola liquidación directa da tarifa polo organismo portuario ao suxeito pasivo baseándose na documentación que o concesionario ou o autorizado entregará a Portos de Galicia, cos datos diarios precisos para que este poida liquidar a tarifa tanto ás embarcacións de paso como ás que teñen base na concesión ou autorización, de acordo co procedemento e formato que Portos de Galicia determine. A domiciliación bancaria poderá ser exixida por Portos de Galicia se o considera conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.

b) Polo aboamento da tarifa, subrogándose na obriga dos suxeitos pasivos. Neste caso, o concesionario ou o autorizado entregará a Portos de Galicia a documentación que lle sexa requirida, consonte o procedemento e formato que sinale este organismo, cos datos necesarios para realizar a liquidación que practicará Portos de Galicia. Neste caso, Portos de Galicia poderá acordar unha redución de ata un 15 % da contía base da tarifa que lle corresponda, sendo esta redución dun 5 % se a relación de embarcacións de base declaradas é inferior a 100, do 10 % se está entre 101 e 200 e do 15 % se é superior a 201. Para as embarcacións en tránsito que ocupen prazas de uso público a redución na contía da tarifa base será do 5 %.»

Vinte e cinco. Modifícase a regra décimo segunda da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décimo segunda. Nas instalacións deportivas construídas e xestionadas parcialmente por Portos de Galicia que sexan explotadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa que á entrada en vigor desta lei inclúan nos pregos de condicións a redución da contía da tarifa X-5 de ata o 15 %, por subrogarse nas obrigas de pagamentos dos suxeitos pasivos que utilicen as instalacións, manterase esta redución mentres estea vixente ese título administrativo.»

Vinte e seis. Modifícase a regra quinta da tarifa E-3 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Quinta. As contías da tarifa por subministración de enerxía eléctrica serán as seguintes:

a) Por kWh ou fracción subministrada a través das tomas propiedade de Portos de Galicia: 0,331849 €. A facturación mínima será de 3,840155 €.

b) As contías da taxa para as restantes instalacións:

As bases de cálculo da taxa portuaria defínense segundo os conceptos de enerxía establecidos en referencia directa ao cálculo da factura eléctrica do mercado retallista español establecido no Real decreto 1164/2001 e en particular á tarifa PVPC simple dun único período 2.0A establecida no Real decreto 216/2014, con prezos dos termos de peaxes de acceso e marxe de comercialización fixa vixentes, segundo a formulación seguinte:

Taxas E-3 no período de devindicación = (PA+EA) x Rv x IE + Ct.

Sendo:

— Concepto de potencia accesible (PA): resulta da aplicación do prezo da potencia vixente no ano natural de devindicación. Fíxase para o exercicio 2019 e seguintes unha contía de 0,1152 €/kW-día, multiplicado pola potencia dispoñible da instalación, que vén determinada polo calibre do interruptor xeral de protección da liña de acometida (kW) multiplicado polos días comprendidos no período de facturación.

No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.

— Concepto de enerxía activa (EA): resulta da aplicación do prezo da enerxía vixente no ano natural de devindicación multiplicado pola diferenza de lecturas do equipo de medida tomadas o primeiro día e o derradeiro do período de devindicación en kWh.

O prezo da enerxía vixente no ano natural será unha contía fixa para todo o ano natural, sendo este valor o prezo medio da enerxía publicado polo ministerio con competencia en materia de enerxía do período interanual calculado a partir do 1 de xullo. Para o exercicio 2019 este valor medio é de 0,1209 €/kWh.

No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.

— Recarga polo volume de kWh consumidos (Rv): establécese unha recarga da tarifa base consumida comprendida entre o 2 % e o 10 %, dependendo a dita porcentaxe do consumo medio diario realizado durante o período de devindicación, segundo a seguinte táboa:

Media dos kWh consumidos por día durante o período liquidado	Recarga (%)
Igual ou superior a 300 kWh/día	10 %
Igual ou superior a 200 kWh/día e inferior a 300 kWh/día	8 %
Igual ou superior a 100 kWh/día e inferior a 200 kWh/día	6 %
Igual ou superior a 10 kWh/día e inferior a 100 kWh/día	4 %
Igual ou superior a 5 kWh/día e inferior a 10 kWh/día	2 %

Onde:

Rv = 1 + Recarga (%)/100

— Imposto eléctrico (IE): sobre o concepto de potencia accesible e o concepto de enerxía activa será aplicable a porcentaxe correspondente ao imposto eléctrico legalmente establecido polo organismo competente. O imposto eléctrico para o exercicio 2019 e seguintes é dun 5,11269632 %. Non obstante, no suposto de que sufra variacións durante este exercicio, adaptarase a formulación ao imposto vixente no período de devindicación.

Onde:

IE = 1 + gravame imposto eléctrico (%)/100 = 1+5,11269632/100 = 1,0511269632.

— Contía por posta á disposición de contador (Ct): polos traballos de conexionado, desconexionado e tramitacións administrativas de instalación e seguimento establécese unha contía fixa de 0,05 €/día en subministracións efectuadas en baixa tensión e de 0,5 €/día en subministracións efectuadas en media tensión, polos días comprendidos entre o primeiro e o derradeiro do período de devindicación.»

Vinte e sete. Modifícase a regra décimo cuarta da tarifa E-4 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décimo cuarta. As contías pola subministración de elementos de apertura ou peche de control de accesos instalados nos portos serán as seguintes:

— Tarxetas magnéticas de proximidade ou contacto: 12,87 €/unidade

— Dispositivos de lectura a distancia: 18,87 €/unidade

— Mandos a distancia: 50,61 €/unidade.»

TÍTULO II
Medidas administrativas

CAPÍTULO I
Emprego público

Artigo 6. *Modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra b) do número 2 do artigo 14, que queda coa seguinte redacción:

«b) Propoñer ao Consello da Xunta de Galicia os proxectos de normas de xeral aplicación ao emprego público. Cando se trate de proxectos normativos referentes ao persoal funcionario suxeito a un réxime singular ou especial, a proposta será por iniciativa da persoa titular da consellaría sectorialmente competente.»

Dous. Modifícase a letra d) do número 2 do artigo 14, que queda coa seguinte redacción:

«d) Convocar e resolver os concursos ordinarios de provisión de postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo do persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.»

Tres. Engádese unha letra f) no número 2 do artigo 17, que queda redactada como segue:

«f) Convocar e resolver os concursos específicos de provisión de postos de traballo relativos á súa consellaría incluídos nas relacións de postos de traballo do persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.»

Tres *bis*. Modifícase a letra f) do número 4 do artigo 38, que queda coa seguinte redacción:

«f) Os requisitos e, nos casos en que proceda, as áreas funcionais, os méritos, as capacidades, a experiencia ou a categoría profesional para a súa provisión.»

Catro. O número 3 do artigo 48 queda modificado como segue:

«3. As ofertas de emprego público poden prever que as prazas reservadas para persoas con discapacidade se convoquen conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatorias independentes, garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos selectivos. As probas dos procesos obxecto de convocatoria independente serán de características similares ás que se realicen nas convocatorias ordinarias e as persoas que participen nelas deberán acreditar o grao de discapacidade indicado. As prazas incluídas nestas convocatorias computaranse na porcentaxe reservada na oferta de emprego público para a súa cobertura entre persoas con discapacidade.»

Cinco. Engádeselle un número 5 ao artigo 55, coa seguinte redacción:

«5. Para asegurar a protección das vítimas de violencia de xénero durante o desenvolvemento dos procesos selectivos e nas listas de contratación temporal, serán adoptadas todas as medidas necesarias para a salvagarda dos seus dereitos e intereses, e en especial a protección dos seus datos persoais, nos termos establecidos no artigo 72.3.a).»

Seis. Modifícanse as letras a) e b) do artigo 77, que quedan coa seguinte redacción:

«a) Dentro de cada corpo ou escala existirán categorías profesionais divididas en graos de ascenso, aos cales irá vinculada a contía do complemento retributivo de carreira previsto nesta lei.

b) O persoal funcionario de carreira de cada corpo ou escala terá atribuída unha categoría profesional e un grao dentro dela, que para o persoal de novo ingreso será necesariamente a categoría inicial e o grao inferior desta.»

«Seis *bis*. Modifícase o número 3 do artigo 89, que queda coa seguinte redacción:

«3. Para a valoración dos méritos, das capacidades e, de ser o caso, das aptitudes dos candidatos, crearanse comisións de valoración, coa composición e o réxime de funcionamento que se determinen regulamentariamente, e nos casos dos concursos ordinarios garantirase a participación da representación do persoal. A composición destes órganos responderá aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarase ao criterio de paridade entre home e muller. O seu funcionamento axustarase aos principios de imparcialidade e obxectividade.»

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 121, que queda coa seguinte redacción:

«1. Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas, que se distribuirán por elección da persoa titular do dereito, sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 122, que queda coa seguinte redacción:

«1. Nos casos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas, do que se fará uso, por elección da persoa titular do dereito, en calquera momento posterior á efectividade da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de aproveitamento deste permiso.»

Nove. O número 2 do artigo 129 queda modificado como segue:

«2. As licenzas previstas neste artigo pódense conceder igualmente ao persoal funcionario en prácticas que xa estea prestando servizos remunerados na Administración como persoal funcionario de carreira, durante o tempo que se prolongue o curso selectivo ou o período de prácticas. Se os servizos como persoal funcionario de carreira se

prestasen na mesma Administración na que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas, poderá optarse entre percibir as retribucións que correspondan pola condición de funcionario de carreira ou as retribucións previstas para o persoal funcionario en prácticas. Se os servizos como persoal funcionario de carreira se prestasen nunha administración distinta daquela na que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas, percibiranse necesariamente as retribucións fixadas nesta última para o persoal funcionario en prácticas.»

Dez. Modifícase o número 3 do artigo 146, que queda coa seguinte redacción:

«As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei aboarán o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de gozo da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, acade o 100 % das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal.»

Dez *bis*. Engádenselle as letras ñ) e o) ao artigo 167, que quedan redactadas como segue:

«ñ) Cando sexa nomeado como titular das subdelegacións do Goberno nas provincias ou das direccións insulares da Administración xeral do Estado e non opte por permanecer na situación de servizo activo na súa Administración de orixe.

o) Cando pase a desenvolver cargos directivos nas sociedades mercantís públicas autonómicas ou nas fundacións do sector público autonómico, cando os ditos cargos sexan designados logo do acordo do Consello da Xunta de Galicia ou polos seus propios órganos de goberno.»

Once. Os cadros do número 1 da disposición adicional novena correspondentes ás escalas de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros e de profesores de capacitación agraria quedan coa seguinte redacción:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros		A1	Impartir as ensinanzas marítimo-pesqueiras nas súas distintas especialidades, tanto teóricas como prácticas	Licenciatura ou grao nunha titulación de calquera rama e máster que habilite para o exercicio da profesión de profesor
Escala de profesores de capacitación agraria		A1	Impartir as ensinanzas de capacitación e formación profesional agraria, nas diferentes modalidades docentes	Licenciatura ou grao nunha titulación de calquera rama e máster que habilite para o exercicio da profesión de profesor

Doce. O cadro do número 2 da disposición adicional novena correspondente á escala de enxeñeiros técnicos queda coa seguinte redacción:

<table>
<tr><th>Denominación</th><th>Especialidades</th><th>Subgrupo</th><th>Funcións</th><th>Titulación</th></tr>
<tr><td rowspan="4">Escala de enxeñeiros técnicos</td><td>Enxeñaría técnica de obras públicas</td><td rowspan="4">A2</td><td rowspan="4">Execución técnica e realización dos traballos propios da titulación exixida e das funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo, de ser o caso, baixo a dirección e supervisión dos funcionarios da escala superior</td><td>Enxeñeiro técnico de obras públicas ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de obras públicas</td></tr>
<tr><td>Enxeñaría técnica industrial</td><td>Enxeñeiro técnico industrial ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico industrial</td></tr>
<tr><td>Enxeñaría técnica forestal</td><td>Enxeñeiro técnico forestal ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico forestal</td></tr>
<tr><td>Enxeñaría técnica agrícola</td><td>Enxeñeiro técnico agrícola ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico agrícola</td></tr>
</table>

	Enxeñaría técnica de minas			Enxeñeiro técnico de minas ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de minas
	Enxeñaría técnica de telecomunicación			Enxeñeiro técnico de telecomunicación ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de telecomunicación
	Enxeñaría técnica en topografía			Enxeñeiro técnico en topografía ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico en topografía

Trece. Introdúcese unha disposición adicional décimo cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Segunda actividade do persoal pertencente ás escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia*

1. A segunda actividade do persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia, que en todo caso será voluntaria, consistirá no pase á realización de tarefas que non comporten unha prestación directa de labores de extinción de incendios.

2. Poderá solicitar pasar á segunda actividade o persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais que cumpra os requisitos que a seguir se indican:

a) Ter cumpridos os 60 anos de idade.

b) Ter desempeñados vinte e cinco anos de servizo nestas escalas.

c) Formular solicitude nos termos previstos regulamentariamente.

3. O persoal en situación de segunda actividade percibirá a totalidade das retribucións que lle correspondan polo posto de traballo que efectivamente pase a desempeñar. Non obstante, se as retribucións totais son inferiores ás que se viñan percibindo no momento de se producir o pase á situación de segunda actividade, o persoal indicado terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á diferenza entre a totalidade das retribucións, básicas e complementarias, do posto de orixe, coa exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións que lle corresponda percibir polo posto que ocupe.

4. Desenvolverase regulamentariamente o réxime aplicable á segunda actividade deste persoal, logo da negociación coas organizacións sindicais.»

Trece *bis*. Engádese un número 5 na disposición transitoria primeira, coa seguinte redacción:

«5. Ao persoal laboral fixo que como consecuencia do proceso de funcionarización adquira a condición de funcionario de carreira e polo tanto se manteña no mesmo posto de traballo obxecto de funcionarización garántenselle as retribucións brutas que estaba a percibir como laboral fixo se estas son superiores ás que lle correspondan como funcionario mentres permaneza nese destino. A diferenza de retribucións entre funcionario e laboral farase efectiva mensualmente mediante un complemento persoal de funcionarización.

Este complemento non é nin compensable nin absorbible, agás que se incrementen as retribucións complementarias deste persoal por algunha causa que non derive dos incrementos anuais que con carácter xeral establezan as leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.»

Catorce. Engádeselle un número 4 á disposición transitoria oitava, coa seguinte redacción:

«4. Sen prexuízo do establecido no número 3 desta disposición e mentres non se implante o sistema de carreira profesional establecido no artigo 77, poderase establecer un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal previsto nesta disposición, que permita ao persoal funcionario de carreira progresar de maneira voluntaria e individualizada e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional.

No regulamento que desenvolva este sistema transitorio poderán fixarse os graos e requisitos para o seu recoñecemento e ascensos, así como a avaliación necesaria da traxectoria e actuación profesional, na que se terán en conta os coñecementos adquiridos, a formación, a experiencia e outros méritos e aptitudes que se establezan.

O persoal funcionario de carreira que quede encadrado neste sistema poderá percibir, de acordo co que se estableza regulamentariamente, unha retribución adicional ao complemento de destino segundo o grupo ou subgrupo profesional de pertenza, que remunere a progresión profesional acadada.

Esta retribución adicional percibirase en todo caso na situación de servizo activo no correspondente corpo ou escala ou durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma relacionados na disposición adicional primeira, letra a), da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Tamén percibirán este complemento os liberados sindicais.

O persoal funcionario de carreira que se encontre na situación de servizos especiais polo desempeño de postos ou cargos no ámbito delimitado no parágrafo anterior percibirá dentro das retribucións do posto ou cargo que desempeñe unha contía equivalente á correspondente á retribución adicional que lle sería aplicable de acordo con esta disposición.

Cando se implante o sistema de carreira profesional previsto no artigo 77, terase en conta o desenvolvemento profesional acadado e consolidado de acordo co establecido nesta disposición.»

CAPÍTULO II
Réxime orzamentario

Artigo 7. *Modificación do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro*

O texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, queda modificado como segue:

Un. Engádese un novo artigo 50 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 50 *bis*. *Oficina orzamentaria*

1. No ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en cada sección orzamentaria, baixo a dependencia da correspondente secretaría xeral técnica, identificarase un órgano, con nivel mínimo de servizo, que desenvolverá como mínimo as seguintes funcións, sen prexuízo daqueloutras que poidan establecerse nos decretos de estrutura orgánica:

a) Formular, en termos de obxectivos e programas de gasto, incluso plurianuais, os plans de actuación e proxectos dos servizos orzamentarios dependentes.

b) O estudo e informe económico dos actos e disposicións con repercusión económico-financeira nos orzamentos de gastos e ingresos.

c) Informar e propoñer, se é o caso, á comisión orzamentaria que corresponda a revisión dos programas de gasto e desenvolver e aplicar as instrucións para a elaboración do orzamento anual.

d) A elaboración e tramitación do anteproxecto anual de orzamentos da sección e a coordinación dos correspondentes ás entidades instrumentais dependentes, o

seguimento da execución dos créditos orzamentarios e a tramitación das súas modificacións.

e) O seguimento do grao de realización dos obxectivos respecto dos programas e actuacións que se determinen na lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

f) A análise e coordinación de cantos recursos financeiros ten asignados a sección, así como a coordinación e seguimento da aplicación dos fondos europeos ou outros finalistas que financien programas ou proxectos da sección e das súas entidades dependentes, sen prexuízo das funcións atribuídas ás outras unidades e órganos da sección.

2. Nas entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia cuxa normativa específica confira carácter limitativo aos créditos do seu orzamento de gastos, estableceranse as unidades necesarias para dar cumprimento ao sinalado na letra d) do número anterior.

3. Por orde da consellaría competente en materia de facenda aprobarase o desenvolvemento regulamentario relativo á realización destas funcións e o procedemento que se debe seguir para o exercicio de cada unha delas.»

Dous. Engádense os números 3 e 4 no artigo 61, coa seguinte redacción:

«3. Non terán a condición de modificacións orzamentarias nin a redistribución de créditos nin os movementos interproxectos que non alteren o nivel de vinculación dos créditos previsto no artigo 56 ou nas leis anuais de orzamentos.

4. O procedemento de xestión dos expedientes de modificacións orzamentarias que afecten a Administración xeral, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e restantes entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia cuxa normativa específica confira carácter limitativo aos créditos do seu orzamento de gastos desenvolverase por orde da consellaría competente en materia de facenda. Nesta orde tamén se desenvolverá o procedemento de xestión das figuras previstas no número 3 deste artigo.»

Tres. O primeiro parágrafo do artigo 73 queda redactado como segue:

«A xestión económica e financeira dos créditos incluídos nos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos, axencias públicas e demais entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo estruturarase de acordo coas seguintes fases:»

Catro. No artigo 73 queda suprimido o inciso «a) Orzamento de gastos».

Cinco. Suprímese toda a letra b) do artigo 73.

Seis. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 78:

«Artigo 78. *Fases dos dereitos económicos*

1. A xestión orzamentaria dos dereitos económicos incluídos nos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos, axencias públicas e demais entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo realizarase a través das seguintes fases:

a) Compromiso de ingreso, que é o acto con base no cal se recoñece en contas o dereito a liquidar un determinado recurso por unha contía certa no momento no que se cumpran as condicións ou trámites que se prevén no título xurídico do que nace a expectativa do dereito á súa percepción.

Para estes efectos, terán a consideración de títulos xurídicos habilitantes as leis, os regulamentos, as resolucións e os acordos promulgados, aprobados, ditados ou adoptados por órganos estatais, autonómicos ou locais, así como os convenios e os contratos celebrados con estes órganos ou con outras entidades públicas ou privadas.

b) Contraído do recurso, que é o acto polo que se liquida o ingreso e se recoñece en contas o dereito definitivo á súa percepción pola súa exacta contía, unha vez cumpridas as condicións exixidas para a perfección do dereito.

c) Recadación do recurso, que constitúe o proceso a través do cal a Tesouraría da Comunidade ingresa nas súas caixas o importe do dereito recoñecido ou cando, de ser o caso, se procede ao seu ingreso en formalización.

2. O desenvolvemento das distintas fases realizarase tendo en conta o principio de mantemento do equilibrio económico-financeiro e condicionado ás garantías de estabilidade orzamentaria e á sustentabilidade financeira establecidas na normativa estatal e autonómica.

3. Poderán acumularse nun mesmo acto unha ou varias das fases de xestión orzamentaria.»

Sete. O artigo 79 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 79. *Normas especiais na xestión orzamentaria dos dereitos económicos por transferencias correntes e de capital*

1. Respecto dos dereitos económicos procedentes de transferencias correntes e de capital, a competencia para a realización dos actos de xestión orzamentaria corresponderá:

a) Cando se trate de dereitos que corresponden ao orzamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma e cando se modifiquen as previsións iniciais das entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo, á dirección xeral competente en materia de orzamentos, a través do órgano que teña atribuída a xestión orzamentaria dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital.

b) Agás a excepción prevista na letra a) deste número, cando se trate de ingresos que corresponden ao orzamento das entidades públicas instrumentais con orzamento de

carácter limitativo, aos órganos que dentro delas teñan atribuída a xestión orzamentaria en materia de ingresos.

2. Na aplicación do previsto nos artigos 64 e 69, a formalización de compromisos firmes de ingresos non orzados inicialmente axustarase ás seguintes especialidades:

a) Por solicitude das consellarías ou das entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo, os expedientes de formalización do compromiso de ingreso e de xeración de crédito ou ampliación serán tramitados simultaneamente pola dirección xeral competente en materia de orzamentos, a través dos órganos que teñan atribuídas as correspondentes funcións.

b) Cando se trate de transferencias que corresponden a recursos previstos na lei reguladora do sistema de financiamento das comunidades autónomas, a tramitación simultánea dos expedientes de formalización do compromiso de ingreso e de xeración ou ampliación será realizada de oficio pola dirección xeral competente en materia de orzamentos.

3. O contraído dos recursos procedentes da Unión Europea efectuarase unha vez certificada ante a unidade estatal ou comunitaria administradora destes recursos a realización do gasto financiado coas transferencias dos devanditos recursos.

Con carácter xeral, sen prexuízo das excepcións que, no marco do proceso de elaboración do orzamento anual, estableza a dirección xeral competente en materia de orzamentos, a xestión destes recursos incluirase dentro do orzamento da Administración xeral, aínda que o beneficiario sexa calquera das entidades incluídas no ámbito do sector público autonómico definido segundo a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou se trate de entidades que estean recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo.

Realizada esta xestión orzamentaria, as entidades percibirán os recursos correspondentes desde a sección orzamentaria pola que reciben as transferencias correntes e de capital.

4. Os anticipos de fondos europeos percibidos para financiar gastos en fase de execución terán, transitoriamente, tratamento extraorzamentario, que se cancelará no momento en que se certifique o gasto e se efectúe o contraído do recurso e a aplicación do recadado, segundo proceda, como transferencia corrente ou de capital.

5. Non resultará aplicable o previsto no número anterior cando a Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes instrumentais con orzamento de carácter limitativo resulten beneficiarios de axudas financiadas con fondos europeos xestionados pola Administración xeral do Estado para os que se conveña a realización de anticipos reembolsables.

6. Os ingresos por transferencias correntes e de capital que non poidan ser identificados polo órgano da dirección xeral competente en materia de orzamentos que teña atribuída a súa xestión, ao non figurar claramente especificada a súa procedencia, quedarán contabilizados en contas extraorzamentarias, que os recollerán como pendentes de aplicación ata a súa correcta identificación.

7. A devolución de ingresos procedentes de transferencias correntes ou de capital xa aplicadas ao orzamento e materialmente ingresadas en contas de Tesouraría só poderá realizarse como consecuencia de disposición, resolución ou acordo no que se estableza a súa exixencia á Administración xeral ou ás entidades públicas instrumentais que os percibiron.

Co obxecto de manter o equilibrio orzamentario, poderase requirir do órgano ou entidade que xestionou a transferencia recibida que comunique os créditos do seu orzamento de gastos que financiarán a correspondente devolución. En ningún caso o expediente de devolución incluirá as cantidades exixidas por xuros ou conceptos análogos, e a devolución das devanditas cantidades será a cargo do xestor da transferencia.

8. Por orde da consellaría competente en materia de facenda desenvolveranse os procedementos de xestión orzamentaria que correspondan para cada unha das especialidades previstas nos números 1 a 7 deste artigo e determinaranse os órganos competentes en cada caso.»

Oito. Engádeselle un número 5 ao artigo 85, coa seguinte redacción:

«5. O procedemento de xestión dos expedientes de modificacións orzamentarias que afecten as entidades instrumentais previstas no número 1 desenvolverase por orde da consellaría competente en materia de facenda.»

CAPÍTULO III
Medio ambiente e territorio

Artigo 8. *Modificación do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados*

O Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o apartado 2 do número 1 do artigo 2, que queda coa seguinte redacción:

«2. Actividades potencialmente contaminantes do solo: as actividades de tipo industrial ou comercial que, xa sexa polo manexo de substancias perigosas, xa sexa pola xeración de residuos, poidan contaminar o solo. Terán, en todo caso, esta consideración:

a) As actividades de tipo industrial ou comercial recollidas no anexo I do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados, ou norma que o substitúa.

b) As actividades que producen, manexan ou almacenan máis de dez toneladas por ano dunha ou varias das substancias incluídas no Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas.

c) Os almacenamentos de combustible para uso propio, segundo o Real decreto 1523/1999, do 1 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións

petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e as instrucións técnicas complementarias MI-IP03, aprobadas polo Real decreto 1427/1997, do 15 de setembro, e MI-IP04, aprobadas polo Real decreto 2201/1995, do 28 de decembro, cun consumo anual medio superior a 300.000 litros e cun volume total de almacenamento igual ou superior a 50.000 litros.

Terán a consideración de novas actividades potencialmente contaminantes do solo aquelas que iniciaron a súa actividade con posterioridade ao 7 de febreiro de 2005, data de entrada en vigor do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro.»

Dous. Suprímese o anexo I.

Artigo 9. *Modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia*

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádeselle un novo número 3 ao artigo 71, coa seguinte redacción:

«3. Sobre a contía das sancións pecuniarias impostas segundo os artigos 72 a 74 aplicaranse as reducións establecidas no artigo 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, nos termos previstos no dito precepto.»

Dous. Modifícase o artigo 72, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 72. *Infracción tributaria por incumprir a obriga de repercutir o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración na factura da auga*

1. Constitúe infracción tributaria incumprir a obriga de repercutir o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración nas facturas ou nos recibos que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos. Neste suposto inclúese o incumprimento da obriga de liquidar o canon da auga ou o coeficiente de vertedura nas subministracións ou, se é o caso, na prestación de servizo de sumidoiros non facturados aos abonados, mesmo os consumos propios das entidades subministradoras ou prestadoras do servizo de sumidoiros, nos termos que regulamentariamente se determinen, así como o incumprimento da prohibición da súa repercusión de forma separada da factura ou recibo que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos.

2. A infracción tributaria será leve cando o importe non repercutido, ou repercutido de forma separada, do canon da auga ou do coeficiente de vertedura sexa inferior ou igual a 3.000 euros ou, sendo superior, o número de recibos de auga emitidos sen incluír o canon da auga ou o coeficiente de vertedura sexa inferior ou igual a 10.

3. A infracción tributaria será grave cando o importe non repercutido, ou repercutido de forma separada, do canon da auga ou do coeficiente de vertedura sexa superior a 3.000 euros.

4. A base da sanción será o canon da auga ou o coeficiente de vertedura non repercutido, ou repercutido de forma separada, como resultado da comisión da infracción.

5. A sanción por infracción leve consistirá nunha multa pecuniaria proporcional do 25 % da base.

6. A sanción por infracción grave consistirá nunha multa pecuniaria proporcional do 40 % da base.

7. A sanción por infracción grave graduarase incrementando a porcentaxe indicada no número anterior conforme os criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e de prexuízo económico para a Facenda pública, cos incrementos porcentuais previstos para cada caso nas letras a) e b) do número 1 do artigo 187 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Tres. O artigo 73 queda modificado como segue:

«Artigo 73. *Infracción tributaria por repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración con prexuízo económico para a Facenda pública*

1. Constitúe infracción tributaria repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración nas facturas ou nos recibos que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos, ou repercutilo en documento separado, cando desta repercusión incorrecta se produza ou se poida producir prexuízo económico para a Facenda pública.

2. A base da sanción será a diferenza entre o canon da auga ou o coeficiente de vertedura repercutido e o que procedía repercutir.

3. A cualificación da sanción como leve ou grave, así como a determinación da súa sanción, realizarase consonte o establecido nos números 2 a 7 do artigo anterior.»

Catro. O artigo 74 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 74. *Infracción tributaria por repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración sen prexuízo económico para a Facenda pública*

1. Constitúe infracción tributaria leve repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración nas facturas ou nos recibos que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos cando desta repercusión incorrecta non se produza ou non se poida producir prexuízo económico para a Facenda pública.

2. A base da sanción será a diferenza entre o canon da auga ou o coeficiente de vertedura repercutido e o que procedía repercutir.

3. A sanción consistirá nunha multa pecuniaria proporcional do 10 % da base.»

Artigo 10. *Modificación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*

Modifícase o número 2 do artigo 36 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que queda coa seguinte redacción:

«2. A declaración de incidencia ambiental deberá ser emitida no prazo máximo de dous meses desde a presentación da solicitude. Se se supera o citado prazo, a declaración entenderase desfavorable.»

Artigo 11. *Modificación da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014*

Engádese un número Tres *bis* na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, coa seguinte redacción:

«Tres *bis*. Igualmente, cando as circunstancias económicas da sociedade o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade, a persoa titular da consellaría competente en materia de residuos, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de facenda, poderá establecer unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada nunha porcentaxe que non exceda o 10 % da cantidade que en concepto de canon estea vixente no ano inmediatamente anterior.

A aprobación da contía do canon bonificado por tonelada publicarase no *Diario Oficial de Galicia* conxuntamente coa actualización anual do canon unitario prevista no número Dous desta disposición.

Para poder beneficiarse da dita bonificación, as entidades locais deberán presentar a súa solicitude ante a sociedade antes de que transcorra un mes desde a súa publicación, xuntando unha declaración na que se comprometan a adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente á aprobación dese canon bonificado, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, mediante a modificación ou adaptación das prestacións patrimoniais de carácter público que teñan establecidas para o servizo público de recollida de residuos urbanos, tratamento e eliminación destes, así como a procurar unha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros. A presentación da indicada declaración determinará a inmediata aplicación do canon bonificado con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente á aprobación dese canon bonificado.

Dentro dos dous primeiros meses do primeiro ano seguinte ao da aplicación da bonificación do canon unitario de tratamento por tonelada, as entidades locais beneficiarias do dito canon deberán presentar unha certificación do órgano da entidade local que corresponda na que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas no parágrafo anterior relativas, en primeiro lugar, a ter adoptado as medidas para permitir nese ano trasladar a bonificación ás persoas beneficiarias do servizo e, en segundo lugar, á

adopción ou mantemento das medidas sinaladas de fomento da recollida selectiva ou de fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.

No suposto de que, no prazo sinalado no parágrafo anterior, non se achegase o dito certificado ou se constatase o incumprimento das condicións requiridas para o gozo da bonificación, será aplicable o canon ordinario sen bonificación, polo que a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S. A. procederá a facturar antes do 30 de marzo o importe da bonificación aplicada o ano anterior. Para o caso de impagamento deste importe, haberá que aterse ao disposto no apartado Seis desta disposición adicional.»

Artigo 11 *bis*. *Modificación da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia*

Engádese un derradeiro parágrafo na letra b) do número 1 do artigo 72 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, coa seguinte redacción:

«Exclusivamente para a caza do xabaril, poderá practicarse esta modalidade de caza colectiva coa participación dun mínimo de oito cazadores.»

Artigo 12. *Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un novo artigo 117 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 117 *bis*. *Modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación*

A Administración expropiante poderá utilizar, para o desenvolvemento da actividade de execución das actuacións no sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación de réxime xurídico, de contratación das administracións públicas, de réxime local e de ordenación territorial e urbanística.»

Un *bis*. Modifícase o número 2 do artigo 157, que queda redactado como segue:

«2. Toda infracción urbanística implicará a imposición de sancións ás persoas responsables, así como a obriga de resarcimento dos danos e indemnización das perdas a cargo deles, con independencia das medidas previstas na sección anterior. A obriga de resarcimento dos danos e de indemnización das perdas provocados no patrimonio das administracións públicas poderá impoñerse na propia resolución sancionadora e a súa execución realizarase, de ser o caso, a través dos medios de execución forzosa previstos pola lexislación do procedemento administrativo común.»

Un *ter*. Engádeselle unha nova letra f) ao número 3 do artigo 158, coa seguinte redacción:

«f) A realización de pintadas, graffitis, incisións ou outros actos que causen danos ou deterioracións ou menoscaben o ornato da vía pública, do mobiliario urbano, dos espazos publicitarios ou dos paramentos exteriores das edificacións, construcións e instalacións, incluídos os muros e cerramentos de todo tipo, sempre que exista reincidencia ou os danos sexan irreparables, entendéndose por tales aqueles que exixan a substitución do elemento afectado.

Non será constitutiva de infracción a realización de murais e graffitis de valor artístico nos espazos públicos que excepcionalmente cedan os concellos para estes efectos, sempre que non prexudiquen o contorno urbano nin a calidade de vida da veciñanza. Estes espazos deberán estar periodicamente sometidos a control e limpeza.»

Un *quater*. Modifícase o número 4 do artigo 158, que queda redactado como segue:

«4. Son infraccións leves:

a) A execución de obras ou instalacións realizadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, cando sexan legalizables por seren conformes co ordenamento urbanístico.

b) O incumprimento das ordes de execución ou demolición.

c) A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter non esencial, en calquera dato ou documento que se achega ou consta na comunicación previa.

d) A realización de pintadas, graffitis, incisións ou outros actos que causen danos ou deterioracións ou menoscaben o ornato da vía pública, do mobiliario urbano, dos espazos publicitarios ou dos paramentos exteriores das edificacións, construcións e instalacións, incluídos os muros e cerramentos de todo tipo, sempre que non teña o carácter de infracción grave.

Non será constitutiva de infracción a realización de murais e graffitis de valor artístico nos espazos públicos que excepcionalmente cedan os concellos para estes efectos, sempre que non prexudiquen o contorno urbano nin a calidade de vida da veciñanza. Estes espazos deberán estar periodicamente sometidos a control e limpeza.

e) As demais vulneracións do ordenamento urbanístico que non teñan o carácter de infraccións graves ou moi graves.»

Un *quinquies*. Engádeselle un novo número 5 ao artigo 160, coa seguinte redacción:

«5. No caso das infraccións previstas na alínea f) do número 3 e na alínea d) do número 4 do artigo 158, serán sancionadas as persoas que resulten autoras materiais das condutas.

Estarán exentos de responsabilidade por estas infraccións os menores de 14 anos. No caso de que a infracción sexa cometida por un menor de 14 anos, a autoridade competente poñerao en coñecemento do Ministerio Fiscal.

Cando sexa declarado autor dos feitos cometidos un menor de 18 anos, un menor non emancipado ou unha persoa coa capacidade modificada xudicialmente, responderán, solidariamente con el, do pagamento das sancións pecuniarias que se lle impoñan, dos danos e perdas ocasionados de acordo co establecido no artigo 157.2 e da reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción de acordo co establecido no artigo 162 *bis* os seus pais, titores, curadores, acolledores ou gardadores legais ou de feito, segundo proceda.»

Un *sexies*. Modifícase o número 1 do artigo 161, coa seguinte redacción:

1. As infraccións urbanísticas serán sancionadas da seguinte forma:

«a) As infraccións leves, con carácter xeral, con multa de 300 a 6.000 euros e, como mínimo, o 2 % do valor da obra, instalación ou actuación realizada, de ser o caso.

b) A infracción leve prevista na alínea d) do número 4 do artigo 158, con multa de 100 a 600 euros.

c) As infraccións graves, con carácter xeral, con multa de 6.001 a 60.000 euros e, como mínimo, o 20 % do valor da obra, terreos, exceso de edificación ou actuación realizada, de ser o caso.

d) A infracción grave prevista na alínea f) do número 3 do artigo 158, con multa de 601 a 6.000 euros.

e) As infraccións moi graves, con multa de 60.001 a 1.000.000 de euros e, como mínimo, o 30 % do valor das obras, terreos, edificacións ou actuacións realizadas, de ser o caso.»

Un *septies*. Engádese un novo artigo 162 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 162 *bis*. *Reposición da situación alterada ao seu estado orixinario en determinados casos*

As responsabilidades administrativas que deriven da comisión das infraccións previstas na alínea d) do número 4 do artigo 158 e na alínea f) do número 3 do artigo 158 entenderanse sen prexuízo e serán compatibles coa exixencia, polo órgano competente para a imposición da sanción, ao infractor ou ás persoas previstas no artigo 160.5 desta lei da obriga de reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, incluíndo a limpeza das pintadas e graffitis.»

Dous. Engádese unha disposición adicional terceira na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Medidas urbanísticas excepcionais*

Para os efectos desta lei, e sen prexuízo do necesario respecto á normativa sectorial estatal e autonómica que resulte aplicable, poderase autorizar a reconstrución, coas mesmas características volumétricas que tiñan, dos edificios, construcións e instalacións afectados por situacións declaradas polo Consello de Ministros como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil ou polo Consello da Xunta de emerxencia de natureza catastrófica, que, no momento de produción da dita situación, estean sometidos ao réxime previsto nos artigos 40 e 90. Nestes casos, os edificios, construcións e instalacións realizados quedarán sometidos ao réxime dos artigos 40 e 90.

Esta disposición será aplicable tanto respecto das situacións xa declaradas como daquelas cuxa declaración se efectúe tras a súa entrada en vigor.»

Dous *bis*. Modifícase a letra d) da disposición transitoria terceira, coa seguinte redacción:

«d) Que se manteñan o uso e a actividade autorizados orixinariamente, permitíndose, en todo caso, o cambio de uso a calquera dos regulados no artigo 40 desta lei.»

Artigo 13. *Modificación da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía*

Engádese un número 3 no artigo 17, coa seguinte redacción:

«3. Toda persoa que conduza e controle, de forma habitual, ocasional ou puntual, un animal cualificado como potencialmente perigoso deberá estar en posesión da correspondente licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos expedida ao seu nome.»

CAPÍTULO IV
Infraestruturas

Artigo 14. *Modificación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 41 queda coa seguinte redacción:

«1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) 50 metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) 15 metros no caso de estradas convencionais. No caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e nel se categoricen funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, segundo o establecido no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

c) Nos elementos funcionais da estrada, a liña de edificación estará situada a 7 metros da liña exterior de delimitación da calzada do elemento funcional. No suposto de que a liña límite de edificación do elemento funcional quede incluída dentro da liña límite de edificación establecida pola propia estrada, será esta última a que prevaleza.»

Dous. O número 2 do artigo 47 queda coa seguinte redacción:

«2. A competencia para autorizar a execución de obras e instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección correspóndelle á Administración titular da estrada, agás na corta de arboredo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, logo do informe preceptivo e vinculante do órgano competente da Administración titular da estrada.

No caso de obras, instalacións ou actividades non executadas pola Administración titular da estrada, na parte da zona de dominio público dos tramos urbanos distinta das calzadas e das súas beiravías, a competencia para outorgar a autorización corresponderá aos concellos, logo do informe vinculante da Administración titular da estrada. Ese informe será tamén preciso no caso de obras, instalacións ou actividades que vaia realizar o propio concello.»

Tres. As letras e) e f) do número 2 do artigo 61 quedan coa seguinte redacción:

«e) Deteriorar intencionadamente calquera elemento da estrada directamente relacionado coa ordenación, orientación, sinalización e seguridade da circulación, ou modificar as súas características ou situación, cando non se impida que o elemento do que se trate siga prestando a súa función. Entenderase incluída nesta infracción a realización de pintadas, graffitis ou incisións de calquera tipo.

f) Destruír, deteriorar, alterar ou modificar intencionadamente calquera obra ou instalación da estrada ou dos seus elementos funcionais, cando non se afecte a estrada ou as beiravías. Entenderanse incluídos nesta infracción a realización de pintadas, graffitis ou incisións ou calquera outro acto que cause danos, deteriore ou menoscabe o seu ornato.»

CAPÍTULO V
Mar

Artigo 15. *Modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia*

Engádese un parágrafo terceiro na disposición transitoria cuarta da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, coa seguinte redacción:

«Respecto das concesións de actividade de acuicultura na zona marítima que iniciasen a vixencia segundo o disposto no parágrafo anterior, o procedemento de outorgamento da prórroga á que se refire o artigo 61 incoarase de oficio, agás manifestación expresa en contrario da persoa concesionaria formulada con anterioridade á incoación. Tras a incoación do procedemento e logo dos informes e restantes trámites preceptivos e dos demais que resulten necesarios, ditarase a resolución correspondente. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de seis meses. Se, durante a tramitación do procedemento e antes de se ditar a resolución, a persoa concesionaria formula manifestación en contra da prórroga, a Administración desistirá do procedemento iniciado, e ditará a correspondente resolución motivada, co arquivamento das actuacións.»

Artigo 16. *Modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia*

Engádese unha disposición transitoria novena na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, co seguinte teor:

«Disposición transitoria novena. *Composición e funcionamento do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia*

1. Mentres non se estableza regulamentariamente o número de vogais do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia, conforme dispón o artigo 13.2, a composición do dito órgano e o réxime de substitucións serán os establecidos nos artigos 10 e 11 do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de

xullo. O nomeamento dos vogais realizarao a persoa titular da consellaría competente en materia de portos, conforme dispón o devandito artigo 13.2.

2. Así mesmo, mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 13.5, o réxime de funcionamento e de adopción de acordos do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia será o previsto no artigo 14 do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo, en todo no que non se opoña á normativa básica estatal sobre órganos colexiados.»

CAPÍTULO VI
Sanidade

Artigo 17. *Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*

Modifícase o número 3 do artigo 118 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. Os graos I a IV da carreira profesional recoñecidos ao persoal estatutario retribuiranse mediante o complemento de carreira establecido para o correspondente grao e categoría.

O persoal fixo dunha categoría que pase a prestar servizos noutra, por promoción interna, manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente aos graos recoñecidos na categoría de orixe. No suposto de que se teñan recoñecidos graos retribuídos de diversas categorías (graos I a IV), percibirase o complemento de carreira correspondente a todos os graos recoñecidos, ata o límite de catro graos. Cando o profesional teña recoñecidos máis de catro graos, percibirá o complemento de carreira correspondente aos catro graos de maior contía.

Este complemento percibirase en todo caso na situación de servizo activo na correspondente categoría ou durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, fundacións sanitarias de natureza pública e sociedades públicas sanitarias con contido asistencial, ou nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma relacionados na disposición adicional primeira, letra a), da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Tamén percibirán este complemento os liberados sindicais.

O persoal que se encontre na situación de servizos especiais polo desempeño de postos ou cargos no ámbito delimitado no parágrafo anterior percibirá dentro das retribucións do posto ou cargo que desempeñe unha contía equivalente á correspondente ao complemento que lle sería aplicable de acordo con este precepto.»

CAPÍTULO VII
Medio rural

Artigo 18. *Modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común*

O artigo 5 da 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, queda coa seguinte redacción:

«Artigo 5. *Cesións e arrendamentos*

1. Os montes veciñais en man común, pese á súa inalienabilidade, poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, por obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden de modo principal no beneficio directo da comunidade de veciños, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18.1. A cesión poderá ser por tempo indefinido a prol de calquera das administracións públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia comunidade e mentres se manteña o fin para o que se fixo a cesión.

2. Os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de arrendamento total ou parcial, o cal se rexerá polo disposto no capítulo I do título VII da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, coas seguintes especialidades:

a) O período contractual non poderá ser superior a once anos, agás nos arrendamentos realizados a través do Banco de Terras de Galicia. Nestes arrendamentos a través do Banco de Terras de Galicia, o período máximo contractual será de trinta anos ou, no caso de especies forestais que se rexan por modelos silvícolas nos que estea establecida a idade de corta, o tempo correspondente á primeira quenda de corta.

b) As melloras e instalacións que poidan derivar do arrendamento quedarán de propiedade da comunidade veciñal ao rematar o prazo pactado, sen ningunha compensación para o arrendatario.»

Artigo 19. *Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 12 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 12. *Perímetros de alto risco de incendio*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo no artigo 22.5 para as zonas de actuación prioritaria e urxente por existir unha situación obxectiva de grave risco para as persoas ou os bens nos casos de incumprimento por parte das persoas responsables das súas obrigas de xestión de biomasa vexetal, poderanse declarar perímetros de alto risco de incendios, con carácter non permanente, aqueles lugares nos que o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios forestais, mediante resolución da persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de prevención de incendios forestais, por proposta dos distritos forestais, a través dos servizos provinciais de prevención e defensa contra os incendios forestais.

2. A proposta conterá, ademais da descrición do perímetro, as medidas de xestión da biomasa que se terán que levar a cabo para a prevención de incendios forestais. Os traballos planificaranse preferentemente en marxes de pistas e en áreas cortalumes, actuando sobre a biomasa tanto por medios mecánicos como por queimas controladas.

3. Publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial del Estado* e no taboleiro de anuncios do concello no que estea radicado e comunicaráselle ao titular catastral a

resolución co perímetro de alto risco e os labores que deberán realizar os titulares dos predios ou dos seus dereitos de aproveitamento para diminuír o risco de incendios forestais.

4. Os titulares dos predios ou dos dereitos de aproveitamento nos que se teñen que realizar os traballos preventivos dispoñerán dun prazo de quince días para realizalos e, no caso de non facelo, a consellaría con competencias en materia de prevención de incendios poderá realizalos con cargo aos seus orzamentos, atendendo as dispoñibilidades orzamentarias.

5. A resolución da dirección xeral poderá ser recorrida ante a persoa titular da consellaría con competencias en materia de prevención de incendios forestais.»

Dous. Modifícase o artigo 16, que queda redactado como segue:

«Artigo 16. *Planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais:*

1. O planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais integrarase nos plans municipais de emerxencias, consonte o establecido na lexislación galega de emerxencias.

2. A estrutura dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais axustarase ás directrices que estableza a normativa aplicable en materia de emerxencias. En todo caso, incluirá a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal e a definición das redes de faixas secundarias, así como a análise da propiedade destas redes de faixas. Poderán incluír ordenanzas de prevención de incendios concordantes co obxecto desta lei en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte.

3. A dirección xeral competente en materia forestal emitirá informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación.

4. O ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas.

5. A coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compétenlles aos alcaldes ou alcaldesas. A elaboración, execución e actualización deste planeamento ten carácter obrigatorio.»

Tres. Engádeselle un novo número 5 ao artigo 18, coa seguinte redacción:

«5. Decláranse de utilidade pública as infraestruturas e os equipamentos preventivos vinculados á defensa e loita contra os incendios forestais, para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a súa construción e instalación.

Para o recoñecemento concreto da utilidade pública das infraestruturas e dos equipamentos preventivos, a dirección xeral competente en materia de montes elaborará o proxecto de obras e/ou instalacións, acompañado da relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que se consideren de necesaria expropiación. O proxecto someterase a información pública e solicitaranse os informes sectoriais afectados pola infraestrutura

ou equipamento. Concluída a tramitación, a declaración de utilidade pública será acordada pola persoa titular da consellaría competente en materia de montes, sen prexuízo da competencia do Consello da Xunta no caso de oposición por parte doutros organismos sectoriais.

A declaración de utilidade pública levará implícita a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos afectados e a imposición de servidumes de paso de enerxía ou outras necesarias para a execución do proxecto e permitirá iniciar o procedemento para a súa urxente ocupación para os efectos previstos na lexislación de expropiación forzosa.

Sen prexuízo do disposto no artigo 11.4 do texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, a realización de puntos de auga incluídos na rede de puntos de auga non requirirá título habilitante urbanístico e estará exenta do pagamento de taxas administrativas autonómicas.»

Catro. Modifícase a letra c) do número 3 do artigo 20, que queda redactada como segue:

«c) Das instalacións de produción de enerxía eléctrica eólicas ou solares, liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, subestacións eléctricas, liñas de transporte e distribución de gas natural, estacións de regulación e medida de gas e depósitos de distribución de gas, e estacións de telecomunicacións.»

Cinco. Modifícase o artigo 20 *bis*, que queda redactado como segue:

«Artigo 20 *bis*. *Redes primarias de faixas de xestión de biomasa*

Nos espazos definidos como redes primarias de faixas de xestión de biomasa será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 *ter* desta lei:

a) Ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos ditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

b) Ao longo da rede ferroviaria deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Nesta faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 200 metros de diámetro ao redor da posición de cada aeroxerador instalado.

Nas liñas de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, sen prexuízo do necesario respecto das especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación, deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde a proxección dos condutores eléctricos máis externos, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a

normativa sectorial vixente. Ademais, nunha faixa de 5 metros desde a estrema da infraestrutura non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica solares e nas subestacións eléctricas deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde o último elemento en tensión e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas. Ademais, na devandita faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Se nas subestacións eléctricas existen edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil, ás devanditas edificacións seralles aplicable o disposto no artigo 21 para as edificacións ou vivendas illadas.

A xestión da biomasa incluirá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 *ter*, sen prexuízo da facultade do propietario do terreo afectado de proceder á súa retirada. Para estes efectos, a persoa responsable deberá remitir ao taboleiro de edictos do concello un anuncio, con quince días de antelación ás operacións de xestión da biomasa, para os efectos de que os propietarios dos terreos poidan executalas previamente, no caso de estaren interesados. Transcorrido o devandito prazo, a persoa responsable estará obrigada á realización da xestión da biomasa.

d) Nas conducións de transporte de gas natural deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 1 metro e medio a cada lado do seu eixe.

e) Nas estacións de telecomunicacións deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde as infraestruturas de telecomunicación e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas. Ademais, na devandita faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Nas estacións de telecomunicacións, de existiren edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil, ás devanditas edificacións seralles aplicable o disposto no artigo 21 para as edificacións ou vivendas illadas.

No caso das estacións de regulación e medida de gas e depósitos de distribución de gas, deberá xestionarse a biomasa tendo en conta a regulamentación derivada da súa normativa específica, sendo en todo caso, como mínimo, unha faixa de 5 metros desde as infraestruturas e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas.»

Seis. Modifícanse as letras a), b) e c) do número 1 do artigo 21, que quedan redactadas como segue:

«a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.

b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

c) Arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.»

Sete. Modifícase o número 2 do artigo 21 *ter*, que queda redactado como segue:

«2. No caso das edificacións ou instalacións destinadas ás persoas rematadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nelas, a responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderalle á persoa propietaria dos terreos edificados, que dispoñerá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida, ata que transcorra o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Este acceso levarase a cabo durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para a persoa beneficiaria.

A retirada de especies arbóreas será realizada polas persoas propietarias delas.

O cumprimento das obrigas ás que se refire este número, e mentres non transcorra o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, enténdese sen prexuízo do dereito das persoas titulares do dereito de aproveitamento dos terreos gravados pola servidume de paso forzosa ou das persoas propietarias das árbores retiradas a reclamar da persoa propietaria dos terreos edificados, na vía xurisdicional que corresponda, a correspondente indemnización polos danos e perdas sufridos, incluído o lucro cesante.

Transcorrido o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderalle á persoa responsable que se establece no número 1 deste artigo.»

Sete *bis*. Modifícase o número 3 do artigo 22, que queda redactado como segue:

«3. Cando non poida determinarse a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas ou resulte infrutuosa a notificación da comunicación á que se refire o número anterior, esta efectuarase mediante un anuncio no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*, no que se incluirán os datos catastrais da parcela. Nestes supostos o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

A publicación no *Diario Oficial de Galicia* no suposto previsto no parágrafo anterior non supoñerá ningún custo para as entidades locais, sen que poida aplicarse ningunha taxa pola devandita publicación.»

Oito. Modifícase o artigo 23, que queda redactado como segue:

«Artigo 23. *Novas edificacións en terreos forestais e zonas de influencia forestal e medidas de prevención de incendios forestais nas novas urbanizacións*

1. Os instrumentos de planeamento urbanístico deberán ter en conta a avaliación de risco de incendio forestal, no que respecta á zonificación do territorio e ás zonas de alto risco de incendio que constan nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito.

2. As novas instalacións que se constrúan de acordo coas disposicións que se establezan na súa normativa específica para a construción que lle servirán de base para obter o correspondente título habilitante municipal destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos resultantes da execución de plans de ordenación urbanística que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, e que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal, terán que cumprir co disposto no artigo 21.

3. A responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderalle á persoa propietaria dos terreos edificados, que dispoñerá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida. Este acceso levarase a cabo durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para a persoa beneficiaria.

A retirada de especies arbóreas será realizada polas persoas propietarias delas.

O cumprimento das obrigas ás que se refire este número enténdese sen prexuízo do dereito das persoas titulares do dereito de aproveitamento dos terreos gravados pola servidume de paso forzosa ou das persoas propietarias das árbores retiradas a reclamar da persoa propietaria dos terreos edificados, na vía xurisdicional que corresponda, a correspondente indemnización polos danos e perdas sufridos, incluído o lucro cesante.

4. No caso de urbanizacións e edificacións para uso industrial, deberán dispoñer de xeito perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente na normativa específica para a construción.

5. Os promotores e promotoras de novas edificacións deberán presentar ante a Administración municipal un proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais que garanta o cumprimento do que establece esta lei e a normativa que a desenvolva, así como o cumprimento do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, se é o caso.

6. No caso de incumprimento da xestión da biomasa vexetal, corresponderalle ao concello a súa realización, acudindo á execución subsidiaria de acordo co establecido no artigo 22, sen prexuízo da instrución do correspondente expediente sancionador.»

Nove. Modifícase o número 1 do artigo 39, que queda redactado como segue:

«1. Durante a época de perigo alto, nos traballos e outras actividades que se leven a cabo en todos os terreos forestais e zonas de influencia forestal é obrigatorio que os tractores, máquinas e vehículos de transporte pesados que se van utilizar estean provistos de equipamento para a extinción de incendios.»

Dez. Modifícase o artigo 45, que queda redactado como segue:

«Artigo 45. *Vixilancia e detección*

1. A vixilancia dos terreos forestais e zonas de influencia forestal contribúe á redución do número de incendios forestais, identificando potenciais axentes causantes e disuadindo comportamentos que propicien a existencia de incendios forestais.

2. A detección ten como obxectivo a identificación inmediata e a localización precisa dos incendios forestais e a súa comunicación rápida ás entidades responsables da extinción.

3. A vixilancia e detección de incendios forestais pode ser realizada por:

a) Calquera persoa que detecte un incendio forestal, que está obrigada a alertar de inmediato as entidades competentes.

b) A rede de puntos de vixilancia, dependente dos servizos de defensa contra incendios forestais, que asegura en todo o territorio de Galicia as funcións de detección fixa de incendios forestais.

c) A rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.

d) A rede de vixilancia móbil, dependente dos servizos de defensa contra incendios forestais.

e) Medios aéreos.

f) Medios das distintas administracións públicas que se establezan a través dos instrumentos de colaboración e cooperación institucional, as agrupacións de defensa contra incendios e o voluntariado social.»

Once. O título do artigo 46 pasa a ser «A rede de puntos de vixilancia.»

Doce. Engádese un novo artigo 46 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 46 *bis*. *A rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia*

1. De acordo coa Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, en canto determina o carácter estratéxico para o desenvolvemento económico de Galicia dos recursos forestais galegos e o interese público na conservación das masas forestais, e co disposto nesta lei, tendo en conta a súa finalidade de protexer as persoas e os bens afectados polos incendios forestais, e como instrumento de apoio das redes de vixilancia e detección de incendios forestais que compoñen as redes de defensa contra os incendios forestais de distrito forestal, a Administración autonómica poñerá en marcha a rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.

2. A rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia incluirá a instalación de sistemas tecnolóxicos de detección de incendios mediante cámaras ópticas nos puntos do monte galego que se determinen, coa finalidade de facilitar as tarefas de vixilancia forestal do monte galego e detección temperá de incendios, así como, no caso de se detectaren lumes, permitir a visualización en directo e o seguimento do avance, condicións e evolución destes a través de medios dixitais e imaxes xeoposicionadas, todo isto como mecanismo de apoio á toma de decisións óptimas polas autoridades e persoal técnico

competentes para a mobilización e xestión de medios e asignación e coordinación de recursos para a extinción.

3. A instalación dos sistemas de vixilancia realizarase con preferencia en torres de telecomunicacións e infraestruturas de titularidade da Administración autonómica ou do seu sector público, e priorizando os puntos que permitan a vixilancia forestal das parroquias de alta actividade incendiaria e zonas de alto risco definidas no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, todo isto sen prexuízo dos medios persoais e materiais de vixilancia xa existentes.

4. A rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia poderá ir incorporando as diferentes innovacións tecnolóxicas que permita en cada momento a evolución do estado da ciencia e da técnica, como capacidade de visión nocturna e imaxes térmicas, co obxecto de ir mellorando a súa efectividade e eficiencia.

5. A operación da rede corresponderá á consellaría competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais e o mantemento técnico á entidade do sector público competente en materia de modernización tecnolóxica de Galicia.

6. Na implantación do proxecto adoptaranse todas as medidas técnicas, organizativas e de seguridade que sexan necesarias para asegurar a privacidade e o cumprimento da normativa sobre protección de datos, na medida en que poidan captarse incidentalmente imaxes de persoas identificables. Para estes efectos, establécese como responsable do dito tratamento a consellaría competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

No marco aludido, aprobaranse medidas como o establecemento de protocolos de uso do sistema por parte do persoal técnico competente, rexistros de accesos da manipulación das cámaras, mecanismos técnicos de encriptación para a conservación das imaxes, limitación de prazos de conservación antes da súa destrución e todas aqueloutras medidas que sexan precisas para o cumprimento das normas sinaladas.

Así mesmo, as imaxes poderán ser postas á disposición da autoridade xudicial e das forzas e corpos de seguridade do Estado nos supostos previstos na normativa aplicable.»

Trece. Modifícase o número 2 da disposición adicional terceira, que queda redactado como segue:

«2. En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas no número anterior en calquera clase de terreos incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa no caso de se tratar de árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou que se localicen en zonas recreativas (sempre que se manteña unha descontinuidade horizontal e vertical do combustible) ou se atopen illadas e non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais.»

Catorce. Engádese un número 3 na disposición adicional terceira, coa seguinte redacción:

«3. Non lles serán aplicables as obrigas da xestión da biomasa establecidas nesta lei ás frondosas non incluídas na listaxe do número 1.»

Quince. A disposición adicional sexta queda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Informes sectoriais por cambio de uso*

Os informes sectoriais dos servizos competentes en materia de incendios forestais solicitados por cambios de usos dos montes comprobarán exclusivamente se a zona forestal na que se propón o cambio de uso foi afectada por incendios forestais.»

Dezaseis. Engádese unha disposición transitoria quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria quinta. *Xestión da biomasa en solos non urbanizados*

A xestión da biomasa existente nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal da rede secundaria de faixas na contorna do solo urbanizable non será preceptiva ata que se desenvolva ese ámbito a través dun plan parcial e se aprobe definitivamente o proxecto de urbanización correspondente.»

Artigo 20. *Modificación da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras*

A Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, queda modificada como segue:

Un. Suprímese o número 3 do artigo 22 e dáselle nova redacción ao número 2 do dito artigo, nos termos seguintes:

«2. Terán dereito a se subrogar no contrato de cesión e na orde que se establece, no suposto de morte, imposibilidade física, incapacidade temporal ou permanente, xubilación, cesamento na actividade agraria ou incorporación dunha persoa como titular á explotación agraria, sobrevida da persoa beneficiaria da cesión cando non for posible continuar a cesión nos termos pactados ou previstos nesta lei:

a) O cónxuxe non separado legalmente ou de feito ou a persoa que estea convivindo con el, cunha relación de afectividade análoga á conxugal, no momento no que se produza o feito, neste último caso sempre e cando se cumpran os requisitos previstos na disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

b) Os fillos e os descendentes, sen prexuízo da posible substitución nos casos dos premortos ou das renuncias, que teñan dedicación directa e persoal á explotación, con preferencia, de seren varios, do elixido por el ou, na súa falta, por elección maioritaria entre eles e, na súa falta, polo de maior idade.

c) Os fillos e os descendentes do cónxuxe ou da persoa que conviva co cesionario, nas mesmas condicións da letra anterior.

d) As persoas traballadoras da explotación, por orde de antigüidade e maior idade.

e) Calquera persoa física adquirinte da explotación.

Se se dá calquera dos supostos previstos, será necesaria a notificación á entidade xestora, coa correspondente achega documental.

A persoa que pretenda subrogarse na cesión deberá ter ou estar en situación de ter as condicións determinantes da cesión, e subrogarase no seu título, coas mesmas condicións, dereitos e obrigas, logo da autorización da entidade xestora.

O pagamento da renda non aboada durante o período de realización da subrogación corresponderalle á persoa que se subrogue na cesión.»

Dous. Engádese un artigo 47 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 47 *bis*. *Proxectos de mobilización de terras*

1. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por proposta da persoa titular da dirección xeral da dita Axencia, poderá identificar e declarar zonas de actuación para a aplicación de proxectos de mobilización de terras, que virán definidas por un perímetro de actuación integral que poderá conter terreos que non se integren no proxecto por estaren xa en explotación.

2. Os proxectos de mobilización de terras estarán dirixidos á posta en valor e á recuperación produtiva de zonas maioritariamente abandonadas, cunha superficie igual ou superior a 10 hectáreas. Mediante proposta razoada da persoa titular da dirección xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, poderase establecer unha superficie inferior a 10 hectáreas, sen que, en ningún caso, a superficie poida ser inferior a 3 hectáreas.

3. En calquera caso, os usos permitidos no proxecto de mobilización de terras serán coherentes coa clasificación de usos do solo de cada predio ao inicio do proxecto, e poderase, de ser o caso, proceder ao cambio de uso cando a normativa sectorial o permita.

4. A xestión destes proxectos realizaraa a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, mediante a incorporación ao Banco de Terras dos predios incluídos no perímetro identificado e a súa inmediata cesión a empresas agrarias, asociacións de produtores ou explotacións individuais mediante a figura da cesión pactada de mutuo acordo entre a persoa titular do predio e a terceira persoa interesada na cesión recollida no artigo 18.2 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras. Nos casos particulares nos que formen parte do proxecto bosques situados sobre terreos comunais, o procedemento levarase a cabo do mesmo xeito pero sen mediar incorporación ao Banco de Terras de Galicia.

5. A incorporación de predios aos proxectos terá carácter voluntario, ben que a persoa titular que non queira integrar neles os predios da súa titularidade incluídos no perímetro identificado segundo o número 1 deberá mantelos en explotación consonte as boas prácticas agroforestais. Se a persoa titular non pon en valor os predios consonte as ditas prácticas no prazo que se lle outorgue para o efecto, iniciarase o procedemento establecido nos artigos 30 e seguintes, para os efectos de declarar o predio abandonado, acordar a súa integración no Banco de Terras de Galicia e incorporalo ao proxecto de mobilización de terras, nas mesmas condicións de incorporación que os restantes predios que conforman o proxecto.

6. Os predios que, estando incluídos nos perímetros sinalados no número 1, se atopen en proceso de investigación da titularidade ou respecto dos que resulte imposible identificar a persoa propietaria, ou que pertenzan *pro indiviso* a varias persoas entre as que non exista acordo sobre o destino que se lles deba dar a estes, ou estean declarados como

de propietario descoñecido, integraranse cautelarmente no respectivo proxecto de mobilización de terras, respectando en todo caso os dereitos das persoas titulares.

7. A execución das obras necesarias para levar a cabo estes proxectos farase de acordo co establecido no artigo 24.1, incluíndo os casos das áreas de bosque aos que se fai referencia no número 3, e non requirirán de título habilitante urbanístico.»

Artigo 21. *Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádeselle un novo número 39 ao artigo 8, coa seguinte redacción:

«39. Silvicultor activo: persoas propietarias individuais, comunidades de montes, sociedades de propietarios forestais e xestores forestais, calquera que sexa a súa forma xurídica, que realicen operacións de coidado e de tratamento das masas forestais da súa titularidade ou dispoñibilidade individual ou colectiva, con criterios de xestión forestal sustentable.»

Un *bis*. Engádese unha letra j) no número 2 do artigo 44, coa seguinte redacción:

«j) No caso de propiedades forestais enclavadas ou lindeiras cun monte veciñal en man común deslindado e que conte cun plan de xestión aprobado, manter unha axeitada xestión forestal, cando menos mediante a adhesión a un modelo silvícola que se materialice no terreo por un nivel de xestión silvícola equiparable ao do monte veciñal. Se o incumprimento deste deber supón un risco para o monte veciñal, en canto á propagación de incendios forestais ou no relativo á sanidade vexetal, poderase iniciar un procedemento de declaración da parcela en situación de abandono. Esta declaración habilitará a Administración forestal para a execución subsidiaria das actuacións necesarias para a eliminación dos riscos, sen prexuízo da súa repercusión ao titular da parcela ou ao titular do seu aproveitamento se é o caso.»

Dous. Engádeselle un número 4 ao artigo 59, coa seguinte redacción:

«4. Tamén con carácter singular, de forma excepcional, cando concorran razóns de interese público derivadas de necesidades de ordenación e xestión sostible do territorio, o Consello da Xunta, mediante acordo motivado, poderá autorizar a tramitación de cambios de uso forestal, exceptuando o cumprimento do disposto no número anterior.»

Tres. Modifícase o artigo 61 como segue:

«Artigo 61. *Cambio de actividade agrícola a forestal*

Soamente os terreos rústicos de uso agrícola que leven máis de dez anos en estado de manifesto abandono e que posteriormente se adscribisen ao Banco de Terras de Galicia consonte os prezos de arrendamento de referencia oficiais no devandito Banco para esa zona, por un período de polo menos dous anos, poderanse forestar, logo de llo comunicar á Administración forestal, cando cumpran algún dos seguintes supostos:

a) Que estremen con terreos forestais, cando se utilicen frondosas caducifolias.

b) Que constitúan enclaves de ata 5 hectáreas en superficie arborada, utilizando frondosas caducifolias.»

Catro. Modifícase o número 4 do artigo 67, que queda redactado como segue:

«4. Quedan prohibidas as reforestacións e as novas plantacións intercaladas co xénero *Eucalyptus* naquelas superficies poboadas por especies do anexo I, incluso con posterioridade ao seu aproveitamento ou á súa afectación por un incendio forestal. Esta prohibición non será aplicable nos casos de rexeneración posterior á plantación ou rexeneración, en piso inferior ou sotobosque, de especies do anexo 1.

En masas consolidadas de frondosas a prohibición anterior esténdese igualmente ás reforestacións e ás novas plantacións intercaladas co xénero *Pinus.*»

Catro *bis*. Engádeselle un número 4 *bis* ao artigo 67, coa seguinte redacción:

«4 *bis*. Quedan prohibidas as novas plantacións co xénero *Eucalyptus* nos montes de utilidade pública e nos montes de xestión pública."

Cinco. O número 2 do artigo 68 *bis* queda redactado como segue:

«2. No caso de incumprimento dos réximes de distancias mínimas aos que se refire o número anterior, a administración pública competente, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviaralle á persoa que resulte responsable, consonte o artigo 140, unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de retirada do arboredo afectado e se lle concederá para facelo un prazo máximo de tres meses, contado desde a recepción da comunicación. Esta incluirá a advertencia de que, no caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito prazo, se poderá proceder á execución subsidiaria á custa do obrigado e se poderá acordar a incoación do procedemento sancionador que corresponda e a medida cautelar de comiso dos produtos procedentes da corta de especies arbóreas, se for o caso.»

Seis. O número 4 do artigo 68 *bis* queda redactado como segue:

«4. No suposto de distancias mínimas a vías de comunicación e cursos fluviais, a comunicación prevista neste artigo poderá formularse de maneira conxunta para todas as persoas responsables nun mesmo tramo que sexan descoñecidas ou respecto das cales se ignore o lugar de notificación, mediante a publicación dun anuncio *no Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia* no que se incluirá unha relación cos datos catastrais das parcelas afectadas. O prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.»

Sete. Engádeselle un número 3 ao artigo 74, coa seguinte redacción:

«3. Os plans de ordenación dos recursos forestais, no seu ámbito territorial de aplicación, poderán establecer limitacións ou prohibicións de plantación de determinadas especies forestais.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 92, coa seguinte redacción:

«1. As persoas propietarias de montes ou terreos forestais privados que desexen realizar neles aproveitamentos de madeira ou leña terán que solicitar autorización do órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio nos seguintes casos:

a) Cando os montes ou terreos forestais estean poboados con especies do anexo I.

b) Cando os montes ou terreos forestais formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección.

c) Cando os montes ou terreos forestais estean afectados por algunha lexislación de protección do dominio público.

Cando se trate de aproveitamentos de madeira ou leña queimada susceptible de uso comercial, deberá facerse constar no formulario da solicitude.

Exceptúanse da necesidade de autorización os aproveitamentos en montes ordenados, consonte o establecido no número 3 do artigo 81, e os supostos recollidos no número 3 do artigo 92 *bis*.»

Nove. Modifícase o número 2 do artigo 92 *bis*, coa seguinte redacción:

«2. Fóra dos casos previstos no número anterior, os donos de predios poderán realizar aproveitamentos de masas forestais poboadas das especies que non estean incluídas no anexo I e que non estean nos supostos enunciados nas letras b) e c) do número 1 do artigo 92, así como executar cortas a feito, rareos ou entresacas, presentando ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio, con carácter previo ao seu inicio, unha declaración responsable de que non concorren as circunstancias que fan precisa autorización administrativa de acordo co establecido nesta lei. Cando se trate de aproveitamentos de madeira ou leña queimada susceptible de uso comercial, deberá facerse constar no formulario da declaración responsable.»

Dez. Engádese un número 6 no artigo 92 *bis*, coa seguinte redacción:

«6. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable, a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou a non presentación da documentación que sexa requirida se é o caso para acreditar o cumprimento do declarado determinarán a imposibilidade de continuar co aproveitamento desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houber lugar. Así mesmo, a resolución que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao comezo da actividade, así como a imposibilidade de instar novos procedementos para a realización de aproveitamentos madeireiros e leñosos en montes de xestión privada mediante declaración responsable durante un período dun ano.»

Once. O artigo 93 queda redactado como segue:

«Artigo 93. *Aproveitamentos en masas consolidadas de frondosas autóctonas*

1. A Administración forestal rexistrará aquelas masas de frondosas do anexo I cunha superficie en couto redondo de polo menos 15 hectáreas e cunha idade media de polo menos vinte anos.

2. Co obxecto de asegurar a conservación destas masas, a súa xestión e aproveitamento sostible están supeditados ao mantemento dunha cuberta arbórea dominada por especies de frondosas do anexo I, así como a contar co instrumento de ordenación ou xestión forestal que corresponda conforme o que se establece no artigo 79.

3. A Administración forestal promoverá e fomentará a agrupación dos propietarios forestais das masas obxecto deste artigo, co fin de facilitar a planificación e a execución da súa axeitada xestión.»

Doce. O número 3 do artigo 94 queda redactado como segue:

«3. O prazo máximo para a realización dun aproveitamento será de doce meses, contados desde a data da notificación da autorización ou desde a data en que se considere outorgada esta por silencio administrativo, ou ben desde a data da presentación da declaración responsable, segundo o caso. Unha vez realizada a corta, a extracción ou a trituración da biomasa forestal residual realizarase nun prazo máximo de quince días se o aproveitamento se realiza en época de alto risco de incendios ou dun mes no resto do ano.»

Trece. O número 6 do artigo 94 queda coa seguinte redacción:

«6. A Administración forestal simplificará os procedementos administrativos de autorización e a presentación de declaracións responsables, regulando mediante orde da consellaría competente en materia de montes a presentación compartida para diferentes persoas titulares de montes particulares de solicitudes de autorización e declaracións responsables.»

Catorce. Modifícanse os números 7 e 8 do artigo 94, coa seguinte redacción:

«7. A presentación da declaración responsable habilita desde o momento da dita presentación para a realización do aproveitamento forestal obxecto daquela, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas a Administración forestal e as demais administracións públicas competentes. Nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, regulamentariamente, a fin de garantir o exercicio destas facultades, o Consello da Xunta poderá establecer a obriga da presentación de declaracións responsables polas diferentes persoas físicas titulares de montes privados unicamente por medios electrónicos nos correspondentes formularios normalizados.

8. Nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, regulamentariamente o Consello da Xunta poderá establecer a obriga da presentación das comunicacións reguladas no número 5 deste artigo e das solicitudes de autorización unicamente por medios electrónicos, a través dos correspondentes formularios normalizados, de uso obrigatorio polos interesados, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.»

Catorce *bis*. Engádeselle unha nova letra i) ao número 2 do artigo 121, coa seguinte redacción:

«i) Os silvicultores inscritos no Rexistro voluntario de silvicultores activos.»

Quince. O número 1 do artigo 122 queda coa seguinte redacción:

«1. Para os efectos desta lei, serán consideradas como sociedades de fomento forestal aquelas agrupacións que asocian propietarios de predios forestais ou, de ser o caso, persoas titulares de dereitos de uso de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal que ceden estes dereitos á sociedade para a súa explotación e xestión conxunta por un prazo non inferior a vinte anos ou que realizan as facultades propias do uso e ordenado aproveitamento das superficies forestais da súa propiedade. Para mellorar a sustentabilidade das agrupacións, tamén poderán incluírse na agrupación propietarios ou titulares de dereitos de uso de parcelas non forestais, nas mesmas condicións que o resto de socios propietarios ou titulares de dereitos de uso.»

Dezaseis. Engádeselle un número 4 ao artigo 122, coa seguinte redacción:

«4. As persoas titulares de parcelas forestais ou de dereito de uso das parcelas enclavadas ou situadas entre predios explotados e xestionados por unha sociedade de fomento forestal quedan obrigadas a manter unha axeitada xestión forestal da súa propiedade, cando menos mediante a adhesión a un modelo silvícola que alcance un nivel de xestión silvícola equiparable ao da sociedade de fomento forestal. De acordo co artigo 28 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, se o nivel de abandono da parcela é tal que supón un risco para os terreos lindeiros da sociedade de fomento forestal, en canto á propagación de incendios forestais ou no relativo á sanidade vexetal, poderase iniciar un procedemento de declaración da parcela en situación de abandono. Esta declaración habilitará a Administración forestal para a execución subsidiaria das actuacións necesarias para a eliminación dos riscos, sen prexuízo da súa repercusión ao titular da parcela ou ao titular do seu aproveitamento se é o caso.»

Dezaseis *bis*. Modifícase a letra n) e engádese unha letra ñ) no número 1 do artigo 126, que quedan coa seguinte redacción:

«n) Rexistro voluntario de silvicultores activos, ao que poderán acceder os silvicultores que cumpran os seguintes requisitos: que os terreos propios ou xestionados polo silvicultor dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal aprobado ou estean adheridos a referentes de boas prácticas e modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos, que dispoñan de certificación forestal por algún dos sistemas recoñecidos, que poidan xustificar a propiedade ou a dispoñibilidade dos terreos e que acrediten que realizan unha actividade económica ligada á explotación do monte.

ñ) Calquera outro que se determine regulamentariamente.»

Dezasete. A disposición transitoria sexta queda redactada como segue:

«Disposición transitoria sexta. *Disposición de instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio*

1. Os montes ou terreos forestais deberán dispoñer dun instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio e vixente, como máximo, nos prazos que a seguir se indican:

a) O 31 de decembro de 2020, os montes cuxo couto redondo de maior tamaño sexa inferior ou igual a 15 hectáreas.

b) O 31 de decembro de 2028, o resto de montes.

2. No caso de montes veciñais en man común sen deslindar, para determinar este prazo utilizarase a mellor información dispoñible no Rexistro de Montes Veciñais en man Común para avaliar o tamaño dos coutos redondos.

3. Ata o vencemento dos prazos establecidos no número 1 nos montes ou terreos forestais que non dispoñan do instrumento de ordenación ou de xestión forestal obrigatorio que preceptúa a normativa vixente, as solicitudes de autorización de corta, e as declaracións responsables se é o caso, en superficies de aproveitamento superiores a 1 hectárea para masas con especie principal incluída no anexo 1 ou de máis de 15 hectáreas para as outras masas deberán incluír un plan de cortas, asinado por técnico competente en materia forestal, onde se xustificará a necesidade ou a oportunidade do aproveitamento, así como a súa localización planimétrica, a superficie obxecto do aproveitamento, o número de pés, o volume por especie afectada e a taxación correspondente. Este plan deberá ser aprobado pola propiedade forestal ou polo titular dos dereitos de aproveitamento, sendo preciso para os montes veciñais en man común o acordo da asemblea xeral da comunidade de montes.

4. Pasados os prazos establecidos no número 1, quedan prohibidos os aproveitamentos comerciais de madeira naqueles montes que non dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal en vigor. Exceptúanse desta prohibición os aproveitamentos de obrigada execución, os de madeira queimada e as cortas sanitarias.

5. Pasados os prazos establecidos no número 1, quedan prohibidos os aproveitamentos de pastos naqueles montes que non dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal en vigor ou se regule este aproveitamento mediante un plan de aproveitamento silvopastoril, que se deberá comunicar á Administración forestal. Este plan de aproveitamento silvopastoril incluirá, como mínimo, a localización e extensión da zona dedicada ao pastoreo, a carga gandeira admisible, o período de duración, as actuacións planificadas, os responsables dos aproveitamentos e as características do gando. Este plan deberá ser aprobado pola propiedade forestal ou polo titular dos dereitos de aproveitamento, sendo preciso para os montes veciñais en man común o acordo da asemblea xeral da comunidade veciñal.

6. Os plans de aproveitamento silvopastoril inscribiranse no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo, de acordo co establecido no artigo 86.2, ata que se dispoña dun instrumento de ordenación ou xestión forestal en vigor, momento no cal causará baixa no devandito Rexistro.»

Dezaoito. Modifícase o número 3 da disposición transitoria décima, que queda redactado como segue:

«3. As repoboacións e rexenerados de especies non incluídas no anexo I existentes o 1 de xaneiro de 2019 teñen un prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor dela para adecuarse ás novas distancias.»

Dezanove. Engádese unha disposición transitoria décimo sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo sexta. *Aproveitamentos polos propietarios en montes que conten cun convenio asinado coa Administración forestal*

Ata a entrada en vigor do novo contrato de xestión pública, que deberá prever o procedemento de alleamento de madeira nos montes de xestión pública, no caso de que un incendio ou unha catástrofe natural afectase o arboredo dos montes de xestión pública xerando a necesidade de cortar un volume excepcional de madeira nun curto período incompatible cos prazos necesarios para o seu alleamento pola Administración, co fin de axilizar o procedemento de retirada da madeira e previr problemas fitosanitarios ou de perda do valor da madeira, mediante resolución motivada da xefatura territorial correspondente competente en materia forestal na que se sitúe o monte afectado, poderá autorizarse o alleamento directo da madeira polos propietarios. A resolución deberá ser motivada, xustificar a excepcionalidade do episodio causante do dano ás masas forestais e conter as condicións que garantan o cumprimento das porcentaxes de reinvestimento que correspondan.»

Vinte. Modifícase o anexo II, que queda como segue:

«Anexo II

Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais:

a) Con parcelas forestais: 2 metros.

b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria: 5 metros para especies de frondosas incluídas no anexo I e 10 metros para o resto.

c) Con zonas dedicadas a terra de labranza, cultivo ou prados non clasificados de especial protección agropecuaria: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I e 10 metros no resto de especies.

d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou ferrocarril: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I e 10 metros no resto de especies.

e) Con pistas, asfaltadas ou non, de polo menos 5 metros de ancho e que conten con polo menos unha gabia: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I; no resto de especies, 4 metros en xeral; e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco, contados desde o límite exterior dos movementos de terra da obra de construción dela.

f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica: 5 metros para todas as especies.

g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho: 5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I e 15 metros no resto de especies, contados desde o dominio público. Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental.

h) Con edificacións, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte ou fóra de solo urbano e de núcleo rural e con vivendas illadas en solo rústico independentemente da súa distancia ao monte: 15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I e 50 metros no resto de especies.

i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable: 2 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I e 50 metros no resto de especies.

j) Con cámpings, gasolineiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas conforme o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento: 15 metros para especies de frondosas do anexo 1 e 50 metros para o resto de especies.»

Artigo 22. *Modificación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria*

A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria, queda modificada como segue:

Un. Engádese un artigo 6 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 6 *bis*. *Silencio administrativo*

Nas materias reguladas por esta lei, e sen prexuízo da obriga da Administración de ditar resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas por silencio administrativo as súas peticións en materia de reestruturación parcelaria se, chegado o prazo máximo para a súa resolución, esta non se ditase e notificase.»

Dous. Engádese un número 6 no artigo 25, coa seguinte redacción:

«6. De non emitir o órgano competente en materia de montes o informe a que se fai referencia no número anterior, e sendo o levantamento topográfico e o deslindamento dun monte veciñal en man común que resulte das bases firmes da reordenación parcelaria posterior ao que figura no correspondente expediente da autoridade forestal, esta deberá incorporar ao dito expediente o citado levantamento e deslindamento das bases firmes.»

Tres. Modifícase o número 7 do artigo 29 nos seguintes termos:

«7. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá destinar para fins de interese xeral predios de substitución con cargo á masa común ata un máximo do 0,3 % da puntuación total das achegas da zona, por petición debidamente motivada do concello ou concellos e logo do informe favorable do servizo provincial competente e da entidade xestora do Banco de Terras. A persoa titular destes predios de substitución será o concello ou concellos onde se localicen.»

Catro. Engádeselle un número 4 ao artigo 31, coa seguinte redacción:

«4. A persoa titular da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, motivadamente, poderá alterar a proporción das deducións para infraestruturas rurais e para axuste técnico, a que se refiren os números 2 e 3, tanto á baixa como á alza, sempre e cando a dedución total non exceda o máximo do 9 % establecido no número 1 deste artigo; todo isto sen prexuízo do incremento dun punto porcentual ao que se fai referencia nos ditos números 2 e 3.»

Cinco. O parágrafo terceiro do artigo 38 queda coa seguinte redacción:

«A declaración da firmeza do acordo de reestruturación parcelaria será comunicada ao concello ou concellos afectados e á consellaría competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, achegando o plan de aproveitamento de cultivos ou o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona, segundo o caso.

Esta declaración determinará por si soa a consideración do solo rústico afectado como de especial produtividade agrícola ou forestal, segundo o caso, para os efectos do disposto no artigo 34.2.a) e b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e, en consecuencia, a súa categorización directa como solo rústico de protección agropecuaria ou forestal, segundo corresponda, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do planeamento urbanístico.»

Seis. O número 1 do artigo 40 queda coa seguinte redacción:

«1. A inclusión no proceso de reestruturación parcelaria dun núcleo rural requirirá a solicitude previa e expresa, por parte do concello afectado, á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.»

Sete. Suprímese o número 2 do artigo 40.

Oito. Engádeselle un número 5 á disposición transitoria sexta, coa seguinte redacción:

«5. Levadas a cabo as actuacións establecidas nos números 1, 2 e 3 desta disposición, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de concentración e reestruturación parcelaria ditará a correspondente resolución na que manifestará, para os efectos previstos no artigo 9 da Lei hipotecaria, que se considera que existe correspondencia entre a representación gráfica e os datos alfanuméricos dos predios obxecto de inscrición por ser a diferenza de cabida, de existir, igual ou inferior ao 10 %.»

Nove. Engádese unha disposición transitoria sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sétima. *Instrumentos de ordenación de predios*

No caso de que o proceso de concentración parcelaria dunha zona acadase a fase procedemental de acordo, a partir da entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, e a dita zona non conte cun plan de aproveitamento de cultivos ou de ordenación de predios de especial vocación agraria, deberá dotarse dun dos anteditos instrumentos de ordenación de predios no prazo dun ano, contado desde o 1 de xaneiro de 2019.»

Dez. Engádese unha disposición transitoria oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria oitava. *Vinculacións dos planeamentos aos acordos de reordenación parcelaria*

Será aplicable o establecido no último parágrafo do artigo 38 aos procedementos de concentración parcelaria que, a partir da entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, acadasen a fase de acordo de concentración firme.»

Artigo 23. *Modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*

Engádese un número 9 na disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, coa seguinte redacción:

«9. Ata a entrada en vigor do novo contrato de xestión pública, que deberá prever regras para a contabilidade dos investimentos en obras e servizos realizados durante o contrato, os importes dos investimentos para a execución das actuacións de carácter preventivo de defensa contra incendios e das actuacións de recuperación do potencial forestal tras incendios forestais ou desastres e catástrofes naturais non computarán na contabilidade dos consorcios e convenios.»

Artigo 24. *Medidas en materia de benestar animal nos animais de produción*

1. Nos casos de grave risco para a vida do animal por incumprimento da normativa de benestar e protección animal, cando este presente un sufrimento innecesario e se considere necesario para poñer fin ao seu padecemento, o órgano autonómico competente en materia de benestar animal poderá acordar mediante a oportuna resolución a súa eutanasia *in situ* ou o seu sacrificio en matadoiro.

2. Conforme o artigo 20 da Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, e o artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos casos de grave risco para a vida do animal, o órgano autonómico competente para iniciar ou instruír o procedemento sancionador, de oficio ou por instancia de parte, poderá adoptar, de forma motivada, medidas provisionais para poñer fin á situación de risco para o animal, antes da iniciación do procedemento sancionador. Entre outras medidas poderá adoptarse a consistente na incautación dos animais.

As ditas medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento sancionador, que deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción.

O disposto nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo das medidas provisionais que poidan ser adoptadas unha vez iniciado o procedemento administrativo sancionador polo órgano autonómico competente para resolver, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Entre outras medidas, poderá adoptarse a consistente na incautación de animais.

No caso de que a medida provisional adoptada sexa a incautación de animais, serán a cargo da persoa ou persoas contra as que se siga o procedemento sancionador os gastos derivados de tal medida.

3. Conforme o artigo 17 da Lei 32/2007, do 7 de novembro, o órgano autonómico competente para resolver o expediente sancionador poderá acordar, como sanción accesoria no caso de comisión de infraccións graves e moi graves, o comiso dos animais.

Na resolución na que se impoña como sanción accesoria o comiso deberá determinarse o destino definitivo do animal ou animais, con suxeición aos principios de benestar e protección animal. Tendo en conta o anterior, o dito destino será preferentemente o seu alleamento nos termos previstos no número 4 ou a súa cesión gratuíta a entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades relacionadas co benestar e a protección animal, sempre que o estado físico ou sanitario dos animais ou a súa aptitude para o transporte o permitan. De ser o caso, en función do estado dos animais e cando os mencionados principios de benestar e protección animal o requiran, poderase acordar cando proceda a eutanasia *in situ* ou o sacrificio en matadoiro.

4. O alleamento de animais obxecto de comiso axustarase ás seguintes regras:

a) Os negocios xurídicos polos que se vendan os animais terán a consideración de privados.

b) A Administración poderá estipular as cláusulas e condicións precisas, sempre que non sexan contrarias ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración. En particular, poderán agruparse para a súa venda varios animais por razóns económicas e de eficiencia na actuación.

c) Será suficiente a formalización destes negocios xurídicos en documento administrativo.

d) A venda dos animais deberá ir precedida dunha valoración previa para determinar o seu valor de mercado.

e) O órgano competente para allear será a persoa titular da consellaría que tramitase o correspondente expediente sancionador.

f) O alleamento dos animais poderase realizar mediante poxa pública ou adxudicación directa. A forma ordinaria de alleamento será a poxa pública. Poderá acordarse a adxudicación directa cando se dean os supostos previstos no artigo 77 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, nos casos que sexan aplicables.

g) No non previsto nas regras anteriores haberá que aterse ao disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro.

5. Os ingresos procedentes das sancións de multa impostas pola Administración autonómica ao abeiro do réxime sancionador previsto na Lei 32/2007, do 7 de novembro, así como os importes resultantes do alleamento de animais comisados conforme o disposto neste precepto, pasarán a integrar un fondo cuxo destino será o de sufragar os gastos nos que incorra a Administración autonómica derivados da adopción de medidas provisionais en procedementos sancionadores en materia de benestar animal e do mantemento en axeitadas condicións tanto dos animais que sexan obxecto de comiso conforme o disposto no número 3 deste artigo como daqueles animais que, por decisión xudicial, estean baixo a custodia da Administración autonómica.

CAPÍTULO VIII
Política social

Artigo 25. *Modificación do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta*

Modifícase o número 2 do artigo 3 do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta, que queda redactado como segue:

«2. Para obter a correspondente habilitación para a inscrición no Rexistro deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión de título oficial universitario ou de formación profesional superior e contar con formación específica para exercer a mediación, que se adquirirá mediante a realización dun ou varios cursos específicos impartidos por institucións debidamente acreditadas, que terán validez para o exercicio da actividade mediadora en calquera parte do territorio nacional.

b) Ter subscrito un seguro ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade civil derivada da súa actuación nos conflitos nos que interveña.

c) Ter desenvolvido, polo menos durante dous anos inmediatamente anteriores á solicitude de habilitación para a inscrición, actividades profesionais no campo psicosociofamiliar.

d) Estar en posesión das licenzas ou autorizacións pertinentes para o exercicio da súa actividade profesional e, se é o caso, inscrito no colexio profesional.»

Artigo 25 *bis*. *Modificación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia*

O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, queda modificado como segue:

Un. O número 1 da letra c) do número 2 do artigo 34 queda coa seguinte redacción:

«1. Subscribirase unha póliza de seguro de responsabilidade civil para a atención do servizo.»

Dous. A letra e) do número 4 do artigo 35 queda coa seguinte redacción:

«e) O centro deberá subscribir una póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos da actividade.»

Artigo 26. *Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O número 3 do artigo 68 queda modificado como segue:

«3. Desenvolveranse regulamentariamente as condicións e os procedementos para a obtención, revogación, rehabilitación e suspensión das autorizacións, así como o réxime da declaración responsable ou comunicación previa segundo o previsto na normativa sectorial aplicable.

Os procedementos administrativos para a tramitación das diferentes autorizacións terán unha duración máxima de seis meses. Unha vez transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase resolución administrativa, as solicitudes entenderanse desestimadas por silencio administrativo nos procedementos relativos á obtención ou rehabilitación das diferentes autorizacións, e producirase a caducidade nos procedementos relativos á suspensión e revogación das autorizacións administrativas.»

Dous. A disposición derradeira terceira pasa a ter a seguinte redacción:

«Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa*

1. Facúltase a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta lei.

2. Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para que, por proposta da consellaría con competencias en materia de servizos sociais, desenvolva regulamentariamente os requisitos materiais de que deben dispoñer os centros que presten os servizos destinados a atención diúrna, diúrna ocupacional, residencial e residencial ocupacional destinados a persoas dependentes con discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista e enfermidade mental, así como o servizo de supervisión e apoios puntuais en equipamentos especiais, entendendo por tales requisitos aqueles referidos a localización e accesos, accesibilidade e espazos mínimos.»

Artigo 27. *Modificación do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes*

O Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, queda modificado como segue:

Un. O artigo 9 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 9. *Funcións dos órganos de valoración e asesoramento da dependencia*

Serán funcións dos órganos de valoración e asesoramento da dependencia:

a) Revisar a información sanitaria, o informe social se é o caso e a restante documentación que conste no expediente ou calquera outra información complementaria e necesaria para os efectos de desenvolver a valoración.

b) Solicitar a documentación, os informes ou as probas complementarias necesarias para a valoración da situación de dependencia e o establecemento do Programa Individual de Atención.

c) Coordinar as actuacións dos distintos profesionais técnicos de valoración da situación da dependencia para garantir e unificar os criterios técnicos entre profesionais desta.

d) Revisar e aplicar un control de calidade ás valoracións da dependencia realizadas polos profesionais técnicos de valoración da Administración autonómica.

e) Codificar os diagnósticos que se detallen no ditame técnico de valoración.

f) Propoñer ditame sobre o grao de dependencia e, se é o caso, proposta do Programa Individual de Atención á persoa titular do departamento territorial da consellaría competente en materia de servizos sociais.

g) Emitir proposta técnica que motive a necesidade de proceder nos casos de emerxencia.

h) Asesorar o persoal técnico de valoración da situación de dependencia nos asuntos da súa competencia.

i) Emitir aqueles informes que lles sexan solicitados polas administracións públicas en materia de valoración da situación de dependencia, así como do Programa Individual de Atención.

j) Aqueloutras funcións que lles sexan atribuídas no ámbito do asesoramento e avaliación.»

Dous. O número 1 do artigo 27 queda coa seguinte redacción:

«1. O servizo ou órgano que determine a consellaría con competencia en materia de servizos sociais, unha vez completada a documentación, comunicaralle á persoa interesada o día, a franxa horaria e o lugar no que se realizará a valoración da situación de dependencia.»

Tres. O número 4 do artigo 44 queda redactado como segue:

«4. No caso de que a aplicación do previsto nos artigos 37 e 38 non permita determinar a prioridade no acceso a un recurso, o programa de asignación de recursos establecerá a prelación mediante a aplicación dos seguintes criterios de priorización:

a) O maior grao de dependencia.

b) A menor capacidade económica.

c) A situación sociofamiliar da persoa en situación de dependencia.

d) A non percepción doutra prestación ou servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

e) A data de presentación da solicitude da valoración da dependencia.

f) A idade da persoa en situación de dependencia.»

Artigo 28. *Modificación do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia*

Engádeselle un número 3 ao artigo 33 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, coa seguinte redacción:

«3. O órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais poderá rehabilitar a autorización revogada en relación cun centro, programa ou servizo social, sempre e cando se acredite que desapareceron as causas que motivaron a súa revogación e que se vai seguir prestando a mesma actividade de servizos sociais para a que foi concedida a autorización.»

Artigo 29. *Modificación do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo*

No apartado III do anexo I do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dentro dos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, incorpóranse os seguintes servizos:

«010112 Servizos de supervisión e apoios puntuais

01011201 *Cohousing*

01060101 Unidades psicoxeriátricas»

Artigo 30. *Modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O número 3 do artigo 3 queda coa seguinte redacción:

«3. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, poderanse valorar como persoas en situación de risco de exclusión social e, en consecuencia, incorporarse ás prestacións económicas reguladas nesta lei e ao resto de medidas positivas de apoio aquelas persoas nas que concorran factores de exclusión sinalados no número 1 deste artigo que obteñan ingresos derivados da súa actividade laboral que sexan inferiores ao importe da suma do ingreso mínimo máis os complementos familiares que lles correspondería percibir en concepto de tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia, sempre e cando reúnan o resto dos requisitos establecidos nesta lei para o acceso ás prestacións económicas reguladas nela.»

Dous. Dáselle nova redacción á letra c) do número 5 do artigo 11, nos seguintes termos:

«c) Aquelas instalacións de centros ou comunidades terapéuticas debidamente autorizadas que acollan persoas que vivan nelas de xeito estable ou temporal, coa finalidade de acadar a súa integración, así como as vivendas tuteladas que acollan persoas con discapacidade ou con enfermidade mental.»

Tres. A letra b) do número 1 do artigo 48 queda coa seguinte redacción:

«b) Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual: destinaranse á adecuación da vivenda, así como a mellorar a súa accesibilidade universal, co fin de adaptala ás circunstancias da persoa usuaria, dentro dos límites e condicións de idoneidade que se establezan regulamentariamente, en coordinación coas medidas sectoriais da consellaría competente en materia de vivenda.»

CAPÍTULO IX
Economía, emprego e industria

Artigo 30 *bis*. *Modificación da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia*

Modifícase o artigo 7 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, coa seguinte redacción:

«Artigo 7. *Composición e designación*

1. O Consello componse dos trinta e sete membros seguintes:

a) Unha presidencia.

b) Doce membros designados polas organizacións sindicais que obtivesen a condición de máis representativas, en proporción á súa representatividade, de acordo coa Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e co Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

c) Doce membros designados polas organizacións empresariais que gocen de capacidade representativa, en proporción á súa representatividade, de acordo co Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

d) Doce membros coa seguinte distribución: catro representantes do sector agrario, dous do sector marítimo-pesqueiro (un da pesca de baixura e outro do marisqueo), un representante da economía social, dous representantes das persoas usuarias e consumidoras e tres representantes das universidades de Galicia.

O Consello estará asistido por unha secretaría, que actuará con voz pero sen voto.

2. Os membros do Consello indicados na letra d) anterior serán propostos, en cada caso, polos órganos e entidades que a seguir se indican:

a) Sector agrario: polas organizacións profesionais con maior implantación no sector en Galicia.

b) Sector marítimo-pesqueiro: pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

c) Economía social: polo Consello da Economía Social de Galicia.

d) Persoas usuarias e consumidoras: polo Consello Galego de Consumo.

e) Universidades: un por cada xunta de goberno das da Coruña, Santiago e Vigo.

3. Nos supostos a que se refiren as letras b), c) e d) do número 1, designarase igual número de suplentes que membros titulares.

4. Cada membro do Consello ten un voto persoal e unicamente delegable na persoa nomeada como suplente.»

Artigo 31. *Modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia*

A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 35 queda coa seguinte redacción:

«1. Para o outorgamento de dereitos mineiros sobre os terreos francos resultantes do levantamento dunha zona de reserva ou da declaración de caducidade dun permiso de exploración, dun permiso de investigación ou dunha concesión de explotación mineira, tramitarase o correspondente concurso público, regulado neste artigo e demais normativa aplicable. En todo caso, realizaranse convocatorias de concurso diferenciadas por cada provincia.

Unha vez que adquira firmeza, de ser o caso, en vía xudicial, a declaración de caducidade dun dereito mineiro, procederase a efectuar a convocatoria do concurso público ao que se refire o parágrafo anterior e publicarase no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*. No prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da última publicación, quen estea interesado no dereito caducado poderá presentar solicitudes.

Se a declaración de caducidade dun dereito obxecto de concurso se debe ao incumprimento das obrigas legais ou das condicións establecidas no título de outorgamento por parte da persoa explotadora ou da persoa titular do dereito, estas non poderán participar no concurso respecto do dito dereito.

Na convocatoria do concurso determinaranse os criterios de selección, así como os parámetros para a súa valoración, tendo en conta, en todo caso, os previstos no artigo seguinte. Estes criterios e parámetros poderán ser establecidos previamente con carácter xeral para as convocatorias de concursos referidas a un ou varios tipos de recursos mediante orde da persoa titular da consellaría competente en materia de minas. En todo caso, na convocatoria do concurso de que se trate poderán establecerse xustificadamente modificacións dos criterios ou parámetros establecidos con carácter xeral para adaptalos ás características ou circunstancias específicas do concurso concreto.

2. Na solicitude indicarase claramente o tipo de dereito que se solicita e sobre que dereito mineiro se solicita, achegando o seguinte contido mínimo, que se presentará en dous sobres pechados debidamente numerados:

a) No primeiro sobre incluirase a documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar da persoa solicitante e da representación, así como o resgardo da fianza provisional, que consistirá no 10 % da taxa correspondente ás solicitudes de dereitos mineiros establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa. Incluirase, así mesmo, a documentación acreditativa de non estar incurso nas prohibicións para contratar co sector público establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público.

b) O segundo sobre conterá a designación do terreo que se pretende, os documentos requiridos para as solicitudes de dereitos mineiros, a documentación adicional que proceda explicativa ou acreditativa das vantaxes da proposta e unha declaración responsable dos documentos presentados.»

Dous. O artigo 36 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 36. *Valoración de ofertas e resolución de concursos de dereitos mineiros*

1. No caso de que non se formulasen solicitudes, o órgano mineiro competente declarará de oficio o terreo como rexistrable, e publicarao no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.

2. No caso de que se presentasen varias solicitudes sobre o mesmo dereito mineiro, abrirase unha fase de concorrencia competitiva, na que se establecerá a orde de prelación para a tramitación delas, de acordo coa valoración obtida por aplicación dos criterios de selección das propostas máis vantaxosas.

Entenderase por propostas máis vantaxosas as que ofrezan as mellores condicións científicas e técnicas e as maiores vantaxes económicas e sociais, tendo en conta os principios de sustentabilidade, responsabilidade e seguridade, e atendendo, como mínimo, os seguintes criterios:

a) A calidade científica e técnica do proxecto e as garantías que se ofrezan da súa viabilidade.

b) A calidade ambiental do proxecto, valorándose especificamente a restauración de zonas degradadas como consecuencia de actividades mineiras anteriores.

c) A calidade social e ética do proxecto, é dicir, a inclusión no proxecto de medidas inclusivas e transversais, de cohesión social e de respecto ao medio ambiente, nas que se expresen altos estándares de responsabilidade social e ética empresarial. Entre estas medidas valoraranse a incorporación da variable de xénero, a integración laboral das persoas con discapacidade, mecanismos de solución de conflitos coas comunidades locais e mecanismos de transparencia e acceso da cidadanía á información.

d) O impacto socioeconómico do proxecto na zona de implantación da explotación e na economía galega en xeral, con base en indicadores obxectivos e comparativos coa situación actual.

e) As condicións xurídicas máis respectuosas co carácter de bens de dominio público dos xacementos de orixe natural e demais recursos xeolóxicos no ordenamento xurídico español e coa súa explotación racional.

3. A apertura das ofertas verificaraa en cada provincia respecto dos dereitos que se localicen nela unha mesa constituída por:

a) A persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de minas ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente ou presidenta.

b) A persoa titular da xefatura do servizo competente en materia de minas da xefatura territorial correspondente ou o enxeñeiro ou enxeñeira de minas do dito servizo en quen delegue, que actuará como secretario ou secretaria da mesa.

c) Un membro da escala de letrados da Xunta de Galicia.

d) A persoa titular da intervención delegada da xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de minas ou da delegación provincial ou persoa en quen delegue.

e) Unha persoa representante da dirección xeral competente en materia de minas designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de minas.

No caso de dereitos que se localicen en máis dunha provincia, a apertura das ofertas será verificada pola mesa correspondente á provincia onde se localice unha maior extensión do dereito.

No prazo de dez días desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes, constituirase a mesa e procederase á apertura de sobres na orde habitual. Ao acto de constitución da mesa e á apertura de sobres poderán asistir as persoas que presentasen as solicitudes ou os seus representantes debidamente acreditados.

A mesa analizará e valorará as ofertas presentadas e realizará unha proposta de resolución do concurso, que incluirá, para os casos nos que se presentasen varias solicitudes respecto dun mesmo dereito, a orde de prelación das solicitudes para a súa tramitación.

4. O concurso resolverao a persoa titular da consellaría competente en materia de minas no prazo máximo de seis meses, contados desde o día seguinte á última publicación da convocatoria. A resolución conterá a orde de prelación para a tramitación das solicitudes concorrentes presentadas respecto dun mesmo dereito, de acordo co establecido neste artigo, e declarará que procede a admisión a trámite das solicitudes non concorrentes. Así mesmo, declarará rexistrables os terreos obxecto do concurso respecto dos que non se presentase ou non fose admitida ningunha solicitude.

Transcorrido o prazo sen que recaese e fose notificada a resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. De non se admitir ningunha das solicitudes presentadas, o concurso declararase deserto e os terreos non adxudicados serán declarados rexistrables pola persoa titular da consellaría competente en materia de minas. Esa declaración deberase publicar no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*, coa indicación de que poderán ser solicitados logo de transcorridos oito días desde a publicación no *Boletín Oficial del Estado*.»

Tres. O artigo 50 queda redactado como segue:

«Artigo 50. *Responsables*

1. Serán suxeitos responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas que incorran nelas, e en particular:

a) A persoa explotadora efectiva do recurso mineiro e, se é o caso, a persoa titular dos dereitos de aproveitamento mineiro.

b) O subcontratista do explotador efectivo.

c) A dirección facultativa, no ámbito das súas respectivas funcións.

d) A persoa titular ou propietaria da entidade explotadora efectiva, así como o administrador, xerente, director ou equivalente da dita entidade en relación coas infraccións que se cometan no desenvolvemento da actividade de investigación ou aproveitamento dos recursos xeolóxicos, cando non realizasen os actos necesarios que sexan da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas infrinxidas, consentisen o incumprimento por quen deles dependa ou adoptasen acordos que fixesen posible a comisión de tales infraccións. En todo caso, nos supostos de extinción da personalidade xurídica da entidade explotadora efectiva, o procedemento sancionador dirixirase contra as persoas indicadas nesta letra nos supostos sinalados nela.

2. No caso de existir máis dunha persoa responsable da infracción, as sancións que se impoñan terán entre si carácter independente.

3. Cando en aplicación desta lei dúas ou máis persoas resulten responsables dunha infracción e non sexa posible determinar o seu grao de participación, serán solidariamente responsables para os efectos das sancións que deriven.

4. En todo caso, e sen prexuízo das garantías financeiras establecidas para o efecto, no caso de extinción da personalidade xurídica da entidade explotadora, os socios, administradores e directivos da dita entidade no momento da súa extinción quedarán obrigados ao cumprimento das obrigas relativas ao proceso de restauración, peche e abandono da explotación. En consecuencia, serán suxeitos responsables das infraccións que cometan en relación co incumprimento de tales obrigas.»

Catro. A letra m) do artigo 58 queda redactada como segue:

«m) A comisión de máis de dúas infraccións leves, xa sexa polo mesmo feito ou por feitos diferentes, calquera que sexa a súa natureza, no prazo dun ano.»

Cinco. A letra c) do artigo 59 queda coa seguinte redacción:

«c) A comisión de máis de dúas infraccións graves, xa sexa polo mesmo feito ou por feitos diferentes, calquera que sexa a súa natureza.»

Seis. Engádese un artigo 61 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 61 *bis*. *Redución do importe das sancións*

1. De conformidade co artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, no suposto de pagamento voluntario polo presunto responsable en calquera momento anterior á resolución, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha redución do 20 % sobre o importe da sanción proposta.

Tamén cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, se, iniciado o procedemento sancionador, a persoa infractora recoñece a súa responsabilidade, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha redución do 20 % sobre o importe da sanción que proceda. Esta redución é acumulable coa establecida no parágrafo anterior.

A efectividade das reducións previstas nos parágrafos anteriores estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

2. En relación coas infraccións relativas ao incumprimento das obrigas de reacondicionamento do espazo natural afectado polas actividades mineiras ou ao incumprimento das previsións contidas no plan de restauración, a resolución do procedemento sancionador conterá, ademais da multa pecuniaria e outras sancións que poidan corresponder, a exixencia do cumprimento das obrigas indicadas de reacondicionamento e restauración, así como a indemnización polos danos e perdas causados, que será determinada e exixida polo órgano ao que corresponda o exercicio da potestade sancionadora.

A persoa responsable da infracción terá dereito a unha redución do 70 % da multa que deba impoñerse no caso de que estea acreditado no procedemento sancionador, no momento de se formular a proposta de resolución, o cumprimento íntegro das obrigas de reacondicionamento e das previsións de restauración, así como, se é o caso, a reparación dos danos e perdas causados. Na proposta de resolución indicarase que, no suposto de pagamento voluntario polo presunto responsable en calquera momento anterior á resolución, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha redución adicional do 10 % sobre o importe da sanción proposta, ascendendo a redución máxima total ao 80 %. Estas reducións non son acumulables con ningunha outra establecida na normativa aplicable, a cal, de proceder, se entenderá incluída nelas.

No caso de que no momento de se formular a proposta de resolución estea acreditado no procedemento sancionador o cumprimento íntegro das obrigas de reacondicionamento e das previsións de restauración pero non a reparación dos danos e

perdas que fosen causados, a redución será do 60 %. Na proposta de resolución indicarase que, no suposto de pagamento voluntario polo presunto responsable en calquera momento anterior á resolución, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha redución adicional do 10 % sobre o importe da sanción proposta, ascendendo a redución máxima total ao 70 %. Estas reducións non son acumulables con ningunha outra establecida na normativa aplicable, a cal, de proceder, se entenderá incluída nelas.

3. Todas as posibles reducións previstas neste artigo deberán ser indicadas na notificación da iniciación do procedemento.»

Sete. Engádese unha disposición adicional oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Execución forzosa en materia de minas*

1. Sen prexuízo do suposto específico recollido no artigo 63, con carácter xeral, para acadar o cumprimento dos requirimentos efectuados pola Administración e das resolucións administrativas ditadas en materia de minas, a Administración autonómica poderá proceder, logo do apercibimento, á imposición de multas coercitivas, reiterables por lapsos de tempo suficientes para o cumprimento da resolución ou requirimento, ata lograr a súa execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 25.000 euros cada unha, tendo en conta a gravidade do incumprimento e a reiteración da multa.

2. É órgano competente para a imposición das multas coercitivas aquel que resulte competente para ditar a resolución do procedemento de que se trate ou para efectuar o requirimento.»

Oito. Engádese unha disposición adicional novena, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Pagamento das indemnizacións por expropiación forzosa*

Determinado en vía administrativa, de conformidade coa lexislación reguladora da expropiación forzosa, o xusto prezo e as indemnizacións de toda índole que correspondan como consecuencia do exercicio da potestade expropiatoria, o titular dos dereitos mineiros, na súa condición de beneficiario no procedemento expropiatorio, acreditará ante a Administración o pagamento ao expropiado da cantidade total que proceda, incluídos os xuros que se establezan.

Se o titular dos dereitos mineiros na súa condición de beneficiario non cumpre as obrigas que lle corresponden e, en virtude de resolución xudicial, calquera que for a súa data, a Comunidade Autónoma de Galicia tiver que facerse cargo do aboamento das indemnizacións aos expropiados, esta quedará subrogada no crédito do expropiado.

No caso do parágrafo anterior, unha vez aboado pola Administración o importe das indemnizacións aos expropiados, o crédito da Administración fronte ao beneficiario terá a consideración de recurso de dereito público para os efectos do disposto na lexislación de réxime financeiro o orzamentario, polo que se o beneficiario non procede ao reembolso íntegro das cantidades á Administración, unha vez requirido para o efecto, a Facenda pública galega estará en posesión das prerrogativas legalmente establecidas e poderá

proceder ao seu cobramento por vía de constrinximento, de acordo coas regras que rexen a recadación executiva.»

Artigo 32. *Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*

O número 1 da disposición adicional terceira da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, queda redactado como segue:

«1. As novas solicitudes de autorización ás que se refire o artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa, correspondentes a infraestruturas de evacuación dos parques eólicos tramitaranse segundo as disposicións establecidas nesta lei, no que sexa aplicable. Os órganos competentes para a súa autorización serán os establecidos no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.»

Artigo 33. *Supresión do Rexistro Galego de Comercio e modificación da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia*

1. Queda suprimido o Rexistro Galego de Comercio.

2. O número 1º da letra a) do artigo 105 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, queda modificado como segue:

«1º) Exercer unha actividade comercial sen previa autorización no caso de que esta sexa preceptiva, non realizar as comunicacións ou notificacións á Administración comercial exixidas pola normativa vixente, incumprir os requisitos establecidos no artigo 5 ou incorrer nalgunha das prohibicións establecidas no artigo 6.»

Artigo 34. *Modificación da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia*

Engádese un título IV na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, coa seguinte redacción:

«TÍTULO IV

Iniciativas empresariais prioritarias

Artigo 42. *Requisitos para a declaración das iniciativas empresariais prioritarias*

1. Poderán ser declarados iniciativas empresariais prioritarias (IEP) polo Consello da Xunta os proxectos empresariais que acheguen á Comunidade Autónoma de Galicia un valor engadido nas áreas de innovación, vertebración territorial, competitividade, internacionalización, protección ambiental, igualdade no ámbito laboral ou conciliación.

2. Así mesmo, para seren declarados iniciativas empresariais prioritarias, os proxectos deberán cumprir con, polo menos, dous dos seguintes requisitos en materia de investimento e creación de emprego:

a) Que supoñan a xeración de vinte e cinco ou máis postos de traballo directo baixo a modalidade de contrato indefinido a xornada completa.

b) Que impliquen a realización dun investimento en activos fixos, excluídos os inmobiliarios, por importe igual ou superior a un millón de euros (1.000.000 de €).

c) Que sexan proxectos tractores ou que complementen cadeas de valor ou que pertenzan a sectores considerados estratéxicos.

3. Co fin de verificar o cumprimento dos requisitos, presentarase xunto coa solicitude un informe detallado e a documentación acreditativa das medidas que se vaian instaurar, así como da súa correspondente temporalización, acompañados do documento de compromiso da súa implantación e de mantemento durante un período mínimo de cinco anos desde o inicio da actividade económica ou a ampliación da existente.

Artigo 43. *Procedemento de declaración das iniciativas empresariais prioritarias*

1. O procedemento de declaración dun proxecto empresarial como iniciativa empresarial prioritaria iniciarase por solicitude da persoa interesada dirixida ao Instituto Galego de Promoción Económica, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos conforme o previsto no artigo anterior.

2. O Instituto Galego de Promoción Económica poderá solicitar das consellarías afectadas por razón da materia todos os informes que xulgue convenientes para motivar o seu informe.

3. Unha vez revisado e valorado se o proxecto cumpre cos requisitos desta lei, o Instituto Galego de Promoción Económica emitirá un informe vinculante, e remitirá a solicitude e toda a documentación acreditativa á consellaría competente en materia de economía.

4. A declaración de iniciativa empresarial prioritaria será acordada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de economía.

Artigo 44. *Efectos vinculados á declaración de iniciativa empresarial prioritaria*

1. Os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico darán carácter prioritario á realización dos trámites da súa competencia relacionados coas iniciativas empresarias prioritarias, de forma que se axilice a súa implantación e posta en marcha.

2. A existencia dunha declaración de iniciativa empresarial prioritaria determinará a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos procedementos relacionados con tales iniciativas, polo que, unha vez declarada a tramitación de urxencia polo órgano competente de acordo co establecido polo artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os prazos establecidos para o procedemento ordinario reduciranse á metade, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

3. Logo de ser declarado un proxecto como iniciativa empresarial prioritaria, a Oficina *Doing Business* en Galicia, prevista na Orde do 14 de xaneiro de 2016 pola que se crea a oficina *Doing Business* en Galicia e se dá publicidade aos modelos de propostas para a mellora da regulación económica e de comunicación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial, realizará o seguimento e impulso dos trámites administrativos ulteriores necesarios para a súa implantación.

4. Será requisito necesario para o mantemento da declaración de concellos emprendedores-*Doing Business* pola Xunta de Galicia e a Fegamp o recoñecemento do carácter prioritario nos trámites e a adopción do acordo de tramitación urxente previsto neste artigo respecto dos procedementos da súa competencia relacionados coas iniciativas empresariais prioritarias.»

Artigo 34 *bis*. *Modificación da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*

Engádese unha disposición adicional cuarta na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Bens adquiridos mediante o exercicio da potestade expropiatoria para seren destinados ao tráfico xurídico patrimonial*

Nos supostos de exercicio da potestade expropiatoria para a execución de instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos regulados nesta lei e na lexislación do solo respectivamente promovidos ou desenvoltos por iniciativa pública, a adquisición dos bens non implicará a súa afectación implícita a un uso xeral ou a un servizo público cando o instrumento de ordenación do territorio ou urbanístico aprobado prevexa que o seu destino sexa devolvelos ao tráfico xurídico patrimonial.»

Artigo 35. *Cambio de denominación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral*

1. O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, e cuxos estatutos se aprobaron polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, pasa a denominarse Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.

2. Todas as referencias normativas ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral entenderanse feitas ao Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.

CAPÍTULO X
Cultura e turismo

Artigo 36. *Modificación da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia*

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O título do artigo 4 pasa a ser: «*Competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.*»

Dous. O primeiro parágrafo do artigo 4 queda coa seguinte redacción:

«Correspóndenlle á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellaría competente en materia de turismo, entre outras, as seguintes atribucións:»

Tres. A letra k) do artigo 4 queda coa seguinte redacción:

«k) A promoción e a sinalización dos camiños de Santiago, así como a súa conservación e mantemento en colaboración con outras administracións públicas.

Os actos relacionados coa sinalización, así como a conservación e mantemento da traza dos camiños de Santiago que promova a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán suxeitos a control municipal por medio de comunicación previa, sendo necesaria en todos os casos a autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.»

Catro. Engádese un letra l) no artigo 4, coa seguinte redacción:

«l) Calquera outra competencia en materia de turismo que se lle atribúa nesta lei ou noutra normativa aplicable.»

Cinco. O número 3 do artigo 8 queda redactado como segue:

«3. Por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de turismo estableceranse os requisitos que deben cumprir as oficinas que integren a Rede Galega de Oficinas de Turismo, o procedemento para solicitar a adhesión voluntaria á Rede e os efectos da integración.»

Seis. O artigo 21 quedará redactado do xeito seguinte:

«Artigo 21. *Recursos e produtos turísticos*

1. Son recursos turísticos todos os bens materiais e inmateriais e as manifestacións da realidade física, social, histórica e cultural de Galicia que poidan xerar ou incrementar de xeito directo ou indirecto os fluxos turísticos tanto do interior como do exterior da nosa comunidade, propiciando repercusións económicas favorables.

2. Son produtos turísticos todos os bens, servizos ou actividades susceptibles de comercialización mediante contraprestación económica que teñen por finalidade satisfacer a demanda das persoas usuarias turísticas.

3. Por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de turismo poderán establecerse as características e os requisitos daqueles recursos ou produtos turísticos de interese para a Comunidade Autónoma.»

Sete. O artigo 42 queda redactado como segue:

«Artigo 42. *Cambios substanciais nas actividades turísticas suxeitas á declaración responsable*

Considéranse cambios ou reformas substanciais os que afecten a clasificación turística, segundo os termos que se establezan regulamentariamente. A realización de

calquera cambio ou reforma substancial require a presentación pola empresaria ou empresario turístico dunha declaración responsable.»

Oito. O número 5 do artigo 88 queda redactado como segue:

«5. As empresas ás que se refiren as letras b) e c) do número 1 anterior son consideradas empresas de turismo activo. Non terán esta consideración os clubs e as federacións deportivas cando organicen a realización de actividades no medio natural dirixidas única e exclusivamente ás súas persoas membros e non ao público en xeral.

As empresas de turismo activo deberán dispoñer de seguro por accidentes e de responsabilidade civil que cubran de forma suficiente os posibles riscos imputables á empresa pola oferta e práctica das actividades que oferten e presten, así como unha póliza de seguros de rescate, traslado e asistencia derivados de accidente na prestación daqueles servizos.

Determinaranse regulamentariamente os requisitos e o réxime aplicable a estas empresas.»

Nove. O número 2 do artigo 100 queda coa seguinte redacción:

«2. O persoal inspector estará provisto dunha acreditación coa cal se identificará no desenvolvemento das súas funcións. Esta identificación poderá ser posterior á actuación cando o axeitado desenvolvemento do labor inspector así o requira.»

Dez. Engádese unha letra e) no número 4 do artigo 100, coa seguinte redacción:

«e) Solicitar a información estritamente necesaria para o desenvolvemento do labor inspector que conste en rexistros de carácter público ou en bases de datos das diferentes administracións.»

Once. Os números 7 e 8 do artigo 105 quedan coa seguinte redacción:

«7. A acta de infracción, de acordo co establecido no artigo 122, redactarase para os efectos de posibilitar a adopción do acordo de iniciación do procedemento sancionador oportuno, e faráselle chegar unha copia dela á persoa titular da actividade ou a quen a represente.

8. A persoa inspeccionada poderá formular as alegacións que xulgue procedentes en relación coa actuación inspectora documentada na dita acta no prazo de dez días, contados a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación da copia da acta.»

Doce. Engádeselle o número 24 ao artigo 110, coa seguinte redacción:

«24. Alterar ou romper o precinto derivado da aplicación da medida de peche do establecemento acordada en aplicación do artigo 106.1.»

Artigo 37. *Modificación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*

A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 45 queda coa seguinte redacción:

«1. As intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto:

a) Novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional.

b) As intervencións de calquera tipo que se manifesten cara ao espazo exterior público ou privado das edificacións existentes.

c) As actuacións que afecten a estrutura parcelaria, os elementos configuradores característicos da estrutura territorial tradicional, os espazos libres e a topografía característica do ámbito, incluídos os proxectos de urbanización.

d) A implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as repoboacións forestais.

e) As remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.

2. As restantes intervencións no contorno de protección non necesitarán autorización previa ao outorgamento de licenza, ben que deberán ser coherentes cos valores xerais do contorno.

3. As cortas forestais que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados, cando non leven aparellado un cambio de uso, e que, conforme a lexislación forestal, estean suxeitas a autorización, para a tutela dos valores obxecto de protección por esta lei, requirirán da emisión dun informe sectorial da consellaría competente en materia de cultura, que se integrará no procedemento de outorgamento da correspondente autorización forestal.»

Un *bis*. A disposición transitoria cuarta queda coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria cuarta. *Planeamento municipal*

1. O planeamento urbanístico vixente na actualidade deberá adaptarse ao disposto nesta lei cando se proceda a unha revisión do planeamento.

Así mesmo, procederá a adaptación cando concorran circunstancias obxectivas no concello afectado que o aconsellen, tales como a declaración de interese cultural no termo municipal cando resulte contraditoria co planeamento, a aprobación dun instrumento de ordenación territorial de ámbito territorial superior con incidencia no patrimonio ou a aprobación dunha declaración de carácter supranacional, e así o determine a persoa titular da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

2. Sen prexuízo do sinalado anteriormente, os planeamentos urbanísticos adaptados á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural

de Galicia, e á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, considéranse adaptados a esta lei, pero as intervencións autorizadas en función do nivel de protección dos bens serán as do artigo 42.

Para os efectos da habilitación conferida aos concellos no artigo 65 desta lei, no suposto da existencia de discrepancias entre estes planeamentos urbanísticos e as previsións dos artigos 41 e 42 desta lei, no propio convenio de colaboración que se asine para facer efectiva e concretar a habilitación establecerase a táboa de equivalencias respecto dos niveis de protección dos bens.»

Dous. A disposición transitoria quinta queda coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria quinta. *Plans especiais de protección aprobados*

Os concellos que á entrada en vigor desta lei conten cun plan especial de protección anterior á entrada en vigor da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, relativo a un conxunto histórico e ao amparo deste exerzan as competencias de autorización previstas na lexislación anterior seguirán exercéndoas ata o 31 de decembro de 2023, prazo durante o cal deberán proceder á súa adaptación a esta lei, para poder exercer as competencias previstas no artigo 58.»

CAPÍTULO XI
Deporte

Artigo 38*. Modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádeselle un número 3 ao artigo 21, coa seguinte redacción:

«3. Non poderán modificarse as normas das competicións durante o seu desenvolvemento, agás causa de forza maior debidamente xustificada.»

Dous. O parágrafo segundo do número 3 do artigo 46 queda redactado da seguinte maneira:

«Unha mesma persoa non poderá formar parte de máis dunha xunta directiva de clubs distintos que compitan ou teñan intereses en idéntica modalidade deportiva.»

Tres. A letra c) do número 2 do artigo 64 queda redactada da seguinte maneira:

«c) A obriga de disolución no prazo máximo de seis meses, contados a partir da firmeza administrativa da resolución pola que se acorde revogar o recoñecemento da federación deportiva.»

Catro. Engádese unha nova letra d) no número 2 do artigo 64, coa seguinte redacción:

«d) A entrega á Administración deportiva autonómica de toda a documentación, en calquera formato, e material do que dispoña a federación en virtude do exercicio das funcións delegadas.»

Cinco. Engádese un nova letra o) no artigo 116, coa seguinte redacción:

«o) Simultanear a presidencia dun club deportivo coa presidencia da federación deportiva na que se integre o devandito club.»

Seis. O último paragrafo do artigo 116 queda redactado da seguinte maneira:

«Das infraccións ás que se refiren as letras h), j), k), l), ñ) e o) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.»

Sete. Engádense as letras n), ñ) e o) no artigo 117, coa seguinte redacción:

«n) Formar parte de máis dunha xunta directiva de clubs distintos que participen ou teñan intereses en idéntica modalidade deportiva.

ñ) A modificación das normas da competición durante o seu desenvolvemento, agás causa de forza maior debidamente xustificada.

o) Non disolver a federación deportiva no prazo fixado no artigo 64.c).»

Oito. A letra i) do número 2 do artigo 130 queda redactada da seguinte maneira:

«i) Determinar, dentro do ámbito das competencias autonómicas, as condicións de realización dos controis consonte a normativa internacional e nacional vixente en materia de dopaxe e o disposto nesta lei.»

Nove. O número 1 do artigo 133 queda redactado da seguinte maneira:

«Conforme o previsto na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, o órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte poderá celebrar convenios de colaboración coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para que esta asuma o exercicio das competencias en materia de control da dopaxe que corresponden á Comunidade Autónoma.»

CAPÍTULO XII
Organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

Artigo 39. *Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*

O artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, queda modificado como segue:

«1. O procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral iniciarase por acordo da persoa titular da consellaría na que se encadre o centro de directivo que tivese a iniciativa.

2. Iniciado o procedemento, con carácter previo á elaboración do anteproxecto substanciarase unha consulta pública a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto co obxecto de recoller a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre os seguintes aspectos:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa norma.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

c) Os obxectivos da norma.

d) As posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias.

A consulta pública previa deberá realizarse de tal forma que todos os potenciais destinatarios da norma teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o cal deberá proporcionarse un tempo suficiente, non inferior a quince días naturais. Por razóns de urxencia debidamente xustificadas no expediente, poderá acordarse un prazo inferior.

Poderá prescindirse do trámite de consulta pública previa no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das organizacións dependentes ou vinculadas a esta cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen ou cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia. A concorrencia dalgunha ou dalgunhas destas razóns xustificarase debidamente no expediente.

3. O anteproxecto que se redacte irá acompañado dos seguintes documentos:

a) Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade e sobre as modificacións e innovacións que contén.

b) Unha memoria económico-financeira que conteña a estimación do custo ao que poida dar lugar e, se é o caso, a súa forma de financiamento.

c) O informe do servizo técnico-xurídico correspondente da consellaría na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa.

d) A táboa de vixencias e a cláusula ou a disposición derrogatoria na cal se enumeren expresamente as normas de igual ou inferior rango que se pretende derrogar.

4. Cumpridos os trámites aos que se fai referencia nos números anteriores, o texto poderá ser aprobado inicialmente como proxecto pola persoa titular da consellaría na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa.

5. Publicarase, nos termos previstos na normativa en materia de transparencia, a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento no que se produza a aprobación do anteproxecto, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitiren suxestións e a forma de o faceren.»

Artigo 40. *Prazo para resolver os procedementos sancionadores en materia de servizos de comunicación audiovisual*

O prazo máximo para resolver e notificar os procedementos sancionadores en materia de servizos de comunicación audiovisual será de dez meses, contados desde o ditado do acordo de inicio.

Disposición adicional primeira. *(Suprimida)*

Disposición adicional segunda. *Sistema de carreira profesional para os funcionarios de Xustiza*

A Xunta de Galicia estudará a implantación dun sistema de carreira profesional para os funcionarios de Xustiza, dentro do respecto á normativa aplicable do Estado e a través da mesa sectorial de negociación específica. O dito sistema poderá ter en conta a implantación da nova oficina xudicial de Galicia no marco da modernización da Administración de xustiza na nosa Comunidade Autónoma.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación da nova duración do permiso por parto e do permiso por adopción ou acollemento ao persoal funcionario que estea gozando de tales permisos*

A nova duración do permiso por parto e do permiso por adopción ou acollemento será aplicable tamén a aquel persoal funcionario que veña gozando de tales permisos no momento da entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Prazo para resolver os concursos de dereitos mineiros*

O prazo de seis meses para a resolución dos concursos de dereitos mineiros previsto na nova redacción dada por esta lei ao número 4 do artigo 36 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, será aplicable aos concursos que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei, sempre que o seu prazo de resolución non concluíse xa de acordo coa normativa que lles era aplicable.

Disposición transitoria terceira. *Réxime aplicable ás actuacións de devolución ao tráfico xurídico patrimonial que se realicen en execución e desenvolvemento de instrumentos de ordenación aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta lei*

O previsto no artigo 34 *bis* desta lei será, así mesmo, aplicable ás actuacións de devolución ao tráfico xurídico patrimonial que se realicen en execución e desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos xa aprobados con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Quedan derrogados:

a) Os números 31, 32 e 33 do artigo 4 e o artigo 56 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

b) Os artigos 8, 57 e 73, os números 2 e 3 do artigo 92 e a letra i) do artigo 105 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia.

c) O artigo 18 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

d) O artigo 2 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia

e) O Decreto 155/2005, do 9 de xuño, sobre un réxime extraordinario de recoñecemento do desenvolvemento profesional do persoal estatutario das categorías de licenciados sanitarios do Servicio Galego de Saúde previo á implantación do réxime de desenvolvemento profesional a que se refire a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

f) O Acordo do 4 de xullo de 2006 polo que se regula o acceso extraordinario á carreira profesional do persoal diplomado sanitario con vínculo estatutario fixo nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e as bases de negociación do réxime definitivo de carreira profesional

g) O Acordo do 21 de xuño de 2007 polo que se regula o acceso extraordinario á carreira profesional do persoal das categorías de xestión e servizos e sanitarias de formación profesional con vínculo estatutario fixo nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

h) O artigo 8 do Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade.

i) O Decreto 118/2012, do 20 de abril, polo que se regula o Rexistro Galego de Comercio.

2. Quedan derrogadas, así mesmo, as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificacións regulamentarias*

As previsións do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro; do Decreto 329/2005, do 28 de xullo; do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro; do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro; do Decreto 254/2011, do 23 de decembro; e do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, que son obxecto de modificación por esta lei poderán ser modificadas por norma do rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Habilítase o Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez
Visto e prace

Gonzalo Trenor López
Secretario da Comisión

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 41654
Data envio: 11/12/2018 19:06:58.334

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que mantén para a súa defensa en Pleno, as emendas presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 39156) agás as aprobadas ou transacionadas.

Pazo do Parlamento, 12 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/12/2018 19:01:11

CSV: REXISTRO-e2iBI2cVI-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 09:42:54
Nº Rexistro: 41657
Data envio: 12/12/2018 09:42:54.801

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, mantén, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao **Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, doc. 39156 (10/PL-000011),** que non foron incorporadas ao Ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 12/12/2018 09:41:12

CSV: REXISTRO-FBdP9ZaVW-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 10:48:10
Nº Rexistro: 41660
Data envio: 12/12/2018 10:48:10.514

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, **MANTÉN**, para a súa **defensa en Pleno**, todas as emendas presentadas ao **Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**, doc. núm. **39156**, (**10/PL-000011**), que non foron incorporadas ao Ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 12/12/2018 10:47:34

CSV: REXISTRO-2b5G5DeUT-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Texto para Pleno

PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS

Proxecto de lei: BOPG núm. 374, do 19.10.2018
Emendas: BOPG núm. 389, do 26.11.2018
Informe da Ponencia: BOPG núm. 393, do 04.12.2018
Ditame da Comisión: BOPG núm. 397, do 13.12.2018

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO I

Medidas fiscais
CAPÍTULO I

Tributos cedidos
Artigo 1. *Imposto sobre a renda das persoas físicas*
O artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:
Un. Modifícase o número Nove, que queda redactado como segue:
«Nove. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación.
1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite de 6.000 euros, o 30 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
a) A participación do contribuínte, computada xunto coas do cónxuxe ou persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao incluído, non pode ser superior ao 40 % nin inferior ao 1 % do capital social da sociedade obxecto do investimento ou dos seus dereitos de voto en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.
b) A entidade na que hai que materializar o investimento debe cumprir os seguintes requisitos:
1. Debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.
2. Debe desempeñar unha actividade económica durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. Para tal efecto, non debe ter por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8º.Dous.a) da Lei 19/1991, de 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.
3. Debe contar, como mínimo, cunha persoa ocupada con contrato laboral e a xornada completa, dada de alta no réxime

xeral da Seguridade Social e con residencia habitual en Galicia, durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.
4. No caso de que o investimento se realizase mediante unha ampliación de capital, a sociedade mercantil debeu ser constituída nos tres anos anteriores á data desta ampliación, sempre que, ademais, durante os vinte e catro meses seguintes á data do inicio do período impositivo do imposto sobre sociedades en que se realizase a ampliación o seu cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia se incrementase, polo menos, nunha persoa con respecto ao cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia nos doce meses anteriores e que o devandito incremento se manteña durante un período adicional doutros vinte e catro meses.
Para o cálculo do cadro de persoal medio total da empresa e do seu incremento, tomaranse as persoas empregadas, nos termos en que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.
c) As operacións nas que sexa aplicable a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos investidores e o importe do investimento respectivo.
d) As participacións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de tres anos, seguintes á constitución ou ampliación.
2. A dedución regulada no número 1 poderá incrementarse nun 15 % adicional, cun límite de 9.000 euros, cando, ademais de cumprir os requisitos do devandito número, se dea unha das seguintes circunstancias:
a) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se trate de sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser pequenas e medianas empresas innovadoras, de acordo co disposto na Orde ECC/1087/2015, do 5 de xuño, pola que se regula a obtención do selo de pequena e mediana empresa innovadora e se crea e regula o Rexistro da Pequena e Mediana Empresa Innovadora.
b) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser sociedades promotoras dun proxecto empresarial que accedese á obtención de cualificación como iniciativa de emprego de base tecnolóxica, de conformidade co disposto no Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base

tecnolóxica (IEBT), mediante a inscrición da iniciativa no Rexistro administrativo de Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica.

c) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas participadas por universidades ou organismos de investigación.»

Dous. O número Dez queda redactado como segue:

«Dez. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite conxunto de 20.000 euros, as seguintes cantidades:

a) O 30 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de capital social como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas.

b) Con respecto ás mesmas entidades, poderase deducir o 30 % das cantidades prestadas durante o exercicio, así como das cantidades garantidas persoalmente polo contribuínte, sempre que o préstamo se outorgue ou a garantía se constitúa no exercicio no que se proceda á constitución da sociedade ou á ampliación do seu capital.

Para ter dereito a estas deducións deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) A participación do contribuínte, computada xunto coas do cónxuxe ou das persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao incluído, non pode ser superior ao 40 % nin inferior ao 1 % do capital social da sociedade obxecto do investimento, ou dos seus dereitos de voto, en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. No caso de préstamo ou garantía, non será necesaria unha participación do contribuínte no capital, pero, se esta existe, non pode ser superior ao 40 %, cos mesmos límites temporais anteriores. O importe prestado ou garantido polo contribuínte ten que ser superior ao 1 % do patrimonio neto da sociedade.

b) A entidade na que hai que materializar o investimento, o préstamo ou a garantía debe cumprir os seguintes requisitos:

1º. Debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

2º. Debe desempeñar unha actividade económica durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. Para ese efecto, non debe ter por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8º.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

3º. Debe contar, como mínimo, cunha persoa ocupada con contrato laboral e a xornada completa, dada de alta no réxime xeral da Seguridade Social e con residencia habitual en Galicia. O contrato terá unha duración mínima dun ano e deberá formalizarse dentro dos dous anos seguintes á constitución ou ampliación, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

4º. No caso de que o investimento fose realizado mediante unha ampliación de capital ou o préstamo ou a garantía se realizase no exercicio dunha ampliación, a sociedade mercantil debeu ser constituída nos tres anos anteriores á data desta ampliación, e ademais, durante os vinte e catro meses seguintes á data do inicio do período impositivo do imposto sobre sociedades en que se realizase a ampliación, o seu cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia debeu incrementarse, polo menos, nunha persoa respecto do cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia nos doce meses anteriores, e o devandito incremento manterase durante un período adicional doutros doce meses, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

Para o cálculo do cadro de persoal medio total da empresa e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos en que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

c) O contribuínte pode formar parte do consello de administración da sociedade en que materializou o investimento, pero en ningún caso pode levar a cabo funcións executivas nin de dirección durante un prazo de dez anos, nin pode manter unha relación laboral coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

d) As operacións en que sexa aplicable a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.

e) As participacións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de tres anos, seguintes á constitución ou ampliación. No caso de préstamos, estes deben referirse ás operacións de financiamento cun prazo superior a cinco anos, e non poderá amortizar unha cantidade superior ao 20 % anual do importe do principal

prestado. No caso de garantías, estas estenderanse a todo o tempo de vixencia da operación garantida, non podendo ser inferior a cinco anos.

A dedución contida neste número resultará incompatible, para os mesmos investimentos, coas deducións previstas nos números 9 e 11 deste artigo.

2. As deducións reguladas no número anterior poderán incrementarse nun 15 % adicional, cun límite de 35.000 euros, cando, ademais de se cumpriren os requisitos do devandito número, se dea unha das seguintes circunstancias:

a) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución ou de ampliación de capital, cando se trate de sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser pequenas e medianas empresas innovadoras, de acordo co disposto na Orde ECC/1087/2015, do 5 de xuño, pola que se regula a obtención do selo de pequena e mediana empresa innovadora e se crea e regula o funcionamento do Rexistro da Pequena e Mediana Empresa Innovadora.

b) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser sociedades promotoras dun proxecto empresarial que accedese á obtención de cualificación como iniciativa de emprego de base tecnolóxica, de conformidade co disposto no Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), mediante a inscrición da iniciativa no Rexistro administrativo de Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica.

c) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas participadas por universidades ou organismos de investigación.»

Tres. O número Doce queda redactado como segue:

«Doce. Dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica.

1. Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica do imposto o 25 %, ata o límite do 10 % da devandita cota, dos donativos monetarios que fagan a favor de centros de investigación adscritos a universidades galegas e dos promovidos ou participados pola Comunidade Autónoma de Galicia que teñan por obxecto o fomento da investigación científica e o desenvolvemento e a innovación tecnolóxicos, así

como dos realizados a favor de entidades sen ánimo de lucro acollidas á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, coa condición de que estas últimas teñan a consideración de organismo de investigación e difusión de coñecementos conforme o previsto no artigo 2.83 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

2. A dedución queda condicionada á xustificación documental axeitada e suficiente dos presupostos de feito e dos requisitos que determinan a súa aplicabilidade. En particular, as entidades beneficiarias destes donativos deben enviar á Axencia Tributaria de Galicia, dentro dos primeiros vinte días de cada ano, unha relación das persoas físicas que efectuaron donativos durante o ano anterior, coa indicación das cantidades doadas por cada unha destas persoas.»

Catro. Engádese un novo número Dezasete, co seguinte contido:

«Dezasete. Deducións da cota íntegra autonómica para paliar os danos causados pola explosión de material pirotécnico que tivo lugar en Tui durante o mes de maio do 2018.

1º. Cando o contribuínte integrase na base impoñible xeral o importe correspondente a unha subvención ou calquera outra axuda pública obtida da Comunidade Autónoma de Galicia das incluídas no Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, poderá aplicar unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe da devandita dedución será o resultado de aplicar os tipos medios de gravame ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable.

2º. Ademais, o contribuínte poderá deducir as cantidades investidas, en investimentos non empresariais, coa finalidade de paliar os danos sufridos, pola parte que exceda as cantidades percibidas por axudas ou subvencións das incluídas no Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, ou por coberturas de seguros.

En ningún caso a cantidade obxecto de dedución poderá ser superior á diferenza entre o dano sufrido e as cantidades recibidas por axudas ou coberturas de seguro.

As deducións ás que se refire este artigo producirán efectos a partir de 2018.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº1, de Adición.

Engádese un novo parágrafo ao comezo do artigo 1, co seguinte teor literal:

"O apartado Dous do artigo 4 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

Base liquidable - Ata euros Cota íntegra - Euros Resto base liquidable - ata euros Tipo aplicable - (%)
0 0 12.450 9,5
12.450 1.182,75 7.750 11,75
20.200 2.093,38 7.500 14
27.700 3.143,38 7.500 17
35.200 4.418,38 12.400 20
47.600 6.898,38 12.400 21,5
60000 9366,87 60.000 24,5
120000 24066,87 En adiante 25,5"

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº1, ao apartado 4 bis), de Adición.

Débese engadir un novo punto 4 *bis*, que terá o seguinte contido:

"4 *bis*. Dedución por adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual

Os contribuíntes poderán deducir o 3 % das cantidades satisfeitas pola adquisición ou rehabilitación dunha vivenda nova que estea situada no territorio da comunidade autónoma de Galicia que constitúa ou vaia constituír a vivenda habitual do contribuínte, sempre que teña a súa residencia habitual en Galicia e que a súa base impoñible total non supere a contía de 18.000 euros en tributación individual ou 22.000 euros en tributación conxunta. A base máxima desta dedución virá constituída polo importe anual establecido como límite para a dedución de vivenda habitual prevista pola normativa vixente. Tal porcentaxe de dedución será do 5 % se a adquisición ou

rehabilitación se produce en calquera concello con poboación de menos de 5.000 habitantes".

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº2, ao apartado 4 ter), de Adición.

Débese engadir un novo punto 4 *ter*, que terá o seguinte contido:

"4 *ter*. Dedución para familias monomarentais ou monoparentais e, se é o caso, con ascendentes maiores de 75 anos.

As persoas contribuíntes que sexan nais ou pais de familia monomarentais ou monoparentais na data de devindicación do imposto terán dereito a aplicar na cota íntegra autonómica unha dedución de 400 euros. A dedución incrementarase adicionalmente en 200 euros por cada ascendente maior de 75 anos que xere o dereito á aplicación do mínimo por ascendentes. Cando varias persoas contribuíntes teñan dereito á aplicación da dedución prevista no paragrafo anterior, haberá que aterse ás normas de rateo e convivencia e demais límites previstos na normativa estatal do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A suma das bases impoñibles xeral e de aforro non debe superar os 40.000 euros en tributación individual ou os 65.000 euros no caso de tributación conxunta.

Terán a consideración de familia monomarental ou monoparental a formada pola nai ou pai e todos os fillos e fillas que convivan con un ou outro e que reúnan algún dos seguintes requisitos:

• Fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos que, co consentimento dos pais ou nais, vivan independentes destes.

• Fillos ou fillas maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº3, ao apartado 4 quater), de Adición.

Débese engadir un novo punto 4 *quater*, que terá o seguinte contido:

"4 *quater*. Tipo de gravame autonómico no imposto sobre a renda das persoas físicas.
Modifícase a táboa correspondente ao artigo 4 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que pasará a ser:

Base liquidable -ata euros-	Cota íntegra -ata euros-	Resto base -ata euros-	Tipo aplicable porcentaxe
0	0	12.450,00	9,50 %
12.450,00	1.182,75	7.750,00	11,75 %
20.200,00	2.093,38	7.500,00	15,50 %
27.700,00	3.255,88	7.500,00	17,00 %
35.200,00	4.530,88	12.400,00	18,50 %
47.600,00	6.824,88	12.400,00	21,00 %
60.000,00	9.428,88	40.000,00	23,50 %
100.000,00	18.828,88	En adiante	25,00 %"

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº4, ao apartado Un.Nove 4, de Modificación.

Débese modificar a frase que figura ao final do epígrafe Un. Nove. Punto 4. onde di: "... se manteña durante un período adicional doutros **vinte e catro meses**." Debe dicir: "... se manteña durante un período adicional doutros trinta e seis meses."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº1, ao apartado Un.Nove.1, de Substitución.

No punto 1. débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "6.000 euros"
Debe dicir: "10.000 euros"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº2, ao apartado Un.Nove.2, de Substitución.

Débese substituír no punto 2 onde di:
"...a dedución regulada no número 1 poderá incrementarse nun 15% adicional cun límite de 9.000 euros"
por:
"...a dedución regulada no número 1 poderá incrementarse nun 15 % adicional, cun límite de 13.000 euros"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº3, ao apartado Un.Nove.1.b) 4, de Substitución.

No punto 1.b) 4 débese substituír a seguinte expresión:
"...durante os vinte e catro meses seguintes..." por: "trinta e seis meses seguintes"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº4, ao apartado Dous.Dez..2, de Substitución.

No apartado 2 débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "as deducións reguladas no número anterior, poderán incrementarse nun 15% adicional, cun límite de 35.000 euros cando, ademais de cumprirse os requisitos do devandito número, se dea unha das seguintes circunstancias"
Debe dicir: "as deducións reguladas no número anterior poderán incrementarse nun 15 % adicional, cun límite de 35.000 euros no caso da letra a) seguinte e cun límite de 45.000 euros no caso da letra b) deste apartado."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº5, ao apartado Tres.Doce..1, de Substitución.

Débese substituir no apartado 1 a seguinte expresión:
Onde di: "25%" debe dicir: "30 %"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº6, ao apartado Catro.Dezasete.1º, de Adición.

Débese substituír no apartado 1ª o seguinte:
Onde di " Cando o contribuínte integrase na base impoñible xeral o importe correspondente a unha subvención ou calquera outra axuda pública obtida da Comunidade Autónoma de Galicia das incluídas no Decreto 55/2018, do 31 de maio, de

medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, poderá aplicar unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas.”
Debe dicir :“...aplicarase unha dedución do 100 % na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas.”

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº7, ao apartado Catro.Dezasete.2º, de Supresión.

Débese suprimir no apartado 2º a seguinte expresión:
"en investimentos non empresariais"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº8, ao apartado Catro.Dezasete.1º., de Supresión.

Débese suprimir o segundo parágrafo do apartado 1º que vai dende "O importe..." ata "...base liquidable.
"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº9, ao apartado Catro.Dezasete.2º., de Substitución.

Débese substituír o texto do segundo e terceiro parágrafo do apartado 2º polo seguinte:

"En ningún caso a cantidade obxecto de dedución poderá ser superior á diferenza entre o dano sufrido e as cantidades recibidas por axudas ou coberturas de seguro. A dedución do investimento dentro deste límite será do 100 %. As deducións ás que se refire este artigo producirán efectos a partir de 2018."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 2. *Imposto sobre sucesións e doazóns*
Modifícase o número Dous do artigo 6 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:
«Dous. Redución por parentesco.
Nas adquisicións por causa de morte, incluídas as dos beneficiarios de pólizas de seguros de vida, por razón do parentesco co causante, aplicarase a redución que corresponda das incluídas nos seguintes grupos:
a) Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados menores de 21 anos, 1.000.000 de euros, máis 100.000 euros por cada ano menos de 21 que teña o habente causa, cun límite de 1.500.000 euros.
b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis e menores de 25, 900.000 euros, menos 100.000 euros por cada ano maior de 21 ata 24; de 25 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 400.000 euros.
c) Grupo III: adquisicións por colaterais de segundo grao por consanguinidade, 16.000 euros; resto de colaterais de segundo grao, colaterais de terceiro grao e ascendentes e descendentes por afinidade, 8.000 euros.
d) Grupo IV: nas adquisicións por colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños, non haberá lugar a redución.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº2, de Adición.

Engádese un novo novo punto, o Dous, no artigo 2, coa seguinte redacción:

"Dous. Suprímese o artigo 70 da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº10, ao apartado Dous, de Substitución.

Débese substituír o texto do apartado Dous polo seguinte texto:

"Dous. Redución por parentesco

Nas adquisicións por causa de morte, incluídas as dos beneficiarios de pólizas de seguros de vida, por razón do parentesco co causante, aplicarase a redución que corresponda das incluídas nos seguintes grupos:

a) Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados menores de 21 anos, 9.000.000 de euros.

b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 400.000 euros.

c) Grupo III: adquisicións por colaterais de segundo grao por consanguinidade, 20.000 euros; resto de colaterais de segundo grao, colaterais de terceiro grao e ascendentes e descendentes por afinidade: 10.000 euros.

d) Grupo IV: nas adquisicións por colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños, non haberá lugar á redución."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 3. *Imposto sobre o patrimonio*
O artigo 13 *bis* do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:
«Artigo 13 *bis*. *Cota íntegra*
A base liquidable do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

Base liquidable Ata euros	Cota Euros	Resto base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0,00	0,00	167. 129,45	0,20
167.129,45	334,26	167.123,43	0,30
334.252,88	835,63	334.246,87	0,50
668.499,75	2.506,86	668.499,76	0,90
1.336.999,51	8.523,36	1.336.999,50	1,30
2.673.999,01	25.904,35	2.673.999,02	1,70
5.347.998,03	71.362,33	5.347.998,03	2,10
10.695.996,06	183.670,29	En adiante	2,50

»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº11, de Supresión.

Débese suprimir a totalidade do artigo 3.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº5, de Supresión.

Débese suprimir

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº3, de Substitución.

Substitúese o contido actual do artigo 3 polo seguinte texto:

"Artigo 3. *Imposto sobre o patrimonio*
O artigo 13 *bis* do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:
“Artigo 13 bis. *Cota íntegra*
A base liquidable do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

Base liquidable ata euros	Cota íntegra euros	Resto base liquidable ata euros	Tipo aplicable %
0	0	167.129,45	0,3
167.129,45	501,39	167.123,43	0,6
334.252,88	1.337,00	334.246,87	1,0
668.499,75	4.178,10	668.499,76	1,8
1.336.999,51	14.539,86	1.336.999,50	2,6
2.673.999,01	43,285,35	2.673.999,02	3,4
5.437.998,03	116.820,32	5.347.998,03	4,2
10.695.996,06	295.978,25	En adiante	5,0."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº6, de Adición.

Débese engadir un novo artigo 3 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 3 bis. Mínimo exento no imposto sobre patrimonio

Modifícase o artigo 13 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedará redactado do seguinte xeito:

O mínimo exento sobre o patrimonio establécese en 400.000 euros, excluíndo da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondente á vivenda habitual."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 4. *Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados*

Modifícanse os números Dous, Tres, Catro e Cinco do artigo 14 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedan redactados como segue:

«Dous. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 7 %, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non exceda a cifra de 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data da adquisición do inmoble, tomando este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor dela nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

2. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

3. No suposto de que o inmoble sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Tres. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por discapacitados.
Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:
1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa unha persoa discapacitada física, psíquica ou sensorial cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 % e destine o inmoble adquirido á súa vivenda habitual.
2. No momento de presentación do imposto, o contribuínte debe achegar a xustificación documental adecuada e suficiente da condición de discapacidade e do grao de discapacidade, consonte o disposto no artigo 3.Tres deste texto refundido.
3. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.
4. No suposto de que o inmoble sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.
Catro. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas.
Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:
1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa membro dunha familia numerosa que teña recoñecida tal condición con título oficial en vigor e destine o inmoble adquirido a vivenda habitual da súa familia.
2. Que a suma do patrimonio de todos os membros da familia numerosa non exceda a cifra de 400.000 euros, máis 50.000 euros adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data de adquisición do inmoble, tomando este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.
Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor desta nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre

que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

4. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial en vigor establecido para o efecto no momento de presentación da declaración do imposto, de acordo co establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

5. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

6. No caso de que o inmoble sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Cinco. Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por menores de 36 anos.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente teña unha idade inferior a 36 anos.

2. Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, se é o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non exceda a cifra de 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda o primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data da adquisición do inmoble, tomando este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor desta nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito

obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.
4. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a data de nacemento do adquirente e a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.
5. No caso de que o inmoble sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº12, ao apartado Dous, de Substitución.

Débese substituír no apartado Dous o seguinte texto:
Onde di: "... será do 7%..." , debe dicir: "...será do 5 %..."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº13, ao apartado Dous.1, de Substitución.

Débese substituir no apartado 1 a seguinte expresión:
"...non exceda a cifra de 200.000 euros" debe dicir: "...non exceda a cifra de 250.000 euros"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº14, ao apartado Tres, de Substitución.

Débese substituír no apartado tres a seguinte expresión:
Onde di: ...constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3%, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:"
Debe dicir: "...constituír a vivenda habitual do contribuínte estarán exentos sempre que este cumpra os requisitos seguintes:"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº15, ao apartado Tres.4, de Supresión.

Débese suprimir o apartado 4 do punto Tres.

-Do G.P. En Marea.

Emenda nº16, ao apartado Catro, de Substitución.

Débese substituír a seguinte expresión no apartado Catro:
Onde di: "será do 3%"
Debe dicir: "será do 2 %"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº17, ao apartado Cinco, de Substitución.

Débese substituír a seguinte expresión no apartado Cinco:
Onde di: "será do 3%"
Debe dicir: "será do 2,5 %"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº18, ao apartado Cinco.1, de Substitución.

Débese substituír a seguinte expresión no punto 1.
Onde di: "...idade inferior a 36 anos."
Debe dicir: "...idade igual ou inferior a 36 anos."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº7, de Adición.

Débese engadir un novo artigo 4 bis, que terá o seguinte contido:
"Artigo 4 bis. Tarifas do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada
Modifícase o artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada. O aumento da recadación producida queda afecto á conservación, reparación e restauración medioambiental e en especial á cuestión relativa á eliminación de residuos.
3. O aumento producido neste imposto non poderá ser trasladado ás persoas consumidoras."

_____

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº8, de Adición.

Débese engadir un novo artigo 4 ter, que terá o seguinte contido:
"Artigo 3 ter. Tarifas sobre o imposto sobre a contaminación atmosférica

1. Modifícase o artigo 12 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica, na súa táboa de tarifas, que será substituída do seguinte xeito:

Onde di:	Debe substituírse por:
0	0
36	54
50	75
70	105
95	142
120	180
150	225
200	300

2. De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica, o aumento da recadación producida queda afecto á conservación, reparación e restauración medioambiental e en especial á cuestión relativa a eliminación de residuos.
3. O aumento producido neste imposto non poderá ser trasladado ás persoas consumidoras."

_____

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº4, de Adición.

Engádese un novo artigo 4 *bis*, polo que se crea un novo imposto sobre os grandes establecementos comerciais, co seguinte texto:

"Artigo 4 *bis*. *Imposto sobre as grandes superficies comerciais*
Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 m2 dedicados á venda ao retallo, excluídos os establecementos de venda de vehículos de motor, maquinaria industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de xardinaría.
Dous. Este imposto grava a capacidade e a incidencia económica e social singulares dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies, atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais que producen.
Tres. O feito impoñible vén constituído pola utilización de grandes superficies con finalidade comercial.
Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa ou non situado nun centro comercial colectivo.
Cinco. A base impoñible do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.
Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.
Sete. Aplicarase unha redución do 50 % da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.
Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 % para os grandes establecementos que conten con acceso dun ou máis medios de transporte publico. Desenvolveranse regulamentariamente os termos e condicións desta bonificación.
Nove. O período impositivo coincide co ano natural."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº5, de Adición.

Engádese un novo artigo 4 *ter*, polo que se crea un novo imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión, co seguinte texto:

"Artigo 4 *ter*. *Imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión*
Un. Obxecto do imposto
O Imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza ten por obxecto gravar a concreta capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma por estas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión.
Dous. Feito impoñible
1. O dano medioambiental causado pola xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma de Galicia pola realización de actividades de transporte de enerxía eléctrica para a subministración a través de elementos fixos de alta tensión constitúe o feito impoñible do imposto.
2. Entenderase producido o dano medioambiental aínda cando as instalacións para o transporte e subministración de enerxía eléctrica a través de elementos fixos de alta tensión se atopen en desuso ou non entren en funcionamento.
Tres. Obrigados tributarios
1. É suxeito pasivo do imposto, en calidade de contribuínte, quen realice as actividades que causan o dano medioambiental ou explote as instalacións que xeren o feito impoñible do imposto.
2. Será responsable solidario do pagamento do imposto a persoa propietaria das instalacións que xeren o feito impoñible cando non coincidan con quen as explote.
Catro. Base impoñible e cota tributaria
1. A base impoñible do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kW.
2. A cota tributaria do imposto resulta de aplicar un tipo de gravame en función da lonxitude e a capacidade do tendido eléctrico. Concretamente, os tipos de gravame serán os seguintes:

Base impoñible Tipo/euros
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 220 kW e menor de 400 kW. 700 €
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 400 kW. 1.150 €
3. No caso de que a instalación ou elementos fixos se atopen en desuso, terase en conta para o efecto do cálculo da base impoñible como se a capacidade do tendido eléctrico for de 220 kW."
Cinco. Desenvolvemento regulamentario do tributo
Facúltase o Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto por este artigo."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº6, de Adición.

Engádese un novo artigo 4 *quater*, polo que se crea un novo imposto sobre bebidas con exceso de azucre, co seguinte texto:

"Artigo 4 *quater*. *Imposto sobre bebidas con exceso de azucre*
Un. Obxecto e ámbito de aplicación
1. O obxecto deste imposto é gravar o consumo de bebidas azucradas envasadas con exceso de azucre, debido aos nocivos efectos que teñen na saúde da poboación.
2. O imposto sobre bebidas azucradas envasadas é exixible en todo o territorio de Galicia.
Dous. Feito impoñible
1. Constitúe o feito impoñible do imposto a adquisición de bebidas azucradas envasadas, a título gratuíto ou oneroso, polo contribuínte, por razón dos efectos que o consumo destas bebidas produce na poboación.
2. Son bebidas azucradas as que conteñen edulcorantes calóricos engadidos como, entre outros, azucre, mel, frutosa, sacarosa, xarope de millo, xarope de pradairo, néctar ou xarope de agave e xarope de arroz.
3. Están suxeitas ao imposto as seguintes tipoloxías de bebidas azucradas, sempre que conteñan 5 ou máis gramos de azucre por cada 100 mililitros:
a) Os refrescos ou sodas: bebidas sen alcohol de distintos sabores, con ou sen gas, preparadas comercialmente e que se venden en botellas ou latas, así como as que se subministran ao consumidor mediante un surtidor.
b) As bebidas de néctar de froitas e zumes de froitas.
c) As bebidas deportivas: bebidas deseñadas para axudar os atletas na rehidratación, así como na reposición dos electrólitos, o azucre e outros nutrientes.
d) As bebidas de té e café.
e) As bebidas enerxéticas: bebidas carbonatadas que conteñen grandes cantidades de cafeína, azucre e outros ingredientes, como vitaminas, aminoácidos e estimulantes a base de herbas.
f) Leites adozadas, bebidas alternativas do leite, batidos e bebidas de leite con zume de froita.
g) Bebidas vexetais.
h) Augas con sabores.
4. Non están suxeitos ao imposto as bebidas elaboradas a partir de zumes de froita ou de verdura naturais, concentrados

ou reconstituídos, ou a súa combinación, nin tampouco leites ou alternativas dos leites, que non conteñan edulcorantes calóricos engadidos. Tamén están excluídos os iogures bebibles, os leites fermentados bebibles, os produtos para uso médico e as bebidas alcohólicas.

Tres. Contribuínte

1. É suxeito pasivo, en calidade de contribuínte, a persoa física ou xurídica que proporciona a bebida azucrada envasada ao consumidor final do produto.

2. O contribuínte está obrigado a repercutir o imposto ao consumidor final da bebida.

3. Como suxeito pasivo, corresponde ao contribuínte cumprir a obrigación tributaria principal e as obrigacións formais inherentes a ela, nos termos que se establezan por regulamento.

4. É suxeito pasivo, en calidade de substituto do contribuínte, o distribuidor residente en territorio español que fornece as bebidas azucradas envasadas ao establecemento que as pon á disposición do consumidor. Se quen fornece as bebidas e o establecemento que as pon á disposición do consumidor son a mesma persoa, enténdese que a súa relación coa Administración tributaria é a título de contribuínte e non de substituto do contribuínte, e élle aplicable o que establece o punto 3.

5. Deben establecerse por regulamento as obrigas formais que terá que cumprir o substituto do contribuínte.

Catro. Base impoñible e tipo de gravame

1. Constitúe a base impoñible do imposto a cantidade en litros de bebida azucrada envasada entregada polo distribuidor e adquirida polo contribuínte.

2. O tipo de gravame do imposto é o seguinte:

a) 0,07 euros por litro para bebidas cun contido de azucre entre 5 e 8 gramos por 100 mililitros.

b) 0,12 euros por litro para bebidas cun contido de azucre superior a 8 gramos por 100 mililitros.

No caso de preparados solubles e xaropes concentrados preparados para diluír, o tipo aplícase á bebida con base na súa composición logo que está reconstituída e preparada para o seu consumo.

Cinco. Devindicación

1. O imposto devindícase no momento da adquisición da bebida azucrada envasada, no territorio de aplicación do tributo, por parte do contribuínte ao distribuidor.

2. No caso do substituto do contribuínte, o imposto devindícase no momento no que o contribuínte pon a bebida á disposición do consumo.

Seis. Autoliquidación

1. O substituto do contribuínte ou, se procede, o contribuínte están obrigados a presentar a autoliquidación do imposto e a efectuar o correspondente ingreso dentro do prazo que se estableza por regulamento.
2. O modelo de autoliquidación debe aprobarse por orde do conselleiro ou conselleira do departamento competente en materia tributaria.
Sete. Desenvolvemento regulamentario do tributo
Facúltase o Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto por este artigo."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº7, de Adición.

Engádese un novo artigo 4 *quinquies*, polo que se crea un novo imposto sobre as vivendas baleiras, co seguinte texto:

"Artigo 4 *quinquies*. *Imposto sobre as vivendas baleiras*
Un. Natureza, obxecto e ámbito territorial de aplicación
1. O imposto sobre as vivendas baleiras é un tributo propio da Xunta de Galicia, de natureza directa, que grava o incumprimento da función social da propiedade das vivendas polo feito de permaneceren desocupadas de forma permanente.
2. O imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable no ámbito territorial de Galicia.
Dous. Feito impoñible
Constitúe o feito impoñible do imposto sobre as vivendas baleiras a desocupación permanente dunha vivenda durante máis de dous anos sen causa xustificada, posto que a dita desocupación afecta a función social da propiedade da vivenda.
Tres. Definicións
Para o efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, enténdese por:
a) Vivenda: a edificación fixa destinada á residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmoble en que está situada e os anexos que están vinculados a ela, se ten acreditado o cumprimento das condicións de habitabilidade e cumpre a función social de fornecer ás persoas que residen nela o espazo, as instalacións e os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación.
b) Vivenda baleira: a vivenda desocupada permanentemente, sen causa xustificada, durante máis de dous anos.
Catro. Ocupación da vivenda
Acredítase que unha vivenda está ocupada se o seu propietario dispón dun título, como o de arrendamento ou calquera outro análogo, que habilita a ocupación, e se xustifica documentalmente por calquera medio de proba admisible en dereito.
Cinco. Cómputo do período de dous anos
1. O cómputo do período de dous anos ao que se refire o punto 3 iníciase a partir da data en que a vivenda está á disposición do propietario para ser ocupada ou para ceder o seu uso a un

terceiro, e non existe causa ningunha que xustifique a súa desocupación. É necesario que durante estes dous anos o suxeito pasivo sexa titular da vivenda de forma continuada.
2. No caso das vivendas de nova construción, enténdese que existe dispoñibilidade para que a vivenda sexa ocupada a partir de tres meses, contados desde a data do certificado final de obra.
3. É causa de interrupción do cómputo dos dous anos a ocupación da vivenda durante un período de, como mínimo, seis meses continuados.
Seis. Causas xustificadas de desocupación dunha vivenda
Para o efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, son causas xustificadas de desocupación dunha vivenda os seguintes supostos:
a) Que a vivenda sexa obxecto dun litixio xudicial pendente de resolución no que ten que ver coa súa propiedade.
b) Que a vivenda se teña que rehabilitar. Neste caso, as obras deben xustificarse cun informe emitido por un técnico con titulación académica e profesional que o habilite como proxectista, director de obra ou director da execución da obra en edificación residencial de vivendas, que debe indicar que as obras son necesarias para que a vivenda poida ter as condicións mínimas de habitabilidade exixidas pola normativa vixente.
Soamente pode alegarse esta causa nun único período impositivo, e pode ampliarse a un segundo exercicio sempre que se acredite que as obras se iniciaron durante o primeiro.
c) Que a vivenda, previamente á aprobación desta lei, estea hipotecada con cláusulas contractuais que imposibiliten ou fagan inviable destinala a un uso distinto ao que se preveu inicialmente, cando se outorgou o financiamento, sempre que o suxeito pasivo e o acredor hipotecario non formen parte do mesmo grupo empresarial.
d) Que a vivenda estea ocupada ilegalmente e o propietario o teña documentalmente acreditado.
e) Que a vivenda forme parte dun edificio adquirido integramente polo suxeito pasivo nos últimos cinco anos, para a súa rehabilitación, e sempre que teña unha antigüidade de máis de corenta e cinco anos e conteña vivendas ocupadas que fagan inviable tecnicamente o inicio das obras de rehabilitación.
Sete. Suxeito pasivo
1. Son suxeitos pasivos do imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas
propietarias de vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos.

Tamén son suxeitos pasivos as persoas xurídicas titulares dun dereito de usufruto, dun dereito de superficie ou de calquera outro dereito real que outorgue a facultade de explotación económica da vivenda.
2. Malia o establecido polo punto 1, os grupos fiscais ou grupos de sociedades poden optar por tributar baixo o réxime de consolidación neste imposto. As entidades que integran un grupo de sociedades ou un grupo fiscal e optan por aplicar o réxime de consolidación fiscal non tributan en réxime individual. En tal caso, a condición de suxeito pasivo recae sobre o grupo fiscal ou o grupo de sociedades. A sociedade dominante ten a representación do grupo e está suxeita ao cumprimento das obrigas tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.
3. A opción pola tributación consolidada e as obrigas derivadas desta tributación regúlanse por vía regulamentaria.
Oito. Exencións
1. Quedan exentos do imposto as entidades do terceiro sector así como as seguintes vivendas:
a) As vivendas protexidas con cualificación oficial vixente.
b) As vivendas situadas en zonas de escasa demanda acreditada.
c) As vivendas postas á disposición de programas sociais de vivenda, acordados coas administracións públicas, para ser destinadas a programas en alugueiro social de vivenda.
d) As vivendas destinadas a usos regulados pola lexislación turística ou a outras actividades económicas non residenciais, sempre que os seus titulares poidan acreditar que desenvolveron a actividade dentro dos últimos dous anos e se satisfixesen os tributos correspondentes á actividade desenvolvida e se declarasen os ingresos obtidos por esta actividade. No caso de vivendas de uso turístico, é necesario, ademais, que estean inscritas no rexistro xestionado polo departamento competente en materia de turismo.
Nove. Base impoñible
1. Constitúe a base impoñible do imposto sobre as vivendas baleiras o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto de que é titular o suxeito pasivo na data de devindicación do imposto, reducida en 160 metros cadrados en concepto de mínimo exento.
2. Se se optou pola tributación consolidada, a base impoñible está constituída polo número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que son titulares as persoas xurídicas integradas no grupo fiscal ou grupo de sociedades, reducida no número de metros cadrados que resulte de multiplicar o mínimo exento establecido polo apartado 1 polo

número de persoas xurídicas titulares de vivendas suxeitas ao imposto integradas no grupo.
Dez. Desenvolvemento regulamentario do tributo
Facúltase o Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto por este artigo."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Tributos propios
Artigo 5. *Taxas*
1. Elévanse os tipos das taxas de contía fixa vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente do 1,01625 ás contías exixibles á entrada en vigor desta lei, exceptuando as tarifas que experimenten algunha modificación na contía no número 2 deste artigo. Este coeficiente seralles aplicable tanto ás contías, de carácter mínimo ou máximo, como ás deducións que se establecen en todo tipo de tarifas, tanto de taxas de contía fixa como variable.
Considéranse taxas de contía fixa cando non están determinadas por unha porcentaxe sobre unha base ou esta non se valora en unidades monetarias.
Exceptúanse do incremento establecido anteriormente aquelas taxas que se recadan mediante efectos timbrados, así como a establecida na subalínea 11 da alínea 14 do anexo 1 «licenza única interautonómica en materia de pesca continental» e a establecida na subalínea 05 da alínea 15 do anexo 1 «licenza única interautonómica en materia de caza.»
2. A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificada como segue:
Un. Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 21, que queda redactada como segue:
«c) Modalidade de certificacións: pola verificación de documentos, expedición de certificacións, copia de arquivos, transposición da información nun formato diferente ao orixinal e elaboración de documentos acreditativos de información que conste en arquivos ou rexistros públicos.»
Dous. Engádeselle un novo número 11 ao artigo 23, co seguinte contido:
«11. A inscrición nas probas homologadas para a acreditación do nivel de competencia en lingua galega e mais a acreditación do nivel correspondente, logo da xustificación documental, solicitada por persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.»
Tres. Engádeselle un novo número 5 ao artigo 30, co seguinte contido:
«5. Quedarán exentas da inscrición nas probas para a obtención e/ou renovación da competencia profesional para a actividade de transporte, a cualificación profesional para a

condución de determinados vehículos dedicados á actividade de transporte e/ou a cualificación como conselleiras de seguridade en transporte de mercadorías perigosas as persoas que figuren como demandantes de emprego desde polo menos seis meses antes á data da convocatoria das probas nas que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.»

Catro. Modifícase a alínea 27 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«27 Copias compulsadas ou auténticas de expedientes en poder da Administración

a) Copia en papel de documentos

- Formato DIN A4 (€/copia)	0,10
- Formato DIN A3 (€/copia)	0,25
- Mínimo	5,18

b) Copia en papel de planos

- Formato DIN A4 (€/copia)	0,30
- Formato DIN A3 (€/copia)	0,44
- Formato superior a DIN A3 (€/copia)	0,59
- Formato superior a DIN A2 (€/copia)	0,73
- Formato superior a DIN A1 (€/copia)	1,04
- Formato superior a DIN A0 (€/copia)	1,57
- Mínimo	5,18

c) Copia en soporte dixital

- Transposición a un formato diferente ao orixinal: por cada documento ou plano que sexa obxecto de transposición	15 % das contías establecidas nas letras a) e b)
Mínimo: ata 1 XB	5,18

Por cada 0,5 XB ou fracción de máis	1,04»

Cinco. Modifícase a subalínea 04 da alínea 8 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«04 Actuacións extraordinarias dos veterinarios oficiais de Galicia, á demanda dos establecementos. (Considéranse actuacións extraordinarias as que teñan lugar fóra do horario habitual establecido e autorizado para cada matadoiro.)	
Cota mínima (3 horas)	67,20
Por cada hora máis	22,42»

Seis. Engádeselle unha subalínea 15 á alínea 12 do anexo 2:

«15 Tramitación, estudo ou avaliación das comunicacións de posta no mercado nacional de complementos alimenticios e alimentos para grupos específicos de poboación	
Primeira posta no mercado	67,20
Modificación da primeira comunicación	22,42»

Sete. Engádeselle unha subalínea 81 á alínea 19 do anexo 3:

«81 Excepcionalidade para refuxios ou espazos libres en ascensores	50,00»

Oito. Modifícase o primeiro parágrafo da alínea 23 do anexo 3, que queda redactado como segue:

«23 Comprobación do plan de labores e documento de seguridade e saúde de actividades mineiras»

Nove. Modifícase a subalínea 13 da alínea 29 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«13 Nomeamento ou renuncia de director facultativo dunha actividade mineira	13,32»

Dez. Engádeselle unha subalínea 16 á alínea 29 do anexo 3:

«16 Outorgamento dunha demasía mineira a unha concesión de explotación de recurso das seccións C) e D)	40 % da tarifa consignada na subalínea 01»

Once. Engádeselle unha subalínea 17 á alínea 29 do anexo 3:

«17 Autorización de concentración de traballos 286»

Doce. Modifícase a subalínea 01 da alínea 38 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Inscrición

Mínimo, incluíndo, se é o caso, as dúas primeiras mangueiras	33,99
Por cada mangueira que exceda dúas	8,50»

Trece. Modifícase a subalínea 03 da alínea 38 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Modificacións substanciais

Sobre a tarifa consignada na subalínea 01 desta mesma alínea	100,00 %»

Catorce. Engádeselle unha subalínea 23 á alínea 52 do anexo 3:

«23 Comunicación de valorización de materiais naturais escavados 251»

Quince. Engádeselle unha subalínea 24 á alínea 52 do anexo 3:

«24 Comunicación de actividade como plataforma loxística de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos 200»

Quince *bis*. Modifícase a alínea 68 do anexo 3:
«68 Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia. Por metro cúbico de auga captado 0,017».

Dezaseis. Modifícase a letra a) do apartado III das Regras xerais de aplicación e definicións contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:
«a) O arqueo bruto é o que como tal figura no certificado internacional estendido de acordo co Convenio internacional sobre arqueo de buques, aprobado en Londres o 23 de xuño

de 1969 (*Boletín Oficial del Estado* do 15 de setembro de 1982), denominado abreviadamente GT. De non dispoñer o buque do mencionado certificado, poderá recorrerse ao valor que como tal figure no *Lloyd's Register of Shipping*.

No suposto de construción, o arqueo bruto será o correspondente ao buque rematado; no caso de desmantelamento, o arqueo bruto será a metade do orixinal.»

Dezasete. Modifícase o número 5 da regra cuarta da tarifa X-1 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactado como segue:

«5. Unicamente para a súa aplicación aos servizos prestados no ano 2019 poderá aplicarse unha bonificación por limitacións de calado sobrevidas e declaradas polo organismo competente nun porto concreto. Esta bonificación será aplicable unicamente aos buques mercantes, no porto, coa limitación e durante o tempo que persista esta limitación de calado.

Aplicaráselles aos barcos mercantes a tarifa resultante cunha redución do 30 %.»

Dezaoito. Modifícase a regra terceira da tarifa X-2 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Terceira. As bases para a liquidación desta tarifa serán a eslora máxima do barco, o calado do peirao e o tempo que o barco permaneza no atracadoiro ou no amarre.

Nos supostos de que un buque transporte calquera tipo de mercadoría perigosa e como consecuencia diso sexa necesario dispoñer dunhas zonas de seguridade a proa e/ou popa, considerarase como base para efectos da tarifa a eslora máxima do barco, incrementada na lonxitude das mencionadas zonas.

A contía básica desta tarifa é de 0,998183 € por cada metro de eslora ou fracción e por cada período de vinte e catro horas ou fracción que permaneza atracado ou amarrado, cos seguintes coeficientes por calado do peirao, medido en BMVE:

— Por calado do peirao igual ou maior a 7 metros, coeficiente = 1.

— Por calado do peirao inferior aos 7 metros, coeficiente = 0,5.

Por períodos de tempo inferiores ás seis horas aplicarase unha redución do 50 % da contía da tarifa indicada anteriormente.

Naquelas terminais nas que Portos de Galicia preste vixilancia presencial específica, a tarifa base resultante incrementarase en 233,40 € por cada vinte e catro horas ou fracción de estancia vixiada, agás para escalas inferiores a doce horas, caso en que este incremento será de 116,70 €. A franxa horaria, para os efectos do cálculo da tarifa por vixilancia presencial, iniciarase sesenta minutos antes da hora da reserva de atracada e finalizará sesenta minutos despois da hora da

saída efectiva do buque do porto. A esta contía non lle será aplicable ningunha das bonificacións ou reducións incluídas na presente tarifa X-2.»

Dezanove. Modifícase a letra c) da regra quinta da tarifa X-4 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«c) Con utilización de lonxa concesionada ou autorizada:

Para a pesca descargada por vía marítima ou que accede ao recinto pesqueiro para ser poxada por vía terrestre procedente doutro porto de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: o 1,75 %.

Para a pesca que accede ao recinto pesqueiro para ser poxada por vía terrestre procedente dun porto que non sexa competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: o 0,875 %.»

Vinte. Elimínase a regra décimo cuarta da tarifa X-4 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3.

Vinte e un. Modifícase a regra sexta da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Sexta. A contía da tarifa estará composta polos seguintes conceptos:

A) Pola utilización das augas dos portos e mais das instalacións portuarias.

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións.

C) Pola dispoñibilidade doutros servizos.

O importe da tarifa X-5 será o resultado da suma dos conceptos A), B) e C) indicados anteriormente que lle sexan aplicables en función dos servizos prestados.

A contía dos conceptos dos que se compón a tarifa X-5, por metro cadrado arredondado por exceso e por día natural ou fracción, será a seguinte:

A) Pola utilización das augas do porto e mais das instalacións portuarias:

Zona I: 0,032311 €

Zona II: 0,023028 €

B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións:

1. Atracada en punta: 0,038380 €
2. Atracada de costado: 0,095952 €
3. Atracada a banqueta ou dique: 0,019191 €
4. Ancoraxe: 0,038380 €
5. Embarcacións en seco

5.1 Embarcacións en seco que aboen durante o mesmo período o concepto A) da presente tarifa X-5: 0,027140 €

5.2 Embarcacións en seco que non aboen durante o mesmo período o concepto A) da presente tarifa X-5: 0,081416 €
C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos:
1. Por cada *finger* en cada posto de atracada: 0,016282 €
2. Por brazo de amarre ou por tren de ancoraxe para amarre por popa de embarcacións atracadas: 0,008142 €
3. Toma de auga: 0,005815 €
4. Toma de enerxía eléctrica: 0,005815 €
5. Servizo de mariñeiría a embarcacións atracadas:
Para embarcacións de menos de 12 metros de eslora, 19,72 €/m2/ano, e 22,17 €/m2/ano para o resto de embarcacións, correspondendo os metros cadrados á superficie nominal da praza teórica que ocuparía cada embarcación, e aplicando a parte proporcional ao período autorizado.
O servizo de mariñeiría inclúe as axudas á atracada e desatracada e o control e xestión das instalacións.
No suposto de que o servizo de mariñeiría non inclúa a parte proporcional do servizo de vixilancia continuada, as contías serán as indicadas anteriormente multiplicadas por 0,65.
Cando o organismo portuario acoute especificamente zonas do porto para ancoraxe ou depósito de embarcacións deportivas, as contías dos apartados 4 e 5 do concepto B) terán unha bonificación do 50 %, sempre que previamente se soliciten os correspondentes servizos a Portos de Galicia.
As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións de paso no porto serán as anteriormente indicadas multiplicadas por 1,5.
As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións tradicionais e históricas, clásicas ou de época, debidamente acreditadas e recoñecidas no censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos conforme o establecido na normativa aplicable, serán as anteriormente indicadas, cunha bonificación de ata un 70 % da tarifa resultante. A dita bonificación calcularase en función da clasificación da embarcación, segundo sexa tradicional ou histórica (clásica ou de época), antigüidade e uso. Esta bonificación non será acumulable ás bonificacións descritas na regra oitava desta tarifa X-5.
Para os efectos da aplicación das bonificacións indicadas, terase en conta o seguinte:
a) Para as embarcacións tradicionais de Galicia construídas con anterioridade ao ano 1950, aplicarase unha bonificación dun 70 % sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.
b) Para as embarcacións históricas clásicas ou de época construídas con anterioridade ao ano 1950, aplicarase unha

bonificación dun 70 % sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.
c) Para as embarcacións históricas, clásicas ou de época, e tradicionais construídas con posterioridade ao ano 1950, a bonificación será dun 60 % e aplicarase sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.
Ademais, se é o caso, serán aplicables sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante as seguintes bonificacións adicionais:
1. O 20 % para embarcacións tradicionais e históricas propiedade de asociacións náuticas ou culturais sen ánimo de lucro e das que se acredite a súa posta á disposición para a promoción, divulgación, protección ou conservación dos seus valores culturais e históricos.
2. O 10 % para embarcacións tradicionais e históricas inscritas no censo voluntario propiedade dun armador particular que non sexan destinadas a fins lucrativos.
Para os efectos do disposto nesta regra, teranse en conta as seguintes definicións:
a) Enténdese por ancoraxe a dispoñibilidade dunha superficie de espello de auga destinado para tal fin e debidamente autorizado.
b) Enténdese por atracada en punta a dispoñibilidade dun elemento de amarre fixo a embarcadoiro, peirao, banqueta ou dique que permita fixar un dos extremos (proa ou popa) da embarcación.
c) Enténdese por embarcación en seco aquela que permaneza nas instalacións portuarias, fóra da lámina de auga, tanto en estadía transitoria non dedicada a invernada como en estadías prolongadas en zonas habilitadas para tal fin.
d) Enténdese por dispoñibilidade dos servizos de auga e enerxía, dos números 3 e 4 do concepto C), a existencia nas proximidades do punto de atracada, a peirao ou embarcadoiro, de tomas de subministración de auga ou enerxía, con independencia do aboamento da tarifa E-3 que lle sexa aplicable polos consumos efectuados.»
Vinte e dous. Modifícase a regra sétima da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:
«Sétima. O aboamento da tarifa da regra sexta farase:
a) Para embarcacións de paso no porto, por adiantado á chegada e polos días de estadía que declaren, ou por períodos de vinte e catro horas desde a súa chegada, contando desde ás 12.00 horas do día de chegada. Se este prazo tiver que ser superado, o suxeito pasivo terá que formular nova petición e aboar de novo, por adiantado, o importe inherente ao prazo prorrogado.

b) Para embarcacións con base no porto, por semestres adiantados para o ano 2019. A domiciliación bancaria poderá ser exixida por Portos de Galicia de o considerar conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.
Enténdese por embarcación con base no porto, para os únicos efectos da aplicación desta tarifa, aquela que teña autorizada a prestación do servizo de atracada ou ancoraxe ou estadía en seco por un período dun ou máis semestres naturais. O resto das embarcacións serán consideradas como de paso no porto.
Para embarcacións con base no porto, o importe da tarifa aplicable será polo período completo autorizado, independente das entradas, das saídas ou dos días de ausencia da embarcación, mentres teña asignado o posto de atracada ou ancoraxe.
As embarcacións que teñan base nun porto dependente de Portos de Galicia estarán exentas do pagamento da tarifa diaria aplicable a embarcacións de paso durante as súas estadías noutros portos dependentes de Portos de Galicia. Para a súa aplicación deberán acreditar no porto de destino estar ao corrente do pagamento.
A baixa como embarcación de base producirá efectos fronte a Portos de Galicia desde o semestre natural seguinte ao da solicitude de baixa.»
Vinte e tres. Modifícase a regra oitava da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:
«Oitava. Ás embarcacións con base no porto aplicaráselles unha redución do 20 % da tarifa que lles resulte aplicable no período considerado como temporada baixa, período este que é o comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de marzo.
A bonificación no período de temporada baixa será do 42,5 % cando a embarcación con base no porto estea amarrada durante todo o ano natural.
Esta regra non lles será aplicable ás embarcacións atracadas ou ancoradas en instalacións propias de concesión de construción e explotación.
Portos de Galicia aplicaralles unha bonificación do 40 % ás embarcacións deportivas ou de lecer, cando o resultado da fórmula 0,4xExMxP sexa menor de 2 e con motores tamén menores de 20 HP, que sexan titularidade dos xubilados do mar. Na fórmula indicada, E = eslora máxima total, M = manga máxima, P = puntal de trazado.
Portos de Galicia aplicará unha bonificación do 50 % ás contías dos conceptos A), B) e C), agás na contía correspondente a embarcacións en seco, ás embarcacións que atraquen en peiraos ou embarcadoiros de titularidade de Portos de Galicia que estean xestionados directamente ou parcialmente por este

organismo e que teñan calados inferiores a 1 metro en baixamar viva equinoccial (BMVE). Será requisito para a aplicación desta bonificación que o calado máximo da embarcación permita a súa atracada en condicións de seguridade nestas prazas con calado reducido, que a bonificación sexa solicitada polo titular da autorización e que o aboamento da tarifa se realice por adiantado segundo o disposto na letra b) da regra sétima da presente tarifa. Esta bonificación é acumulable ás restantes indicadas nesta tarifa.»

Vinte e catro. Modifícase a regra décimo primeira da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:
"Décimo primeira. As embarcacións atracadas ou ancoradas en instalacións propias de concesión ou autorización administrativa, agás que no prego de condicións do título se determine outra cousa, aboarán en todo caso o concepto A) da regra sexta e os demais sumandos B) e C) por aqueles servizos prestados en instalacións alleas á concesión ou autorización administrativa. Para o seu aboamento o concesionario ou o autorizado poderá optar:
a) Pola liquidación directa da tarifa polo organismo portuario ao suxeito pasivo baseándose na documentación que o concesionario ou o autorizado entregará a Portos de Galicia, cos datos diarios precisos para que este poida liquidar a tarifa tanto ás embarcacións de paso como ás que teñen base na concesión ou autorización, de acordo co procedemento e formato que Portos de Galicia determine. A domiciliación bancaria poderá ser exixida por Portos de Galicia se o considera conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.
b) Polo aboamento da tarifa, subrogándose na obriga dos suxeitos pasivos. Neste caso, o concesionario ou o autorizado entregará a Portos de Galicia a documentación que lle sexa requirida, consonte o procedemento e formato que sinale este organismo, cos datos necesarios para realizar a liquidación que practicará Portos de Galicia. Neste caso, Portos de Galicia poderá acordar unha redución de ata un 15 % da contía base da tarifa que lle corresponda, sendo esta redución dun 5 % se a relación de embarcacións de base declaradas é inferior a 100, do 10 % se está entre 101 e 200 e do 15 % se é superior a 201. Para as embarcacións en tránsito que ocupen prazas de uso público a redución na contía da tarifa base será do 5 %."

Vinte e cinco. Modifícase a regra décimo segunda da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décimo segunda. Nas instalacións deportivas construídas e xestionadas parcialmente por Portos de Galicia que sexan explotadas por particulares mediante a correspondente concesión ou autorización administrativa que á entrada en vigor desta lei inclúan nos pregos de condicións a redución da contía da tarifa X-5 de ata o 15 %, por subrogarse nas obrigas de pagamentos dos suxeitos pasivos que utilicen as instalacións, manterase esta redución mentres estea vixente ese título administrativo.»

Vinte e seis. Modifícase a regra quinta da tarifa E-3 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Quinta. As contías da tarifa por subministración de enerxía eléctrica serán as seguintes:

a) Por kWh ou fracción subministrada a través das tomas propiedade de Portos de Galicia: 0,331849 €. A facturación mínima será de 3,840155 €.

b) As contías da taxa para as restantes instalacións:

As bases de cálculo da taxa portuaria defínense segundo os conceptos de enerxía establecidos en referencia directa ao cálculo da factura eléctrica do mercado retallista español establecido no Real decreto 1164/2001 e en particular á tarifa PVPC simple dun único período 2.0A establecida no Real decreto 216/2014, con prezos dos termos de peaxes de acceso e marxe de comercialización fixo vixentes, segundo a formulación seguinte:

Taxas E-3 no período de devindicación = (PA+EA) x Rv x IE + Ct.

Sendo:

— Concepto de potencia accesible (PA): resulta da aplicación do prezo da potencia vixente no ano natural de devindicación. Fíxase para o exercicio 2019 e seguintes unha contía de 0,1152 €/kW-día, multiplicado pola potencia dispoñible da instalación, que vén determinada polo calibre do interruptor xeral de protección da liña de acometida (kW) multiplicado polos días comprendidos no período de facturación.

No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.

— Concepto de enerxía activa (EA): resulta da aplicación do prezo da enerxía vixente no ano natural de devindicación multiplicado pola diferenza de lecturas do equipo de medida tomadas o primeiro día e o derradeiro do período de devindicación en kWh.

O prezo da enerxía vixente no ano natural será unha contía fixa para todo o ano natural, sendo este valor o prezo medio da enerxía publicado polo ministerio con competencia en materia de enerxía do período interanual calculado a partir do 1 de xullo. **Para o exercicio 2019 este valor medio é de 0,1209 €/kWh.**

No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.

— Recarga polo volume de kWh consumidos (Rv): establécese unha recarga da tarifa base consumida comprendida entre o 2 % e o 10 %, dependendo a dita porcentaxe do consumo medio diario realizado durante o período de devindicación, segundo a seguinte táboa:

Media dos kWh consumidos por día durante o período liquidado	Recarga (%)
Igual ou superior a 300 kWh/día	10 %
Igual ou superior a 200 kWh/día e inferior a 300 kWh/día	8 %
Igual ou superior a 100 kWh/día e inferior a 200 kWh/día	6 %
Igual ou superior a 10 kWh/día e inferior a 100 kWh/día	4 %
Igual ou superior a 5 kWh/día e inferior a 10 kWh/día	2 %

Onde:

Rv = 1 + Recarga (%)/100

— Imposto eléctrico (IE): sobre o concepto de potencia accesible e o concepto de enerxía activa será aplicable a porcentaxe correspondente ao imposto eléctrico legalmente establecido polo organismo competente. O imposto eléctrico para o exercicio 2019 e seguintes é dun 5,11269632 %. Non obstante, no suposto de que sufra variacións durante este exercicio, adaptarase a formulación ao imposto vixente no período de devindicación.

Onde:

IE = 1 + gravame imposto eléctrico (%)/100 = 1+5,11269632/100 = 1,0511269632.

— Contía por posta á disposición de contador (Ct): polos traballos de conexionado, desconexionado e tramitacións administrativas de instalación e seguimento establécese unha contía fixa de 0,05 €/día en subministracións efectuadas en baixa tensión e de 0,5 €/día en subministracións efectuadas en

media tensión, polos días comprendidos entre o primeiro e o derradeiro do período de devindicación.»
Vinte e sete. Modifícase a regra décimo cuarta da tarifa E-4 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:
«Décimo cuarta. As contías pola subministración de elementos de apertura ou peche de control de accesos instalados nos portos serán as seguintes:
— Tarxetas magnéticas de proximidade ou contacto: 12,87 €/unidade
— Dispositivos de lectura a distancia: 18,87 €/unidade
— Mandos a distancia: 50,61 €/unidade.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº9, de Adición.

Débese engadir unha epígrafe Vinte e sete *bis*, no punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"Vinte e sete *bis*. Engádese un novo apartado no artigo 40.2.a) *bis*:

Estarán exentos da tarifa 02, contida no anexo 5, as corporacións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que, nos terreos da zona de servizo portuaria que non reúnan as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, queiran realizar outros usos non estritamente portuarios, tales como actividades culturais, recreativas, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais e industriais non portuarias, sempre e cando non leve consigo unha utilidade económica ou, aínda existindo a dita utilidade, a utilización ou o aproveitamento entrañe as condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela, sempre que resulten compatibles cos usos antes definidos e que non se prexudique globalmente o desenvolvemento futuro do porto e das operacións de tráfico portuario."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº19, ao apartado 1, de Supresión.

Débese suprimir a totalidade do punto 1.

-Do G.P. En Marea.

Emenda nº20, ao apartado 2.Un.c), de Supresión.

Débese suprimir o punto 2.Un.c)

DITAME DA COMISIÓN:

TÍTULO II

Medidas administrativas
CAPÍTULO I

Emprego público
Artigo 6. *Modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*
A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, queda modificada como segue:
Un. Modifícase a letra b) do número 2 do artigo 14, que queda coa seguinte redacción:
«b) Propoñer ao Consello da Xunta de Galicia os proxectos de normas de xeral aplicación ao emprego público. Cando se trate de proxectos normativos referentes ao persoal funcionario suxeito a un réxime singular ou especial, a proposta será por iniciativa da persoa titular da consellaría sectorialmente competente.»
Dous. Modifícase a letra d) do número 2 do artigo 14, que queda coa seguinte redacción:
«d) Convocar e resolver os concursos ordinarios de provisión de postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo do persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.»
Tres. Engádese unha letra f) no número 2 do artigo 17, que queda redactada como segue:
«f) Convocar e resolver os concursos específicos de provisión de postos de traballo relativos á súa consellaría incluídos nas relacións de postos de traballo do persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.»

Tres *bis*. Modifícase a letra f) do número 4 do artigo 38, que queda coa seguinte redacción:
"f) Os requisitos e, nos casos en que proceda, as áreas funcionais, os méritos, as capacidades, a experiencia ou a categoría profesional para a súa provisión."

Catro. O número 3 do artigo 48 queda modificado como segue:
«3. As ofertas de emprego público poden prever que as prazas reservadas para persoas con discapacidade se convoquen conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante

convocatorias independentes, garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos selectivos. As probas dos procesos obxecto de convocatoria independente serán de características similares ás que se realicen nas convocatorias ordinarias e as persoas que participen nelas deberán acreditar o grao de discapacidade indicado. As prazas incluídas nestas convocatorias computaranse na porcentaxe reservada na oferta de emprego público para a súa cobertura entre persoas con discapacidade.»

Cinco. Engádeselle un número 5 ao artigo 55, coa seguinte redacción:

«5. Para asegurar a protección das vítimas de violencia de xénero durante o desenvolvemento dos procesos selectivos e nas listas de contratación temporal, serán adoptadas todas as medidas necesarias para a salvagarda dos seus dereitos e intereses, e en especial a protección dos seus datos persoais, nos termos establecidos no artigo 72.3.a).»

Seis. Modifícanse as letras a) e b) do artigo 77, que quedan coa seguinte redacción:

«a) Dentro de cada corpo ou escala existirán categorías profesionais divididas en graos de ascenso, aos cales irá vinculada a contía do complemento retributivo de carreira previsto nesta lei.

b) O persoal funcionario de carreira de cada corpo ou escala terá atribuída unha categoría profesional e un grao dentro dela, que para o persoal de novo ingreso será necesariamente a categoría inicial e o grao inferior desta.»

Seis *bis*. Modifícase o número 3 do artigo 89, que queda coa seguinte redacción:

"3. Para a valoración dos méritos, das capacidades e, de ser o caso, das aptitudes dos candidatos, crearanse comisións de valoración, coa composición e o réxime de funcionamento que se determinen regulamentariamente, e nos casos dos concursos ordinarios garantirase a participación da representación do persoal. A composición destes órganos responderá aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarase ao criterio de paridade entre home e muller. O seu funcionamento axustarase aos principios de imparcialidade e obxectividade."

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 121, que queda coa seguinte redacción:

«1. Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas, que se distribuirán por elección da persoa titular do dereito,

sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 122, que queda coa seguinte redacción:

«1. Nos casos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas, do que se fará uso, por elección da persoa titular do dereito, en calquera momento posterior á efectividade da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de aproveitamento deste permiso.»

Nove. O número 2 do artigo 129 queda modificado como segue:

«2. As licenzas previstas neste artigo pódense conceder igualmente ao persoal funcionario en prácticas que xa estea prestando servizos remunerados na Administración como persoal funcionario de carreira, durante o tempo que se prolongue o curso selectivo ou o período de prácticas. Se os servizos como persoal funcionario de carreira se prestasen na mesma Administración na que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas, poderá optarse entre percibir as retribucións que correspondan pola condición de funcionario de carreira ou as retribucións previstas para o persoal funcionario en prácticas. Se os servizos como persoal funcionario de carreira se prestasen nunha Administración distinta daquela na que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas, percibiranse necesariamente as retribucións fixadas nesta última para o persoal funcionario en prácticas.»

Dez. Modifícase o número 3 do artigo 146, que queda coa seguinte redacción:

«As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei aboarán o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de gozo da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, acade o 100 % das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal.»

Dez *bis*. Engádenselle as letras ñ) e o) ao artigo 167, que quedan redactadas como segue:

“ñ) Cando sexa nomeado como titular das subdelegacións do Goberno nas provincias ou das direccións insulares da Administración xeral do Estado e non opte por permanecer na situación de servizo activo na súa Administración de orixe.

o) Cando pase a desenvolver cargos directivos nas sociedades mercantís públicas autonómicas ou nas fundacións do sector público autonómico, cando os ditos cargos sexan designados logo do acordo do Consello da Xunta de Galicia ou polos seus propios órganos de goberno."

Once. Os cadros do número 1 da disposición adicional novena correspondentes ás escalas de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros e de profesores de capacitación agraria quedan coa seguinte redacción:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-		A1	Impartir as ensinanzas marítimo-pesqueiras nas súas distintas especialidades, tanto teóricas como prácticas.	Licenciatura ou grao nunha titulación de calquera rama e máster que habilite para o exercicio da profesión de profesor.
Escala de profesores de capacitación agraria		A1	Impartir as ensinanzas de capacitación e formación profesional agraria, nas diferentes modalidades docentes.	Licenciatura ou grao nunha titulación de calquera rama e máster que habilite para o exercicio da profesión de profesor.

Doce. O cadro do número 2 da disposición adicional novena correspondente á escala de enxeñeiros técnicos queda coa seguinte redacción:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación

Escala de enxeñeiros técnicos	Enxeñaría técnica de obras públicas	A2	Execución técnica e realización dos traballos propios da titulación exixida e das funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo, de ser o caso, baixo a dirección e supervisión dos funcionarios da escala superior	Enxeñeiro técnico de obras públicas ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de obras públicas
	Enxeñaría técnica industrial			Enxeñeiro técnico industrial ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico industrial
	Enxeñaría técnica forestal			Enxeñeiro técnico forestal ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico forestal
	Enxeñaría técnica agrícola			Enxeñeiro técnico agrícola ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico agrícola

	Enxeñaría técnica de minas			Enxeñeiro técnico de minas ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de minas
	Enxeñaría técnica de telecomunicación			Enxeñeiro técnico de telecomunicación ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de telecomunicación
	Enxeñaría técnica en topografía			Enxeñeiro técnico en topografía ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico en topografía

Trece. Introdúcese unha disposición adicional décimo cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Segunda actividade do persoal pertencente ás escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia*

1. A segunda actividade do persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia, que en todo caso será voluntaria, consistirá no pase á

realización de tarefas que non comporten unha prestación directa de labores de extinción de incendios.
2. Poderá solicitar pasar á segunda actividade o persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais que cumpra os requisitos que a seguir se indican:
a) Ter cumpridos os 60 anos de idade.
b) Ter desempeñados vinte e cinco anos de servizo nestas escalas.
c) Formular solicitude nos termos previstos regulamentariamente.
3. O persoal en situación de segunda actividade percibirá a totalidade das retribucións que lle correspondan polo posto de traballo que efectivamente pase a desempeñar. Non obstante, se as retribucións totais son inferiores ás que se viñan percibindo no momento de se producir o pase á situación de segunda actividade, o persoal indicado terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á diferenza entre a totalidade das retribucións, básicas e complementarias, do posto de orixe, coa exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións que lle corresponda percibir polo posto que ocupe.
4. Desenvolverase regulamentariamente o réxime aplicable á segunda actividade deste persoal, logo da negociación coas organizacións sindicais.»

Trece *bis*. Engádese un número 5 na disposición transitoria primeira, coa seguinte redacción:
"5. Ao persoal laboral fixo que como consecuencia do proceso de funcionarización adquira a condición de funcionario de carreira e polo tanto se manteña no mesmo posto de traballo obxecto de funcionarización garántenselle as retribucións brutas que estaba a percibir como laboral fixo se estas son superiores ás que lle correspondan como funcionario mentres permaneza nese destino. A diferenza de retribucións entre funcionario e laboral farase efectiva mensualmente mediante un complemento persoal de funcionarización.
Este complemento non é nin compensable nin absorbible, agás que se incrementen as retribucións complementarias deste persoal por algunha causa que non derive dos incrementos anuais que con carácter xeral establezan as leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma."

Catorce. Engádeselle un número 4 á disposición transitoria oitava, coa seguinte redacción:

«4. Sen prexuízo do establecido no número 3 desta disposición e mentres non se implante o sistema de carreira profesional establecido no artigo 77, poderase establecer un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal previsto nesta disposición, que permita ao persoal funcionario de carreira progresar de maneira voluntaria e individualizada e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional.

No regulamento que desenvolva este sistema transitorio poderán fixarse os graos e requisitos para o seu recoñecemento e ascensos, así como a avaliación necesaria da traxectoria e actuación profesional, na que se terán en conta os coñecementos adquiridos, a formación, a experiencia e outros méritos e aptitudes que se establezan.

O persoal funcionario de carreira que quede encadrado neste sistema poderá percibir, de acordo co que se estableza regulamentariamente, unha retribución adicional ao complemento de destino segundo o grupo ou subgrupo profesional de pertenza, que remunere a progresión profesional acadada.

Esta retribución adicional percibirase en todo caso na situación de servizo activo no correspondente corpo ou escala ou durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma relacionados na disposición adicional primeira, letra a), da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Tamén percibirán este complemento os liberados sindicais.

O persoal funcionario de carreira que se encontre na situación de servizos especiais polo desempeño de postos ou cargos no ámbito delimitado no parágrafo anterior percibirá dentro das retribucións do posto ou cargo que desempeñe unha contía equivalente á correspondente á retribución adicional que lle sería aplicable de acordo con esta disposición.

Cando se implante o sistema de carreira profesional previsto no artigo 77, terase en conta o desenvolvemento profesional acadado **e consolidado** de acordo co establecido nesta disposición.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº21, ao apartado Un, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Un

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº10, ao apartado Un, de Supresión.

Débese suprimir a epígrafe Un.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº22, ao apartado Dous, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Dous

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº11, ao apartado Dous, de Supresión.

Débese suprimir a epígrafe Dous deste artigo.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº23, ao apartado Tres, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Tres

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº12, ao apartado Tres, de Supresión.

Débese suprimir a epígrafe Tres deste artigo.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº24, ao apartado Catro, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Catro

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº25, ao apartado Cinco.5, de Adición.

Débese engadir ao remate do apartado Cinco.5 a seguinte expresión:
" e o permiso para chegar e incorporarse antes ao lugar de desenvolvemento dos procesos selectivos."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº26, ao apartado Seis, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Seis

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº13, ao apartado Seis, de Modificación.

Proponse unha nova redacción para a epígrafe Seis, que terá o seguinte contido:

"Seis. A modificación da letra b) do artigo 77 terá a seguinte redacción:
b) O persoal funcionario e laboral de cada corpo ou escala terá atribuída unha categoría profesional e un grao dentro dela, que para o persoal de novo ingreso será necesariamente a categoría inicial e o grao inferior desta."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº14, ao apartado Seis bis), de Adición.

Débese engadir unha nova epígrafe Seis bis, que terá o seguinte contido:

"O punto 3 do artigo 96 terá a seguinte redacción:

3. Regulamentariamente, logo da negociación coas organizacións sindicais, establecerase o procedemento que regule as comisións de servizo. En todo caso, deberá garantirse o cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia e igualdade, así como a selección sobre a base de criterios obxectivos."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº27, ao apartado Dez, de Supresión.

Débese suprimir no apartado Dez a seguinte expresión:
"sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social,"

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº15, ao apartado Dez, de Modificación.

Proponse unha modificación para a epígrafe Dez deste artigo, onde di: "... das retribucións **fixas** do mes do inicio da ...", debe dicir: "... das retribucións do mes do inicio da ..."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº28, ao apartado Once, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Once

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº29, ao apartado Doce, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Doce

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº16, ao apartado Trece, de Modificación.

Proponse un novo texto para a epígrafe Trece deste artigo, que terá o seguinte contido:

"Trece. Introdúcese unha disposición adicional décimo cuarta, coa seguinte redacción:

Durante o primeiro semestre de 2019, desenvolverase regulamentariamente o réxime aplicable á segunda actividade deste persoal, logo da negociación coas organizacións sindicais."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº30, ao apartado Catorce, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Catorce

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº18, ao apartado Catorce bis), de Adición.

Débese engadir unha nova epígrafe Catorce *bis*, que terá o seguinte contido:

Introdúcese unha disposición adicional décimo quinta, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional décimo catorce *bis*. *Escalas de seguridade e saúde laboral e de orientación profesional*

Durante o ano 2019 constituiranse as necesarias mesas de traballo e de negociación para a articulación das novas escalas de seguridade e saúde laboral (grupo B) e de orientación profesional (subgrupos A1 e A2)."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº19, ao apartado Catorce ter), de Adición.

Débese engadir unha nova epígrafe Catorce *ter*, que terá o seguinte contido:

Introdúcese unha disposición adicional décimo sexta, coa seguinte redacción:

Disposición adicional décimo catorce *ter*. *Aplicación de medidas en materia de conciliación e xornada de traballo para a mellora do emprego público*

A partir do 1 de xaneiro de 2019, a Xunta de Galicia dará efectiva aplicación ás medidas que, en materia de xornadas ordinaria e especiais de traballo, bolsa de horas de libre disposición para necesidades de conciliación e xornada continua para o coidado de fillos menores de 12 anos ou discapacitados, establece o II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo, asinado o 9 de marzo de 2018 entre o Goberno de España e as organización sindicais."

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº20, ao apartado Catorce quater), de Adición.

Débese engadir unha nova epígrafe Catorce *quater*, que terá o seguinte contido:

"Catorce *quater*. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo sétima, coa seguinte redacción:

Disposición adicional décimo catorce *quater*. *Mellora de emprego do persoal funcionario de carreira*

Durante o primeiro semestre de 2019 constituirase a necesaria mesa de traballo e de negociación que permita articular un sistema de nomeamentos provisionais para a mellora de emprego do persoal funcionario de carreira.

Este sistema permitirá que o persoal funcionario de carreira que reúna os requisitos de titulación poida desempeñar, nos supostos previstos no artigo 23.2 desta lei, un posto de traballo non ocupado adscrito a un corpo, agrupación profesional funcionarial ou escala de distinta clasificación profesional ao de pertenza, mediante nomeamento provisional de mellora de emprego, producíndose o cesamento neste posto nos supostos establecidos no artigo 24.2.

Durante o desempeño dun posto mediante nomeamento provisional por mellora de emprego, reservarase ao funcionario

ou funcionaria o seu posto de orixe, considerándose como servizo activo no corpo, agrupación ou escala ao que pertenza."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº21, ao apartado Catorce quinquies), de Supresión.

Débese engadir unha nova epígrafe Catorce *quintus*, que terá o seguinte contido:

"Catorce *quintus*. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 99.1, coa seguinte redacción:

Poden autorizarse permutas de postos de traballo entre persoal funcionario e laboral da mesma administración pública ou de entidades instrumentais dependentes desta, sempre que concorran as seguintes circunstancias:”

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº22, ao apartado Catorce sexies), de Adición.

Débese engadir unha nova epígrafe Catorce *sextus*, que terá o seguinte contido:

"Catorce *sextus*. Nova disposición adicional décimo oitava:

“Disposición adicional décimo *quintus*. *Permiso de paternidade*

Será aplicable ao persoal do sector público autonómico de Galicia o establecido no Acordo do 29 de outubro de 2018 da Administración xeral do Estado para a ampliación do permiso de paternidade a dezaseis semanas, coa progresividade prevista nel para os anos 2019, 2020 e 2021."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO II

Réxime orzamentario

Artigo 7. *Modificación do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro*

O texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, queda modificado como segue:

Un. Engádese un novo artigo 50 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 50 *bis*. *Oficina orzamentaria*

1. No ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en cada sección orzamentaria, baixo a dependencia da correspondente secretaría xeral técnica, identificarase un órgano, con nivel mínimo de servizo, que desenvolverá como mínimo as seguintes funcións, sen prexuízo daqueloutras que poidan establecerse nos decretos de estrutura orgánica:

a) Formular, en termos de obxectivos e programas de gasto, incluso plurianuais, os plans de actuación e proxectos dos servizos orzamentarios dependentes.

b) O estudo e informe económico dos actos e disposicións con repercusión económico-financeira nos orzamentos de gastos e ingresos.

c) Informar e propoñer, se é o caso, á comisión orzamentaria que corresponda a revisión dos programas de gasto e desenvolver e aplicar as instrucións para a elaboración do orzamento anual.

d) A elaboración e tramitación do anteproxecto anual de orzamentos da sección e a coordinación dos correspondentes ás entidades instrumentais dependentes, o seguimento da execución dos créditos orzamentarios e a tramitación das súas modificacións.

e) O seguimento do grao de realización dos obxectivos respecto dos programas e actuacións que se determinen na lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

f) A análise e coordinación de cantos recursos financeiros ten asignados a sección, así como a coordinación e seguimento da aplicación dos fondos europeos ou outros finalistas que financien programas ou proxectos da sección e das súas entidades dependentes, sen prexuízo das funcións atribuídas ás outras unidades e órganos da sección.

2. Nas entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia cuxa normativa

específica confira carácter limitativo aos créditos do seu orzamento de gastos, estableceranse as unidades necesarias para dar cumprimento ao sinalado na letra d) do número anterior.

3. Por orde da consellaría competente en materia de facenda aprobarase o desenvolvemento regulamentario relativo á realización destas funcións e o procedemento que se debe seguir para o exercicio de cada unha delas.»

Dous. Engádense os números 3 e 4 no artigo 61, coa seguinte redacción:

«3. Non terán a condición de modificacións orzamentarias nin a redistribución de créditos nin os movementos interproxectos que non alteren o nivel de vinculación dos créditos previsto no artigo 56 ou nas leis anuais de orzamentos.

4. O procedemento de xestión dos expedientes de modificacións orzamentarias que afecten a Administración xeral, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e restantes entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia cuxa normativa específica confira carácter limitativo aos créditos do seu orzamento de gastos desenvolverase por orde da consellaría competente en materia de facenda. Nesta orde tamén se desenvolverá o procedemento de xestión das figuras previstas no número 3 deste artigo.»

Tres. O primeiro parágrafo do artigo 73 queda redactado como segue:

«A xestión económica e financeira dos créditos incluídos nos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos, axencias públicas e demais entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo estruturarase de acordo coas seguintes fases:»

Catro. No artigo 73 queda suprimido o inciso «a) Orzamento de gastos».

Cinco. Suprímese toda a letra b) do artigo 73.

Seis. Dáselle a seguinte redacción ao artigo 78:

«Artigo 78. *Fases dos dereitos económicos*

1. A xestión orzamentaria dos dereitos económicos incluídos nos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos, axencias públicas e demais entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo realizarase a través das seguintes fases:

a) Compromiso de ingreso, que é o acto con base no cal se recoñece en contas o dereito a liquidar un determinado recurso

por unha contía certa no momento no que se cumpran as condicións ou trámites que se prevén no título xurídico do que nace a expectativa do dereito á súa percepción.
Para estes efectos, terán a consideración de títulos xurídicos habilitantes as leis, os regulamentos, as resolucións e os acordos promulgados, aprobados, ditados ou adoptados por órganos estatais, autonómicos ou locais, así como os convenios e os contratos celebrados con estes órganos ou con outras entidades públicas ou privadas.
b) Contraído do recurso, que é o acto polo que se liquida o ingreso e se recoñece en contas o dereito definitivo á súa percepción pola súa exacta contía, unha vez cumpridas as condicións exixidas para a perfección do dereito.
c) Recadación do recurso, que constitúe o proceso a través do cal a Tesouraría da Comunidade ingresa nas súas caixas o importe do dereito recoñecido ou cando, de ser o caso, se procede ao seu ingreso en formalización.
2. O desenvolvemento das distintas fases realizarase tendo en conta o principio de mantemento do equilibrio económico-financeiro e condicionado ás garantías de estabilidade orzamentaria e á sustentabilidade financeira establecidas na normativa estatal e autonómica.
3. Poderán acumularse nun mesmo acto unha ou varias das fases de xestión orzamentaria.»
Sete. O artigo 79 queda coa seguinte redacción:
«Artigo 79. *Normas especiais na xestión orzamentaria dos dereitos económicos por transferencias correntes e de capital*
1. Respecto dos dereitos económicos procedentes de transferencias correntes e de capital, a competencia para a realización dos actos de xestión orzamentaria corresponderá:
a) Cando se trate de dereitos que corresponden ao orzamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma e cando se modifiquen as previsións iniciais das entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo, á dirección xeral competente en materia de orzamentos, a través do órgano que teña atribuída a xestión orzamentaria dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital.
b) Agás a excepción prevista na letra a) deste número, cando se trate de ingresos que corresponden ao orzamento das entidades públicas instrumentais con orzamento de carácter limitativo, aos órganos que dentro delas teñan atribuída a xestión orzamentaria en materia de ingresos.
2. Na aplicación do previsto nos artigos 64 e 69, a formalización de compromisos firmes de ingresos non orzados inicialmente axustarase ás seguintes especialidades:

a) Por solicitude das consellarías ou das entidades públicas recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo, os expedientes de formalización do compromiso de ingreso e de xeración de crédito ou ampliación serán tramitados simultaneamente pola dirección xeral competente en materia de orzamentos, a través dos órganos que teñan atribuídas as correspondentes funcións.
b) Cando se trate de transferencias que corresponden a recursos previstos na lei reguladora do sistema de financiamento das comunidades autónomas, a tramitación simultánea dos expedientes de formalización do compromiso de ingreso e de xeración ou ampliación será realizada de oficio pola dirección xeral competente en materia de orzamentos.
3. O contraído dos recursos procedentes da Unión Europea efectuarase unha vez certificada ante a unidade estatal ou comunitaria administradora destes recursos a realización do gasto financiado coas transferencias dos devanditos recursos.
Con carácter xeral, sen prexuízo das excepcións que, no marco do proceso de elaboración do orzamento anual, estableza a dirección xeral competente en materia de orzamentos, a xestión destes recursos incluirase dentro do orzamento da Administración xeral, aínda que o beneficiario sexa calquera das entidades incluídas no ámbito do sector público autonómico definido segundo a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou se trate de entidades que estean recollidas no orzamento consolidado da Comunidade Autónoma con orzamentos de gastos de carácter limitativo.
Realizada esta xestión orzamentaria, as entidades percibirán os recursos correspondentes desde a sección orzamentaria pola que reciben as transferencias correntes e de capital.
4. Os anticipos de fondos europeos percibidos para financiar gastos en fase de execución terán, transitoriamente, tratamento extraorzamentario, que se cancelará no momento en que se certifique o gasto e se efectúe o contraído do recurso e a aplicación do recadado, segundo proceda, como transferencia corrente ou de capital.
5. Non resultará aplicable o previsto no número anterior cando a Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes instrumentais con orzamento de carácter limitativo resulten beneficiarios de axudas financiadas con fondos europeos xestionados pola Administración xeral do Estado para os que se conveña a realización de anticipos reembolsables.
6. Os ingresos por transferencias correntes e de capital que non poidan ser identificados polo órgano da dirección xeral

competente en materia de orzamentos que teña atribuída a súa xestión, ao non figurar claramente especificada a súa procedencia, quedarán contabilizados en contas extraorzamentarias, que os recollerán como pendentes de aplicación ata a súa correcta identificación.
7. A devolución de ingresos procedentes de transferencias correntes ou de capital xa aplicadas ao orzamento e materialmente ingresadas en contas de Tesouraría só poderá realizarse como consecuencia de disposición, resolución ou acordo no que se estableza a súa exixencia á Administración xeral ou ás entidades públicas instrumentais que os percibiron.
Co obxecto de manter o equilibrio orzamentario, poderase requirir do órgano ou entidade que xestionou a transferencia recibida que comunique os créditos do seu orzamento de gastos que financiarán a correspondente devolución. En ningún caso o expediente de devolución incluirá as cantidades exixidas por xuros ou conceptos análogos, e a devolución das devanditas cantidades será a cargo do xestor da transferencia.
8. Por orde da consellaría competente en materia de facenda desenvolveranse os procedementos de xestión orzamentaria que correspondan para cada unha das especialidades previstas nos números 1 a 7 deste artigo e determinaranse os órganos competentes en cada caso.»
Oito. Engádeselle un número 5 ao artigo 85, coa seguinte redacción:
«5. O procedemento de xestión dos expedientes de modificacións orzamentarias que afecten as entidades instrumentais previstas no número 1 desenvolverase por orde da consellaría competente en materia de facenda.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº23, ao apartado 1.e), de Adición.

Débese engadir *in fine*, na epígrafe Un, punto 1, letra e) o seguinte texto: "... e dos que se dará conta trimestralmente ao Parlamento de Galicia."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº27, ao apartado Un bis), de Adición.

Débese engadir unha nova epígrafe Un *bis*, que terá o seguinte contido:

"O texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, queda modificado como segue:

Un *bis*. Oficina de Control Orzamentario no Parlamento de Galicia

I. As oficinas orzamentarias definidas no punto anterior deberán estar coordinadas e facilitar información á Oficina de Control Orzamentario que se crea e queda adscrita organicamente ao Parlamento de Galicia, a cal goza de autonomía administrativa e terá plena capacidade para desenvolver as súas funcións, con independencia e obxectividade.
II. Son funcións da Oficina de Control Orzamentario:
a) Efectuar o seguimento e control da execución orzamentaria da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no que atinxe aos seus distintos estados de ingresos como aos de gastos, así como do seu endebedamento, e que afecten tanto os propios departamentos ou consellarías da Xunta de Galicia como sobre calquera entidade ou sociedade que pertenza ao sector público autonómico.
b) Asesorar os deputados e deputadas e os grupos parlamentarios nas cuestións relacionadas cos orzamentos, así como facilitarlles a documentación orzamentaria ou financeira precisa relacionada coas diversas iniciativas parlamentarias que se formulen.
III. A Xunta de Galicia, a través da consellaría competente en materia orzamentaria, facilitará en todo momento e puntualmente, vía informática, á Oficina Galega de Control Orzamentario a información necesaria relativa á súa execución orzamentaria, por medio da conexión en relación cos programas contables ou orzamentarios utilizados.
Ademais, a Xunta de Galicia deberá remitirlle a seguinte información, publicada en papel e en formato dixital, e cun grao de concreción e desagregación suficientes para a súa análise e control, coa periodicidade que se indica:
a) Con carácter mensual, un informe sobre o grao de cumprimento orzamentario do exercicio en curso, así como das modificacións introducidas, que deberá ser remitido no prazo máximo de trinta días ao remate do período en cuestión.
b) Con carácter mensual, un informe sobre a evolución dos proxectos de investimento e do seu financiamento específico, que deberá ser presentado no prazo máximo de trinta días ao remate do período en cuestión.

c) Con carácter anual, un informe sobre a liquidación orzamentaria, que deberá ser presentado no prazo máximo de noventa días ao remate do exercicio anual en cuestión.
IV. Os ditos informes comprenderán igualmente a necesaria información de carácter contable e económico referida ao conxunto do sector público autonómico, incluíndo as sociedades públicas mercantís, os entes de dereito público, as fundacións ou calquera outra entidade con presenza maioritaria da Xunta de Galicia. V. A Oficina de Control Orzamentario, coa información recollida, e con independencia doutras tarefas que poida realizar, elaborará os seus propios informes, que serán remitidos para o seu coñecemento e valoración a todos os grupos parlamentarios. Os ditos informes serán publicados puntualmente na páxina web do Parlamento de Galicia.
VI. Ademais do regulado no artigo anterior, a Oficina de Control Orzamentario poderá demandar canta información orzamentaria precise, así como solicitar as explicacións por parte da Xunta de Galicia que considere necesarias para o cumprimento dos seus fins. Igualmente poderá encargar aqueles informes externos ou de asesoría que considere necesarios.
VII. A Oficina Galega de Control Orzamentario poderá, por petición expresa dos grupos parlamentarios ou da Mesa do Parlamento, completar os informes económicos e orzamentarios que acompañen as diversas iniciativas lexislativas do Goberno, informar sobre as iniciativas lexislativas presentadas polos grupos parlamentarios e resolver as consultas que se lle formulen sobre as cuestións de carácter económico ou orzamentario nas diversas cuestións parlamentarias que se susciten no pleno da Cámara."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº24, ao apartado Dous, de Supresión.

Débese suprimir a epígrafe Dous deste artigo.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº25, ao apartado Seis, de Supresión.

Débese suprimir a epígrafe Seis deste artigo.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº26, ao apartado Sete, de Supresión.

Débese suprimir a epígrafe Sete deste artigo.

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO III

Medio ambiente e territorio

Artigo 8. *Modificación do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados*

O Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o apartado 2 do número 1 do artigo 2, que queda coa seguinte redacción:

«2. Actividades potencialmente contaminantes do solo: as actividades de tipo industrial ou comercial que, xa sexa polo manexo de substancias perigosas, xa sexa pola xeración de residuos, poidan contaminar o solo. Terán, en todo caso, esta consideración:

a) As actividades de tipo industrial ou comercial recollidas no anexo I do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados, ou norma que o substitúa.

b) As actividades que producen, manexan ou almacenan máis de dez toneladas por ano dunha ou varias das substancias incluídas no Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas.

c) Os almacenamentos de combustible para uso propio, segundo o Real decreto 1523/1999, do 1 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e as instrucións técnicas complementarias MI-IP03, aprobadas polo Real decreto 1427/1997, do 15 de setembro, e MI-IP04, aprobadas polo Real decreto 2201/1995, do 28 de decembro, cun consumo anual medio superior a 300.000 litros e cun volume total de almacenamento igual ou superior a 50.000 litros.

Terán a consideración de novas actividades potencialmente contaminantes do solo aquelas que iniciaron a súa actividade con posterioridade ao 7 de febreiro de 2005, data de entrada en vigor do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro.»

Dous. Suprímese o anexo I.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº31, ao apartado Dous, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Dous

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 9. *Modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia*

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádeselle un novo número 3 ao artigo 71, coa seguinte redacción:

«3. Sobre a contía das sancións pecuniarias impostas segundo os artigos 72 a 74 aplicaranse as reducións establecidas no artigo 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, nos termos previstos no dito precepto.»

Dous. Modifícase o artigo 72, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 72. *Infracción tributaria por incumprir a obriga de repercutir o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración na factura da auga*

1. Constitúe infracción tributaria incumprir a obriga de repercutir o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración nas facturas ou nos recibos que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos. Neste suposto inclúese o incumprimento da obriga de liquidar o canon da auga ou o coeficiente de vertedura nas subministracións ou, se é o caso, na prestación de servizo de sumidoiros non facturados aos abonados, mesmo os consumos propios das entidades subministradoras ou prestadoras do servizo de sumidoiros, nos termos que regulamentariamente se determinen, así como o incumprimento da prohibición da súa repercusión de forma separada da factura ou recibo que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos.

2. A infracción tributaria será leve cando o importe non repercutido, ou repercutido de forma separada, do canon da auga ou do coeficiente de vertedura sexa inferior ou igual a 3.000 euros ou, sendo superior, o número de recibos de auga emitidos sen incluír o canon da auga ou o coeficiente de vertedura sexa inferior ou igual a 10.

3. A infracción tributaria será grave cando o importe non repercutido, ou repercutido de forma separada, do canon da auga ou do coeficiente de vertedura sexa superior a 3.000 euros.

4. A base da sanción será o canon da auga ou o coeficiente de vertedura non repercutido, ou repercutido de forma separada, como resultado da comisión da infracción.

5. A sanción por infracción leve consistirá nunha multa pecuniaria proporcional do 25 % da base.
6. A sanción por infracción grave consistirá nunha multa pecuniaria proporcional do 40 % da base.
7. A sanción por infracción grave graduarase incrementando a porcentaxe indicada no número anterior conforme os criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e de prexuízo económico para a Facenda pública, cos incrementos porcentuais previstos para cada caso nas letras a) e b) do número 1 do artigo 187 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»
Tres. O artigo 73 queda modificado como segue:
«Artigo 73. *Infracción tributaria por repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración con prexuízo económico para a Facenda pública*
1. Constitúe infracción tributaria repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración nas facturas ou nos recibos que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos, ou repercutilo en documento separado, cando desta repercusión incorrecta se produza ou se poida producir prexuízo económico para a Facenda pública.
2. A base da sanción será a diferenza entre o canon da auga ou o coeficiente de vertedura repercutido e o que procedía repercutir.
3. A cualificación da sanción como leve ou grave, así como a determinación da súa sanción, realizarase consonte o establecido nos números 2 a 7 do artigo anterior.»
Catro. O artigo 74 queda coa seguinte redacción:
«Artigo 74. *Infracción tributaria por repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración sen prexuízo económico para a Facenda pública*
1. Constitúe infracción tributaria leve repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración nas facturas ou nos recibos que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos cando desta repercusión incorrecta non se produza ou non se poida producir prexuízo económico para a Facenda pública.
2. A base da sanción será a diferenza entre o canon da auga ou o coeficiente de vertedura repercutido e o que procedía repercutir.
3. A sanción consistirá nunha multa pecuniaria proporcional do 10 % da base.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº32, ao apartado Un, de Adición.

Débese engadir un novo apartado Un, co seguinte texto:
"Un. Débense engadir no punto 2 do artigo 47 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, dous novos apartados, co seguinte texto:
f) Os usuarios das comunidades veciñais de augas en lugares onde non exista alternativa pública de subministración.
g) Os usuarios de captacións propias naqueles lugares onde non exista alternativa pública de subministración."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº33, ao apartado Un bis), de Modificación.

O apartado Un da Lei, pasará a ser:
Apartado Un *bis*

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº34, ao apartado Dous, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Dous

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº35, ao apartado Tres.1, de Modificación.

Débese substituír o texto do punto 1. polo seguinte:
"1. Constitúe infracción tributaria repercutir incorrectamente o canon da auga ou o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración nas facturas ou nos recibos que emita a entidade subministradora ou prestadora do servizo de sumidoiros para documentar a contraprestación dos seus servizos cando desta repercusión incorrecta se produza ou se poida producir prexuízo económico para a Facenda pública. "

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº36, ao apartado Tres.3, de Supresión.

Débese suprimir o punto 3

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 10. *Modificación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*
Modifícase o número 2 do artigo 36 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que queda coa seguinte redacción:
«2. A declaración de incidencia ambiental deberá ser emitida no prazo máximo de dous meses desde a presentación da solicitude. Se se supera o citado prazo, a declaración entenderase desfavorable.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº37, de Supresión.

Débese suprimir a totalidade do artigo.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 11. *Modificación da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014*

Engádese un número Tres *bis* na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, coa seguinte redacción:

"Tres *bis*. Igualmente, cando as circunstancias económicas da sociedade o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade, a persoa titular da consellaría competente en materia de residuos, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de facenda, poderá establecer unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada nunha porcentaxe que non exceda o 10 % da cantidade que en concepto de canon estea vixente no ano inmediatamente anterior.

A aprobación da contía do canon bonificado por tonelada publicarase no *Diario Oficial de Galicia* conxuntamente coa actualización anual do canon unitario prevista no número Dous desta disposición.

Para poder beneficiarse da dita bonificación, as entidades locais deberán presentar a súa solicitude ante a sociedade antes de que transcorra un mes desde a súa publicación, xuntando unha declaración na que se comprometan a adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente á aprobación dese canon bonificado, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, mediante a modificación ou adaptación das prestacións patrimoniais de carácter público que teñan establecidas para o servizo público de recollida de residuos urbanos, tratamento e eliminación destes, así como a procurar unha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros. A presentación da indicada declaración determinará a inmediata aplicación do canon bonificado con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente á aprobación dese canon bonificado.

Dentro dos dous primeiros meses do primeiro ano seguinte ao da aplicación da bonificación do canon

unitario de tratamento por tonelada, as entidades locais beneficiarias do dito canon deberán presentar unha certificación do órgano da entidade local que corresponda na que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas no parágrafo anterior relativas, en primeiro lugar, a ter adoptado as medidas para permitir nese ano trasladar a bonificación ás persoas beneficiarias do servizo e, en segundo lugar, á adopción ou mantemento das medidas sinaladas de fomento da recollida selectiva ou de fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.
No suposto de que, no prazo sinalado no parágrafo anterior, non se achegase o dito certificado ou se constatase o incumprimento das condicións requiridas para o gozo da bonificación, será aplicable o canon ordinario sen bonificación, polo que a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S. A. procederá a facturar antes do 30 de marzo o importe da bonificación aplicada o ano anterior. Para o caso de impagamento deste importe, haberá que aterse ao disposto no apartado Seis desta disposición adicional."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº38, ao apartado Tres bis), de Substitución.

Débese substituír o texto polo seguinte:
"Tres *bis*. Igualmente, cando as circunstancias económicas da sociedade o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade, a persoa titular da consellaría competente en materia de medio ambiente, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de facenda, poderá reducir o canon unitario de tratamento por tonelada anual nunha porcentaxe que non exceda do 20 % da cantidade que en concepto de canon estea vixente no ano inmediatamente anterior.
A redución do canon no máximo permitido anterior aplicarase a aquelas entidades locais que certifiquen o compromiso coa redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de medidas que fomenten a recollida selectiva, así como a aprobación do traslado da devandita redución ás persoas beneficiarias do servizo. Esta redución non se aplicará naqueles concellos que xustifiquen o déficit económico do servizo. Esta circunstancia acreditarase mediante unha certificación do órgano que corresponda da entidade local, que será emitido nos seis meses seguintes á publicación da aprobación da contía do canon reducido. No suposto de que no

dito prazo a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S. A. non recibise o referido certificado, continuarase aplicando o importe do canon, cunha redución máxima do 10 % con respecto ao ano inmediatamente anterior.
A aprobación da contía do canon reducido publicarase no *Diario Oficial de Galicia*."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº28, ao apartado Tres bis), de Adición.

Na epígrafe Tres *bis*, primeiro parágrafo, débese engadir *ab initio* o seguinte texto:

"Tres *bis*. A persoa titular da consellaría competente en materia de medio ambiente, logo do informe da consellaría competente en materia de facenda, reducirá para o ano 2019 o canon unitario de tratamento por tonelada anual nunha porcentaxe mínima non inferior ao 10 %, podendo tal porcentaxe incrementarse ata o 20 %, e igualmente cara ao futuro, cando as circunstancias..."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº29, ao apartado Tres bis), de Modificación.

Proponse un novo texto para o segundo parágrafo da epígrafe Tres bis, que terá o seguinte contido:

"A consellaría competente en materia de medio ambiente levará a cabo as actuacións necesarias cos concellos para fomentar as medidas necesarias que promovan a recollida selectiva, así como a aprobación do traslado das devanditas reducións ás persoas beneficiarias do servizo, dándolle traslado de tal información á empresa pública Sociedade Galega do Medio Ambiente".

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº30, ao apartado Tres bis), de Modificación.

Proponse un novo texto para o terceiro parágrafo da epígrafe Tres bis, quedará redactado como segue:

"A aprobación da contía do canon reducido publicarase no *Diario Oficial de Galicia*."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 11 bis).

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 11 bis.
Artigo 11 bis. Modificación da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia
Engádese un derradeiro parágrafo na letra b) do número 1 do artigo 72 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, coa seguinte redacción:
"Exclusivamente para a caza do xabaril, poderá practicarse esta modalidade de caza colectiva coa participación dun mínimo de oito cazadores."

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 12. *Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un novo artigo 117 *bis*, coa seguinte redacción:

"Artigo 117 *bis*. *Modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación*

A Administración expropiante poderá utilizar, para o desenvolvemento da actividade de execución das actuacións no sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación de réxime xurídico, de contratación das administracións públicas, de réxime local e de ordenación territorial e urbanística."

Un *bis*. Modifícase o número 2 do artigo 157, que queda redactado como segue:

"2. Toda infracción urbanística implicará a imposición de sancións ás persoas responsables, así como a obriga de resarcimento dos danos e indemnización das perdas a cargo deles, con independencia das medidas previstas na sección anterior. A obriga de resarcimento dos danos e de indemnización das perdas provocados no patrimonio das administracións públicas poderá impoñerse na propia resolución sancionadora e a súa execución realizarase, de ser o caso, a través dos medios de execución forzosa previstos pola lexislación do procedemento administrativo común."

Un *ter*. Engádeselle unha nova letra f) ao número 3 do artigo 158, coa seguinte redacción:

"f) A realización de pintadas, graffitis, incisións ou outros actos que causen danos ou deterioracións ou menoscaben o ornato da vía pública, do mobiliario urbano, dos espazos publicitarios ou dos paramentos exteriores das edificacións, construcións e instalacións, incluídos os muros e cerramentos de todo tipo, sempre que exista reincidencia ou os danos sexan irreparables, entendéndose por tales aqueles que exixan a substitución do elemento afectado.

Non será constitutiva de infracción a realización de murais e graffitis de valor artístico nos espazos públicos que

excepcionalmente cedan os concellos para estes efectos, sempre que non prexudiquen o contorno urbano nin a calidade de vida da veciñanza. Estes espazos deberán estar periodicamente sometidos a control e limpeza.”

Un *quater*. Modifícase o número 4 do artigo 158, que queda redactado como segue:

"4. Son infraccións leves:

a) A execución de obras ou instalacións realizadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, cando sexan legalizables por seren conformes co ordenamento urbanístico.

b) O incumprimento das ordes de execución ou demolición.

c) A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter non esencial, en calquera dato ou documento que se achega ou consta na comunicación previa.

d) A realización de pintadas, graffitis, incisións ou outros actos que causen danos ou deterioracións ou menoscaben o ornato da vía pública, do mobiliario urbano, dos espazos publicitarios ou dos paramentos exteriores das edificacións, construcións e instalacións, incluídos os muros e cerramentos de todo tipo, sempre que non teña o carácter de infracción grave.

Non será constitutiva de infracción a realización de murais e graffitis de valor artístico nos espazos públicos que excepcionalmente cedan os concellos para estes efectos, sempre que non prexudiquen o contorno urbano nin a calidade de vida da veciñanza. Estes espazos deberán estar periodicamente sometidos a control e limpeza.

e) As demais vulneracións do ordenamento urbanístico que non teñan o carácter de infraccións graves ou moi graves.”

Un *quinquies*. Engádeselle un novo número 5 ao artigo 160, coa seguinte redacción:

"5. No caso das infraccións previstas na alínea f) do número 3 e na alínea d) do número 4 do artigo 158, serán

sancionadas as persoas que resulten autoras materiais das condutas.

Estarán exentos de responsabilidade por estas infraccións os menores de 14 anos. No caso de que a infracción sexa cometida por un menor de 14 anos, a autoridade competente poñerao en coñecemento do Ministerio Fiscal.

Cando sexa declarado autor dos feitos cometidos un menor de 18 anos, un menor non emancipado ou unha persoa coa capacidade modificada xudicialmente, responderán, solidariamente con el, do pagamento das sancións pecuniarias que se lles impoñan, dos danos e perdas ocasionados de acordo co establecido no artigo 157.2 e da reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción de acordo co establecido no artigo 162 *bis* os seus pais, titores, curadores, acolledores ou gardadores legais ou de feito, segundo proceda."

Un *sexies*. Modifícase o número 1 do artigo 161, coa seguinte redacción:

"1. As infraccións urbanísticas serán sancionadas da seguinte forma:

a) As infraccións leves, con carácter xeral, con multa de 300 a 6.000 euros e, como mínimo, o 2 % do valor da obra, instalación ou actuación realizada, de ser o caso.
b) A infracción leve prevista na alínea d) do número 4 do artigo 158, con multa de 100 a 600 euros.
c) As infraccións graves, con carácter xeral, con multa de 6.001 a 60.000 euros e, como mínimo, o 20 % do valor da obra, terreos, exceso de edificación ou actuación realizada, de ser o caso.
d) A infracción grave prevista na alínea f) do número 3 do artigo 158, con multa de 601 a 6.000 euros.
e) As infraccións moi graves, con multa de 60.001 a 1.000.000 de euros e, como mínimo, o 30 % do valor das obras, terreos, edificacións ou actuacións realizadas, de ser o caso".

Un *septies*. Engádese un novo artigo 162 *bis*, coa seguinte redacción:
"Artigo 162 *bis*. *Reposición da situación alterada ao seu estado orixinario en determinados casos*
As responsabilidades administrativas que deriven da comisión das infraccións previstas na alínea d) do número

4 do artigo 158 e na alínea f) do número 3 do artigo 158 entenderanse sen prexuízo e serán compatibles coa exixencia, polo órgano competente para a imposición da sanción, ao infractor ou ás persoas previstas no artigo 160.5 desta lei da obriga de reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, incluíndo a limpeza das pintadas e graffitis."

Dous. Engádese unha disposición adicional terceira na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa seguinte redacción:
«Disposición adicional terceira. *Medidas urbanísticas excepcionais*
Para os efectos desta lei, e sen prexuízo do necesario respecto á normativa sectorial estatal e autonómica que resulte aplicable, poderase autorizar a reconstrución, coas mesmas características volumétricas que tiñan, dos edificios, construcións e instalacións afectados por situacións declaradas polo Consello de Ministros como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil ou polo Consello da Xunta de emerxencia de natureza catastrófica, que, no momento de produción da dita situación, estean sometidos ao **réxime previsto nos artigos 40 e 90. Nestes casos, os edificios, construcións e instalacións realizados quedarán sometidos ao réxime dos artigos 40 e 90.**
Esta disposición será aplicable tanto respecto das situacións xa declaradas como daquelas cuxa declaración se efectúe tras a súa entrada en vigor.»

Dous *bis*. Modifícase a letra d) da disposición transitoria terceira, coa seguinte redacción:
"d) Que se manteñan o uso e a actividade autorizados orixinariamente, permitíndose, en todo caso, o cambio de uso a calquera dos regulados no artigo 40 desta lei."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº39, ao apartado Un, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Un.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº31, ao apartado Un, de Supresión.

Debe suprimirse.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº8, ao apartado Un, de Supresión.

Suprímese o apartado Un do artigo 12.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 13. *Modificación da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía*
Engádese un número 3 no artigo 17, coa seguinte redacción:
«3. Toda persoa que conduza e controle, de forma habitual, ocasional ou puntual, un animal cualificado como potencialmente perigoso deberá estar en posesión da correspondente licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos expedida ao seu nome.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO IV

Infraestruturas

Artigo 14. *Modificación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 41 queda coa seguinte redacción:

«1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) 50 metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) 15 metros no caso de estradas convencionais. No caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e nel se categoricen funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, segundo o establecido no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

c) Nos elementos funcionais da estrada, a liña de edificación estará situada a 7 metros da liña exterior de delimitación da calzada do elemento funcional. No suposto de que a liña límite de edificación do elemento funcional quede incluída dentro da liña límite de edificación establecida pola propia estrada, será esta última a que prevaleza.»

Dous. O número 2 do artigo 47 queda coa seguinte redacción:

«2. A competencia para autorizar a execución de obras e instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección correspóndelle á Administración titular da estrada, agás na corta de arboredo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, logo do informe preceptivo e vinculante do órgano competente da Administración titular da estrada.

No caso de obras, instalacións ou actividades non executadas pola Administración titular da estrada, na parte da zona de dominio público dos tramos urbanos distinta das calzadas e das súas beiravías, a competencia para outorgar a autorización

corresponderá aos concellos, logo do informe vinculante da Administración titular da estrada. Ese informe será tamén preciso no caso de obras, instalacións ou actividades que vaia realizar o propio concello.»

Tres. As letras e) e f) do número 2 do artigo 61 quedan coa seguinte redacción:
"e) Deteriorar intencionadamente calquera elemento da estrada directamente relacionado coa ordenación, orientación, sinalización e seguridade da circulación, ou modificar as súas características ou situación, cando non se impida que o elemento do que se trate siga prestando a súa función. Entenderase incluída nesta infracción a realización de pintadas, graffitis ou incisións de calquera tipo.
f) Destruír, deteriorar, alterar ou modificar intencionadamente calquera obra ou instalación da estrada ou dos seus elementos funcionais, cando non se afecte a estrada ou as beiravías. Entenderanse incluídos nesta infracción a realización de pintadas, graffitis ou incisións ou calquera outro acto que cause danos, deteriore ou menoscabe o seu ornato."

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO V

Mar
Artigo 15. *Modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia*
Engádese un parágrafo terceiro na disposición transitoria cuarta da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, coa seguinte redacción:
«Respecto das concesións de actividade de acuicultura na zona marítima que iniciasen a vixencia segundo o disposto no parágrafo anterior, o procedemento de outorgamento da prórroga á que se refire o artigo 61 incoarase de oficio, agás manifestación expresa en contrario da persoa concesionaria formulada con anterioridade á incoación. Tras a incoación do procedemento e logo dos informes e restantes trámites preceptivos e dos demais que resulten necesarios, ditarase a resolución correspondente. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de seis meses. Se, durante a tramitación do procedemento e antes de se ditar a resolución, a persoa concesionaria formula manifestación en contra da prórroga, a Administración desistirá do procedemento iniciado, e ditará a correspondente resolución motivada, co arquivamento das actuacións.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº32, de Supresión.

Debe suprimirse.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 16. *Modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia*
Engádese unha disposición transitoria novena na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, co seguinte teor:
«Disposición transitoria novena. *Composición e funcionamento do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia*
1. Mentres non se estableza regulamentariamente o número de vogais do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia, conforme dispón o artigo 13.2, a composición do dito órgano e o réxime de substitucións serán os establecidos nos artigos 10 e 11 do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo. O nomeamento dos vogais realizarao a persoa titular da consellaría competente en materia de portos, conforme dispón o devandito artigo 13.2.
2. Así mesmo, mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 13.5, o réxime de funcionamento e de adopción de acordos do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia será o previsto no artigo 14 do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo, en todo no que non se opoña á normativa básica estatal sobre órganos colexiados.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº41, de Supresión.

Débese suprimir a totalidade do artigo.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº34, ao apartado 1, de Modificación.

Proponse unha nova redacción para o punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"1. Serán aplicables o artigo10, 11 e 13.2 do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo, coa excepción do recollido respecto da composición, que será o recollido no artigo 16.I desta lei. O nomeamento dos vogais será realizado pola persoa titular da consellaría competente en materia de portos, conforme dispón o devandito artigo 13.2."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº33, ao apartado 1, de Adición.

Débese engadir un novo texto *ab initio* no punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

O número de vocais do Consello Reitor queda establecido como segue:
1. O Consello de Administración estará formado polos seguintes membros:
a) O presidente ou presidenta do ente público.
b) O director do ente público.
c) Sete vocais en representación da Administración autonómica.
d) Sete vocais en representación dos sectores económicos relacionados coas actividades portuarias.
e) Tres vocais das organizacións sindicais máis representativas do sector.
f) Cinco vocais en representación das administracións locais.
g) Un vocal en representación do persoal do ente público.
h) Un secretario ou secretaria.
2. Os vocais representantes da Administración autonómica serán os seguintes:
-Dous en representación da consellaría en materia de pesca, marisqueo e acuicultura.
-Dous en representación da consellaría en materia de política territorial e urbanismo, un dos cales será unha persoa de recoñecida experiencia en materia urbanística.
-Un en representación da consellaría en materia de turismo.
-Un en representación da consellaría en materia de administración pública.
-Un en representación da consellaría en materia de facenda.
-Un en representación da consellaría en materia de economía, industria e comercio.
Estes vocais serán nomeados polo Consello de Xunta de Galicia, por proposta dos respectivos conselleiros ou conselleiras.
3. Os vocais representantes dos sectores económicos relacionados coas actividades portuarias serán os seguintes:
-Tres vocais en representación das confrarías de pescadores ou asociacións de produtores, un por cada provincia costeira.
-Tres vocais en representación das cámaras de comercio de Galicia. Estes vocais desenvolverán a súa actividade nos portos da Comunidade Autónoma: un na provincia de Lugo, un na da Coruña e un na de Pontevedra, representando os seguintes sectores:

*Un ás asociacións de exportadores e vendedores.
*Un aos consignatarios.
*Un aos restantes sectores relacionados coas actividades portuarias, tales como produtores de mexillón, conserveiros, industriais do frío e armadores.
-Un vocal en representación das federacións e clubs náutico-deportivos galegos.
-Tres vocais en representación dos sindicatos máis representativos no sector.
Estes vocais serán nomeados polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do presidente ou presidenta do ente público, da seguinte forma:
-Cada unha das federacións provinciais de confrarías de pescadores e asociacións de produtores propoñeranlle ao presidente ou presidenta un máximo de dous vocais. Naquelas provincias en que non exista federación provincial, os vocais propoñeranse por acordo maioritario entre as confrarías correspondentes.
-Cada unha das cámaras de comercio das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra propoñeranlle ao presidente ou presidenta polo menos un vocal, ou ben unha terna na que figure un representante de cada un dos indicados no anterior apartado 4.
-As federacións e clubs náutico-deportivos galegos poderán propoñerlle cadanseu vocal.
-As tres organizacións sindicais máis representativas poderán propoñerlle cadanseu vocal.
4. Os vocais representantes das administracións locais serán nomeados polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do presidente do ente público, e corresponderán a provincias costeiras, debendo estar representadas todas elas.
A proposta ao presidente ou presidenta efectuarase mediante acordo adoptado por maioría simple entre os concellos que teñan no seu territorio algún porto integrado no ente público, propoñendo un vocal ou unha terna de vocais o conxunto dos concellos pertencentes a cada unha das provincias costeiras. Os dous restantes serán propostos pola Federación Galega de Municipios e Provincias. O vogal representante do persoal formará parte del e será nomeado polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do presidente ou presidenta do ente público, de entre a terna proposta polo órgano ou órganos representantes do persoal."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO VI

Sanidade

Artigo 17. *Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*

Modifícase o número 3 do artigo 118 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que queda redactado como segue:

"3. Os graos I a IV da carreira profesional recoñecidos ao persoal estatutario retribuiranse mediante o complemento de carreira establecido para o correspondente grao e categoría.

O persoal fixo dunha categoría que pase a prestar servizos noutra, por promoción interna, manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente aos graos recoñecidos na categoría de orixe. No suposto de que se teñan recoñecidos graos retribuídos de diversas categorías (graos I a IV), percibirase o complemento de carreira correspondente a todos os graos recoñecidos, ata o límite de catro graos. Cando o profesional teña recoñecidos máis de catro graos, percibirá o complemento de carreira correspondente aos catro graos de maior contía.

Este complemento percibirase en todo caso na situación de servizo activo na correspondente categoría ou durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, fundacións sanitarias de natureza pública e sociedades públicas sanitarias con contido asistencial, ou nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma relacionados na disposición adicional primeira, letra a), da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Tamén percibirán este complemento os liberados sindicais.

O persoal que se encontre na situación de servizos especiais polo desempeño de postos ou cargos no ámbito delimitado no parágrafo anterior percibirá dentro das

retribucións do posto ou cargo que desempeñe unha contía equivalente á correspondente ao complemento que lle sería aplicable de acordo con este precepto."

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO VII

Medio rural
Artigo 18. *Modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común*
O artigo 5 da 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, queda coa seguinte redacción:
«Artigo 5. *Cesións e arrendamentos*
1. Os montes veciñais en man común, pese á súa inalienabilidade, poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, por obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden de modo principal no beneficio directo da comunidade de veciños, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18.1. A cesión poderá ser por tempo indefinido a prol de calquera das administracións públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia comunidade e mentres se manteña o fin para o que se fixo a cesión.
2. Os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de arrendamento total ou parcial, o cal se rexerá polo disposto no capítulo I do título VII da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, coas seguintes especialidades:
a) O período contractual non poderá ser superior a once anos, agás nos arrendamentos realizados a través do Banco de Terras de Galicia. Nestes arrendamentos a través do Banco de Terras de Galicia, o período máximo contractual será de trinta anos ou, no caso de especies forestais que se rexan por modelos silvícolas nos que estea establecida a idade de corta, o tempo correspondente á primeira quenda de corta.
b) As melloras e instalacións que poidan derivar do arrendamento quedarán de propiedade da comunidade veciñal ao rematar o prazo pactado, sen ningunha compensación para o arrendatario.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº42, ao apartado 2.b), de Adición.

Débese engadir ao remate do apartado 2.b) a seguinte expresión:
"ou ben devolver o monte veciñal á comunidade veciñal de montes en man común no mesmo estado no que lle foi entregado."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 19. *Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 12 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 12. *Perímetros de alto risco de incendio*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo no artigo 22.5 para as zonas de actuación prioritaria e urxente por existir unha situación obxectiva de grave risco para as persoas ou os bens nos casos de incumprimento por parte das persoas responsables das súas obrigas de xestión de biomasa vexetal, **poderanse** declarar perímetros de alto risco de incendios, con carácter non permanente, aqueles lugares nos que o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios forestais, mediante resolución da persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de prevención de incendios forestais, por proposta dos distritos forestais, a través dos servizos provinciais de prevención e defensa contra os incendios forestais.

2. A proposta conterá, ademais da descrición do perímetro, as medidas de xestión da biomasa que se terán que levar a cabo para a prevención de incendios forestais. Os traballos planificaranse preferentemente **en marxes de pistas e en áreas cortalumes**, actuando sobre a biomasa tanto por medios mecánicos como por queimas controladas.

3. **Publicarase no *Diario Oficial de Galicia,* no *Boletín Oficial del Estado e* no taboleiro de anuncios do concello no que estea radicado e comunicaráselle ao titular catastral** a resolución co perímetro de alto risco e os labores que deberán realizar os titulares dos predios ou dos seus dereitos de aproveitamento para diminuír o risco de incendios forestais.

4. Os titulares dos predios ou dos dereitos de aproveitamento nos que se teñen que realizar os traballos preventivos dispoñerán dun prazo de quince días para realizalos e, no caso de non facelo, a consellaría con competencias en materia de prevención de incendios poderá realizalos con cargo aos seus orzamentos, atendendo as dispoñibilidades orzamentarias.

5. A resolución da dirección xeral poderá ser recorrida ante a persoa titular da consellaría con competencias en materia de prevención de incendios forestais.»

Dous. Modifícase o artigo 16, que queda redactado como segue:

«Artigo 16. *Planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais:*

1. O planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais integrarase nos plans municipais de emerxencias, consonte o establecido na lexislación galega de emerxencias.

2. A estrutura dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais axustarase ás directrices que estableza a normativa aplicable en materia de emerxencias. En todo caso, incluirá a rexistro das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal e a definición das redes de faixas secundarias, así como a análise da propiedade destas redes de faixas. Poderán incluír ordenanzas de prevención de incendios concordantes co obxecto desta lei en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte.

3. A dirección xeral competente en materia forestal emitirá informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación.

4. **O ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas.**

5. A coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compétenlles aos alcaldes ou alcaldesas. A elaboración, execución e actualización deste planeamento ten carácter obrigatorio.»

Tres. Engádeselle un novo número 5 ao artigo 18, coa seguinte redacción:

«5. Decláranse de utilidade pública as infraestruturas e os equipamentos preventivos vinculados á defensa e loita contra os incendios forestais, para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a súa construción e instalación.

Para o recoñecemento concreto da utilidade pública das infraestruturas e dos equipamentos preventivos, a dirección xeral competente en materia de montes elaborará o proxecto de obras e/ou instalacións, acompañado da relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que se consideren de necesaria expropiación. O proxecto someterase a información pública e solicitaranse os informes sectoriais afectados pola infraestrutura ou equipamento. Concluída a tramitación, a declaración de utilidade pública será acordada pola persoa titular da consellaría competente en materia de montes, sen prexuízo da competencia do Consello da Xunta no caso de oposición por parte doutros organismos sectoriais.

A declaración de utilidade pública levará implícita a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos afectados e a imposición de servidumes de paso de enerxía ou outras necesarias para a execución do proxecto e permitirá iniciar o procedemento para a súa urxente ocupación para os efectos previstos na lexislación de expropiación forzosa.

Sen prexuízo do disposto no artigo 11.4 do texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, a realización de puntos de auga incluídos na rede de puntos de auga non requirirá título habilitante urbanístico e estará exenta do pagamento de taxas administrativas autonómicas."

Catro. Modifícase a letra c) do número 3 do artigo 20, que queda redactada como segue:

«c) Das instalacións de produción de enerxía eléctrica eólicas ou solares, liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, subestacións eléctricas, liñas de transporte e distribución de gas natural, estacións de regulación e medida de gas e depósitos de distribución de gas, e estacións de telecomunicacións.»

Cinco. Modifícase o artigo 20 *bis*, que queda redactado como segue:

«Artigo 20 *bis*. *Redes primarias de faixas de xestión de biomasa*

Nos espazos definidos como redes primarias de faixas de xestión de biomasa será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 *ter* desta lei:

a) Ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos ditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

b) Ao longo da rede ferroviaria deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Nesta faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

c**) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 200 metros de diámetro ao redor da posición de cada aeroxerador instalado.**

Nas liñas de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, sen prexuízo do necesario respecto das especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra

vexetación, deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde a proxección dos condutores eléctricos máis externos, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa sectorial vixente. Ademais, nunha faixa de 5 metros desde a estrema da infraestrutura non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica solares e nas subestacións eléctricas deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde o último elemento en tensión e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas. Ademais, na devandita faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Se nas subestacións eléctricas existen edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil, ás devanditas edificacións seralles aplicable o disposto no artigo 21 para as edificacións ou vivendas illadas.

A xestión da biomasa incluirá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 *ter*, sen prexuízo da facultade do propietario do terreo afectado de proceder á súa retirada. Para estes efectos, a persoa responsable deberá remitir ao taboleiro de edictos do concello un anuncio, con quince días de antelación ás operacións de xestión da biomasa, para os efectos de que os propietarios dos terreos poidan executalas previamente, no caso de estaren interesados. Transcorrido o devandito prazo, a persoa responsable estará obrigada á realización da xestión da biomasa.

d) Nas conducións de transporte do gas natural deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 1 metro e medio a cada lado do seu eixe.

e) Nas estacións de telecomunicacións deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde as infraestruturas de telecomunicación e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas. Ademais, na devandita faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Nas estacións de telecomunicacións, de existiren edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil, ás devanditas edificacións seralles aplicable o disposto no artigo 21 para as edificacións ou vivendas illadas.

No caso das estacións de regulación e medida de gas e depósitos de distribución de gas, deberá xestionarse a biomasa tendo en conta a regulamentación derivada da súa normativa específica, sendo en todo caso, como mínimo, unha faixa de 5

metros desde as infraestruturas e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas.»

Seis. Modifícanse as letras a), b) e c) do número 1 do artigo 21, que quedan redactadas como segue:

«a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.

b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

c) Arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.»

Sete. Modifícase o número 2 do artigo 21 *ter*, que queda redactado como segue:

«2. No caso das edificacións ou instalacións destinadas ás persoas rematadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nelas, a responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderalle á persoa propietaria dos terreos edificados, que dispoñerá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida, ata que transcorra o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Este acceso levarase a cabo durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para a persoa beneficiaria.

A retirada de especies arbóreas será realizada polas persoas propietarias delas.

O cumprimento das obrigas ás que se refire este número, e mentres non transcorra o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, enténdese sen prexuízo do dereito das persoas titulares do dereito de aproveitamento dos terreos gravados pola servidume de paso forzosa ou das persoas propietarias das árbores retiradas a reclamar da persoa propietaria dos terreos edificados, na vía xurisdicional que corresponda, a correspondente indemnización polos danos e perdas sufridos, incluído o lucro cesante.

Transcorrido o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderalle á persoa responsable que se establece **no número 1 deste artigo.»**

Sete *bis*. Modifícase o número 3 do artigo 22, que queda redactado como segue:

"3. Cando non poida determinarse a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas ou resulte infrutuosa a notificación da comunicación á que se refire o número anterior, esta efectuarase mediante un anuncio no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*, no que se incluirán os datos catastrais da parcela. Nestes supostos o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

A publicación no *Diario Oficial de Galicia* no suposto previsto no parágrafo anterior non supoñerá ningún custo para as entidades locais, sen que poida aplicarse ningunha taxa pola devandita publicación."

Oito. Modifícase o artigo 23, que queda redactado como segue:
«Artigo 23. *Novas edificacións en terreos forestais e zonas de influencia forestal e medidas de prevención de incendios forestais nas novas urbanizacións*
1. Os instrumentos de planeamento urbanístico deberán ter en conta a avaliación de risco de incendio forestal, no que respecta á zonificación do territorio e ás zonas de alto risco de incendio que constan nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito.
2. As novas instalacións que se constrúan de acordo coas disposicións que se establezan na súa normativa específica para a construción que lle servirán de base para obter o correspondente título habilitante municipal destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos resultantes da execución de plans de ordenación urbanística que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, e que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal, terán que cumprir co disposto no artigo 21.
3. A responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderalle á persoa propietaria dos terreos edificados, que dispoñerá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida. Este acceso levarase a cabo durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para a persoa beneficiaria.
A retirada de especies arbóreas será realizada polas persoas propietarias delas.

O cumprimento das obrigas ás que se refire este número enténdese sen prexuízo do dereito das persoas titulares do dereito de aproveitamento dos terreos gravados pola servidume de paso forzosa ou das persoas propietarias das árbores retiradas a reclamar da persoa propietaria dos terreos edificados, na vía xurisdicional que corresponda, a correspondente indemnización polos danos e perdas sufridos, incluído o lucro cesante.

4. No caso de urbanizacións e edificacións para uso industrial, deberán dispoñer de xeito perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente na normativa específica para a construción.

5. **Os promotores e promotoras de novas edificacións deberán presentar ante a Administración municipal un proxecto técnico** de prevención e defensa contra incendios forestais que garanta o cumprimento do que establece esta lei e a normativa que a desenvolva, así como o cumprimento do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, se é o caso.

6. No caso de incumprimento da xestión da biomasa vexetal, corresponderalle ao concello a súa realización, acudindo á execución subsidiaria de acordo co establecido no artigo 22, sen prexuízo da instrución do correspondente expediente sancionador.»

Nove. Modifícase o número 1 do artigo 39, que queda redactado como segue:

«1. Durante a época de perigo alto, nos traballos e outras actividades que se leven a cabo en todos os terreos forestais e zonas de influencia forestal é obrigatorio que os tractores, máquinas e vehículos de transporte pesados que se van utilizar estean provistos de equipamento para a extinción de incendios.»

Dez. Modifícase o artigo 45, que queda redactado como segue:

«Artigo 45. *Vixilancia e detección*

1. A vixilancia dos terreos forestais e zonas de influencia forestal contribúe á redución do número de incendios forestais, identificando potenciais axentes causantes e disuadindo comportamentos que propicien a existencia de incendios forestais.

2. A detección ten como obxectivo a identificación inmediata e a localización precisa dos incendios forestais e a súa comunicación rápida ás entidades responsables da extinción.

3. A vixilancia e detección de incendios forestais pode ser realizada por:

a) Calquera persoa que detecte un incendio forestal, que está obrigada a alertar de inmediato as entidades competentes.
b) A rede de puntos de vixilancia, dependente dos servizos de defensa contra incendios forestais, que asegura en todo o territorio de Galicia as funcións de detección fixa de incendios forestais.
c) A rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.
d) A rede de vixilancia móbil, dependente dos servizos de defensa contra incendios forestais.
e) Medios aéreos.
f) Medios das distintas administracións públicas que se establezan a través dos instrumentos de colaboración e cooperación institucional, as agrupacións de defensa contra incendios e o voluntariado social.»
Once. O título do artigo 46 pasa a ser «A rede de puntos de vixilancia.»
Doce. Engádese un novo artigo 46 *bis*, coa seguinte redacción:
«Artigo 46 *bis*. *A rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia*
1. De acordo coa Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, en canto determina o carácter estratéxico para o desenvolvemento económico de Galicia dos recursos forestais galegos e o interese público na conservación das masas forestais, e co disposto nesta lei, tendo en conta a súa finalidade de protexer as persoas e os bens afectados polos incendios forestais, e como instrumento de apoio das redes de vixilancia e detección de incendios forestais que compoñen as redes de defensa contra os incendios forestais de distrito forestal, a Administración autonómica poñerá en marcha a rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.
2. A rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia incluirá a instalación de sistemas tecnolóxicos de detección de incendios mediante cámaras ópticas nos puntos do monte galego que se determinen, coa finalidade de facilitar as tarefas de vixilancia forestal do monte galego e detección temperá de incendios, así como, no caso de se detectaren lumes, permitir a visualización en directo e o seguimento do avance, condicións e evolución destes a través de medios dixitais e imaxes xeoposicionadas, todo isto como mecanismo de apoio á toma de decisións óptimas polas autoridades e persoal técnico competentes para a mobilización e xestión de medios e asignación e coordinación de recursos para a extinción.
3. A instalación dos sistemas de vixilancia realizarase con preferencia en torres de telecomunicacións e infraestruturas de titularidade da Administración autonómica ou do seu sector público, e priorizando os puntos que permitan a vixilancia forestal das parroquias de alta actividade incendiaria e zonas

de alto risco definidas no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, todo isto sen prexuízo dos medios persoais e materiais xa existentes de vixilancia.

4. A rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia poderá ir incorporando as diferentes innovacións tecnolóxicas que permita en cada momento a evolución do estado da ciencia e da técnica, como capacidade de visión nocturna e imaxes térmicas, co obxecto de ir mellorando a súa efectividade e eficiencia.

5. A operación da rede corresponderá á consellaría competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais e o mantemento técnico á entidade do sector público competente en materia de modernización tecnolóxica de Galicia.

6. Na implantación do proxecto adoptaranse todas as medidas técnicas, organizativas e de seguridade que sexan necesarias para asegurar a privacidade e o cumprimento da normativa sobre protección de datos, na medida en que poidan captarse incidentalmente imaxes de persoas identificables. Para estes efectos, establécese como responsable do dito tratamento a consellaría competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

No marco aludido, aprobaranse medidas como o establecemento de protocolos de uso do sistema por parte do persoal técnico competente, rexistros de accesos da manipulación das cámaras, mecanismos técnicos de encriptación para a conservación das imaxes, limitación de prazos de conservación antes da súa destrución e todas aqueloutras medidas que sexan precisas para o cumprimento das normas sinaladas.

Así mesmo, as imaxes poderán ser postas á disposición da autoridade xudicial e das forzas e corpos de seguridade do Estado nos supostos previstos na normativa aplicable.»

Trece. Modifícase o número 2 da disposición adicional terceira, que queda redactado como segue:

«2. En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas no número anterior en calquera clase de terreos incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa no caso de se tratar de árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou que se localicen en zonas recreativas (sempre que se manteña unha descontinuidade horizontal e vertical do combustible) ou se atopen illadas e non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais.»

Catorce. Engádese un número 3 na disposición adicional terceira, coa seguinte redacción:

«3. Non lles serán aplicables as obrigas da xestión da biomasa establecidas nesta lei ás frondosas non incluídas na listaxe do número 1.»

Quince. A disposición adicional sexta queda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Informes sectoriais por cambio de uso*

Os informes sectoriais dos servizos competentes en materia de incendios forestais solicitados por cambios de usos dos montes comprobarán exclusivamente se a zona forestal na que se propón o cambio de uso foi afectada por incendios forestais.»

Dezaseis. Engádese unha disposición transitoria quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria quinta. *Xestión da biomasa en solos non urbanizados*

A xestión da biomasa existente nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal da rede secundaria de faixas na contorna do solo urbanizable non será preceptiva ata que se desenvolva ese ámbito a través dun plan parcial e se aprobe definitivamente o proxecto de urbanización correspondente.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº9, ao apartado Dous, de Supresión.

Suprímese o apartado Dous do artigo 19.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº44, ao apartado Tres.5, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Tres.5

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº10, ao apartado Cinco, de Supresión.

Suprímese o apartado Cinco do artigo 19.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº45, ao apartado Seis, de Supresión.

Débese suprimir o texto do apartado Seis.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº46, ao apartado Sete.2, de Adición.

Débese engadir no segundo parágrafo do punto 2 o seguinte texto:
"A retirada de especies arbóreas sinaladas na disposición adicional terceira da lei será realizada polas persoas propietarias delas."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº47, ao apartado Oito.3, de Substitución.

Débese substituir o texto do segundo parágrafo do punto 3 polo seguinte:
"A retirada de especies arbóreas sinaladas na disposición adicional terceira da lei será realizada polas persoas propietarias delas."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº48, ao apartado Oito.6, de Substitución.

Débese substituír o texto do punto 6 polo seguinte:
"No caso de incumprimento da xestión da biomasa vexetal, corresponderalle á Consellería do Medio Rural a súa realización, acudindo á execución subsidiaria de acordo co establecido no artigo 22, sen prexuízo da instrución do correspondente expediente sancionador."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº49, ao apartado Nove, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Nove.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº50, ao apartado Dez.3, de Substitución.

Débese substituír o texto do punto 3 polo seguinte:
"A vixilancia e detección de incendios forestais pode ser realizada por:
a) A rede de puntos de vixilancia, dependente dos servizos de defensa contra incendios forestais, que asegura en todo o territorio de Galicia as funcións de detección fixa de incendios forestais.
b) A rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.
c) A rede de vixilancia móbil, dependente dos servizos de defensa contra incendios
forestais.
d) Medios aéreos.

e) Medios das distintas administracións públicas que se establezan a través dos instrumentos
de colaboración e cooperación institucional, as agrupacións de defensa contra incendios e o voluntariado social.
f) Calquera persoa que detecte un incendio forestal, que está obrigada a alertar de inmediato as entidades competentes."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº51, ao apartado Doce.7, de Adición.

Débese engadir un punto 7 co seguinte texto:
"7. Esta rede de vixilancia en ningún caso substituirá as existentes chamadas casetas de vixilancia, que en todo momento na época de máximo risco estarán operativas ao 100 % durante as vinte e catro horas do día e atendidas por persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº52, ao apartado Dezaseis, de Supresión.

Débese suprimir este apartado.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº11, ao apartado Dezaseis, de Supresión.

Suprímese o apartado Dezaseis do artigo 19.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 20. *Modificación da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras*

A Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, queda modificada como segue:

Un. Suprímese o número 3 do artigo 22 e dáselle nova redacción ao número 2 do dito artigo, nos termos seguintes:

«2. Terán dereito a se subrogar no contrato de cesión e na orde que se establece, no suposto de morte, imposibilidade física, incapacidade temporal ou permanente, xubilación, cesamento na actividade agraria ou incorporación dunha persoa como titular á explotación agraria, sobrevida da persoa beneficiaria da cesión cando non for posible continuar a cesión nos termos pactados ou previstos nesta lei:

a) O cónxuxe non separado legalmente ou de feito ou a persoa que estea convivindo con el, cunha relación de afectividade análoga á conxugal, no momento no que se produza o feito, neste último caso sempre e cando se cumpran os requisitos previstos na disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

b) Os fillos e os descendentes, sen prexuízo da posible substitución nos casos dos premortos ou das renuncias, que teñan dedicación directa e persoal á explotación, con preferencia, de seren varios, do elixido por el ou, na súa falta, por elección maioritaria entre eles e, na súa falta, polo de maior idade.

c) Os fillos e os descendentes do cónxuxe ou da persoa que conviva co cesionario, nas mesmas condicións da letra anterior.

d) As persoas traballadoras da explotación, por orde de antigüidade e maior idade.

e) Calquera persoa física adquirinte da explotación.

Se se dá calquera dos supostos previstos, será necesaria a notificación á entidade xestora, coa correspondente achega documental.

A persoa que pretenda subrogarse na cesión deberá ter ou estar en situación de ter as condicións determinantes da cesión, e subrogarase no seu título, coas mesmas condicións, dereitos e obrigas, logo da autorización da entidade xestora.

O pagamento da renda non aboada durante o período de realización da subrogación corresponderalle á persoa que se subrogue na cesión.»

Dous. Engádese un artigo 47 *bis*, coa seguinte redacción:

Artigo 47 *bis*. *Proxectos de mobilización de terras*

1. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por proposta da persoa titular da dirección xeral da dita Axencia, poderá identificar e declarar zonas de actuación para a aplicación de proxectos de mobilización de terras, que virán definidas por un perímetro de actuación integral que poderá conter terreos que non se integren no proxecto por estaren xa en explotación.
2. Os proxectos de mobilización de terras estarán dirixidos á posta en valor e á recuperación produtiva de zonas maioritariamente abandonadas, cunha superficie igual ou superior a 10 hectáreas. Mediante proposta razoada da persoa titular da dirección xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, poderase establecer unha superficie inferior a 10 hectáreas, sen que, en ningún caso, a superficie poida ser inferior a 3 hectáreas.
3. En calquera caso, os usos permitidos no proxecto de mobilización de terras serán coherentes coa clasificación de usos do solo de cada predio ao inicio do proxecto, e poderase, de ser o caso, proceder ao cambio de uso cando a normativa sectorial o permita.
4. A xestión destes proxectos realizaraa a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, mediante a incorporación ao Banco de Terras dos predios incluídos no perímetro identificado e a súa inmediata cesión a empresas agrarias, asociacións de produtores ou explotacións individuais mediante a figura da cesión pactada de mutuo acordo entre a persoa titular do predio e a terceira persoa interesada na cesión recollida no artigo 18.2 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras. Nos casos particulares nos que formen parte do proxecto bosques situados sobre terreos comunais, o procedemento levarase a cabo do mesmo xeito pero sen mediar incorporación ao Banco de Terras de Galicia.
5. A incorporación de predios aos proxectos terá carácter voluntario, ben que a persoa titular que non queira integrar neles os predios da súa titularidade incluídos no perímetro identificado segundo o número 1 deberá mantelos en explotación consonte as boas prácticas agroforestais. Se a persoa titular non pon en valor os predios consonte as ditas prácticas no prazo que se lle outorgue para o efecto, iniciarase o procedemento establecido nos artigos 30 e seguintes, para os efectos de declarar o predio abandonado, acordar a súa integración no Banco de Terras de Galicia e incorporalo ao proxecto de mobilización de terras, nas mesmas condicións de incorporación que os restantes predios que conforman o proxecto.

6. Os predios que, estando incluídos nos perímetros sinalados no número 1, se atopen en proceso de investigación da titularidade ou respecto dos que resulte imposible identificar a persoa propietaria, ou que pertenzan *pro indiviso* a varias persoas entre as que non exista acordo sobre o destino que se lles deba dar a estes, ou estean declarados como de propietario descoñecido, integraranse cautelarmente no respectivo proxecto de mobilización de terras, respectando en todo caso os dereitos das persoas titulares.
7. A execución das obras necesarias para levar a cabo estes proxectos farase de acordo co establecido no artigo 24.1, incluíndo os casos das áreas de bosque aos que se fai referencia no número 3, e non requirirán de título habilitante urbanístico."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº53, de Supresión.

Débese suprimir a totalidade do artigo.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 21. *Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*
A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádeselle un novo número 39 ao artigo 8, coa seguinte redacción:
"39. Silvicultor activo: persoas propietarias individuais, comunidades de montes, sociedades de propietarios forestais e xestores forestais, calquera que sexa a súa forma xurídica, que realicen operacións de coidado e de tratamento das masas forestais da súa titularidade ou dispoñibilidade individual ou colectiva, con criterios de xestión forestal sustentable."

Un *bis*. Engádese unha letra j) no número 2 do artigo 44, coa seguinte redacción:
«j) No caso de propiedades forestais enclavadas ou lindeiras cun monte veciñal en man común deslindado e que conte cun plan de xestión aprobado, manter unha axeitada xestión forestal, cando menos mediante a adhesión a un modelo silvícola que se materialice no terreo por un nivel de xestión silvícola equiparable ao do monte veciñal. Se o incumprimento deste deber supón un risco para o monte veciñal, en canto á propagación de incendios forestais ou no relativo á sanidade vexetal, poderase iniciar un procedemento de declaración da parcela en situación de abandono. Esta declaración habilitará a Administración forestal para a execución subsidiaria das actuacións necesarias para a eliminación dos riscos, sen prexuízo da súa repercusión ao titular da parcela ou ao titular do seu aproveitamento se é o caso.»
Dous. Engádeselle un número 4 ao artigo 59, coa seguinte redacción:
«4. Tamén con carácter singular, de forma excepcional, cando concorran razóns de interese público derivadas de necesidades de ordenación e xestión sostible do territorio, o Consello da Xunta, mediante acordo motivado, poderá autorizar a tramitación de cambios de uso forestal, exceptuando o cumprimento do disposto no número anterior.»
Tres. Modifícase o artigo 61 como segue:
«Artigo 61. *Cambio de actividade agrícola a forestal*
Soamente os terreos rústicos de uso agrícola que leven máis de dez anos en estado de manifesto abandono e que

posteriormente se adscribisen ao Banco de Terras de Galicia consonte os prezos de arrendamento de referencia oficiais no devandito Banco para esa zona, por un período de polo menos dous anos, poderanse forestar, logo de llo comunicar á Administración forestal, cando cumpran algún dos seguintes supostos:
a) Que estremen con terreos forestais, cando se utilicen frondosas caducifolias.
b) Que constitúan enclaves de ata 5 hectáreas en superficie arborada, utilizando frondosas caducifolias.»
Catro. Modifícase o número 4 do artigo 67, que queda redactado como segue:
«4. Quedan prohibidas as reforestacións e as novas plantacións intercaladas co xénero *Eucalyptus* naquelas superficies poboadas por especies do anexo I, incluso con posterioridade ao seu aproveitamento ou á súa afectación por un incendio forestal. Esta prohibición non será aplicable nos casos de rexeneración posterior á plantación ou rexeneración, en piso inferior ou sotobosque, de especies do anexo 1.
En masas consolidadas de frondosas a prohibición anterior esténdese igualmente ás reforestacións e ás novas plantacións intercaladas co xénero *Pinus.*»

Catro *bis*. Engádeselle un número 4 *bis* ao artigo 67, coa seguinte redacción:
"4 *bis*. Quedan prohibidas as novas plantacións co xénero *Eucalyptus* nos montes de utilidade pública e nos montes de xestión pública."

Cinco. O número 2 do artigo 68 *bis* queda redactado como segue:
«2. No caso de incumprimento dos réximes de distancias mínimas aos que se refire o número anterior, a administración pública competente, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviaralle á persoa que resulte responsable, consonte o artigo 140, unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de retirada do arboredo afectado e se lle concederá para facelo un prazo máximo de tres meses, contado desde a recepción da comunicación. Esta incluirá a advertencia de que, no caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito prazo, se poderá proceder á execución subsidiaria á custa do obrigado e se poderá acordar a incoación do procedemento sancionador que corresponda e a medida cautelar de comiso dos produtos procedentes da corta de especies arbóreas, se for o caso.»

Seis. O número 4 do artigo 68 *bis* queda redactado como segue:
"4. No suposto de distancias mínimas a vías de comunicación e cursos fluviais, a comunicación prevista neste artigo poderá formularse de maneira conxunta para todas as persoas responsables nun mesmo tramo que sexan descoñecidas ou respecto das cales se ignore o lugar de notificación, mediante a publicación dun anuncio no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia* no que se incluirá unha relación cos datos catastrais das parcelas afectadas. O prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no *Boletín Oficial del Estado*."

Sete. Engádeselle un número 3 ao artigo 74, coa seguinte redacción:
«3. Os plans de ordenación dos recursos forestais, no seu ámbito territorial de aplicación, poderán establecer limitacións ou prohibicións de plantación de determinadas especies forestais.»
Oito. Modifícase o número 1 do artigo 92, coa seguinte redacción:
«1. As persoas propietarias de montes ou terreos forestais privados que desexen realizar neles aproveitamentos de madeira ou leña terán que solicitar autorización do órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio nos seguintes casos:
a) Cando os montes ou terreos forestais estean poboados con especies do anexo I.
b) Cando os montes ou terreos forestais formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección.
c) Cando os montes ou terreos forestais estean afectados por algunha lexislación de protección do dominio público.
Cando se trate de aproveitamentos de madeira ou leña queimada susceptible de uso comercial, deberá facerse constar no formulario da solicitude.
Exceptúanse da necesidade de autorización os aproveitamentos en montes ordenados, consonte o establecido no número 3 do artigo 81, e os supostos recollidos no número 3 do artigo 92 *bis.*»
Nove. Modifícase o número 2 do artigo 92 *bis*, coa seguinte redacción:
«2. Fóra dos casos previstos no número anterior, os donos de predios poderán realizar aproveitamentos de masas forestais poboadas das especies que non estean incluídas no anexo I e que non estean nos supostos enunciados nas letras b) e c) do

número 1 do artigo 92, así como executar cortas a feito, rareos ou entresacas, presentando ao órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio, con carácter previo ao seu inicio, unha declaración responsable de que non concorren as circunstancias que fan precisa autorización administrativa de acordo co establecido nesta lei. Cando se trate de aproveitamentos de madeira ou leña queimada susceptible de uso comercial, deberá facerse constar no formulario da declaración responsable.»

Dez. Engádese un número 6 no artigo 92 *bis*, coa seguinte redacción:

«6. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable, a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou a non presentación da documentación que sexa requirida se é o caso para acreditar o cumprimento do declarado determinarán a imposibilidade de continuar co aproveitamento desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houber lugar. Así mesmo, a resolución que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao comezo da actividade, así como a imposibilidade de instar novos procedementos para a realización de aproveitamentos madeireiros e leñosos en montes de xestión privada mediante declaración responsable durante un período dun ano.»

Once. O artigo 93 queda redactado como segue:

«Artigo 93. *Aproveitamentos en masas consolidadas de frondosas autóctonas*

1. A Administración forestal rexistrará aquelas masas de frondosas do anexo I cunha superficie en couto redondo de polo menos 15 hectáreas e cunha idade media de polo menos vinte anos.

2. Co obxecto de asegurar a conservación destas masas, a súa xestión e aproveitamento sostible están supeditados ao mantemento dunha cuberta arbórea dominada por especies de frondosas do anexo I, así como a contar co instrumento de ordenación ou xestión forestal que corresponda conforme o que se establece no artigo 79.

3. A Administración forestal promoverá e fomentará a agrupación dos propietarios forestais das masas obxecto deste artigo, co fin de facilitar a planificación e a execución da súa axeitada xestión.»

Doce. O número 3 do artigo 94 queda redactado como segue:

«3. O prazo máximo para a realización dun aproveitamento será de doce meses, contados desde a data da notificación da

autorización ou desde a data en que se considere outorgada esta por silencio administrativo, ou ben desde a data da presentación da declaración responsable, segundo o caso. Unha vez realizada a corta, a extracción ou a trituración da biomasa forestal residual realizarase nun prazo máximo de quince días se o aproveitamento se realiza en época de alto risco de incendios ou dun mes no resto do ano.»

Trece. O número 6 do artigo 94 queda coa seguinte redacción:

«6. A Administración forestal simplificará os procedementos administrativos de autorización e a presentación de **declaracións responsables, regulando mediante orde da consellaría competente en materia de montes** a presentación compartida para diferentes persoas titulares de montes particulares de solicitudes de autorización e declaracións responsables.»

Catorce. Modifícanse os números 7 e 8 do artigo 94, coa seguinte redacción:

7. A presentación da declaración responsable habilita desde o momento da dita presentación para a realización do aproveitamento forestal obxecto daquela, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas a Administración forestal e as demais administracións públicas competentes. Nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, regulamentariamente, a fin de garantir o exercicio destas facultades, o Consello da Xunta poderá establecer a obriga da presentación de declaracións responsables polas diferentes persoas físicas titulares de montes privados unicamente por medios electrónicos nos correspondentes formularios normalizados.

8. Nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, regulamentariamente o Consello da Xunta poderá establecer a obriga da presentación das comunicacións reguladas no número 5 deste artigo e das solicitudes de autorización unicamente por medios electrónicos, a través dos correspondentes formularios normalizados, de uso obrigatorio polos interesados, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.”

Catorce *bis*. Engádeselle unha nova letra i) ao número 2 do artigo 121, coa seguinte redacción:

"i) Os silvicultores inscritos no Rexistro voluntario de silvicultores activos.”

Quince. O número 1 do artigo 122 queda coa seguinte redacción:
«1. Para os efectos desta lei, serán consideradas como sociedades de fomento forestal aquelas agrupacións que asocian propietarios de predios forestais ou, de ser o caso, persoas titulares de dereitos de uso de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal que ceden estes dereitos á sociedade para a súa explotación e xestión conxunta por un prazo non inferior a vinte anos ou que realizan as facultades propias do uso e ordenado aproveitamento das superficies forestais da súa propiedade. Para mellorar a sostibilidade das agrupacións, tamén poderán incluírse na agrupación propietarios ou titulares de dereitos de uso de parcelas non forestais, nas mesmas condicións que o resto de socios propietarios ou titulares de dereitos de uso.»

Dezaseis. Engádeselle un número 4 ao artigo 122, coa seguinte redacción:
"4. As persoas titulares de parcelas forestais ou de dereito de uso das parcelas enclavadas ou situadas entre predios explotados e xestionados por unha sociedade de fomento forestal quedan obrigadas a manter unha axeitada xestión forestal da súa propiedade, cando menos mediante a adhesión a un modelo silvícola que alcance un nivel de xestión silvícola equiparable ao da sociedade de fomento forestal. De acordo co artigo 28 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, se o nivel de abandono da parcela é tal que supón un risco para os terreos lindeiros da sociedade de fomento forestal, en canto á propagación de incendios forestais ou no relativo á sanidade vexetal, poderase iniciar un procedemento de declaración da parcela en situación de abandono. Esta declaración habilitará a Administración forestal para a execución subsidiaria das actuacións necesarias para a eliminación dos riscos, sen prexuízo da súa repercusión ao titular da parcela ou ao titular do seu aproveitamento se é o caso."

Dezaseis *bis*. Modifícase a letra n) e engádese unha letra ñ) no número 1 do artigo 126, que quedan coa seguinte redacción:
"n) Rexistro voluntario de silvicultores activos, ao que poderán acceder os silvicultores que cumpran os seguintes requisitos: que os terreos propios ou xestionados polo silvicultor dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal aprobado ou estean adheridos a referentes de boas prácticas e modelos

silvícolas ou de xestión forestal orientativos, que dispoñan de certificación forestal por algún dos sistemas recoñecidos, que poidan xustificar a propiedade ou a dispoñibilidade dos terreos e que acrediten que realizan unha actividade económica ligada á explotación do monte.
ñ) Calquera outro que se determine regulamentariamente."

Dezasete. A disposición transitoria sexta queda redactada como segue:
«Disposición transitoria sexta. *Disposición de instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio*
1. Os montes ou terreos forestais deberán dispoñer dun instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio e vixente, como máximo, nos prazos que a seguir se indican:
a) O 31 de decembro de 2020, os montes cuxo couto redondo de maior tamaño sexa inferior ou igual a 15 hectáreas.
b) O 31 de decembro de 2028, o resto de montes.
2. No caso de montes veciñais en man común sen deslindar, para determinar este prazo utilizarase a mellor información dispoñible no Rexistro de Montes Veciñais en man Común para avaliar o tamaño dos coutos redondos.
3. Ata o vencemento dos prazos establecidos no número 1 nos montes ou terreos forestais que non dispoñan do instrumento de ordenación ou de xestión forestal obrigatorio que preceptúa a normativa vixente, as solicitudes de autorización de corta, e as declaracións responsables se é o caso, en superficies de aproveitamento superiores a 1 hectárea para masas con especie principal incluída no anexo 1 ou de máis de 15 hectáreas para as outras masas deberán incluír un plan de cortas, asinado por técnico competente en materia forestal, onde se xustificará a necesidade ou a oportunidade do aproveitamento, así como a súa localización planimétrica, a superficie obxecto do aproveitamento, o número de pés, o volume por especie afectada e a taxación correspondente. Este plan deberá ser aprobado pola propiedade forestal ou polo titular dos dereitos de aproveitamento, sendo preciso para os montes veciñais en man común o acordo da asemblea xeral da comunidade de montes.
4. Pasados os prazos establecidos no número 1, quedan prohibidos os aproveitamentos comerciais de madeira naqueles montes que non dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal en vigor. Exceptúanse desta prohibición os aproveitamentos de obrigada execución, os de madeira queimada e as cortas sanitarias.
5. Pasados os prazos establecidos no número 1, quedan prohibidos os aproveitamentos de pastos naqueles montes que non dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión

forestal en vigor ou se regule este aproveitamento mediante un plan de aproveitamento silvopastoril, que se deberá comunicar á Administración forestal. Este plan de aproveitamento silvopastoril incluirá, como mínimo, a localización e extensión da zona dedicada ao pastoreo, a carga gandeira admisible, o período de duración, as actuacións planificadas, os responsables dos aproveitamentos e as características do gando. Este plan deberá ser aprobado pola propiedade forestal ou polo titular dos dereitos de aproveitamento, sendo preciso para os montes veciñais en man común o acordo da asemblea xeral da comunidade veciñal.

6. Os plans de aproveitamento silvopastoril inscribiranse no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo, de acordo co establecido no artigo 86.2, ata que se dispoña dun instrumento de ordenación ou xestión forestal en vigor, momento no cal causará baixa no devandito Rexistro.»

Dezaoito. Modifícase o número 3 da disposición transitoria décima, que queda redactado como segue:

«3. As repoboacións e rexenerados de especies non incluídas no anexo I existentes o 1 de xaneiro de 2019 teñen un prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor dela para adecuarse ás novas distancias.»

Dezanove. Engádese unha disposición transitoria décimo sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo sexta. *Aproveitamentos polos propietarios en montes que conten cun convenio asinado coa Administración forestal*

Ata a entrada en vigor do novo contrato de xestión pública, que deberá prever o procedemento de alleamento de madeira nos montes de xestión pública, no caso de que un incendio ou unha catástrofe natural afectase o arboredo dos montes de xestión pública xerando a necesidade de cortar un volume excepcional de madeira nun curto período incompatible cos prazos necesarios para o seu alleamento pola Administración, co fin de axilizar o procedemento de retirada da madeira e previr problemas fitosanitarios ou de perda do valor da madeira, mediante resolución motivada da xefatura territorial correspondente competente en materia forestal na que se sitúe o monte afectado, poderá autorizarse o alleamento directo da madeira polos propietarios. A resolución deberá ser motivada, xustificar a excepcionalidade do episodio causante do dano ás masas forestais e conter as condicións que garantan o cumprimento das porcentaxes de reinvestimento que correspondan.»

Vinte. Modifícase o anexo II, que queda como segue:

“Anexo II

Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais:
a) Con parcelas forestais: 2 metros.
b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria: 5 metros para especies de frondosas incluídas no anexo I e 10 metros para o resto.
c) Con zonas dedicadas a terra de labranza, cultivo ou prados non clasificados de especial protección agropecuaria: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I e 10 metros no resto de especies.
d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou ferrocarril: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I e 10 metros no resto de especies.
e) Con pistas, asfaltadas ou non, de polo menos 5 metros de ancho e que conten con polo menos unha gabia: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco, contados desde o límite exterior dos movementos de terra da obra de construción dela.
f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica: 5 metros para todas as especies.
g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho: 5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I e 15 metros no resto de especies, contados desde o dominio público. Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental.
h) Con edificacións, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte ou fóra de solo urbano e de núcleo rural e con vivendas illadas en solo rústico independentemente da súa distancia ao monte: 15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I e 50 metros no resto de especies.
i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable: 2 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I e 50 metros no resto de especies.
j) Con cámpings, gasolineiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas conforme o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento: 15 metros para especies

de frondosas do anexo 1 e 50 metros para o resto de especies.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº54, ao apartado Dous, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Dous.

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº12, ao apartado Tres, de Supresión.

Suprímese o apartado Tres do artigo 21.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº55, ao apartado Tres, de Substitución.

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "dous anos" debe dicir: "catro anos"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº56, ao apartado Doce, de Substitución.

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "O prazo máximo para a realización dun aproveitamento será de doce meses," debe dicir:
"O prazo máximo para a realización dun aproveitamento será de seis meses,"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº57, ao apartado Catorce.8, de Substitución.

Débese substituír no punto 8 a seguinte expresión:
Onde di: "unicamente por vía telemática" debe dicir: "preferentemente por vía telemática"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº58, ao apartado Quince, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Quince.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº59, ao apartado Dezaseis, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Dezaseis.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº60, ao apartado Dezasete.1.a), de Modificación.

Débese substituir a seguinte expresión no punto 1.a)
Onde di: "O 31 de decembro de 2020..." debe dicir: "O 31 de decembro de 2021..."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº61, ao apartado Dezaoito, de Supresión.

Débese suprimir o apartado Dezaoito.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº62, ao apartado Vinte.c), de Substitución.

Débese substituir no punto c) a seguinte expresión:
Onde di: "2 metros..." debe dicir: "5 metros..."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº63, ao apartado Vinte.e), de Supresión.

Débese suprimir no punto e) a seguinte expresión:
"...e seis metros nos concellos declarados como de alto risco"

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 22. *Modificación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria*
A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria, queda modificada como segue:

Un. Engádese un artigo 6 *bis*, coa seguinte redacción:
"Artigo 6 *bis*. *Silencio administrativo*
Nas materias reguladas por esta lei, e sen prexuízo da obriga da Administración de ditar resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas por silencio administrativo as súas peticións en materia de reestruturación parcelaria se, chegado o prazo máximo para a súa resolución, esta non se ditase e notificase."

Dous. Engádese un número 6 no artigo 25, coa seguinte redacción:
«6. De non emitir o órgano competente en materia de montes o informe a que se fai referencia no número anterior, e sendo o levantamento topográfico e o deslindamento dun monte veciñal en man común que resulte das bases firmes da reordenación parcelaria posterior ao que figura no correspondente expediente da autoridade forestal, esta deberá incorporar ao dito expediente o citado levantamento e deslindamento das bases firmes.»
Tres. Modifícase o número 7 do artigo 29 nos seguintes termos:
«7. A dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá destinar para fins de interese xeral predios de substitución con cargo á masa común ata un máximo do 0,3 % da puntuación total das achegas da zona, por petición debidamente motivada do concello ou concellos e logo do informe favorable do servizo provincial competente e da entidade xestora do Banco de Terras. A persoa titular destes predios de substitución será o concello ou concellos onde se localicen.»
Catro. Engádeselle un número 4 ao artigo 31, coa seguinte redacción:
«4. A persoa titular da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, motivadamente, poderá alterar a proporción das deducións para infraestruturas rurais e para axuste técnico, a que se refiren os números 2 e 3, tanto á baixa como á alza, sempre e cando a dedución total non exceda o máximo do 9 % establecido no número 1 deste artigo; todo isto

sen prexuízo do incremento dun punto porcentual ao que se fai referencia nos ditos números 2 e 3.»

Cinco. O parágrafo terceiro do artigo 38 queda coa seguinte redacción:

«A declaración da firmeza do acordo de reestruturación parcelaria será comunicada ao concello ou concellos afectados e á consellaría competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, achegando o plan de aproveitamento de cultivos ou o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona, segundo o caso.

Esta declaración determinará por si soa a consideración do solo rústico afectado como de especial produtividade agrícola ou forestal, segundo o caso, para os efectos do disposto no artigo 34.2.a) e b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e, en consecuencia, a súa categorización directa como solo rústico de protección agropecuaria ou forestal, segundo corresponda, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do planeamento urbanístico.»

Seis. O número 1 do artigo 40 queda coa seguinte redacción:

«1. A inclusión no proceso de reestruturación parcelaria dun núcleo rural requirirá a solicitude previa e expresa, por parte do concello afectado, á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.»

Sete. Suprímese o número 2 do artigo 40.

Oito. Engádeselle un número 5 á disposición transitoria sexta, coa seguinte redacción:

«5. Levadas a cabo as actuacións establecidas nos números 1, 2 e 3 desta disposición, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de concentración e reestruturación parcelaria ditará a correspondente resolución na que manifestará, para os efectos previstos no artigo 9 da Lei hipotecaria, que se considera que existe correspondencia entre a representación gráfica e os datos alfanuméricos dos predios obxecto de inscrición por ser a diferenza de cabida, de existir, igual ou inferior ao 10 %.»

Nove. Engádese unha disposición transitoria sétima, coa seguinte redacción:

"Disposición transitoria sétima. *Instrumentos de ordenación de predios*

No caso de que o proceso de concentración parcelaria dunha zona acadase a fase procedemental de acordo, a partir da entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, e a dita zona non conte cun plan de aproveitamento de cultivos ou de ordenación de predios de especial vocación agraria, deberá dotarse dun dos anteditos instrumentos de

ordenación de predios no prazo dun ano, contado desde o 1 de xaneiro de 2019.”

Dez. Engádese unha disposición transitoria oitava, coa seguinte redacción:
"Disposición transitoria oitava. *Vinculacións dos planeamentos aos acordos de reordenación parcelaria*
Será aplicable o establecido no último parágrafo do artigo 38 aos procedementos de concentración parcelaria que, a partir da entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, acadasen a fase de acordo de concentración firme.”

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº13, de Supresión.

Suprímese o artigo 22.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 23. *Modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*

Engádese un número 9 na disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, coa seguinte redacción:

«9. Ata a entrada en vigor do novo contrato de xestión pública, que deberá prever regras para a contabilidade dos investimentos en obras e servizos realizados durante o contrato, os importes dos investimentos para a execución das actuacións de carácter preventivo de defensa contra incendios e das actuacións de recuperación do potencial forestal tras incendios forestais ou desastres e catástrofes naturais non computarán na contabilidade dos consorcios e convenios.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 24. *Medidas en materia de benestar animal nos animais de produción*

1. Nos casos de grave risco para a vida do animal por incumprimento da normativa de benestar e protección animal, cando este presente un sufrimento innecesario e se considere necesario para poñer fin ao seu padecemento, o órgano autonómico competente en materia de benestar animal poderá acordar mediante a oportuna resolución a súa eutanasia *in situ* ou o seu sacrificio en matadoiro.

2. Conforme o artigo 20 da Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, e o artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos casos de grave risco para a vida do animal, o órgano autonómico competente para iniciar ou instruír o procedemento sancionador, de oficio ou por instancia de parte, poderá adoptar, de forma motivada, medidas provisionais para poñer fin á situación de risco para o animal, antes da iniciación do procedemento sancionador. Entre outras medidas poderá adoptarse a consistente na incautación dos animais.

As ditas medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento sancionador, que deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción.

O disposto nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo das medidas provisionais que poidan ser adoptadas unha vez iniciado o procedemento administrativo sancionador polo órgano autonómico competente para resolver, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Entre outras medidas, poderá adoptarse a consistente na incautación de animais.

No caso de que a medida provisional adoptada sexa a incautación de animais, serán a cargo da persoa ou persoas contra as que se siga o procedemento sancionador os gastos derivados de tal medida.

3. Conforme o artigo 17 da Lei 32/2007, do 7 de novembro, o órgano autonómico competente para resolver o expediente sancionador poderá acordar, como sanción accesoria no caso de comisión de infraccións graves e moi graves, o comiso dos animais.

Na resolución na que se impoña como sanción accesoria o comiso deberá determinarse o destino definitivo do animal ou animais, con suxeición aos principios de benestar e protección

animal. Tendo en conta o anterior, o dito destino será preferentemente o seu alleamento nos termos previstos no número 4 ou a súa cesión gratuíta a entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades relacionadas co benestar e a protección animal, sempre que o estado físico ou sanitario dos animais ou a súa aptitude para o transporte o permitan. De ser o caso, en función do estado dos animais e cando os mencionados principios de benestar e protección animal o requiran, poderase acordar cando proceda a eutanasia *in situ* ou o sacrificio en matadoiro.

4. O alleamento de animais obxecto de comiso axustarase ás seguintes regras:

a) Os negocios xurídicos polos que se vendan os animais terán a consideración de privados.

b) A Administración poderá estipular as cláusulas e condicións precisas, sempre que non sexan contrarias ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración. En particular, poderán agruparse para a súa venda varios animais por razóns económicas e de eficiencia na actuación.

c) Será suficiente a formalización destes negocios xurídicos en documento administrativo.

d) A venda dos animais deberá ir precedida dunha valoración previa para determinar o seu valor de mercado.

e) O órgano competente para allear será a persoa titular da consellaría que tramitase o correspondente expediente sancionador.

f) O alleamento dos animais poderase realizar mediante poxa pública ou adxudicación directa. A forma ordinaria de alleamento será a poxa pública. Poderá acordarse a adxudicación directa cando se dean os supostos previstos no artigo 77 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, nos casos que sexan aplicables.

g) No non previsto nas regras anteriores haberá que aterse ao disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro.

5. Os ingresos procedentes das sancións de multa impostas pola Administración autonómica ao abeiro do réxime sancionador previsto na Lei 32/2007, do 7 de novembro, así como os importes resultantes do alleamento de animais comisados conforme o disposto neste precepto, pasarán a integrar un fondo cuxo destino será o de sufragar os gastos nos que incorra a Administración autonómica derivados da adopción de medidas provisionais en procedementos sancionadores en materia de benestar animal e do mantemento en axeitadas condicións tanto dos animais que sexan obxecto de comiso conforme o disposto no número 3

deste artigo como daqueles animais que, por decisión xudicial, estean baixo a custodia da Administración autonómica.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº64, ao apartado 1, de Substitución.

Débese substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:
"1. Nos casos de sufrimento grave e irremediable ou afección grave para a vida do animal por incumprimento da normativa de benestar e protección animal, o órgano autonómico competente en materia de benestar animal poderá acordar, mediante a oportuna resolución, a súa eutanasia *in situ* ou o seu sacrificio en matadoiro. Esta actuación será sempre prescrita e efectuada por un profesional veterinario e con métodos humanitarios."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº65, ao apartado 3, de Substitución.

Débese substituír o texto do apartado 3 polo seguinte:
"3. Conforme o artigo 17 da Lei 32/2007, do 7 de novembro, o órgano autonómico competente para resolver o expediente sancionador poderá acordar como sanción accesoria, no caso da comisión de infraccións graves e moi graves, o comiso dos animais. Na resolución na que se impoña como sanción accesoria o comiso deberá determinarse o destino definitivo do animal ou animais con suxeición aos principios de benestar e protección animal. O destino será preferentemente o seu alleamento nos termos previstos no número 4 ou a súa cesión gratuíta a entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades relacionadas co benestar e a protección animal, sempre que o estado físico e sanitario dos animais ou a súa actitude para o transporte o permita. Nos casos onde o estado dos animais implique un sufrimento grave e irremediable ou afección grave para a vida do animal, poderase acordar cando proceda a eutanasia *in situ* ou o sacrificio en matadoiro. Esta actuación será sempre prescrita e efectuada por un profesional veterinario e con métodos humanitarios."

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO VIII

Política social
Artigo 25. *Modificación do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta*
Modifícase o número 2 do artigo 3 do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta, que queda redactado como segue:
«2. Para obter a correspondente habilitación para a inscrición no Rexistro deberán reunirse os seguintes requisitos:
a) Estar en posesión de título oficial universitario ou de formación profesional superior e contar con formación específica para exercer a mediación, que se adquirirá mediante a realización dun ou varios cursos específicos impartidos por institucións debidamente acreditadas, que terán validez para o exercicio da actividade mediadora en calquera parte do territorio nacional.
b) Ter subscrito un seguro ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade civil derivada da súa actuación nos conflitos nos que interveña.
c) Ter desenvolvido, polo menos durante dous anos inmediatamente anteriores á solicitude de habilitación para a inscrición, actividades profesionais no campo psicosociofamiliar.
d) Estar en posesión das licenzas ou autorizacións pertinentes para o exercicio da súa actividade profesional e, se é o caso, inscrito no colexio profesional.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº66, ao apartado 2.b), de Substitución.

Débese substituír o punto 2.b) polo seguinte texto:
"b) Ter subscrito un seguro ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade civil derivada da súa actuación nos conflitos nos que interveña. Esta subscrición non será necesaria de ser empregado ao servizo das administracións públicas."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 25 bis).
Modificación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia

O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, queda modificado como segue:

Un. O número 1 da letra c) do número 2 do artigo 34 queda coa seguinte redacción:
"1. Subscribirase unha póliza de seguro de responsabilidade civil para a atención do servizo."

Dous. A letra e) do número 4 do artigo 35 queda coa seguinte redacción:
"e) O centro deberá subscribir una póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos da actividade."

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 26. *Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*
A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, queda modificada como segue:
Un. O número 3 do artigo 68 queda modificado como segue:
«3. Desenvolveranse regulamentariamente as condicións e os procedementos para a obtención, revogación, rehabilitación e suspensión das autorizacións, así como o réxime da declaración responsable ou comunicación previa segundo o previsto na normativa sectorial aplicable.
Os procedementos administrativos para a tramitación das diferentes autorizacións terán unha duración máxima de seis meses. Unha vez transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase resolución administrativa, as solicitudes entenderanse desestimadas por silencio administrativo nos procedementos relativos á obtención ou rehabilitación das diferentes autorizacións, e producirase a caducidade nos procedementos relativos á suspensión e revogación das autorizacións administrativas.»
Dous. A disposición derradeira terceira pasa a ter a seguinte redacción:
«Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa*
1. Facúltase a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta lei.
2. Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para que, por proposta da consellaría con competencias en materia de servizos sociais, desenvolva regulamentariamente os requisitos materiais de que deben dispoñer os centros que presten os servizos destinados a atención diúrna, diúrna ocupacional, residencial e residencial ocupacional destinados a persoas dependentes con discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista e enfermidade mental, así como o servizo de supervisión e apoios puntuais en equipamentos especiais, entendendo por tales requisitos aqueles referidos a localización e accesos, accesibilidade e espazos mínimos.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº67, ao apartado Un.3, de Substitución.

Débese substituír no segundo parágrafo do punto 3 a seguinte expresión:
Onde di: "...máxima de 6 meses" debe dicir: "máxima de tres meses"

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 27. *Modificación do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes*

O Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, queda modificado como segue:

Un. O artigo 9 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 9. *Funcións dos órganos de valoración e asesoramento da dependencia*

Serán funcións dos órganos de valoración e asesoramento da dependencia:

a) Revisar a información sanitaria, o informe social se é o caso e a restante documentación que conste no expediente ou calquera outra información complementaria e necesaria para os efectos de desenvolver a valoración.

b) Solicitar a documentación, os informes ou as probas complementarias necesarias para a valoración da situación de dependencia e o establecemento do Programa Individual de Atención.

c) Coordinar as actuacións dos distintos profesionais técnicos de valoración da situación da dependencia para garantir e unificar os criterios técnicos entre profesionais desta.

d) Revisar e aplicar un control de calidade ás valoracións da dependencia realizadas polos profesionais técnicos de valoración da Administración autonómica.

e) Codificar os diagnósticos que se detallen no ditame técnico de valoración.

f) Propoñer ditame sobre o grao de dependencia e, se é o caso, proposta do Programa Individual de Atención á persoa titular do departamento territorial da consellaría competente en materia de servizos sociais.

g) Emitir proposta técnica que motive a necesidade de proceder nos casos de emerxencia.

h) Asesorar o persoal técnico de valoración da situación de dependencia nos asuntos da súa competencia.

i) Emitir aqueles informes que lles sexan solicitados polas administracións públicas en materia de valoración da situación de dependencia, así como do Programa Individual de Atención.
j) Aqueloutras funcións que lles sexan atribuídas no ámbito do asesoramento e avaliación.»
Dous. O número 1 do artigo 27 queda coa seguinte redacción:
«1. O servizo ou órgano que determine a consellaría con competencia en materia de servizos sociais, unha vez completada a documentación, comunicaralle á persoa interesada o día, a franxa horaria e o lugar no que se realizará a valoración da situación de dependencia.»
Tres. O número 4 do artigo 44 queda redactado como segue:
«4. No caso de que a aplicación do previsto nos artigos 37 e 38 non permita determinar a prioridade no acceso a un recurso, o programa de asignación de recursos establecerá a prelación mediante a aplicación dos seguintes criterios de priorización:
a) O maior grao de dependencia.
b) A menor capacidade económica.
c) A situación sociofamiliar da persoa en situación de dependencia.
d) A non percepción doutra prestación ou servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia.
e) A data de presentación da solicitude da valoración da dependencia.
f) A idade da persoa en situación de dependencia.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 28. *Modificación do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia*

Engádeselle un número 3 ao artigo 33 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, coa seguinte redacción:

«3. O órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais poderá rehabilitar a autorización revogada en relación cun centro, programa ou servizo social, sempre e cando se acredite que desapareceron as causas que motivaron a súa revogación e que se vai seguir prestando a mesma actividade de servizos sociais para a que foi concedida a autorización.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº68, de Supresión.

Débese suprimir este artigo.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 29. *Modificación do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo*

No apartado III do anexo I do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dentro dos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, incorpóranse os seguintes servizos:

«010112 Servizos de supervisión e apoios puntuais
01011201 *Cohousing*
01060101 Unidades psicoxeriátricas»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº14, de Supresión.

Suprímese o artigo 29.

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 30. *Modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*
A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, queda modificada como segue:
Un. O número 3 do artigo 3 queda coa seguinte redacción:
«3. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, poderanse valorar como persoas en situación de risco de exclusión social e, en consecuencia, incorporarse ás prestacións económicas reguladas nesta lei e ao resto de medidas positivas de apoio aquelas persoas nas que concorran factores de exclusión sinalados no número 1 deste artigo que obteñan ingresos derivados da súa actividade laboral que sexan inferiores ao importe da suma do ingreso mínimo máis os complementos familiares que lles correspondería percibir en concepto de tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia, sempre e cando reúnan o resto dos requisitos establecidos nesta lei para o acceso ás prestacións económicas reguladas nela.»
Dous. Dáselle nova redacción á letra c) do número 5 do artigo 11, nos seguintes termos:
«c) Aquelas instalacións de centros ou comunidades terapéuticas debidamente autorizadas que acollan persoas que vivan nelas de xeito estable ou temporal, coa finalidade de acadar a súa integración, así como as vivendas tuteladas que acollan persoas con discapacidade ou con enfermidade mental.»
Tres. A letra b) do número 1 do artigo 48 queda coa seguinte redacción:
«b) Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual: destinaranse á adecuación da vivenda, así como a mellorar a súa accesibilidade universal, co fin de adaptala ás circunstancias da persoa usuaria, dentro dos límites e condicións de idoneidade que se establezan regulamentariamente, en coordinación coas medidas sectoriais da consellaría competente en materia de vivenda.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº35, ao apartado Un, de Supresión.

Debe suprimirse

_____

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO IX

Economía, emprego e industria

Artigo 30 bis).
Modificación da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia
Modifícase o artigo 7 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, coa seguinte redacción:
"Artigo 7. *Composición e designación*
1. O Consello componse dos trinta e sete membros seguintes:
a) Unha presidencia.
b) Doce membros designados polas organizacións sindicais que obtivesen a condición de máis representativas, en proporción á súa representatividade, de acordo coa Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e co Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
c) Doce membros designados polas organizacións empresariais que gocen de capacidade representativa, en proporción á súa representatividade, de acordo co Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
d) Doce membros coa seguinte distribución: catro representantes do sector agrario, dous do sector marítimo-pesqueiro (un da pesca de baixura e outro do marisqueo), un representante da economía social, dous representantes das persoas usuarias e consumidoras e tres representantes das universidades de Galicia.
O Consello estará asistido por unha secretaría, que actuará con voz pero sen voto.
2. Os membros do Consello indicados na letra d) anterior serán propostos, en cada caso, polos órganos e entidades que a seguir se indican:
a) Sector agrario: polas organizacións profesionais con maior implantación no sector en Galicia.
b) Sector marítimo-pesqueiro: pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores.
c) Economía social: polo Consello da Economía Social de Galicia.

d) Persoas usuarias e consumidoras: polo Consello Galego de Consumo.
e) Universidades: un por cada xunta de goberno das da Coruña, Santiago e Vigo.
3. Nos supostos a que se refiren as letras b), c) e d) do número 1, designarase igual número de suplentes que membros titulares.
4. Cada membro do Consello ten un voto persoal e unicamente delegable na persoa nomeada como suplente.”

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 31. *Modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia*

A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 35 queda coa seguinte redacción:

«1. Para o outorgamento de dereitos mineiros sobre os terreos francos resultantes do levantamento dunha zona de reserva ou da declaración de caducidade dun permiso de exploración, dun permiso de investigación ou dunha concesión de explotación mineira, tramitarase o correspondente concurso público, regulado neste artigo e demais normativa aplicable. En todo caso, realizaranse convocatorias de concurso diferenciadas por cada provincia.

Unha vez que adquira firmeza, de ser o caso, en vía xudicial, a declaración de caducidade dun dereito mineiro, procederase a efectuar a convocatoria do concurso público ao que se refire o parágrafo anterior e publicarase no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*. No prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da última publicación, quen estea interesado no dereito caducado poderá presentar solicitudes.

Se a declaración de caducidade dun dereito obxecto de concurso se debe ao incumprimento das obrigas legais ou das condicións establecidas no título de outorgamento por parte da persoa explotadora ou da persoa titular do dereito, estas non poderán participar no concurso respecto do dito dereito.

Na convocatoria do concurso determinaranse os criterios de selección, así como os parámetros para a súa valoración, tendo en conta, en todo caso, os previstos no artigo seguinte. Estes criterios e parámetros poderán ser establecidos previamente con carácter xeral para as convocatorias de concursos referidas a un ou varios tipos de recursos mediante orde da persoa titular da consellaría competente en materia de minas. En todo caso, na convocatoria do concurso de que se trate poderán establecerse xustificadamente modificacións dos criterios ou parámetros establecidos con carácter xeral para adaptalos ás características ou circunstancias específicas do concurso concreto.

2. Na solicitude indicarase claramente o tipo de dereito que se solicita e sobre que dereito mineiro se solicita, achegando o seguinte contido mínimo, que se presentará en dous sobres pechados debidamente numerados:

a) No primeiro sobre incluirase a documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar da persoa solicitante e da representación, así como o resgardo da fianza provisional, que

consistirá no 10 % da taxa correspondente ás solicitudes de dereitos mineiros establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa. Incluirase, así mesmo, a documentación acreditativa de non estar incurso nas prohibicións para contratar co sector público establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público.

b) O segundo sobre conterá a designación do terreo que se pretende, os documentos requiridos para as solicitudes de dereitos mineiros, a documentación adicional que proceda explicativa ou acreditativa das vantaxes da proposta e unha declaración responsable dos documentos presentados.»

Dous. O artigo 36 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 36. *Valoración de ofertas e resolución de concursos de dereitos mineiros*

1. No caso de que non se formulasen solicitudes, o órgano mineiro competente declarará de oficio o terreo como rexistrable, e publicarao no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.

2. No caso de que se presentasen varias solicitudes sobre o mesmo dereito mineiro, abrirase unha fase de concorrencia competitiva, na que se establecerá a orde de prelación para a tramitación delas, de acordo coa valoración obtida por aplicación dos criterios de selección das propostas máis vantaxosas.

Entenderase por propostas máis vantaxosas as que ofrezan as mellores condicións científicas e técnicas e as maiores vantaxes económicas e sociais, tendo en conta os principios de sustentabilidade, responsabilidade e seguridade, e atendendo, como mínimo, os seguintes criterios:

a) A calidade científica e técnica do proxecto e as garantías que se ofrezan da súa viabilidade.

b) A calidade ambiental do proxecto, valorándose especificamente a restauración de zonas degradadas como consecuencia de actividades mineiras anteriores.

c) A calidade social e ética do proxecto, é dicir, a inclusión no proxecto de medidas inclusivas e transversais, de cohesión social e de respecto ao medio ambiente, nas que se expresen altos estándares de responsabilidade social e ética empresarial. Entre estas medidas valoraranse a incorporación da variable de xénero, a integración laboral das persoas con discapacidade, mecanismos de solución de conflitos coas comunidades locais e mecanismos de transparencia e acceso da cidadanía á información.

d) O impacto socioeconómico do proxecto na zona de implantación da explotación e na economía galega en xeral,

con base en indicadores obxectivos e comparativos coa situación actual.
e) As condicións xurídicas máis respectuosas co carácter de bens de dominio público dos xacementos de orixe natural e demais recursos xeolóxicos no ordenamento xurídico español e coa súa explotación racional.
3. A apertura das ofertas verificaraa en cada provincia respecto dos dereitos que se localicen nela unha mesa constituída por:
a) A persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de minas ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente ou presidenta.
b) A persoa titular da xefatura do servizo competente en materia de minas da xefatura territorial correspondente ou o enxeñeiro ou enxeñeira de minas do dito servizo en quen delegue, que actuará como secretario ou secretaria da mesa.
c) Un membro da escala de letrados da Xunta de Galicia.
d) A persoa titular da intervención delegada da xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de minas ou da delegación provincial ou persoa en quen delegue.
e) Unha persoa representante da dirección xeral competente en materia de minas designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de minas.
No caso de dereitos que se localicen en máis dunha provincia, a apertura das ofertas será verificada pola mesa correspondente á provincia onde se localice unha maior extensión do dereito.
No prazo de dez días desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes, constituirase a mesa e procederase á apertura de sobres na orde habitual. Ao acto de constitución da mesa e á apertura de sobres poderán asistir as persoas que presentasen as solicitudes ou os seus representantes debidamente acreditados.
A mesa analizará e valorará as ofertas presentadas e realizará unha proposta de resolución do concurso, que incluirá, para os casos nos que se presentasen varias solicitudes respecto dun mesmo dereito, a orde de prelación das solicitudes para a súa tramitación.
4. O concurso resolverao a persoa titular da consellaría competente en materia de minas no prazo máximo de seis meses, contados desde o día seguinte á última publicación da convocatoria. A resolución conterá a orde de prelación para a tramitación das solicitudes concorrentes presentadas respecto dun mesmo dereito, de acordo co establecido neste artigo, e declarará que procede a admisión a trámite das solicitudes non concorrentes. Así mesmo, declarará rexistrables os terreos

obxecto do concurso respecto dos que non se presentase ou non fose admitida ningunha solicitude.
Transcorrido o prazo sen que recaese e fose notificada a resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.
5. De non se admitir ningunha das solicitudes presentadas, o concurso declararase deserto e os terreos non adxudicados serán declarados rexistrables pola persoa titular da consellaría competente en materia de minas. Esa declaración deberase publicar no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*, coa indicación de que poderán ser solicitados logo de transcorridos oito días desde a publicación no *Boletín Oficial del Estado*.»
Tres. O artigo 50 queda redactado como segue:
«Artigo 50. *Responsables*
1. Serán suxeitos responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas que incorran nelas, e en particular:
a) A persoa explotadora efectiva do recurso mineiro e, se é o caso, a persoa titular dos dereitos de aproveitamento mineiro.
b) O subcontratista do explotador efectivo.
c) A dirección facultativa, no ámbito das súas respectivas funcións.
d) A persoa titular ou propietaria da entidade explotadora efectiva, así como o administrador, xerente, director ou equivalente da dita entidade en relación coas infraccións que se cometan no desenvolvemento da actividade de investigación ou aproveitamento dos recursos xeolóxicos, cando non realizasen os actos necesarios que sexan da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas infrinxidas, consentisen o incumprimento por quen deles dependa ou adoptasen acordos que fixesen posible a comisión de tales infraccións. En todo caso, nos supostos de extinción da personalidade xurídica da entidade explotadora efectiva, o procedemento sancionador dirixirase contra as persoas indicadas nesta letra nos supostos sinalados nela.
2. No caso de existir máis dunha persoa responsable da infracción, as sancións que se impoñan terán entre si carácter independente.
3. Cando en aplicación desta lei dúas ou máis persoas resulten responsables dunha infracción e non sexa posible determinar o seu grao de participación, serán solidariamente responsables para os efectos das sancións que deriven.
4. En todo caso, e sen prexuízo das garantías financeiras establecidas para o efecto, no caso de extinción da personalidade xurídica da entidade explotadora, os socios, administradores e directivos da dita entidade no momento da súa extinción quedarán obrigados ao cumprimento das obrigas

relativas ao proceso de restauración, peche e abandono da explotación. En consecuencia, serán suxeitos responsables das infraccións que cometan en relación co incumprimento de tales obrigas.»

Catro. A letra m) do artigo 58 queda redactada como segue:

«m) A comisión de máis de dúas infraccións leves, xa sexa polo mesmo feito ou por feitos diferentes, calquera que sexa a súa natureza, no prazo dun ano.»

Cinco. A letra c) do artigo 59 queda coa seguinte redacción:

«c) A comisión de máis de dúas infraccións graves, xa sexa polo mesmo feito ou por feitos diferentes, calquera que sexa a súa natureza.»

Seis. Engádese un artigo 61 *bis*, coa seguinte redacción:

«Artigo 61 *bis*. *Redución do importe das sancións*

1. De conformidade co artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, no suposto de pagamento voluntario polo presunto responsable en calquera momento anterior á resolución, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha redución do 20 % sobre o importe da sanción proposta.

Tamén cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, se, iniciado o procedemento sancionador, a persoa infractora recoñece a súa responsabilidade, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha redución do 20 % sobre o importe da sanción que proceda. Esta redución é acumulable coa establecida no parágrafo anterior.

A efectividade das reducións previstas nos parágrafos anteriores estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

2. En relación coas infraccións relativas ao incumprimento das obrigas de reacondicionamento do espazo natural afectado polas actividades mineiras ou ao incumprimento das previsións contidas no plan de restauración, a resolución do procedemento sancionador conterá, ademais da multa pecuniaria e outras sancións que poidan corresponder, a exixencia do cumprimento das obrigas indicadas de reacondicionamento e restauración, así como a indemnización polos danos e perdas causados, que será determinada e exixida polo órgano ao que corresponda o exercicio da potestade sancionadora.

A persoa responsable da infracción terá dereito a unha redución do 70 % da multa que deba impoñerse no caso de que estea acreditado no procedemento sancionador, no momento de se formular a proposta de resolución, o

cumprimento íntegro das obrigas de reacondicionamento e das previsións de restauración, así como, se é o caso, a reparación dos danos e perdas causados. Na proposta de resolución indicarase que, no suposto de pagamento voluntario polo presunto responsable en calquera momento anterior á resolución, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha redución adicional do 10 % sobre o importe da sanción proposta, ascendendo a redución máxima total ao 80 %. Estas reducións non son acumulables con ningunha outra establecida na normativa aplicable, a cal, de proceder, se entenderá incluída nelas.

No caso de que no momento de se formular a proposta de resolución estea acreditado no procedemento sancionador o cumprimento íntegro das obrigas de reacondicionamento e das previsións de restauración pero non a reparación dos danos e perdas que fosen causados, a redución será do 60 %. Na proposta de resolución indicarase que, no suposto de pagamento voluntario polo presunto responsable en calquera momento anterior á resolución, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha redución adicional do 10 % sobre o importe da sanción proposta, ascendendo a redución máxima total ao 70 %. Estas reducións non son acumulables con ningunha outra establecida na normativa aplicable, a cal, de proceder, se entenderá incluída nelas.

3. Todas as posibles reducións previstas neste artigo deberán ser indicadas na notificación da iniciación do procedemento.»

Sete. Engádese unha disposición adicional oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Execución forzosa en materia de minas*

1. Sen prexuízo do suposto específico recollido no artigo 63, con carácter xeral, para acadar o cumprimento dos requirimentos efectuados pola Administración e das resolucións administrativas ditadas en materia de minas, a Administración autonómica poderá proceder, logo do apercibimento, á imposición de multas coercitivas, reiterables por lapsos de tempo suficientes para o cumprimento da resolución ou requirimento, ata lograr a súa execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 25.000 euros cada unha, tendo en conta a gravidade do incumprimento e a reiteración da multa.

2. É órgano competente para a imposición das multas coercitivas aquel que resulte competente para ditar a resolución do procedemento de que se trate ou para efectuar o requirimento.»

Oito. Engádese unha disposición adicional novena, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Pagamento das indemnizacións por expropiación forzosa*
Determinado en vía administrativa, de conformidade coa lexislación reguladora da expropiación forzosa, o xusto prezo e as indemnizacións de toda índole que correspondan como consecuencia do exercicio da potestade expropiatoria, o titular dos dereitos mineiros, na súa condición de beneficiario no procedemento expropiatorio, acreditará ante a Administración o pagamento ao expropiado da cantidade total que proceda, incluídos os xuros que se establezan.
Se o titular dos dereitos mineiros na súa condición de beneficiario non cumpre as obrigas que lle corresponden e, en virtude de resolución xudicial, calquera que for a súa data, a Comunidade Autónoma de Galicia tiver que facerse cargo do aboamento das indemnizacións aos expropiados, esta quedará subrogada no crédito do expropiado.
No caso do parágrafo anterior, unha vez aboado pola Administración o importe das indemnizacións aos expropiados, o crédito da Administración fronte ao beneficiario terá a consideración de recurso de dereito público para os efectos do disposto na lexislación de réxime financeiro o orzamentario, polo que se o beneficiario non procede ao reembolso íntegro das cantidades á Administración, unha vez requirido para o efecto, a Facenda pública galega estará en posesión das prerrogativas legalmente establecidas e poderá proceder ao seu cobramento por vía de constrinximento, de acordo coas regras que rexen a recadación executiva.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº36, de Supresión.

Debe suprimirse

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº15, de Supresión.

Suprímese o artigo 31.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº70, ao apartado Un, de Substitución.

O apartado Un da Lei pasará a ser "Un *bis*."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº69, ao apartado Un, de Adición.

Débese engadir un novo apartado Un, co seguinte texto:
"Un. Artigo 12. *Criterios orientadores*
Artigo 12. Os criterios que inspirarán o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia serán os seguintes:
a) Os recursos xeolóxicos deben ser usados de forma eficiente para satisfacer as necesidades da poboación e non os intereses das empresas, sendo a prevención, o control da demanda e o principio de precaución prioritarios sobre a produción.
b) A participación da sociedade na elaboración, deseño e execución da política mineira debe garantirse plenamente. Os recursos minerais son limitados e son patrimonio natural dos galegos e galegas, e calquera decisión estratéxica sobre eles debe de ser posterior a un profundo exercicio de participación democrática, nomeadamente das comunidades locais.
c) Deben establecerse zonas de exclusión para as actividades mineiras declarándoas como áreas "non rexistrables.
d) En calquera caso, a extracción de minerais debe ser compatible co respecto escrupuloso ao medio ambiente e ao noso patrimonio cultural e etnográfico, nomeadamente ao Camiño de Santiago, como un dos patrimonios culturais, artísticos e históricos máis valiosos na historia de Galicia, e cos usos actuais do solo que se dan actualmente na economía local.
e) Prohibirase a extracción de minerais metálicos e outros elementos tecnolóxicos polo sistema de minaría a ceo aberto. O uso do cianuro debe prohibirse en todo caso, así como o emprego de substancias perigosas ou metodoloxías que poidan poñer en risco a saúde ambiental e cidadá se non existen alternativas. A este respecto, as técnicas de *fracking* estarán prohibidas en todo o territorio galego, incluída a plataforma continental.
f) A racionalización do emprego de recursos naturais.
g) A promoción da investigación, o desenvolvemento e a innovación nas propiedades e aplicacións dos materiais, así como nos procesos de produción, tratamento e aproveitamento de subprodutos.
h) A busca dunha maior vinculación da minaría coa mellora da economía das zonas nas que se sitúen as explotacións e o fomento da creación de emprego.
i) Todos os xacementos de minerais tecnolóxicos existentes no subsolo de Galicia, incluída a plataforma continental, deben considerarse estratéxicos para o país. A Xunta declarará ou instará á declaración destes xacementos como zonas de reserva, impedindo o seu aproveitamento especulativo por empresas privadas e incorporando sempre a participación

pública. Naqueles casos excepcionais nos que se opte pola extracción e sexa en beneficio do interese xeral, tamén se incorporará a participación pública.
j) O apoio á implantación de industrias que permitan o peche de todos os ciclos de transformación para a produción existente.
k) O obxectivo prioritario é a contención da expansión en ocupación de superficie e o aumento do valor engadido dos sectores existentes na actualidade.
l) O carácter temporal da explotación mineira respecto da ordenación do territorio e dos usos do solo.
m) A identificación de zonas con potencial mineiro.
n) A mellora da seguridade das explotacións mineiras e dos seus establecementos de beneficio."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº71, ao apartado Un.2.a), de Substitución.

Débese substituir no punto 2.a) a seguinte expresión:
Onde di: "10%" debe dicir: "20 %"

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº72, ao apartado Seis, de Supresión.

Débese suprimir o apartado

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº73, ao apartado Sete.1, de Substitución.

Débese substituír no punto 1 a seguinte expresión:
Onde di: "...multas coercitivas, reiterables" debe dicir: "multas coercitivas reiterativas mensuais, para o cumprimento..."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 32. *Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*
O número 1 da disposición adicional terceira da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, queda redactado como segue:
«1. As novas solicitudes de autorización ás que se refire o artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa, correspondentes a infraestruturas de evacuación dos parques eólicos tramitaranse segundo as disposicións establecidas nesta lei, no que sexa aplicable. Os órganos competentes para a súa autorización serán os establecidos no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº37, de Supresión.

Debe suprimirse

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº74, ao apartado Un, de Adición.

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
"Un. Emenda de substitución do artigo 5. Criterios de planificación
1. A planificación do aproveitamento da enerxía eólica en Galiza realizarase atendendo aos seguintes criterios:
a) Estimación do potencial eólico do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre a base dos estudios xa realizados, o Atlas eólico realizado polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e mais os datos obtidos pola Administración autonómica a través do Instituto Enerxético de Galicia.
b) Infraestrutura eléctrica necesaria para absorber a enerxía producida, planificada de xeito que incida favorablemente na estrutura de distribución eléctrica das áreas afectadas pola explotación dos recursos eólicos.

c) Integración con todos os ámbitos sectoriais afectados pola implantación de parques eólicos, con especial referencia á inserción no territorio das instalacións eólicas.
d) Impacto medioambiental.
e) Repercusión sobre o tecido industrial de Galicia e o desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico.
f) Desenvolvemento harmónico dos proxectos de implantación de parques eólicos que permita una implantación das infraestruturas eléctricas e industriais.
g) Ampliación da superficie declarada actualmente como Rede Natura.
h) Zonas de exclusión paisaxísticas determinadas nas Directrices da paisaxe e os catálogos da paisaxe.
i) Instrumentos de planificación e desenvolvemento económico e urbanístico locais e comarcais.
2. O resultado desta planificación plasmarase no Plan sectorial eólico de Galicia."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº75, ao apartado Dous, de Adición.

Débese engadir un novo apartado, co seguinte texto:
"Dous. Emenda ao artigo 6.2, que queda redactado como segue:
a) Abrirase un procedemento de participación social para a elaboración do plan. Durante un período mínimo de seis meses, a Xunta de Galicia establecerá formas de consulta aberta con asociacións, propietarios de montes, veciñanza, colectivos ecoloxistas, culturais e sociais e concellos para obter propostas conducentes á elaboración dun borrador de plan.
b) Unha vez elaborado o dito borrador, abrirase un novo prazo de seis meses para que todos os colectivos consultados e a cidadanía en xeral poida presentar alegacións.
c) O Plan sectorial eólico de Galicia fundamentarase nos seguintes principios e obxectivos:
1º) Conseguir un modelo respectuoso coa conservación dos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais e que procure o máximo retorno social da explotación dos recursos, dando prioridade a proxectos de explotación públicos e cooperativas.
2º) Fomentar a xeración distribuída e o autoconsumo, evitando os grandes parques en lugares que supoñen graves impactos ambientais e paisaxísticos, ou a concentración de múltiples pequenos parques nela.
3º) Nos novos proxectos de iniciativa privada e non dedicados ao autoconsumo, dar prioridade a aqueles que prevexan e faciliten a participación pública do Instituto Enerxético de Galicia no capital dos novos parques.

4º) Establecer novas medidas fiscais e extrafiscais que faciliten o retorno social de parte dos beneficios producidos pola actividade ,modificando o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.
d) Mentres non se aprobe o Plan sectorial eólico de Galicia, estableceranse nun prazo de dous meses:
1º) Zonas de exclusión ambiental naqueles lugares con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura necesaria para achegar a porcentaxe de superficie con esta cualificación ás medias europeas. A responsable da proposta destas zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e será aprobada no Parlamento de Galicia.
2º) Zonas de exclusión paisaxística. En previsión da aprobación das Directrices da paisaxe, a Dirección Xeral de Sustentabilidade e Paisaxe fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de dous meses, que deberá ser aprobada no Parlamento de Galicia."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº76, ao apartado Tres, de Adición.

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
"Tres. Emenda de substitución da disposición transitoria segunda. *Áreas de desenvolvemento eólico*, co seguinte texto:
1. Mentres non se modifique o Plan sectorial eólico de Galicia, considéranse áreas de desenvolvemento as actuais, agás as propostas de exclusión ambientais e paisaxísticas incorporadas na disposición adicional quinta desta lei."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 33. *Supresión do Rexistro Galego de Comercio e modificación da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia*

1. Queda suprimido o Rexistro Galego de Comercio.

2. O número 1º da letra a) do artigo 105 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, queda modificado como segue:

«1º) Exercer unha actividade comercial sen previa autorización no caso de que esta sexa preceptiva, non realizar as comunicacións ou notificacións á Administración comercial exixidas pola normativa vixente, incumprir os requisitos establecidos no artigo 5 ou incorrer nalgunha das prohibicións establecidas no artigo 6.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 34. *Modificación da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia*
Engádese un título IV na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, coa seguinte redacción:
«TÍTULO IV
Iniciativas empresariais prioritarias

Artigo 42. Requisitos para a declaración das iniciativas empresariais prioritarias

1. Poderán ser declarados iniciativas empresariais prioritarias (IEP) polo Consello da Xunta os proxectos empresariais que acheguen á Comunidade Autónoma de Galicia un valor engadido nas áreas de innovación, **vertebración territorial,** competitividade, internacionalización, protección ambiental, igualdade no ámbito laboral ou conciliación.
2. Así mesmo, para seren declarados iniciativas empresariais prioritarias, os proxectos deberán cumprir con, polo menos, dous dos seguintes requisitos en materia de investimento e creación de emprego:
a) Que supoñan a xeración de vinte e cinco ou máis postos de traballo directo baixo a modalidade de contrato indefinido a xornada completa.
b) Que impliquen a realización dun investimento en activos fixos, excluídos os inmobiliarios, por importe igual ou superior a **un millón de euros (1.000.000 de €).**
c) Que sexan proxectos tractores ou que complementen cadeas de valor ou que pertenzan a sectores considerados estratéxicos.
3. Co fin de verificar o cumprimento dos requisitos, presentarase xunto coa solicitude un informe detallado e a documentación acreditativa das medidas que se vaian instaurar, **así como da súa correspondente temporalización,** acompañados do documento de compromiso da súa implantación e de mantemento durante un período mínimo de cinco anos desde o inicio da actividade económica ou a ampliación da existente.

Artigo 43. Procedemento de declaración das iniciativas empresariais prioritarias

1. O procedemento de declaración dun proxecto empresarial como iniciativa empresarial prioritaria iniciarase por solicitude

da persoa interesada dirixida ao Instituto Galego de Promoción Económica, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos conforme o previsto no artigo anterior.
2. O Instituto Galego de Promoción Económica poderá solicitar das consellarías afectadas por razón da materia todos os informes que xulgue convenientes para motivar o seu informe.
3. Unha vez revisado e valorado se o proxecto cumpre cos requisitos desta lei, o Instituto Galego de Promoción Económica emitirá un informe vinculante, e remitirá a solicitude e toda a documentación acreditativa á consellaría competente en materia de economía.
4. A declaración de iniciativa empresarial prioritaria será acordada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de economía.

Artigo 44. Efectos vinculados á declaración de iniciativa empresarial prioritaria

1. Os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico darán carácter prioritario á realización dos trámites da súa competencia relacionados coas iniciativas empresarias prioritarias, de forma que se axilice a súa implantación e posta en marcha.
2. A existencia dunha declaración de iniciativa empresarial prioritaria determinará a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos procedementos relacionados con tales iniciativas, polo que, unha vez declarada a tramitación de urxencia polo órgano competente de acordo co establecido polo artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os prazos establecidos para o procedemento ordinario reduciranse á metade, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos.
3. Logo de ser declarado un proxecto como iniciativa empresarial prioritaria, a Oficina Doing Business en Galicia, prevista na Orde do 14 de xaneiro de 2016 pola que se crea a oficina Doing Business en Galicia e se dá publicidade aos modelos de propostas para a mellora da regulación económica e de comunicación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial, realizará o seguimento e impulso dos trámites administrativos ulteriores necesarios para a súa implantación.
4. Será requisito necesario para o mantemento da declaración de concellos emprendedores-Doing Business pola Xunta de Galicia e a Fegamp o recoñecemento do carácter prioritario nos

trámites e a adopción do acordo de tramitación urxente previsto neste artigo respecto dos procedementos da súa competencia relacionados coas iniciativas empresariais prioritarias.»

Artigo 34 *bis*. *Modificación da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*
Engádese unha disposición adicional cuarta na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, coa seguinte redacción:
«Disposición adicional cuarta. *Bens adquiridos mediante o exercicio da potestade expropiatoria para seren destinados ao tráfico xurídico patrimonial*
Nos supostos de exercicio da potestade expropiatoria para a execución de instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos regulados nesta lei e na lexislación do solo respectivamente promovidos ou desenvoltos por iniciativa pública, a adquisición dos bens non implicará a súa afectación implícita a un uso xeral ou a un servizo público cando o instrumento de ordenación do territorio ou urbanístico aprobado prevexa que o seu destino sexa devolvelos ao tráfico xurídico patrimonial.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº40, ao apartado 2.c), de Adición.

Neste artigo, parágrafo que comeza por Artigo 42, punto 2, letra c), débese engadir in fine o seguinte texto: "... . Neste sentido o Igape, anualmente e antes del 1 de xaneiro do exercicio correspondente, proporá un listado de criterios avaliables no marco da contribución o cumprimento dos obxectivos do desenvolvemento sostible aprobados polas Naciones Unidas e da lexislación aplicable vixente, así como dos sectores que considera estratéxicos ao efectos de que os proxectos poidan cualificarse como iniciativas empresariais prioritarias."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº77, de Supresión.

Débese suprimir a totalidade deste artigo.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº41, ao apartado 2, de Adición.

No parágrafo que comeza por Artigo 42, débese engadir un novo parágrafo despois da letra c) do punto 2, que terá o seguinte contido:
“No caso de que os proxectos se desenvolvan en municipios galegos con maior risco de despoamento, os requisitos que deben cumprir os proxectos en materia de investimento e creación de emprego reduciranse á metade do que se establece nas letras a) e b) anteriores."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº43, ao apartado 2 bis), de Adición.

No parágrafo que comeza por Artigo 43, débese engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:
"2 bis. Igualmente o Igape solicitará un informe do concello ou concellos sobre os que se tente levar acabo a implantación empresarial."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº44, ao apartado 4 bis), de Adición.

No parágrafo que comeza por Artigo 43 ..., débese engadir un novo punto 4 bis, que terá o seguinte contido:
O Igape disporá dun prazo máximo de 15 días naturais para revisar e valorar que o proxecto de investimento ou reinvestimento empresarial presentado cumpra cos requisitos exixidos nesta lei, debendo acomodar a solicitude de informes que evacúe a tal prazo. Posteriormente, se ditará a correspondente proposta de resolución de cualificación como proxecto prioritario de investimento por parte da persoa titular da consellaría competente en materia de sectores produtivos e internacionalización. No caso de que os criterios resulten insuficientes ou o seu umprimento non quede acreditado no prazo prazo establecido, concederase un prazo de dez días hábiles para que a persoa interesada poda emendar e achegar a documentación necesaria. No caso de rematar o prazo sen ter satisfeito o requirimento, ditarase a correspondente resolución denegatoria."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 35. *Cambio de denominación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral*

1. O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, e cuxos estatutos se aprobaron polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, pasa a denominarse Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.

2. Todas as referencias normativas ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral entenderanse feitas ao Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO X

Cultura e turismo

Artigo 36. *Modificación da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia*

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O título do artigo 4 pasa a ser: «*Competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.*»

Dous. O primeiro parágrafo do artigo 4 queda coa seguinte redacción:

«Correspóndenlle á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellaría competente en materia de turismo, entre outras, as seguintes atribucións:»

Tres. A letra k) do artigo 4 queda coa seguinte redacción:

«k) A promoción e a sinalización dos camiños de Santiago, así como a súa conservación e mantemento en colaboración con outras administracións públicas.

Os actos relacionados coa sinalización, así como a conservación e mantemento da traza dos camiños de Santiago que promova a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán suxeitos a control municipal por medio de comunicación previa, sendo necesaria en todos os casos a autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.»

Catro. Engádese un letra l) no artigo 4, coa seguinte redacción:

«l) Calquera outra competencia en materia de turismo que se lle atribúa nesta lei ou noutra normativa aplicable.»

Cinco. O número 3 do artigo 8 queda redactado como segue:

«3. Por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de turismo estableceranse os requisitos que deben cumprir as oficinas que integren a Rede Galega de Oficinas de Turismo, o procedemento para solicitar a adhesión voluntaria á Rede e os efectos da integración.»

Seis. O artigo 21 quedará redactado do xeito seguinte:

«Artigo 21. *Recursos e produtos turísticos*

1. Son recursos turísticos todos os bens materiais e inmateriais e as manifestacións da realidade física, social, histórica e cultural de Galicia que poidan xerar ou incrementar de xeito directo ou indirecto os fluxos turísticos tanto do interior como do exterior da nosa comunidade, propiciando repercusións económicas favorables.

2. Son produtos turísticos todos os bens, servizos ou actividades susceptibles de comercialización mediante

contraprestación económica que teñen por finalidade satisfacer a demanda das persoas usuarias turísticas.
3. Por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de turismo poderán establecerse as características e os requisitos daqueles recursos ou produtos turísticos de interese para a Comunidade Autónoma.»
Sete. O artigo 42 queda redactado como segue:
«Artigo 42. *Cambios substanciais nas actividades turísticas suxeitas á declaración responsable*
Considéranse cambios ou reformas substanciais os que afecten a clasificación turística, segundo os termos que se establezan regulamentariamente. A realización de calquera cambio ou reforma substancial require a presentación pola empresaria ou empresario turístico dunha declaración responsable.»
Oito. O número 5 do artigo 88 queda redactado como segue:
«5. As empresas ás que se refiren as letras b) e c) do número 1 anterior son consideradas empresas de turismo activo. Non terán esta consideración os clubs e as federacións deportivas cando organicen a realización de actividades no medio natural dirixidas única e exclusivamente ás súas persoas membros e non ao público en xeral.
As empresas de turismo activo deberán dispoñer de seguro por accidentes e de responsabilidade civil que cubran de forma suficiente os posibles riscos imputables á empresa pola oferta e práctica das actividades que oferten e presten, así como unha póliza de seguros de rescate, traslado e asistencia derivados de accidente na prestación daqueles servizos.
Determinaranse regulamentariamente os requisitos e o réxime aplicable a estas empresas.»
Nove. O número 2 do artigo 100 queda coa seguinte redacción:
«2. O persoal inspector estará provisto dunha acreditación coa cal se identificará no desenvolvemento das súas funcións. Esta identificación poderá ser posterior á actuación cando o axeitado desenvolvemento do labor inspector así o requira.»
Dez. Engádese unha letra e) no número 4 do artigo 100, coa seguinte redacción:
«e) Solicitar a información estritamente necesaria para o desenvolvemento do labor inspector que conste en rexistros de carácter público ou en bases de datos das diferentes administracións.»
Once. Os números 7 e 8 do artigo 105 quedan coa seguinte redacción:
«7. A acta de infracción, de acordo co establecido no artigo 122, redactarase para os efectos de posibilitar a adopción do acordo de iniciación do procedemento sancionador oportuno, e

faráselle chegar unha copia dela á persoa titular da actividade ou a quen a represente.
8. A persoa inspeccionada poderá formular as alegacións que xulgue procedentes en relación coa actuación inspectora documentada na dita acta no prazo de dez días, contados a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación da copia da acta.»
Doce. Engádeselle o número 24 ao artigo 110, coa seguinte redacción:
«24. Alterar ou romper o precinto derivado da aplicación da medida de peche do establecemento acordada en aplicación do artigo 106.1.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº45, de Adición.

Débese engadir unha nova epígrafe Catro bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:
"Catro bis. Engádese unha nova letra f) bis, ao artigo 7, coa seguinte redacción:
f) bis. Elaborar e remitir ao Parlamento de Galicia, un informe trimestral sobre as actuacións realizadas e previstas por parte da Xunta de Galicia cara á celebración dos distintos xacobeos durante, polo menos, os dous anos previos á súa celebración."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº78, ao apartado Tres.k), de Adición.

Débese engadir ao remate da letra k) a seguinte expresión:
"e todos aqueles tramos históricos non protexidos actualmente."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº79, ao apartado Catro.l), de Adición.

Débese engadir ao remate da letra l) a seguinte expresión:
“e outras tendentes á recuperación, protección e posta en valor dos camiños e tramos históricos do Camiño de Santiago."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº80, ao apartado Nove, de Supresión.

Débese suprimir a seguinte expresión:

"Esta identificación poderá ser posterior á actuación cando o axeitado desenvolvemento do labor inspector así o requira."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 37. *Modificación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*
A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, queda modificada como segue:
Un. O artigo 45 queda coa seguinte redacción:
«1. As intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto:
a) Novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional.
b) As intervencións de calquera tipo que se manifesten cara ao espazo exterior público ou privado das edificacións existentes.
c) As actuacións que afecten a estrutura parcelaria, os elementos configuradores característicos da estrutura territorial tradicional, os espazos libres e a topografía característica do ámbito, incluídos os proxectos de urbanización.
d) A implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as repoboacións forestais.
e) As remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.
2. As restantes intervencións no contorno de protección non necesitarán autorización previa ao outorgamento de licenza, ben que deberán ser coherentes cos valores xerais do contorno.
3. As cortas forestais que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados, cando non leven aparellado un cambio de uso, e que, conforme a lexislación forestal, estean suxeitas a autorización, para a tutela dos valores obxecto de protección por esta lei, requirirán da emisión dun informe sectorial da consellaría competente en materia de cultura, que se integrará no procedemento de outorgamento da correspondente autorización forestal.»

Un *bis*. A disposición transitoria cuarta queda coa seguinte redacción:
"Disposición transitoria cuarta. *Planeamento municipal*
1. O planeamento urbanístico vixente na actualidade deberá adaptarse ao disposto nesta lei cando se proceda a unha revisión do planeamento.
Así mesmo, procederá a adaptación cando concorran circunstancias obxectivas no concello afectado que o aconsellen, tales como a declaración de interese cultural

no termo municipal cando resulte contraditoria co planeamento, a aprobación dun instrumento de ordenación territorial de ámbito territorial superior con incidencia no patrimonio ou a aprobación dunha declaración de carácter supranacional, e así o determine a persoa titular da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.
2. Sen prexuízo do sinalado anteriormente, os planeamentos urbanísticos adaptados á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, considéranse adaptados a esta lei, pero as intervencións autorizadas en función do nivel de protección dos bens serán as do artigo 42.
Para os efectos da habilitación conferida aos concellos no artigo 65 desta lei, no suposto da existencia de discrepancias entre estes planeamentos urbanísticos e as previsións dos artigos 41 e 42 desta lei, no propio convenio de colaboración que se asine para facer efectiva e concretar a habilitación establecerase a táboa de equivalencias respecto dos niveis de protección dos bens."

Dous. A disposición transitoria quinta queda coa seguinte redacción:
«Disposición transitoria quinta. *Plans especiais de protección aprobados*
Os concellos que á entrada en vigor desta lei conten cun plan especial de protección anterior á entrada en vigor da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, relativo a un conxunto histórico e ao amparo deste exerzan as competencias de autorización previstas na lexislación anterior seguirán exercéndoas ata o 31 de decembro de 2023, prazo durante o cal deberán proceder á súa adaptación a esta lei, para poder exercer as competencias previstas no artigo 58.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº81, ao apartado Un, de Supresión.

Débese suprimir a totalidade do apartado Un.

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO XI

Deporte

Artigo 38. *Modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádeselle un número 3 ao artigo 21, coa seguinte redacción:

«3. Non poderán modificarse as normas das competicións durante o seu desenvolvemento, agás causa de forza maior debidamente xustificada.»

Dous. O parágrafo segundo do número 3 do artigo 46 queda redactado da seguinte maneira:

«Unha mesma persoa non poderá formar parte de máis dunha xunta directiva de clubs distintos que compitan ou teñan intereses en idéntica modalidade deportiva.»

Tres. A letra c) do número 2 do artigo 64 queda redactada da seguinte maneira:

«c) A obriga de disolución no prazo máximo de seis meses, contados a partir da firmeza administrativa da resolución pola que se acorde revogar o recoñecemento da federación deportiva.»

Catro. Engádese unha nova letra d) no número 2 do artigo 64, coa seguinte redacción:

«d) A entrega á Administración deportiva autonómica de toda a documentación, en calquera formato, e material do que dispoña a federación en virtude do exercicio das funcións delegadas.»

Cinco. Engádese un nova letra o) no artigo 116, coa seguinte redacción:

«o) Simultanear a presidencia dun club deportivo coa presidencia da federación deportiva na que se integre o devandito club.»

Seis. O último paragrafo do artigo 116 queda redactado da seguinte maneira:

«Das infraccións ás que se refiren as letras h), j), k), l), ñ) e o) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.»

Sete. Engádense as letras n), ñ) e o) no artigo 117, coa seguinte redacción:

«n) Formar parte de máis dunha xunta directiva de clubs distintos que participen ou teñan intereses en idéntica modalidade deportiva.
ñ) A modificación das normas da competición durante o seu desenvolvemento, agás causa de forza maior debidamente xustificada.
o) Non disolver a federación deportiva no prazo fixado no artigo 64.c).»
Oito. A letra i) do número 2 do artigo 130 queda redactada da seguinte maneira:
«i) Determinar, dentro do ámbito das competencias autonómicas, as condicións de realización dos controis consonte a normativa internacional e nacional vixente en materia de dopaxe e o disposto nesta lei.»
Nove. O número 1 do artigo 133 queda redactado da seguinte maneira:
«Conforme o previsto na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, o órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte poderá celebrar convenios de colaboración coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para que esta asuma o exercicio das competencias en materia de control da dopaxe que corresponden á Comunidade Autónoma.»

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

CAPÍTULO XII

Organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

Artigo 39. *Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*

O artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, queda modificado como segue:

«1. O procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral iniciarase por acordo da persoa titular da consellaría na que se encadre o centro de directivo que tivese a iniciativa.

2. Iniciado o procedemento, con carácter previo á elaboración do anteproxecto substanciarase unha consulta pública a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto co obxecto de recoller a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre os seguintes aspectos:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa norma.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

c) Os obxectivos da norma.

d) As posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias.

A consulta pública previa deberá realizarse de tal forma que todos os potenciais destinatarios da norma teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o cal deberá proporcionarse un tempo suficiente, non inferior a quince días naturais. Por razóns de urxencia debidamente xustificadas no expediente, poderá acordarse un prazo inferior.

Poderá prescindirse do trámite de consulta pública previa no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das organizacións dependentes ou vinculadas a esta cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen ou cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia. A concorrencia dalgunha ou dalgunhas destas razóns xustificarase debidamente no expediente.

3. O anteproxecto que se redacte irá acompañado dos seguintes documentos:

a) Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade e sobre as modificacións e innovacións que contén.
b) Unha memoria económico-financeira que conteña a estimación do custo ao que poida dar lugar e, se é o caso, a súa forma de financiamento.
c) O informe do servizo técnico-xurídico correspondente da consellaría na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa.
d) A táboa de vixencias e a cláusula ou a disposición derrogatoria na cal se enumeren expresamente as normas de igual ou inferior rango que se pretende derrogar.
4. Cumpridos os trámites aos que se fai referencia nos números anteriores, o texto poderá ser aprobado inicialmente como proxecto pola persoa titular da consellaría na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa.
5. Publicarase, nos termos previstos na normativa en materia de transparencia, a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento no que se produza a aprobación do anteproxecto, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitiren suxestións e a forma de o faceren.»

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº46, de Modificación.

Emenda nº46, de Modificación. Artigo 39
No punto dous deste artigo, no parágrafo que comeza por: A consulta pública previa deberá realizarse ...." Onde di´: "... non inferior a quince días naturais ... ." Debe dicir: "... non infeior a trinta días naturais ..."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº82, ao apartado 2, de Supresión.

Débese suprimir no apartado 2 o seguinte texto:
"Por razóns de urxencia debidamente xustificadas no expediente, poderá acordarse un prazo inferior.
Poderá prescindirse do trámite de consulta pública previa no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das organizacións dependentes ou vinculadas a esta cando

concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen ou cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia. A concorrencia dalgunha ou dalgunhas destas razóns xustificarase debidamente no expediente."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº47, ao apartado 2, de Supresión.

No punto 2 deste artigo, no último parágrafo, que comeza por: Poderá prescindirse do trámite de consulta pública ....", débese suprimir o seguinte parágrafo: "... ou cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspecto parciais dunha materia."

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº83, ao apartado 2, de Substitución.

Débese substituír no apartado 2 a seguinte expresión:
Onde di: "A consulta pública previa deberá realizarse... , non inferior a quince días naturais." debe dicir:
"A consulta pública previa deberá realizarse..., non inferior a noventa días."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº48, ao apartado 5, de Adición.

Emenda nº48, ao apartado 5, de Adición. Artigo 39
No punto 5 deste artigo, débese engadir in fine o seguinte texto: "... En todo caso estas suxestións serán tamén publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto."

DITAME DA COMISIÓN:

Artigo 40. *Prazo para resolver os procedementos sancionadores en materia de servizos de comunicación audiovisual*
O prazo máximo para resolver e notificar os procedementos sancionadores en materia de servizos de comunicación audiovisual será de dez meses, contados desde o ditado do acordo de inicio.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº84, de Substitución.

Débese substituír a seguinte expresión:
Onde di: "será de dez meses" debe dicir: "será de seis meses"

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional primeira. *Facultativo especialista de pediatría de área*
SUPRIMIDA

NON TEN EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición adicional segunda. *Sistema de carreira profesional para os funcionarios de Xustiza*
A Xunta de Galicia estudará a implantación dun sistema de carreira profesional para os funcionarios de Xustiza, dentro do respecto á normativa aplicable do Estado e a través da mesa sectorial de negociación específica. O dito sistema poderá ter en conta a implantación da nova oficina xudicial de Galicia no marco da modernización da Administración de xustiza na nosa Comunidade Autónoma.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº86, de Supresión.

Débese suprimir esta Disposición.

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº51, de Modificación.

Nesta disposición adicional, onde di: " A Xunta de Galicia estudará a implantación dun sistema de carreira ...", debe dicir: " A Xunta de Galicia implantará un sistema de carreira ..."

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº52, de Modificación.

Emenda nº52, de Modificación. Disposición adicional segunda
Nesta disposición adicional onde di: "... dentro do respecto á normativa aplicable do Estado ... . Debe dicir: "... no marco da lexislación vixente ..."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº50, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición adicional segunda bis, que terá o seguinte contido:
"Disposición adicional segunda bis. Prezos públicos de títulos universitarios a compensar pola Administración autonómica.
A Xunta de Galicia, logo dos estudos correspondentes, realizará a revisión do sistema de prezos académicos das universidades de Galicia, tal que, cá súa colaboración, se deberá garantir a gratuidade da primeira matrícula en todos os graos do sistema universitario de Galicia, co fin de acadar a súa eliminación progresiva, ao mesmo tempo que definirá o sistema de compensación económica ás universidades,
establecendo un calendario de implementación que, en todo caso, deberá poñerse en vigor para o curso 2019/2020 e non estenderse máis alá dos catro anos."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº87, de Adición.

Débese engadir unha disposición adicional terceira, co seguinte texto:
"Disposición adicional terceira. *Moratoria para permisos de investigación e explotación para a redacción do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia baixo os principios da sustentabilidade*
Establecerase unha moratoria na concesión de permisos de investigación e explotación mineiros ata a redacción e aprobación do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia, despois dun amplo proceso de participación social, que non conte só co sector empresarial mineiro, senón coas organizacións agrarias, ecoloxistas, concellos e Parlamento de Galicia."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº17, de Adición.

Engádese unha nova disposición adicional terceira, co seguinte texto:

"Recoñécese o carácter público das tres fundacións hospitalarias de xestión dos institutos de investigación biomédica de Galicia e a súa dependencia da Axencia do Coñecemento en Saúde."

_____

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº88, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición adicional cuarta, co seguinte texto:
"Disposición adicional cuarta
Autorízase a Consellería de Facenda a habilitar crédito axeitado e suficiente no exercicio 2019 e seguintes para atender as obrigas económicas que deriven da participación da Xunta no consorcio ou entidade pública que poida constituírse para a xestión de terreos portuarios do Porto da Coruña, sen prexuízo da aplicación do previsto na disposición adicional octava da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Bloque Nacionalista Galego.
Emenda nº18, de Adición.

Engádese unha nova disposición adicional, que sería a cuarta, co seguinte texto:

"Disposición adicional cuarta. *Creación da comisión para a implantación dunha taxa ou imposto que grave a prestación de servizos de comunicacións electrónicas*
Nun prazo máximo de tres meses crearase unha comisión xurídica que desenvolverá a implantación dunha taxa ou imposto que grave a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, cuxo contido sexa acorde co establecido na Sentenza 94/2017, do 6 de xullo, ditada polo Tribunal Constitucional."

_____

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº89, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición, co seguinte texto:
"Disposición adicional quinta. *Elaboración dun novo Plan sectorial eólico de Galicia baixo os principios de sustentabilidade e dun modelo social de explotación dos recursos naturais*
1) Nun prazo de doce meses a Xunta de Galicia elaborará, a través dun procedemento amplo de participación social, un novo Plan sectorial eólico de Galicia.
2) Namentres non se aprobe o Plan sectorial eólico de Galicia, estableceranse, nun prazo de dous meses:
a) Zonas de exclusión ambientais en zonas con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura, que serán cando menos a franxa paralela de dous quilómetros á liña que delimita a superficie da Rede Natura 2000. A responsable da proposta destas zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e será aprobada no Parlamento de Galicia.
3) A Dirección Xeral de Sustentabilidade e Paisaxe fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de dous meses, que deberá ser aprobada no Parlamento de Galicia."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria primeira. *Aplicación da nova duración do permiso por parto e do permiso por adopción ou acollemento ao persoal funcionario que estea gozando de tales permisos*

A nova duración do permiso por parto e do permiso por adopción ou acollemento será aplicable tamén a aquel persoal funcionario que veña gozando de tales permisos no momento da entrada en vigor desta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº53, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición transitoria primeira bis, que terá o seguinte contido:
"Disposición transitoria primeira bis. Posta en marcha da Oficina de Control Orzamentario.
Pola Mesa do Parlamento de Galicia, e escoitada a Xunta de Portavoces, aprobarase o Regulamento sobre a composición, estrutura e funcionamento interno da Oficina de Control Orzamentario que establece o artigo 7 Un bis desta lei, así como da súa Comisión reitora. Os deputados e deputadas pertencentes a esta comisión reitora non percibirán ningunha clase de retribución especial engadida por pertencer a ela.
Pola Presidencia do Parlamento de Galicia realizaranse as actuacións necesarias para proceder no prazo máximo de seis meses á aprobación do Regulamento que se establece no artigo 6 desta lei e para que proceda a asignar os medios iniciais necesarios para a posta en funcionamento efectivo da Oficina Galega de Control Orzamentario.
A posta en marcha da Oficina Galega de Control Orzamentario non poderá supoñer aumento na consignación orzamentaria total asignada ao Parlamento de Galicia."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº54, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición transitoria primeira ter, que terá o seguinte contido:
"Disposición transitoria primeira ter. Cooperación interadministrativa en relación ás iniciativas empresariais prioritarias.
En relación co establecido no artigo 34 desta lei sobre as iniciativas empresariais prioritarias, o Igape, con carácter inmediato, informará ás entidades locais de Galicia da súa aprobación e da posibilidade de subscribir os oportunos instrumentos de colaboración, para o cal achegará a oportuna dotación orzamentaria."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº55, de Adición.

Emenda nº55, de Adición. Disposición transitoria primeira
Débese engadir unha nova disposición transitoria primeira q, que terá o seguinte contido:
"Disposición transitoria primera quater. Criterios e sectores estratéxicos en relación ás iniciativas empresariais prioritarias.
En relación ao establecido no artigo 34 desta lei, o Igape, no prazo non superior a un mes a partir da entrada en vigor desta lei, publicará o listado de criterios avaliables no marco da contribución ao cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible, así como dos sectores que considera estratéxicos a efectos de que os proxectos poidan cualificarse como iniciativas empresariais prioritarias,e, igualmente, dará a coñecer a listaxe de concellos galegos con maior risco de despoboamento."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº56, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición transitoria quintus, que terá o seguinte contido:
"Disposición transitoria primeira quintus. Reunión do Consello Reitor de Portos de Galicia
A convocatoria para a reunión do Consello Reitor de Portos de Galicia de acordo coa composición e a normativa establecida no artigo 16 desta lei, deberá realizarse, de xeito inaprazable, no primeiro trimestre de 2019."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº57, de Adición.

Débese engadir unha nova disposición transitoria primeira sextus, que terá o seguinte contido:
"Disposición transitoria primeira sextus. Nova imposición medio ambiental
No prazo máximo de dous meses desde a aprobación desta lei, a Xunta de Galicia remitirá ao Parlamento de Galicia os proxectos de lei de nova tributación relativos ao imposto de emisión de gases á atmosfera, ao imposto sobre instalacións que incidan no medio ambiente e ao imposto sobre grandes establecementos ou superficies comerciais. Para tal fin poderá basearse na formulación que de tales tributos xa posúen outras comunidades autónomas."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición transitoria segunda. *Prazo para resolver os concursos de dereitos mineiros*
O prazo de seis meses para a resolución dos concursos de dereitos mineiros previsto na nova redacción dada por esta lei ao número 4 do artigo 36 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, será aplicable aos concursos que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei, sempre que o seu prazo de resolución non concluíse xa de acordo coa normativa que lles era aplicable.

Disposición transitoria terceira. *Réxime aplicable ás actuacións de devolución ao tráfico xurídico patrimonial que se realicen en execución e desenvolvemento de instrumentos de ordenación aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta lei*
O previsto no artigo 34 *bis* desta lei será, así mesmo, aplicable ás actuacións de devolución ao tráfico xurídico patrimonial que se realicen en execución e desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos xa aprobados con anterioridade á súa entrada en vigor.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº58, de Supresión.

Debe suprimirse.

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº90, de Substitución.

Débese substituir polo seguinte texto:

“O prazo de seis meses para a resolución dos concursos de dereitos mineiros previsto na nova redacción dada por esta lei ao número 4 do artigo 36 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, non será aplicable aos concursos que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei, que se rexerán pola normativa anterior."

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*
1. Quedan derrogados:
a) Os números 31, 32 e 33 do artigo 4 e o artigo 56 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
b) Os artigos 8, 57 e 73, os números 2 e 3 do artigo 92 e a letra i) do artigo 105 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia.
c) O artigo 18 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.
d) O artigo 2 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia
e) O Decreto 155/2005, do 9 de xuño, sobre un réxime extraordinario de recoñecemento do desenvolvemento profesional do persoal estatutario das categorías de licenciados sanitarios do Servicio Galego de Saúde previo á implantación do réxime de desenvolvemento profesional a que se refire a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.
f) O Acordo do 4 de xullo de 2006 polo que se regula o acceso extraordinario á carreira profesional do persoal diplomado sanitario con vínculo estatutario fixo nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e as bases de negociación do réxime definitivo de carreira profesional
g) O Acordo do 21 de xuño de 2007 polo que se regula o acceso extraordinario á carreira profesional do persoal das categorías de xestión e servizos e sanitarias de formación profesional con vínculo estatutario fixo nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
h) O artigo 8 do Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade.
i) O Decreto 118/2012, do 20 de abril, polo que se regula o Rexistro Galego de Comercio.
2. Quedan derrogadas, así mesmo, as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº91, ao apartado 1, de Adición.

Débese engadir no apartado 1 o seguinte texto:
"l) A Lei 5/2017, de fomento da implantación de iniciativas empresariais."

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº59, ao apartado 1.a), de Supresión.

Debe suprimirse a letra a) do punto 1, desta disposición.

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº61, ao apartado 1.e), de Supresión.

Debe suprimirse a letra e) no punto 1, desta disposición.

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº62, ao apartado 1.f), de Supresión.

Débese suprimir a letra f) do punto 1 desta disposición.

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº63, ao apartado 1.g), de Supresión.

Débese suprimir a letra g) desta do punto 1 desta disposición.

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº64, ao apartado 1.h), de Supresión.

Débese suprimir a letra h) do punto 1 desta disposición.

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº65, ao apartado 1.i), de Supresión.

Debe suprimirse a letra i) do punto 1, desta disposición.

_____

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº60, ao apartado 1.d), de Modificación.

O contido do texto da letra d) do punto 1, débese substituír polo seguinte:
“d) A Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, agás o seu artigo 4.1 tres, que manterá a súa vixencia."

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. En Marea.
Emenda nº92, de Adición.

Débese engadir unha Disposición derrogatoria primeira co seguinte texto:
"Derrógase a Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público na Comunidade Autónoma de Galicia."

_____

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira primeira. *Modificacións regulamentarias*
As previsións do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro; do Decreto 329/2005, do 28 de xullo; do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro; do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro; do Decreto 254/2011, do 23 de decembro; e do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, que son obxecto de modificación por esta lei poderán ser modificadas por norma do rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.

EMENDAS MANTIDAS:

-Do G.P. Socialistas de Galicia.
Emenda nº66, de Supresión.

Debe suprimirse.

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*
Habilítase o Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*
Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019.

NON SE PRESENTARON EMENDAS

DITAME DA COMISIÓN:

Exposición de motivos.

I

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas.

O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se explicitan na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter e organización administrativos.

II

En canto á estrutura da lei, esta divídese en dous títulos: o primeiro, dedicado ás medidas fiscais, e o segundo, ás de carácter administrativo.

O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. Así, no que atinxe ao imposto sobre a renda das persoas físicas, recóllense varias modificacións das deducións na cota íntegra autonómica co obxectivo de fomentar o investimento e a creación de emprego e impulsar os investimentos en I+D+i.

Así, na dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación, amplíase o tipo de dedución aplicable ás cantidades investidas e o seu límite, así como os requisitos dela, e, por

outra banda, amplíase o ámbito subxectivo da dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica para introducir as doazóns a pemes innovadoras, a iniciativas de emprego de base tecnolóxica e a empresas participadas por organismos de investigación.

Por outra banda, recóllense dúas novas deducións para facer efectivas as medidas aprobadas polo Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.

No que atinxe ao imposto de sucesións e doazóns, duplícase a redución por parentesco no caso de que resulten herdeiros os irmáns, pasando de 8.000 a 16.000 euros, coa finalidade de aliviar a súa carga tributaria, na liña iniciada no ano 2016 cos descendentes directos.

No imposto sobre o patrimonio modifícase a escala vixente para reverter a suba acordada en 2013 no contexto da crise económica.

Polo que se refire ao imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados, co obxectivo de seguir favorecendo o dereito constitucional de acceso á vivenda, redúcese o tipo impositivo aplicable na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas para a adquisición de vivenda habitual con límite de patrimonio para determinados colectivos, como son as persoas con discapacidade, as familias numerosas ou os menores de 36 anos.

Por último, déixase sen contido a regulación do tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos, ao terse integrado co tipo estatal en virtude da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, recolléndose, en consecuencia, na disposición derrogatoria a derrogación expresa do artigo 18 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, está integrado por un único precepto sobre taxas, no que se prevé, por unha banda, a elevación dos tipos das taxas de contía fixa e, por outra banda, se introducen diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación dalgunhas vixentes.

O título II, relativo ás medidas administrativas, está dividido en doce capítulos.

No primeiro dos capítulos, dedicado á materia de emprego público, introdúcense modificacións na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. En concreto, en materia de órganos administrativos competentes, atribúeselle a función de propoñer ao Consello da Xunta os proxectos normativos referentes ao persoal funcionario suxeitos a un réxime singular ou especial, en exclusiva, á persoa titular da consellaría sectorialmente competente, e, en relación coa competencia para a convocatoria e resolución dos concursos de provisión de postos de traballo, diferénciase segundo se trate de concursos ordinarios ou específicos. Tamén é necesario incorporar á Lei do emprego público as áreas funcionais que xa figuran actualmente nas relacións de postos de traballo. Por outra banda, respecto dos procesos que sexan obxecto de convocatoria independente para persoas con discapacidade, prevese que tales probas sexan de características similares ás que se realicen nas convocatorias ordinarias, sen prexuízo de que, en todo caso, os contidos das probas deban axustarse á natureza do proceso. Así mesmo, recóllense medidas de protección das vítimas de violencia de xénero en relación cos procesos selectivos e as listas de contratación temporal. Incorpórase tamén outro precepto en relación cos representantes de persoal nas comisións de valoración nos concursos ordinarios.

En materia de permisos e licenzas, amplíase a duración do permiso por parto e do permiso por adopción ou acollemento, como medida favorecedora da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e modifícase o artigo 129.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, co fin de evitar a falta de correspondencia do indicado nel e no artigo 141 da mesma lei, en relación coas retribucións do persoal funcionario en prácticas que xa estea prestando servizos remunerados na Administración como persoal funcionario de carreira.

En relación coa regulación de servizos especiais, inclúense novas situacións relativas aos titulares das subdelegacións do Goberno nas provincias ou das direccións insulares da Administración xeral do Estado e aos cargos directivos nas sociedades mercantís públicas autonómicas e nas fundacións públicas do sector público autonómico.

Ademais, en aplicación da disposición adicional quincuaxésimo cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, dáse nova redacción ao número 3 do artigo 146 da Lei 2/2015, do 19 de abril, co fin de eliminar as restricións retributivas derivadas das situacións de

incapacidade temporal e da expedición de licenza por enfermidade, o que determina, así mesmo, a derrogación do artigo 2 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se recolle na disposición derrogatoria.

En relación cos corpos e escalas, por un lado, introdúcense modificacións na disposición adicional novena co fin corrixir o requisito relativo ao máster exixido para o exercicio da docencia en relación coas escalas de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros e de profesores de capacitación agraria, así como de homoxeneizar a denominación da especialidade de topografía coa das demais especialidades previstas na Lei 2/2015, do 29 de abril, como enxeñaría técnica. Por outro lado, introdúcese unha nova disposición adicional décimo cuarta co fin de regular a segunda actividade do persoal pertencente ás escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia.

Tamén, engádese na lei unha disposición transitoria para regular o complemento persoal de funcionarización.

Por último, en materia de carreira, ademais da modificación do artigo 77, complétase o réxime aplicable mentres non se implante o sistema de carreira profesional previsto no dito precepto, co fin de prever a posibilidade de establecer un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal, que permita ao persoal funcionario de carreira progresar de maneira voluntaria e individualizada e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional, así como a posibilidade de percibir unha retribución adicional ao complemento de destino segundo o grupo ou subgrupo profesional de pertenza que remunere a progresión profesional acadada.

No capítulo II recóllense modificacións do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Por unha banda, o perfeccionamento do proceso orzamentario, iniciado na nosa Comunidade hai algúns anos, debe perseguir a aplicación de novas técnicas e debe continuarse, fundamentalmente, coa implantación de novos sistemas de xestión e coa utilización de métodos máis adecuados para unha asignación racional dos recursos públicos que permitan a adopción de novos métodos de decisión de gasto e a revisión dos programas de gastos existentes. Con base nestes obxectivos, defínense nun novo artigo do texto refundido os contidos mínimos das funcións que deben realizar os órganos

que deben levar a cabo as tarefas propias dunha oficina orzamentaria. Trátase así de aglutinar nun só órgano administrativo actuacións dispersas de orzamentación, análise e avaliación dos obxectivos, o cal permitirá integrar e harmonizar as fases do proceso orzamentario, conectalo cos plans e programas operativos a curto e medio prazo dos servizos xestores e dispoñer de sistemas uniformes de traballo permanente, e non esporádico, para a elaboración, decisión e seguimento do orzamento. O establecemento a nivel legal dun contido mínimo das funcións destas oficinas orzamentarias permite acadar melloras substanciais en todos os aspectos que inciden no proceso de elaboración e seguimento orzamentario.

Por outra banda, coas modificacións operadas no texto refundido recóllese unha terminoloxía que abrangue de xeito completo as entidades ás que son aplicables as súas previsións, ao tempo que se efectúa unha regulación máis sistemática e completa da xestión económica e financeira dos créditos e dos dereitos económicos, incluída a introdución de regras especiais aplicables á xestión orzamentaria de determinados dereitos económicos.

Finalmente, dada a especificidade técnica propia dos procedementos de xestión orzamentaria, recóllense no texto refundido habilitacións expresas para o desenvolvemento normativo de determinadas materias por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de facenda.

No capítulo seguinte, o III, recóllense varias medidas en materia de medio ambiente e territorio. En primeiro lugar, introdúcense modificacións co fin de garantir que Galicia dispoña dun marco regulador actualizado e acomodado á normativa básica estatal respecto do ámbito de aplicación da norma reguladora dos solos potencialmente contaminados.

En segundo lugar, recóllense modificacións no réxime sancionador contido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, co fin de incluír nel as previsións derivadas da condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte das entidades prestadoras do servizo de sumidoiros, en relación co coeficiente de vertedura, así como de corrixir certas disfuncións na tipificación de condutas infractoras que a experiencia na xestión do canon da auga e do coeficiente de vertedura permitiu identificar.

Outra das medidas introducidas estriba na modificación do réxime do silencio no procedemento de declaración de incidencia ambiental para acomodalo ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, en relación co sistema para a xestión dos residuos domésticos regulado na disposición adicional vixésimo primeira

da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, introdúcese a posibilidade de que, cando as circunstancias económicas da Sociedade Galega de Medio Ambiente o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade, a persoa titular da consellaría competente en materia de medio ambiente, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de facenda, reduza o canon unitario de tratamento por tonelada e tal redución se aplique a aquelas entidades locais que certifiquen o compromiso coa redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de medidas que fomenten a recollida selectiva, así como a aprobación do traslado da devandita redución ás persoas beneficiarias do servizo.

Modifícase tamén a Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, permitindo exclusivamente para a caza do xabaril o emprego da modalidade de batida cun número mínimo de oito cazadores.

Introdúcense así mesmo modificacións na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Por unha banda, recóllese un novo precepto regulador das modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación. Por outra banda, cómpre establecer na lexislación urbanística medidas sancionadoras que tutelen as condicións de ornato que deben reunir as edificacións, construcións e instalacións e contribúan a manter a estética do patrimonio edificado urbano e rural de Galicia. Inclúese tamén unha nova disposición adicional que inclúe un réxime excepcional aplicable aos edificios, ás construcións e ás instalacións afectados por situacións declaradas polo Consello de Ministros como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil ou polo Consello da Xunta de emerxencia de natureza catastrófica. E, por último, modifícase unha disposición transitoria coa finalidade de recuperar o patrimonio construído e aproveitar e poñer en valor as edificacións existentes, evitando novas construcións.

Modifícase tamén a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía, co fin de precisar os suxeitos obrigados a estar en posesión de licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos, tendo en conta o disposto na normativa estatal e en pronunciamentos xudiciais recaídos na materia.

Para rematar coas medidas en materia de medio ambiente e territorio, suprímese a obriga de presentar autodiagnósticos e

auditorías por parte de produtores de residuos industriais, dado que tanto a normativa básica estatal como a autonómica en materia de residuos xa establecen prolixas e exhaustivas obrigas de información para produtores e xestores de residuos que permiten á Administración ter coñecemento preciso e suficiente dos movementos de residuos industriais. Para tal fin, na disposición derrogatoria recóllese a derrogación expresa dos preceptos da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, relacionados coa dita obriga.

En materia de infraestruturas, no capítulo IV prevense modificacións da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Por unha banda, introdúcense cambios na delimitación da liña límite de edificación motivados polo feito de que nas estradas pertencentes á rede local non se considera necesario separar as edificacións 15 metros, sendo suficiente con 7 (en coherencia coa realidade territorial galega e cunha rede viaria que a normativa prevé que se xerarquice segundo a súa funcionalidade), e de que os elementos funcionais da estrada, dadas as súas características funcionais, requiren unha protección menor que a propia estrada, o que fundamenta, respecto deles, a redución da liña. Ademais, a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, modificou o artigo 47.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, na súa totalidade, cando a modificación só debía afectar o primeiro parágrafo do número 2 e non o segundo parágrafo, que debía manterse tal e como estaba e que foi eliminado como consecuencia dun erro, erro que se procede a corrixir nesta lei. Finalmente, cómpre establecer na lexislación de infraestruturas medidas sancionadoras que tutelen as condicións de ornato que deben reunir estes elementos funcionais e contribúan así a manter a estética das infraestruturas galegas.

No capítulo V prevense dúas medidas relacionadas co sector do mar. Por un lado, introdúcese un novo parágrafo na disposición transitoria cuarta da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, no que se prevé o inicio de oficio dos procedementos relativos á prórroga das concesións ás que se refire a dita disposición co fin de garantir a tramitación en tempo e forma de tales procedementos antes da finalización do período de vixencia das concesións, dado o elevado número de tales concesións e a importancia económica e social que reviste para a Comunidade Autónoma a actividade de acuicultura desenvolvida ao amparo dos ditos títulos habilitantes. Por outro lado, incorpórase unha disposición transitoria novena na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, ante a necesidade de recoller

o réxime que será aplicable á composición e ao funcionamento do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia ata que se produza o desenvolvemento regulamentario de tales cuestións previsto na dita lei.

No capítulo VI prevese a modificación da Lei 2/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, co fin de recoller nela determinadas cuestións derivadas do Acordo da mesa sectorial de negociación do persoal estatutario do 6 de xullo de 2018, sobre as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo (publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 144, do 30 de xullo). Así mesmo, tal e como se establece no dito acordo, nesta lei prevese a derrogación na súa totalidade dos anteriores réximes extraordinarios de carreira profesional.

O capítulo VII está dedicado ás medidas en materia de medio rural, que afectan varias leis.

Así, modifícase a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, co fin de introducir unha regulación do arrendamento dos ditos montes que garanta a súa explotación rendible atendidas as características produtivas de determinados cultivos e aproveitamentos, así como o investimento necesario para poñer en produción os montes que se atopan en estado de abandono.

Respecto da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, introdúcense diversas medidas destinadas a potenciar a prevención e a loita contra os incendios, entre as que cabe destacar a posibilidade de declarar perímetros de alto risco de incendios naqueles lugares nos que o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios forestais, a declaración de utilidade pública das infraestruturas e dos equipamentos preventivos vinculados á defensa e loita contra os incendios forestais, a posibilidade de elaboración e aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais por zonas e, en xeral, a introdución de medidas en materia de xestión da biomasa e de vixilancia e detección de incendios.

Na Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, modifícase o artigo regulador da subrogación no contrato de cesión co Banco de Terras para incluír a posibilidade de subrogación por parte de persoas físicas diferentes dos familiares e das persoas traballadoras da explotación, así como para corrixir certas disfuncións manifestadas na práctica respecto dos trámites que hai que seguir. **Ademais, introdúcese un novo artigo na dita lei co fin de regular os proxectos de mobilización de terras como mecanismo de mobilización e dinamización.**

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, tamén é obxecto de modificación en varias cuestións coas finalidades fundamentais de adoptar medidas tendentes a evitar os riscos derivados do estado de abandono de parcelas forestais; flexibilizar as limitacións existentes para cambio de uso forestal tras os incendios nos casos nos que existan razóns de interese público derivadas das necesidades de ordenación e xestión sostible do territorio; garantir o mantemento das masas de frondosas e fomentar o seu aproveitamento sostible; establecer limitacións no emprego de determinadas especies forestais; mellorar a regulación do réxime administrativo dos aproveitamentos, co fin de facelo máis funcional; ampliar os prazos nos que será obrigatorio dispoñer dun instrumento de ordenación ou xestión forestal, respectando os prazos máximos establecidos na norma estatal; e simplificar a aplicación do réxime de distancias mínimas.

Introdúcese nas definicións da lei a figura do silvicultor activo, que se incorpora tamén como obxecto prioritario das medidas de fomento, e, así mesmo, o Rexistro voluntario de silvicultores activos pasa a formar parte do sistema rexistral forestal de Galicia.

Modifícase, así mesmo, a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, en varias cuestións. Por unha banda, recóllese un novo precepto para prever o sentido negativo do silencio. Ademais, engádese un número no artigo 25, a prol dunha paulatina actualización dos deslindamentos dos montes veciñais en man común existentes, e dáselle nova redacción ao número 7 do artigo 29 co fin de eliminar a incongruencia que supoñía a referencia á xunta local contida nel. Xunto ao anterior, introdúcese a posibilidade de exceptuar, motivadamente, a proporción das deducións para infraestruturas rurais e para axuste técnico previstas con carácter xeral nos números 2 e 3 do artigo 31 da dita lei, co fin de poder ter en conta as concretas características e circunstancias dos terreos.
Por outra banda, modifícase o artigo 38 co fin de regular os efectos dos acordos firmes de reestruturación parcelaria sobre o planeamento urbanístico. Ademais, no artigo 40 unifícase o tratamento dado ao solo de núcleo rural común e ao de carácter histórico-tradicional para a súa inclusión no proceso de reestruturación parcelaria co fin de axilizar o dito proceso.
Finalmente, complétase a regulación da actuación administrativa que hai que realizar para permitir a inscrición nos casos previstos na disposición transitoria sexta da dita lei; establécese, nunha nova disposición transitoria, un prazo para

dotar dun instrumento de ordenación de predios aquelas zonas que carecen del; e, por último, inclúese o réxime transitorio derivado da modificación operada no artigo 38 da dita lei.

Continuando coas modificacións normativas en materia de medio rural, engádese un novo número na disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para recoller unha regra sobre o cómputo dos investimentos para a execución de obras de carácter preventivo e de recuperación do potencial forestal que facilite a execución destas actuacións que se consideran prioritarias.

Remata o capítulo VII cun precepto no que se recollen medidas tendentes a garantir o benestar e a protección animal e unha pronta e eficaz resposta ante situacións de maltrato.

En materia de política social, no capítulo VIII introdúcense modificacións normativas en tres ámbitos.

Por un lado, inclúense na normativa autonómica reguladora da mediación as exixencias de titulación e de subscrición dun seguro contidas na normativa estatal.

Por outro lado, no eido dos servizos sociais, introdúcese a posibilidade de rehabilitar as autorizacións para a prestación de servizos sociais revogadas cando se poida acreditar que desapareceron as causas que motivaron a súa revogación e sempre que se vaia seguir prestando a mesma actividade de servizos sociais para a que foi concedida, tendo en conta a natureza da actividade que é obxecto de autorización e os seus destinatarios e co fin de contribuír ao mantemento dun sistema galego de benestar estable e garantista. Ademais, recóllese unha habilitación regulamentaria expresa para a regulación dos requisitos mínimos de tipo material e funcional que deben cumprir os centros onde se presten determinados servizos sociais. Xunto a iso, inclúense medidas para satisfacer as seguintes necesidades urxentes: a posta en funcionamento do novo sistema de xestión de citas ás persoas con solicitudes de valoración da situación de dependencia, dentro das medidas previstas no Plan de mellora da atención á dependencia; que o acceso aos recursos do sistema sexa o máis equitativo posible, mediante un sistema de valoración de todos os criterios en conxunto e non só dalgúns; e a incorporación, dentro dos servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, dos servizos de supervisión e apoios puntuais.

Por último, modifícase a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, co fin de empregar en determinados preceptos unha terminoloxía máis axeitada e precisa, así como de facer fronte a certas disfuncións detectadas no que se refire

aos aspectos que hai que ter en conta para realizar a valoración da situación ou risco de exclusión social.

O capítulo IX, baixo o título de economía, emprego e industria, inclúe medidas de diversa índole.

En primeiro lugar, introdúcense modificacións na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, coa finalidade, por unha banda, de recoller, na regulación dos concursos de dereitos mineiros, as modificacións que a práctica ten posto de manifesto como necesarias de cara á mellor e máis axeitada tramitación de tales procedementos. Por outra banda, en materia sancionadora, os principais cambios estriban, ademais de na adaptación á regulación na materia contida na normativa reguladora do procedemento administrativo común, na modificación do artigo 50, regulador da responsabilidade, para prever como persoas responsables as persoas titulares ou directivas da entidade explotadora efectiva en determinados supostos, e na acomodación de determinados tipos infractores ás exixencias derivadas da doutrina do Tribunal Constitucional. Finalmente, introdúcense medidas relativas ás consecuencias da falta de pagamento do xusto prezo pola persoa titular dos dereitos mineiros, desde a estrita perspectiva da relación que esta mantén coa Administración autonómica en virtude da titularidade de tales dereitos mineiros, así como unha disposición específica para prever, en norma con rango de lei, como exixe o artigo 103 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a posibilidade de impoñer multas coercitivas para a execución forzosa dos requirimentos e das resolucións da Administración en materia de minas. A dispoñibilidade deste mecanismo xurídico é especialmente importante neste ámbito, tendo en conta as consecuencias ambientais e relativas á seguridade mineira que poden derivar do incumprimento dos requirimentos e resolucións da Administración.

En segundo lugar, modifícase a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, co fin de velar pola coherencia entre o disposto nela e no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, no que respecta a cal é o órgano competente para a autorización de infraestruturas de evacuación de parques eólicos.

En terceiro lugar, en materia de comercio, coa finalidade de afondar no principio de simplificación administrativa e de eliminación de cargas para os administrados, suprímese o

Rexistro Galego de Comercio e, en consecuencia, recóllense nesta lei as necesarias modificacións e derrogacións na normativa reguladora do dito Rexistro.
Introdúcese, ademais, un novo título na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, regulador das iniciativas empresariais prioritarias, declaración que se reserva para proxectos que acheguen un valor engadido en determinados eidos e que levará consigo a vantaxe de tramitación prioritaria e urxente, así como medidas de simplificación e racionalización dos procedementos relativos a tales iniciativas.

Engádese unha disposición adicional cuarta na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, co propósito de que nos supostos de exercicio da potestade expropiatoria para a execución de instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos regulados nesa lei e na lexislación do solo respectivamente promovidos ou desenvoltos por iniciativa pública a adquisición dos bens non implique a súa afectación implícita a un uso xeral ou a un servizo público cando o instrumento de ordenación do territorio ou urbanístico aprobado prevexa que o seu destino sexa devolvelos ao tráfico xurídico patrimonial.

Tamén, o capítulo IX contén un precepto relativo ao cambio de denominación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral pola de Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, co fin de acomodar a denominación da entidade á nova imaxe corporativa, así como ao propio acrónimo «Issga».
Por último, no capítulo IX engádese un precepto para modificar a Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, e incluír na súa composición un representante da economía social, un representante das organizacións sindicais e un representante das organizacións empresariais, e excluíndose do cómputo a persoa que exerce a secretaría.
No capítulo X recóllense medidas en materia de cultura e turismo.
En materia de turismo, modifícase a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, co fin de recoller nela previsións relacionadas coa sinalización, a conservación e o mantemento da traza dos camiños de Santiago e clarexar o alcance dos conceptos de recursos e produtos turísticos e de cambios substanciais nas actividades turísticas suxeitas á declaración responsable, así como completar determinadas cuestións na regulación da actuación inspectora en materia de turismo.

Complétase, así mesmo, a regulación das empresas de turismo activo, respecto das cales se impón a exixencia de dispoñer de determinados seguros tendo en conta os riscos das actividades levadas a cabo por tales empresas.

En materia de cultura introdúcense tres modificacións na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Por un lado, continuando na liña de simplificación administrativa introducida pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresarias en Galicia, modifícase o artigo 45 daquela lei para prever que, no caso de cortas forestais que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados que non leven aparellado un cambio de uso e que, conforme a lexislación sectorial, estean suxeitas a autorización, a tutela dos valores obxecto de protección realizarase a través da exixencia de informe preceptivo da consellaría competente en materia de cultura como trámite integrado no procedemento de autorización en materia forestal. Por outro lado, modifícase a disposición transitoria cuarta, de xeito que regule o suposto da necesidade de adaptación do planeamento vixente á Lei 5/2016, do 4 de maio, e, por outra banda, o réxime transitorio aplicable aos planeamentos adaptados á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Por último, recóllese na disposición transitoria quinta da Lei 5/2016, do 4 de maio, un novo límite temporal para que os concellos nos que concorran as circunstancias indicadas na dita disposición poidan exercer as competencias autorizatorias e adapten os seus plans especiais de protección, ao resultar insuficiente o prazo previsto na redacción inicial da disposición.

En materia de deporte, materia á que se dedica o capítulo XI, modifícase a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. Coas modificacións introducidas trátase de evitar posibles conflitos de intereses e inxerencias nas competicións, así como a modificación das normas da competición durante o desenvolvemento desta, agás causa de forza maior debidamente xustificada. Así mesmo, complétase a regulación das consecuencias derivadas da revogación do recoñecemento das federacións deportivas galegas. En materia de loita contra a dopaxe, por un lado, recóllese, entre as funcións da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, a consistente en determinar, dentro do ámbito das competencias autonómicas, as condicións de realización dos controis consonte a normativa internacional e nacional vixente en

materia de dopaxe e o disposto nesta lei. E, por outro lado, consonte o previsto na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, inclúese expresamente na Lei 3/2012, do 2 de abril, a posibilidade de celebrar convenios de colaboración coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para que esta asuma o exercicio das competencias en materia de control da dopaxe que corresponden á Comunidade Autónoma.

O último capítulo, o XII, recolle medidas relacionadas coa organización e co funcionamento do sector público autonómico de Galicia en varios eidos.

Por unha banda, modifícase o artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, regulador da fase inicial do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, co fin de incluír nel a regulación do trámite de consulta pública previa, recollendo as bases estatais e o desenvolvemento destas segundo a liña da regulación aplicable ao procedemento de elaboración dos regulamentos estatais, así como o previsto no acordo do Consello da Xunta do 27 de abril de 2017 polo que se aproban as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia. Xunto a iso, introdúcense no precepto melloras de redacción e unha referencia á normativa en materia de transparencia.

Finalmente, introdúcese no capítulo XII un precepto regulador do prazo para resolver os procedementos sancionadores en materia de servizos de comunicación audiovisual. A singularidade dos servizos de comunicación audiovisual de radio e televisión obriga habitualmente no curso do procedemento sancionador nesta materia á realización de varias comprobacións de carácter técnico e outras actuacións complementarias, polo que resulta necesario prever un prazo de resolución de dez meses, máis amplo que o recollido, con carácter xeral, no artigo 38 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

(PARÁGRAFO SUPRIMIDO)

Por último, na súa parte final, a lei recolle unha disposición adicional relativa ao estudo pola Xunta de Galicia dun sistema de carreira profesional para os funcionarios de Xustiza.

Tamén se recolle na parte final da lei o réxime transitorio preciso para facilitar o tránsito ao réxime xurídico previsto pola nova regulación, a derrogación expresa de disposicións concretas así como de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela, unha habilitación para o seu desenvolvemento normativo e a previsión sobre a súa entrada en vigor.

Esta lei axústase así aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, ao responderen as medidas previstas nela á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia; ao se recolleren na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación, como exixe o principio de transparencia; e ao se introduciren a través dela, conforme o principio de seguridade xurídica, as modificacións precisas nas disposicións vixentes.

NON TEN EMENDAS